

# **DESCUBRINDO**



Anuario de Estudios e Investigación

# **DEZA**

Nº 1

1999



# **DESCUBRINDO**



**Anuario de Estudios e Investigación de**

**DEZA**



# **DESCUBRINDO**

**ANUARIO DE ESTUDIOS E INVESTIGACIÓN  
DE DEZA**

**1999**

**Nº 1**

**Seminario Estudios de Deza  
Concello de Lalín**

**DESCUBRINDO**  
**Anuario de Estudios e Investigación de Deza**

**CONSELLO ASESOR**

José García Oro, Xavier Vence Deza, María del Carmen Pallares Méndez,  
Antonio Presas García, Daniel González Alén, Armando Vázquez Crespo,  
Gonzalo Navaza Blanco, Luis Quinterio Fiuza, Rubén Lois González,  
Ernesto Vieitez Cortizo

**COORDINADOR**

Román Rodríguez González

**REDACCIÓN E INTERCAMBIO**  
Seminario de Estudios de Deza  
Patronato Cultural de Lalín, Concello de Lalín  
Apdo. 179 - 36500 Lalín (Pontevedra)  
Tfno. 986 783 570 - Fax 986 782 042

A responsabilidade polas opinións vertidas en Descubrindo  
corresponden en exclusiva ós autores dos artigos.

Cuberta: "A Venus de Deza" de Acisclo Manzano, foto de Toño Seijas.

ISSN: 1139-7527  
Depósito legal: PO-7/99  
© Seminario de Estudios de Deza  
Impresión: Imprenta Alvarellos, S.L. - Lalín

## **DESCUBRINDO**

A partires da lectura destas páxinas, vostede está a entrar nunha nova etapa para Lalín. Nelas mostramos con orgullo un novo proxecto cultural que desenvolve o SEMINARIO DE ESTUDIOS DE DEZA. Coa presentación do Anuario "**DESCUBRINDO**", Lalín presenta un espacio no que recoller a nosa propia memoria histórica, unha plataforma para os investigadores da Comarca de Deza e un recurso para todos aqueles que queren coñecer a nosa terra furando baixo as apariencias e tópicos da superficie.

"**DESCUBRINDO**" é o resultado do esforzo investigador de moitos dos máis considerados coñecedores de Lalín e a súa comarca, xentes que ofrecen o seu traballo e o seu saber a través do Seminario de Estudios de Deza para que a cultura do noso pobo esté ó alcance de todos.

Por elo, dende aquí o meu agradecemento a tódolos membros do Consello Asesor que espallaron o seu coñecemento a través destas páxinas, coa confianza de que o anuario DESCUBRINDO comeza unha andaina por moitos anos, sempre baixo o amparo do SEMINARIO DE ESTUDIOS DE DEZA, que eu me honro en presidir.

*José Crespo Iglesias  
Presidente do Patronato Cultural de Lalín  
Alcalde de Lalín*



# ÍNDICE

Luis Couto Lorenzo <i>Coto da Madanela: miradoiro do Ulla</i> .....	11
Alejandro López González <i>Unha visión da Comarca de Deza desde o punto de vista do comercio</i> .....	17
Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez <i>O proceso de creación das sociedades de emigrantes dezás en América.</i> <i>Tipoloxía e configuración organizativa</i> .....	39
César López Arribas <i>Apuntes sobre a organización comarcal e parroquial en Galicia</i> .....	59
Francisco Rubia Alejos <i>Blasones y Linajes del pazo de Donfreán. Heráldica de la Tierra de Deza</i> .....	83
María Seijas Montero <i>Las tierras del Trasdeza en el siglo XVIII: dominio territorial del priorato de Carboeiro</i> .....	117
Alfonso Toimil Castro <i>A deturpación gráfica na toponimia de Lalín</i> .....	141
Luis Fernando Pérez Méndez <i>Os Camba: unha nobreza militar</i> .....	159
César Gómez Buxán <i>Escribanos de número en la Comarca de Deza (s. XVI-XIX)</i> .....	175
Xosé Vázquez Pintor <i>As fiadeiras de Carmoega</i> .....	201
Jesús Manuel González Pérez <i>A demografía histórica na Comarca de Deza dende principios de século ó inicio dos comportamentos actuais: 1900-1950</i> .....	215
Antonio Presas García <i>Unha tormenta na Serra do Faro</i> .....	243

Armando Vázquez Crespo “O Matemático de Bermés”. <i>Memoria apasionada dun home sabio</i> . . . . .	265
Lorenzo Hernández Rodríguez <i>O desenvolvemento agrario na Comarca de Deza nas tres últimas décadas</i> . . . . .	285
Gemma Baños Rodríguez <i>Inscrípcións romanas na Comarca de Deza</i> . . . . .	313
Daniel González Alén <i>O reloxeiro Evanxelino Taboada Vázquez</i> . . . . .	327
Gonzalo Navaza Blanco <i>Os apelidos da terra de Deza</i> . . . . .	351
Martín Fernández Vizoso <i>Roberto Blanco Torres, un epígonos dos Crespo de Donramiro</i> . . . . .	369
José García Oro <i>La tierra de Deza en la Edad Media: del anonimato al pleito</i> . . . . .	381
<i>Datos básicos do Concello de Lalín</i> . . . . .	405
<i>Anuario de Lalín</i> . . . . .	417



Desde o Coto de Madanela disfrutamos de fermosas panorámicas.

## COTO DA MADANELA: MIRADOIRO DO ULLA


Luis Couto Lorenzo

A pé ou en bicicleta de montaña, o itinerario proposto descúbrenos o sector más setentrional do concello de Vila de Cruces, entre o Coto da Madanela e o río Ulla.

O monte Madanela está situado no extremo noroccidental da elevación montañosa Alto da Rocha-Carrio-Mirón, que percorre a comarca de Deza con dirección NO-SE, separando os dous vales principais que a compoñen: os de Deza e Amego. Facilmente identificable pola capela de recente construción que o coroa, os seus 643 m. de altitude permítennos albiscar unha ampla extensión desta comarca e, ó norte do Ulla, das terras de Arzúa e Melide.


Antigamente existía no Coto da Madanela unha capela, citada por Gerardo Álvarez Lineses na Xeografía do Reino de Galicia; e que nada ten que ver coa que hoxe vemos, construída no ano 1991, como consecuencia da promesa feita por unha veciña de Sarrape por ver curar ó seu fillo gravemente enfermo. Coñecendo esta historia, dá mágoa ver que tan loable iniciativa non se concretase nun resultado estético más inspirado: construíndo unha inaudita síntese entre torre de vixilancia forestal, capela e vértice xeodésico, e empregando

## RUTA DE SENDEIRISMO DESDE O COTO DA MADANELA (CARBIA - VILA DE CRUCES)



### LENTA

- ▲ Pico, cume
- Aldea, lugar
- ◆ Casa de turismo rural
- Rego, río
- - - Pista, estrada
- Itinerario, ruta



### FICHA TÉCNICA

**Punto de comezo:** Igrexa de Ferreirós (Vila de Cruces)

**Distancia:** 16,1 km

**Duración:** 2 h. en bicicleta de montaña, 4 h. a pé

**Dificultade:** media-baixa

**Desnivel máximo:** 460 m.

**Época:** calquera

**Material necesario:** zapatillas deportivas ou botas de baixa montaña

**Casas de turismo rural:** Casa San Xinés, Ferreirós, 17. Telf./fax: 986 58 23 70



A Capela de San Gregorio, comunión de natureza e patrimonio.

materiais pouco axeitados. Non estaría de máis, dado o interese ecoturístico e paisaxístico da Madanela, que algún organismo promovese a remodelación deste miradoiro para convertilo nunha área recreativa equiparable ás que normalmente vemos en Galicia.

Unha vez que teñamos disfrutado da amplas panorámicas que se albiscan dende o Coto da Madanela, o percorrido descende á parroquia de Carbia, atravesando varios lugares situados ó pé deste monte. Despois viraremos cara ó norte, flanqueando o Pico Mirón, e iniciaremos o descenso ata a parroquia de Ollares, situada nunha pronunciada pendente entre o monte Madanela e o río Ulla, moi encaixado e tortuoso neste tramo que separa os concellos de Touro e Vila de Cruces.

Nesta parte da ruta a vexetación está dominada por piñeiro e eucaliptos de repoboación, que ocupan unha gran extensión dos montes neste sector do concello cruceño. En cambio nas zonas más proximas ó río, polas que discorre a segunda parte do noso itinerario, consérvase unha flora moito más rica e variada; formada por un denso bosque mixto no que abundan os castiñeiro e os carballos, acompañados de diversas árbores de ribeira, piñeiro, eucalipto e mesmo especies de carácter mediterráneo como a sobreira ou o érbedo.

No medio deste fermoso bosque atoparemos, case por sorpresa, a recóndita capela de San Gregorio. Dende alí principiaremos a subida cara a parroquia de Insua, pasando ó pe da capela da Virxe das Dores no lugar de Dorvisón, para

continuarmos sen perda ata Ferreirós, completando unha ruta circular de 16 km. de lonxitude.

## ACCESOS

O punto de comenza sitúase na Igrexa de Ferreirós, a 3'6 km. de Vila de Cruces. Para chegar a ela tómase a estrada PO-260 en dirección a Ponte Ledesma. Tras 1'5 km. hai que desviarse á dereita pola estrada que vai a Ponte de San Xusto e Portodemouros, pola que continuaremos algo máis dun quilómetro antes de virar á esquerda en dirección a Ferreirós e Ollares.

## ITINERARIO

Dende a igrexa de Ferreirós retrocedemos uns 250 m. en dirección a Vila de Cruces ata o cruzamento onde está indicada a desviación á casa de turismo rural San Xinés, e collemos a pista da dereita que se atopa en fronte desta, empezando a subida á Madanela. Despois dos primeiros tramos bastantes esixentes a pendente suavízase e permite unha marcha más cómoda.

Ós 700 m. de comezo chegamos a un cruce e viramos á dereita. No seguinte quilómetro imos atopar duas desviacións á dereita que deixaremos continuando pola nosa pista. No km. 2'1 acadamos unha bifurcación e seguimos polo ramal da esquerda, para 200 m. máis adiante virar á dereita no seguinte cruce.

Ó enlazarmos cunha pista asfaltada xiramos á dereita para comenzar o derradeiro tramo de ascensión á Madanela, que con pendentes superiores ó 12% será o máis esixente do percorrido. Ós 100 m. deste cruce veremos á nosa esquerda unha pista de terra que agora deixamos, pero que tomaremos á volta do Coto da Madanela para proseguir o noso itinerario.



Ollares está situada nunha empinada ladeira entre o Coto Monte, Madanela e o Ulla.



Casa de Turismo Rural de San Ginés en Ollares.

No Coto de Madanela (3'9 Km.) poderemos recrearnos nas fermosas panorámicas que dende aquí se dominan, especialmente cara ó norte, onde a ausencia de montañas elevadas permítennos albiscar un vasto horizonte.

Ó baixarmos da Madanela deberemos ir atentos para coller a pista de terra –antes citada– que atopamos á dereita ó final do descenso (km. 4'7). Proseguindo por esta pista un quilómetro máis enlazaremos, preto do lugar de O Abollo, cunha pista asfaltada e viramos á dereita. Ós 300 m. empatamos con outra pista asfaltada e xiramos á dereita novamente. Nesta parte do percorrido flanquearemos a base do Pico Mirón, extremo noroccidental da elevación montañosa que separa os dous vales principais da comarca. Despois dunha pequena subida iniciamos un rápido descenso cara a Ollares, debendo ir atentos para torcer á dereita pola desviación que atoparemos en plena baixada.



Característica paisaxe rural do interior de Galicia.

Onda o transformador que se encontra ó chegar a Ollares (km. 8'4) xiramos á esquerda descendendo entre as casas do lugar en dirección á igrexa –de estructura moi sinxela e construída no ano 1555– e seguimos cara ó campo da festa, preto do mesmo desviámonos á esquerda camiño do lugar de Casanova (km. 8'9). Percorreremos todo o lugar descendendo por unha pista que pronto pasa a ser de xabre e logo de terra. No km. 10'4 acadamos un cruce en T e torcemos á dereita.

Ó final dunha dura subida, que fará botar o pé a terra os que vaian en bicicleta, descubriremos á nosa esquerda a capela de San Gregorio. Logo de seguir uns 40 m. máis por esta pista tomaremos a seguinte desviación á esquerda. 600 m. despois seguiremos de fronte sen tomar unha pista ascendente á dereita.

Nesta parte do itinerario teremos ocasión de avistar o Ulla, moi encaixado e tortuoso neste tramo que separa os concellos de Touro e Vila de Cruces.

Ó rematar unha encosta enlazaremos cunha pista asfaltada, preto do lugar de Couto, e viramos á dereita (km. 12'9). Catrocentos metros despois chegaremos a Dorvisón, pasando a rentes da capela da Virxe das Dores. Nas inmediacións da casa de turismo rural San Xinés (km. 15'6) desviámonos á dereita, e 250 m. máis adiante facémolo novamente á dereita para rematar axiña o percorrido na igrexa de Ferreirós (km. 16'1).



Cume do Coto da Madanela.



Unha feira aló polo 1970.

## UNHA VISIÓN DA COMARCA DE DEZA DESDE O PUNTO DE VISTA DO COMERCIO<sup>1</sup>.

Alejandro López González  
Doutor en Xeografía e Historia

Neste artigo pretendemos realizar un breve repaso sobre a evolución e a configuración actual da estructura comercial na comarca de Deza, tanto no referido ó comercio que podemos denominar convencional –o asentado en establecementos permanentes– como aquel que se desenvolve nas feiras e mercados periódicos. Como ámbalas dúas facetas non son compartimentos estancos, senón que existe unha interrelación entre elas –é frecuente que un centro comercial convencional xurda e se consolide a partires da celebración de feiras– xulgamos interesante a súa análise conxunta.

A devandita análise se fará en función duns momentos puntuais seleccionados en función da bibliografía existente –entre a que destaca a Geografía General del Reino de Galicia dirixida por Carreras y Candí para os anos trinta–

1. Este traballo enmárcase dentro do proxecto de investigación financiado pola Secretaría Xeral de I+D da Xunta de Galicia titulado “Análise dos riscos territoriais asociados á despoboación en Galicia dentro do marco das rexións atlánticas” (XUGA21001A98).

e as fontes consultadas –listados de licencias fiscais correspondente a 1970 e do Imposto de Actividades Económicas de 1995–, o que nos permitirá estudiar o comercio de Deza en tres momentos fundamentais –anos trinta, finais dos sesenta e mediados dos noventa– festoneados por breves referencias a outros referentes temporais dos que só posuimos informacións fragmentarias.

Nesta diagnose do comercio de Deza clasificaremos as diferentes parroquias con presencia mercantil. En primeiro lugar sinalaremos aquelas que actuan como verdadeiros centros comerciais ben pola súa incidencia a nivel comarcal, ben por contar cun tecido comercial estimable. En segundo lugar estarían aquellas que contan cun equipamento medio, definido tanto pola dimensión como pola súa diversidade pero sen acadar a complexidade nem a atractividade dos primeiros. En terceiro lugar debemos mencionar que contan alomenos cun establecemento especializado, o que lles aporta certa capacidade de atracción a escala supraparroquial. Por último, teríamos entes parroquiais que só abranguen puntos de venda mixtos ou de alimentación non especializada, lugares que só atraen residentes das súas inmediacións e sempre para compras de escasa entidade.

## **1. A ACTIVIDADE COMERCIAL ANTES DOS ANOS TRINTA**

Respecto ós tempos anteriores á década dos trinta tan só posuimos, en primeiro lugar, un estudio parcial, tanto por que tan só se refire a un espacio concreto como é a xurisdicción do Trasdeza –o actual concello de Silleda– para a primeira metade do século XVIII como por que tan só analiza a actividade mercantil moi de pasada dentro dun estudio do conxunto dunha economía rural onde, naturalmente, o papel estelar correspondía á agricultura e ás relacións sociais que tiñan como baseamento tal actividade. Unha segunda obra de referencia, e cun carácter máis xeral, é o traballo de Armando Vázquez Crespo e Daniel González Alén que ten como obxecto estudiar a comarca de Deza en aspectos moi variados –a súa historia, a etnografía, o patrimonio artístico, etc.–, polo que o seu campo de investigación, tanto cronolóxico como temático, é moito máis extenso que a anterior aínda que para nós o seu principal valor estriba na información suministrada sobre as feiras, e recurrirímos tamén ó mesmo para momentos posteriores.

A primeira foi escrita por Hilario Rodríguez Ferreiro sobre a economía do Trasdeza durante o antigo réxime. No momento de analizar o terciario (Rodríguez Ferreiro, H., 1973, pp. 93 e seg.) destaca a súa insignificancia –segundo o vecindario de 1708 non ocupaba máis que o 2 % da poboación, e se nos atenemos ó Catastro de Ensenada en 1752 representaba o 9,3 %– e entraba a enxuciar o acertado da localización do comercio, así respecto ó ano 1708 afirmaba “la distribución geográfica de los tenderos es sabia; están situados –contando también los mixtos– tres en el centro de Trasdeza (Margaride, Negreiros

y Chapa), y los dos restantes, uno en el oeste de la jurisdicción –Escudro–, y el otro en el este, en Taboada”. Tamén, o que é máis interesante, ilústranos sobre o carácter mixto comercialmente falando dos taberneiros, “la taberna, como aún lo es en nuestras aldeas, era un centro en el que se despachaban las cosas más heterogéneas desde vino, bujías de cera, cordel, puntas, etc.”. Outravolta falanos da súa localización en 1752; “todos están situados en general estratégicamente para poder cumplir su cometido dentro de la comarca con la mayor utilidad, así los mesoneros que están situados en Chapa, Silleda y Cortegada, ocupan un lugar idóneo sobre el camino real que conduce desde Santiago a Orense, y coincide exactamente con la localización de los merceros, que escogerían estos lugares por la facilidad de suministrarse mercancía por medio del camino real, a través de los arrieros”.

“Todo lo expuesto nos lleva a la consideración de que a mediados de siglo el cuadro económico aparece infinitamente más diversificado que cincuenta años antes, con la aparición de nuevos oficios como el de curtidor, cestero, arero, y de nuevas necesidades de consumo, dato expresivo de un mayor desarrollo demográfico y económico por la lenta superación de la crisis económica y de la contracción de una economía de auto-consumo en el sentido más riguroso de la palabra como lo era todavía en 1708”.

En resumo, o autor indica como o comercio é unha actividade praticamente residual, áinda que se comparamos os dous anos que toma como referentes podemos observar un aumento do número de comerciantes que el asocia ó crecemento demográfico –incremento do número de consumidores potenciais– e unha mellor situación económica plasmada dun menor recurso ó autoconsumo –proceso polo que un maior número de consumidores paran de selo en potencia a ser efectivos–, áinda que as estructuras comerciais seguen a ser extremadamente febles e cunha forte compoñente de comercio mixto –protagonizado esencialmente polas tabernas–.

Pero tamén fai unha referencia á xénese e crecemento dos principais centros de mercado de Trasdeza –Bandeira e Silleda–, en efecto “los medios de comunicación, así como la fertilidad de las tierras, parecen ser las dos causas más acusadas como centros de atracción de la población y creación de nuevos núcleos. Si en un principio predomina el segundo factor –la fertilidad de las tierras–, con el tiempo y sobre todo a partir del siglo XIX el primer factor de desarrollo poblacional se hará dominante a partir del desarrollo del comercio con el auge de las ferias mensuales de Silleda y Bandeira” (Rodríguez Ferreiro, H., 1973, pp. 49). O que supón unha ampliación do horizonte temporal analizado por este autor que, para o século por el estudiado, áinda considera os factores asociados a unha economía puramente agraria e pechada como principal motor da localización da poboación –a fertilidade das terras–, para dar paso á estructura

viaria e, como súa consecuencia, á celebración de feiras e á concentración do comercio como variable fundamental de polarización da poboación nas décadas posteriores. Nesta afirmación aparece xa implícita a asociación entre mercados periódicos e comercio convencional, xa que son Silleda e Bandeira, onde se celebraban as feiras do Trasdeza, os centros que concentran a actividade comercial convencional e a vida socioeconómica de todo o concello de Silleda.

Esta alusión ás feiras enlaza co segundo libro citado (Vázquez Crespo, A. e González Alén, D., 1989, pp. 75, 135 e 138). Estes autores sinalan que en tempos existían feiras mensuais en Agolada, Lalín, Silleda –como veremos máis adiante esta feira mudou recentemente coa implantación da Semana Verde–, Bandeira, Río (Rodeiro), Gouxa (Bidueiros-Dozón) que ainda perduran, ás que se engadían as hoxe desaparecidas en Os Carballiños (Vilatuxe-Lalín), Brántega (Agolada), Camporrapado (Cortegada-Silleda) e A Goleta (Camposancos-Lalín). Ademais das feiras anuais das Mazarocas en Tuiriz (Vila de Cruces), a do Repolo no Corpiño (Losón-Lalín), e das Mulas en Vento (Bermés-Lalín), esta última ainda perdura máis, trasladouse a Lalín onde se celebra o xoves de Pascua –a feira do cabalo–.

## **2. OS ANOS TRINTA DESTE SÉCULO: A GEOGRAFÍA DE CARRERAS Y CANDÍ**

O primeiro momento clave para comprender a evolución do comercio de Deza vai ser os anos trinta gracias a “Geografía General del Reino de Galicia” coordinada por Carreras y Candí e que no caso do Partido Xudicial de Deza, como de toda a provincia pontevedresa, encarargárase de describir Gerardo Álvarez Limeses.

Este autor, entre outros aspectos, describirá someramente o equipamento comercial de cada concello seguido da particularización do mesmo parroquia por parroquia (Álvarez Limeses, G., 1980, pp. 579 e seg.). Nós, para o primeiro aspecto, seguiremos textualmente as súas palabras mentras que para o segundo faremos un estudio analítico apoiándonos nas informacións aportadas e na cartografía que nós mesmos elaboramos.

Gerardo Álvarez Limeses escomenza a súa descripción do Partido Xudicial co concello de Lalín, “el detalle de ellos (la industria) y su comercio es el siguiente: varias fondas y casas de huéspedes, tres ferreterías, ocho comercios de tejidos, cinco mercerías, tres tablajerías, más de una docena de comercios de comestibles, nueve abacerías, más de medio centenar de bodegones y tabernas, un establecimiento de calzado, cuatro almacenes de materiales fertilizantes y abonos minerales, un establecimiento de venta de explosivos y otro de gasolineras, tres cafés, dos farmacias, varias serrerías, dos fábricas de curtidos y dos de cho-



Xa cambiaron os tempos.

colate, dos confiterías, una fábrica de zuecos y tres relojerías; y en profesiones: seis médicos, un veterinario, cinco peritos agrícolas, trece abogados, un notario, seis procuradores, herreros, hojalateros, zapateros y unos cuantos hornos de pan, así como un par de hornos harineros". Esta descripción, prolixa, na que se mesturan as actividades propiamente comerciais con outras que non o son, ilustra claramente o potencial comercial do concello de Lalín en relación con outros concellos, agás o de Silleda, tal como veremos máis adiante.

O seguinte concello en describir foi o de Vila de Cruces que, por aqueles anos se denominaba de Carbia, sobre o que nos di: "el ayuntamiento de Carbia, por su alejamiento de los centros de población de importancia y sus pocas vías de comunicación, posee escaso comercio e industria, existiendo los principales establecimientos en Cruces, que es la entidad de mayor población agrupada de todo el distrito municipal, en el cual hay dos ferreterías, un comercio de tejidos, media docena de tiendas de ultramarinos y algunos de comestibles, unas dos docenas de bodegones y tabernas, alguna serrería, docena y media de molinos harineros; y en profesiones y oficios cuatro medicos, dos farmacéuticos, un veterinario, un abogado, un notario, un perito agrícola, y relojeros, sastres, herreros, carpinteros, zapateros y otros oficios".

Tal como se desprende da descripción o comercio dominante neste conceello é menos diversificado do existente en Lalín e, ademais, o autor xa apunta

dúas causas para o seu atraso mercantil: dunha banda o alonxamento dos principais centros urbanos do país e, doutra, a incomunicación a que esta sometido, todo o cal lévao a un illamento perxudicial para o desenvolvemento do seu terciario que queda limitado a un espacio pechado e con escasas posibilidades de crecemento. Tamén fai referencia a un desdoblamento entre a capital administrativa do concello e o seu principal centro de mercado que traerá como consecuencia a mudança posterior da sede administrativa local.

Respecto a Dozón o dominante é o atraso de tal xeito que “la pobreza lo demuestra que en todo el ayuntamiento no hay más que una ferretería, media docena de tiendas de comestibles y otra de tabernas, que no hay botica y que en todo él sólo un médico ejerce su profesión”. En consecuencia, Dozón nos trinta era un ermo comercial debido ó seu pequeno tamaño e ó influxo de Lalín que limitaba en moito as súas posibilidades comerciais.

Tamén en Agolada a pobreza é o trazo dominante, “tiene Golada, como Dozón, escasos comercios e industrias, reducidos a una docena de establecimientos de comestibles y otra de bodegones y tabernas, un par de ellas de molinos harineros, dos serrerías, algunas destilerías de aguardiente. Solo un médico ejerce la profesión en este municipio y no hay en él farmacia alguna, siendo también escasos los oficios”. En suma unha situación moi parella, existindo unha dotación algo superior ó exemplo anterior pola simple razón de que ten unha importancia demográfica maior, reproducíndose a mesma casuística ó quedar baixo a influencia de Lalín.


No caso de Rodeiro, seguindo a Álvarez Limeses, tamén topamos unha situación moi semellante, “tiene el ayuntamiento de Rodeiro escasa industria y comercio, y la matrícula oficial da en él: dos ferreterías, cuatro comercios de tejidos, varios de comestibles y abacerías, una docena de bodegones y tabernas, una tablajería, una fabrica de aguardientes, varios oficios, dos médicos, un farmacéutico y un veterinario”. Aínda así, atendendo a esta descripción, non está nunha situación tan desfavorable como os dous exemplos anteriores e quizais poderíamnos afirmar que entraría dentro do grupo marcado por Vila de Cruces posiblemente polo seu relativo illamento que permite conservar certo equipamento comercial aínda que reducido polas mesmas eivas que afectan o antes citado.

Por último, o caso de Silleda é un tanto especial xa que segundo o autor conta cun equipamento superior ó do concello capital do partido, tal como se desprende da sua descripción: “es también de todos ellos el que tiene mayor industria y comercio, mejores comunicaciones, ferias más renombradas y, por todo eso, más riqueza y prosperidad material. Hay en el tres ferreterías, cuatro comercios de tejidos, uno de paquetería, uno de carros de hierro, una fábrica de velas, un establecimiento de venta de armas de fuego, numerosos comercios de ultramarinos, un café, un almacén de calzado, bastantes abacerías, cuatro tabla-

jerías, un establecimiento de venta de carnes, otro de venta de pólvora y efectos análogos, medio centenar de bodegones y tabernas, tres fábricas de electricidad, una de gaseosas, doce serrerías, dos almacenes de calzado y numerosos molinos. Pero por lo que tiene más nombre Silleda es por su industria de dulcería, en la confección de melindres, que son muy apreciados en toda la región. Tiene también un cinematógrafo público. En profesiones e industrias cuenta con cuatro médicos, dos farmacéuticos, dos peritos agrícolas, un veterinario, confiteros, sastres, relojeros, zapateros, canteros, albañiles, carpinteros, panaderos, etc..”.

Extensa descripción que da idea do potencial dun municipio cun gran poder de intercambios amparado na riqueza agrogandeira e no poder das súas feiras, áinda que o desdoblamento entre Bandeira e Silleda repercute na maior centralidade de Lalín, cabeceira dun concello menos equipado pero que non conta máis que a tibia competencia de Prado tal como poderemos comprobar no momento de analisar o equipamento por parroquias.

**Mapa 1: Equipamento parroquial en 1930**



#### O comercio no Deza nos anos trinta

- ◆ Comercio elemental (alimentación xeral e mixto)
- Parroquias con establecimientos especializados
- Parroquias cun equipamento medio
- ★ Centros comerciais

Fonte: Elaboración propia a partir da descripción efectuada por G. Álvarez Limeses para a “Geografía General del Reino de Galicia” de Carreras y Candí.

Unha vez descritos cada un dos concellos de Deza imos analisalos máis polo miúdo empregando, esta vez, a escala parroquial como referente. En Lalín o peso da súa capital é incontestable, tan só Prado dinamizada por estar localizada na intersección da estrada xeral de Santiago e as que van, por unha banda, ó Corpiño e, pola outra, a Vilatuxe a dotan dunha centralidade só reducida pola proximidade de Silleda e Lalín. En efecto conta cun comercio relativamente diversificado, polo que a incluimos dentro da categoría das parroquias de equipamento medio, entre as que destaca unha farmacia e ferreterías e tendas de venda de tecidos. Tamén se celebraba unha feira, segundo G. Álvarez Limeses, o que incrementaba a súa centralidade.

### Táboa 1: Listado de parroquias da comarca de Deza acompañado dos códigos para a súa identificación nos mapas

LALÍN	AGOLADA	SILLEDA
1 GALEGOS (S. Miguel)	1 BROCOS (S. Miguel)	1 CIRA (Sta. Eulalia)
2 CAMPOSANCOS (S. Cristovo)	2 SESTO (S. Cibrao)	2 DORNELAS (S. Martiño)
3 CERCIO (Santiago)	3 AGRA (S. Miguel)	3 PIÑEIRO (S. Xulián)
4 RODÍS (S. Xulián)	4 SEIXO (Santiago)	4 ABADES (Sta. María)
5 LOSÓN (Sta. Eulalia)	5 VAL (Sta. María)	5 PAZOS (S. Martiño)
6 BUSTO (S. Facundo)	6 BAIÑA (S. Pedro)	6 MARTIXE (S. Cristovo)
7 VAL (S. Andrés)	7 BERREDO (Sta. María)	7 CARBOEIRO (Sta. María)
8 CELLO (S. Martiño)	8 EIDIAN (Santiago)	8 LAMELA (S. Miguel)
9 CANGAS (Sta. Mariña)	9 BASADRE (S. Estevo)	9 CERBANA (S. Salvador)
10 CADRÓN (S. Estevo)	10 BASADRE (Sta. María)	10 MANDUAS (Santiso)
11 ANZO (S. Xoán)	11 RAMIL (S. Martiño)	11 ANSEMIL (S. Pedro)
12 NOCEDA (Sta. María)	12 BRANTEGÁ (S. Lourenzo)	12 BREIXA (Santiago)
13 MADRIÑÁN (S. Adrián)	13 ORREA (S. Andrés)	13 SAÍDRES (S. Xoán)
14 MEIXOME (Santiago)	14 ARTOÑO (Sta. Eulalia)	14 MOALDE (S. Mamede)
15 BERMÉS (Sta. María)	15 BAIS (S. Paio)	15 CHAPA (S. Cibrao)
16 PALMOU (S. Xoán)	16 BORRAXEIROS (S. Cristovo)	16 NEGREIROS (S. Martiño)
17 MUIMENTA (S. Lourenzo)	17 CARMCEGA (S. Pedro)	17 O CASTRO (S. Mamede)
18 SELLO (Santiago)	18 SANTA COMBA (S. Xoán)	18 PONTE (S. Miguel)
19 VEIGA (S. Ramón)	19 MERLIN (S. Pedro)	19 ESCUADRO (S. Salvador)
20 PARADA (Sta. María)	20 VILARINÓ (Sta. María)	20 RELLAS (S. Martiño)
21 PRADO (S. Martiño)	21 ESPERANTE (S. Cibrao)	21 MARGARIDE (S. Pedro Fiz)
22 CRISTIMIL (S. Xurxo)	22 FERREIROÁ (S. Pedro)	22 SILLEDA (Sta. Eulalia)
23 BENDOIRO (S. Miguel)	23 TRABANCAS (S. Mamede)	23 VILAR (S. Martiño)
24 SANTISO (S. Román)	24 GURGUEIRO (S. Miguel)	24 XESTOSO (Sta. María)
25 FILGUEIRA (Sta. María)	25 VENTOSA (Sta. María)	25 GRABA (S. Miguel)
26 XAXAN (Sta. María da Saleta)		26 FIESTRAS (S. Martiño)
27 GOIÁS (S. Miguel)		27 SIADOR (S. Miguel)
28 MACEIRA (S. Martiño)		28 TABOADA (Santiago)
29 ALEMPARTE (Sta. María)		29 CORTEGADA (Sta. María)
30 ANSEAN (Santiago)		30 REFOXOS (S. Paio)
31 GRESANDE (Santiago)		31 OLEIROS (S. Miguel)
32 DONSIÓN (Sta. Eulalia)		32 LARO (S. Salvador)
33 LALÍN (Núcleo urbano)		33 PARADA (S. Tomé)
34 DONRAMIRO (Sta. María)		
35 BARCIA (S. Estevo)		
36 SOUTOLONGO (Sta. María)		
37 BOTOS (S. Xoán)		
38 MONEIXAS (S. Adrián)		
39 VILANOWA (S. Xoán)		
40 XESTA (S. Pedro Fiz)		
41 CASTASOS (Santiago)		
42 ALBARELLOS (Sta. María)		
43 CASTRO (Santiago)		
44 VILATUXE (S. Lourenzo)		
45 LODERO (S. Paio)		
46 DOADE (S. Pedro)		
47 ZOBRA (Sta. María)		
48 LEBOZAN (Santiago)		
DOZÓN	VILA DE CRUCES	RODEIRO
1 SISTO (S. Xoán)	1 OBRA (S. Tomé)	1 AZ (S. Cristovo)
2 VILARELLO (S. Andrés)	2 AÑOBRE (S. Pedro)	2 SALTO (S. Estevo)
3 MACEIRAS (S. Reximio)	3 BRANDARIZ (S. Miguel)	3 PEDROSO (S. Xulián)
4 SA (Santiago)	4 SALGUEIROS (S. Pedro)	4 GUILLAR (Sta. María)
5 SANGUÍNEO (Sta. María)	5 OLLARES (Sta. María)	5 PESCOZO (Sta. Mariña)
6 O CASTRO (S. Salvador)	6 INSUA (S. Tomé)	6 CAMBA (S. Salvador)
7 DOZÓN (Sta. María)	7 PORTODEMOUROS (S. Salvador)	7 PORTELA (S. Cristovo)
8 BIDUEIROS (Sta. María)	8 DUXAME (S. Miguel)	8 VILELA (Sta. María)
	9 LOÑO (S. Mamede)	9 NEGRELOS (S. Cibrao)
	10 ARNEGO (Sta. María)	10 RODEIRO (S. Vicente)
	11 GRES (Santiago)	11 RÍO (Sta. María)
	12 CAMANZO (S. Salvador)	12 CAMBA (S. Xoán)
	13 BASCUAS (Sta. Mariña)	13 FAFIÁN (Santiago)
	14 PILOÑO (Sta. María)	14 PAREDES DE ÁLCEME (Sta. María)
	15 CARBIA (S. Xoán)	15 RIOBO (S. Miguel)
	16 FERREIROS (S. Xes)	16 SENRA (S. Paio)
	17 CUMEIRO (S. Pedro)	17 CAMBA (Sta. Eulalia)
	18 LAZARO (S. Xoán)	18 CARBOENTES (S. Estevo)
	19 MERZA (Sta. María)	19 ASPERELO (S. Martiño)
	20 SABREXO (Sta. María)	20 ARNEGO (Santiago)
	21 AS CRUCES (Nosa Sra. da Piedade)	
	22 BESEXOS (S. Fiz)	
	23 TUIRIZ (S. Xoán)	
	24 FONTAO (Santiago)	
	25 BODAÑO (S. Mamede)	
	26 OIROS (Sta. María)	
	27 LOSON (S. Pedro)	
	28 ASOREI (Sta. María)	

Nun escalón inferior, dentro dos espacios que contan xa con certos atisbos de especialización comercial, debemos mencionar a Donramiro –que non é máis que unha prolongación de Lalín–, a Xesta e Muimenta, parroquias algo alonxadas o que se traduce na existencia dalgún negocio especializado illado que vive da demanda das parroquias más próximas. O resto do concello se reparte entre parroquias con equipamento elemental –comercio mixto, esencialmente representado polas abacerías e as tabernas, e de alimentación en xeral; con esta dotación debemos mencionar a Donsión, Filgueira, Goiás, Gresande, Lebozán, Losón, Moneixas, Noceda, Palmou, Parada, Sello, Vilanova, Vilatuxe– e aquellas que non posúen oferta comercial algúns, polo que están totalmente subequipadas, sinalando Álvarez Limeses a existencia de feiras en A Goleta (Camposancos) e Os Carbaliños (Vilatuxe).

Os concellos de Dozón e Agolada caracterízanse polo subequipamiento, na descripción parroquial deste autor en ningunha parroquia se supera o estadio de comercio elemental<sup>1</sup>, quedando no municipio de Dozón reducida a súa presencia a tan só dúas parroquias: a de Bidueiros, onde se celebra a única feira desta parte de Deza –en Gouxa– e a da O, onde se localiza Castro que é a capital municipal. En Agolada aparecen nun número superior, podendo agrupalas en dous conxuntos, un cara o leste: Borraxeiros, Eidián, Agolada<sup>2</sup> –onde se celebra unha feira de certa sona– e Ventosa; outro no noroeste: Baiña, Brántega –dinamizada pola súa feira–, Brocos, Sesto e Val.

No concello de Carbia destaca Vila de Cruces, que aínda sen ser entón a capitalidade era o principal centro comercial amparado nas súas feiras<sup>3</sup>, considerando dentro do grupo de parroquias cun equipamento medio, e Gres, máis que nada por ter unha farmacia, situada nun extremo do municipio e con fortes vinculos con Ponte Ledesma, núcleo co que está unido por unha ponte. No resto do territorio o número de parroquias con comercio, en todo caso moi elemental, é reducido limitándose as seguintes: Carbia –daquelas capital municipal–, Merza, Piloño e Salgueiros a medio camiño ente As Cruces e Gres; e Cumeiro, Larazo e Tuiriz no leste.

En Rodeiro destaca a súa capitalidade que mantén a súa importancia comercial a pesares de que a feira naqueles anos se celebraba tan só en Río. En segundo lugar, gracias a existencia de comercios especializados illados, debe-

1. Existen algunas contradicciones entre a descripción municipal e a parroquial, xa que na primeira sinala a existencia dalgún establecimiento especializado, pero non aparecen reseñados na segunda polo que debemos tomar todas as cautesas posibles sobre o particular.

2. Realmente a parroquia onde está situada denominase Ferreiroá, máis dada a importancia do núcleo central adoptaremos no sucesivo a súa denominación para indentificar o ente parroquial. Analogamente, Bandeira e Vila de Cruces substituirán a denominación das súas respectivas parroquias, Manduas e As Cruces.

3. “La formación y el origen de este pueblo se debe a su situación en el cruce de carreteras importantes y el emplazamiento en él, a fines del siglo pasado, de las dos ferias mensuales que han venido a darle importancia y prosperidad” (Álvarez Limeses, G., 1980, p. 607).

mos citar a Santa Olalla de Camba, Fafián e Pescoso e, xa dentro dos que posúen un equipamento elemental, Arnego, Paredes de Álceme e Riobó.

Por último resta Silleda que, tal como afirmaba G. Álvarez Limeses, era o concello máis activo de Deza naqueles anos. Obviamente á cabeza estaban Silleda, que se presentaba como unha alternativa á Lalín, e Bandeira, que conta ba con moitas expectativas gracias as súas importantes feiras reforzadas tanto pola vecindade a Chapa –antigua capital do concello– como, desde 1850, pola construcción da estrada de Santiago (Vázquez Crespo, A. e González Alén, D., 1989, p. 437). Fora destes dous centros de mercado de primeira orde só se debe destacar Lamela que conta con algúin negocio especializado a carón da estrada xeral de Santiago; e entre as que só posúen a capacidade de satisfacer as necesidades más elementais topamos as seguintes: Carboeiro, O Castro, Chapa, Cira, Cortegada, Dornelas, Moalde, Negreiros, Oleiros, Piñeiro, Siador, Taboada e Vilar.

### **3. A EVOLUCIÓN DESDE OS SETENTA**

Ata o momento baseámonos en testimonios indirectos que non aportaban unha imaxe exacta do equipamento comercial, todo o máis nos aportaban un reflexo aproximado. A partires deste momento xa contamos con fontes directas nadas a partires da Cámara de Comercio de Pontevedra e relativas a dous instantes representativos: 1970 e 1995. Estas datas de referencia poden ser interpretadas como fitos de dous períodos moi diferentes entre sí, o primeiro amósanos unha comarca na que a poboación rural e agraria é aínda aplastante na que a mellora dos medios productivos do agro é incipiente aínda que ofrece xa síntomas de decadencia o fenómeno de comercialización rural por excelencia –as feiras–; o segundo infórmanos de a transformación sufrida por unha comarca de base agropecuaria sometida a unha intensa modernización, a base económica diversifícase e se consolidan os principais núcleos urbanos –nomeadamente Lalín e Silleda–, as feiras seguen a decair aínda que a de Silleda refórzase mediante a súa conversión nun complexo que inclúe de xeito semanal a Lonxa Agropecuaria de Galicia e, con periodicidade anual, eventos feriais entre os que destaca a Semana Verde, polo seu carácter internacional e a súa incidencia, que se alonxan da concepción tradicional propias das feiras e dos mercados ata o momento imperante na comarca.

#### **3.1. As feiras, súa decadencia e a renovación marcada pola Semana Verde de Silleda**

Previamente a análise do comercio que nós denominamos convencional, penso conveniente estudia-las formas más tradicionais de intercambios dentro

dunha comarca onde ata poucas décadas posuían unha gran relevancia. Xa tivemos tempo de repasar as que se celebraban ó longo de Deza, pero cál foi a súa evolución previa, cál era a súa incidencia real no inicio do período que nos ocupa, qué procesos de renovación ou decadencia viviron desde entón e, por último, na actualidade cómo poderíamos definir o seu estado de saúde.

Ata os setenta a súa evolución foi de continuo devalo, regresión que se pode exemplarizar na desaparición da de Prado, A Goleta e, en especial, a de Os Carballiños en Vilatuxe que nos anos corenta deixou de celebrarse áinda que perdurou certa centralidade nesta parroquia do sur do concello Lalínense –plasmada na existencia de farmacia e, xa non directamente relacionado co comercio, dunha oficina bancaria–. Pero este retroceso, tal como poñen de manifesto A. Vázquez Crespo e D. González Alén (1989, p. 135), viuse acelerado coa implantación do Mercado Nacional de Gando en Santiago de Compostela que afectou moi desfavorablemente ás feiras máis pequenas que non desapareceran anteriormente pasando a unha situación un tanto marxinal limitadas en ocasións a simples mercados. Das más importantes, incluidas as afamadas feiras de Bandeira que desde os corenta entraron en decadencia, só conservaron unha importancia máis aló do estritamente local Lalín por ser as da principal cabeceira comarcal e, sobre todo, Silleda que por fin supera ás de Bandeira pola gran transformación iniciada coa creación da Semana Verde de Galicia e da Lonxa Agropecuaria de Galicia a fins dos setenta que supoñen a súa conversión nun dos mercados gandeiros de referencia para a rexión –de tal xeito que as anteriores feiras do 6 e 23 desapareceron deixando paso a un mercado que se pasa a tódolos martes aproveitando que é a data na que se celebra a Lonxa–. Pero máis relevanza quizáis posúen eventos, de periodicidade anual, esencialmente adicados a exposicións –a mesma Semana Verde, Turisport, Equina, Mite, Fefriga...– que aproveintan as grandes instalacións permanentes de recente construcción nas inmediacións da vila de Silleda. Cunha importancia secundaria debemos mencionar a de Bandeira e Vila de Cruces, ás que poderíamos engadir Agolada, e, pouco máis que eventos locais, as de A Gouxa<sup>4</sup>, Río e Rodeiro. Das feiras mencionadas contan con modernos recintos as de Silleda, Lalín, Rodeiro, Agolada e Gouxa.

Respecto a área de influencia das principais feiras de Deza podemos consultar unha obra de M<sup>a</sup>. R. Miralbés Bedera e M. Casas Torres (1974, apéndice gráfico) que nos remite a principios dos anos setenta. Estes autores elaboran unha serie de mapas nos que localizan a área de influencia de cada feira ou mercado periódico ordenados segundo o tamaño das poboacións baixo a súa atracción.

4. Esta feira perdeu a importancia que tiña anos atrás, acadada en boa medida pola súa situación entre as terras de Lugo, Ourense e Pontevedra onde se xuntaban trantantes das provincias citadas e compradores de mulas provientes de Castela (Vázquez Crespo, A. e González Alén, D., 1989, p. 293).

En primeiro lugar estaría Rodeiro, ou más ben o binomio Río-Rodeiro xa que comparten entre as dúas as feiras –o día 15 na primeira e o 28 na capitalidade municipal–. A súa área de influencia abrangue a case totalidade das parroquias do municipio, escapando tan só as localizadas no extremo norte –Az, San Salvador de Camba, Guillar, Salto e Vilela– e sur –Arnego–, moi posiblemente baixo a atracción de Agolada e Chantada, as primeiras, e Gouxá, a do sur. Polo tanto, trátase dunha feira de ámbito estritamente municipal, e tan só no caso de Alemparte (Lalín) atrae a compradores de fora do termo municipal.

No relativo a feira de Vila de Cruces tamén debemos falar dun evento de alcance municipal aínda que en comparación coa anterior sobrepasa en maior medida os seus lindes, a súa atracción exténdese por todo o concello agás as parroquias ribeireñas de Deza –Bascuas, Fontao, Losón e Merza– que semellan estar na órbita das de Bandeira e Silleda. Por outra parte rebasa os seus límites cara o leste e o sur xa que proveñen xentes do noroeste de Agolada –Agra e Brocos– e do norte de Lalín –parroquias de Bermés, Camposancos, Cangas, Cello, Cercio, Galegos, Palmou e Val–.

As feiras de Silleda, cando aínda non posuían a transcendencia actual e se celebraban os días 6 e 23, atraían xentes da meirande parte do seu concello coa salvedade das localizadas no extremo sur do concello –Parada e Laro– onde existían fortes vínculos con Lalín, e algunas do noroeste –Cerbaña, Escuadro e Moalde– onde predominaban os desprazamentos cara Bandeira–. Pero a súa transcendencia era moi superior, xa que rebasaba o río Deza e recibía compradores de parroquias de Vila de Cruces –Fontao, Losón e Merza– e Lalín –Anzo, Bendoiro, Cristimil, Noceda, Prado e Santiso–. Incluso transcende os límites comarcais atraíndo a habitantes de parroquias de A Estrada –O Castro– e Forcarei –Pereira e Acibeiro–.

As feiras de Agolada, celebradas o día 12 de cada mes e o 23 de xullo posuían entón unha gran importancia, case a totalidade do seu concello acudía a elas –agás Agra e Brocos– e tamen doutros concellos veciños vénose favorecida pola súa localización na estrada de Lugo a Lalín. En efecto, de Vila de Cruces viñan xentes de Arnego, Duxame, Larazo, Loño, Portodemouros e Tuiriz; de Lalín os veciños de Alemparte, Cadrón, Cello, Cercio, Galegos, Rodís e Parada; de Rodeiro os de Az, Guillar e Pedroso as frecuentaban. Pero incluso rebasaban os límites provinciais xa que tamén acudían de gran parte do municipio lucense de Antas de Ulla, algunha parroquia do concello coruñés de Santiso –Rairiz e Arcediano– e incluso de Palas de Rei –a de Ramil, no límite co concello–.

As feiras de Bandeira celebradas mensualmente os días 14 e 29, a pesar de que non posuían a relevancia de mediados de século, aínda contaban cunha área de influencia notable. Ésta abrangía gran parte do concello de Silleda

escapando só as más orientais –Cortegada, Fiestras, Laro, Oleiros, Parada, Ponte, Siador, Silleda, Taboada e Vilar–, as centrais e occidentais de Vila de Cruces –as parroquias de Arnego, Asorei, Bodaño, Cumeiro, Cruces, Larazo, Loño, Oirós e Tuiriz, todas elas orientais, quedaban ó marxe– e algunha de Lalín –Losón–. Pero, de xeito análogo ás dúas anteriores, tamén contaba con afluencia de espacios de fora da comarca e, incluso da provincia, de xeito tal que acudían xentes de A Estrada –O Castro, Loimil, Oca e Orazo–, Forcarei –Acibeiro e Pereiro–, Boqueixón –Donas, Ledesma, Oural e Sucira– e Vedra –Ponteulla–.

Por último a feira máis importante a nivel comarcal é a de Lalín, os días 3 e 18, e que atrae a compradores procedentes da área más extensa, especialmente cara o leste onde non topaba a competencia das grandes feiras asentadas en Silleda nem a de Santiago e so se topaba coa competencia da de Chantada. En efecto dentro da comarca incluía dentro da súa influencia directa a totalidade do seu concello e a dos municipios de Dozón e Rodeiro; no de Agolada atraía consumidores das parroquias de Carmoega, Gurgueiro, Merlín, Santa Comba e Vilariño; de Silleda a Cortegada, Laro, Oleiros, Parada e Refoxos; e en Vila de Cruces a de Asorei. Fora da comarca e a provincia veñen de Forcarei –Acibeiro–, Antas de Ulla –Areas, Cibreiro–, Chantada –Monte–, Taboada –Bouzoa–, Irijo –Cusanca, O Campo– e Piñor de Cea –O Desterro–.

### **3.2. O comercio convencional: a progresiva centralidade de Lalín**

Escomenzamos o estudio da evolución comercial recente analizando, utilizando criterios análogos ós anos trinta, a situación de partida. En 1970 o estado das cousas mudara ostensiblemente en relación a corenta anos atrás, o número de parroquias sen dotación –que nos anos trinta eran un total de 101– perden terreo –tan só pasan a ser 57– o que nos remite a unha mellora da situación económica, debido a unha progresión dos niveis de renda ante unha incipiente modernización no agro xa que non asistimos a un ensanchamento do mercado en termos demográficos senón que ben podemos falar dun incremento do poder adquisitivo e certas mudanzas nas pautas de consumo que tenden a reducir os niveis de autoconsumo.

Dado que partimos directamente de fontes, non de descripcións, podemos facer unha breve alusión á estructura comercial para cada un dos municipios. Para elo partimos dunha diferenciación primaria entre maiorismo, detallismo de alimentación e mixto ou de consumo frecuente, e minorismo non alimentario que podemos considerar como de compra esporádica. A escala comarcal o peso do comercio de bens frecuentes é moi alto, da orde do 57,5%, acadando o mínimo Lalín co 49% dada a superior diversificación do seu comercio representan-

do o de bens infrecuentes o 38,3%, que a nivel comarcal supoña o 32,1%. En Silleda, pola contra, o primeiro supoña o 60,3% contra o 33,7% do segundo; en Vila de cruces ámbalas dúas tipoloxías sumaban o 54,8% e o 32,3%, respectivamente. Nos concellos orientais, menos desenvolvidos, acadaban as seguintes magnitudes: o comercio frecuente sumaba en Agolada o 64,6%, Dozón o 94,4% e en Rodeiro o 74%; o infrecuente o 21,5%, 5,6% e 20%, respectivamente. O maiorismo posuía un peso marxinal, apenas o 10% para o conxunto, rebasando a media Agolada co 13,8%, Lalín, co 12,8 e Vila de Cruces 12,9%, acadando valores moito más modestos no resto dos concellos –6% en Silleda e Rodeiro, non estando presente en Dozón–.


Pero, analizando concello por concello, e voltando ó criterio utilizado para os anos trinta podemos afirmar que existe unha relativa progresión da especialización comercial que agora tentaremos describir.

No concello de Lalín reaffírmase a primacía da capitalidade –é a única que supera o centenar de licencias, con moita distancia sobre Bandeira que era o segundo núcleo comercial en importancia–, que segue a ser o gran centro comercial de referencia e xa empezaba a topar menos competencia en Silleda, por razóns que analizaremos no seu momento. Prado segue a manter un equipamento relativamente importante áinda que en comparación coa descripción de G. Álvarez Limeses observamos certa tendencia ó estancamiento que se confirmaría andando o tempo. Entre as que contan con certo comercio especializado das observadas nos anos trinta só se mantén Donramiro, perdendo centralidade as outras que veñen ser substituidas por Bendoiro, Cercio, Goiás –que como Donramiro pódese considerar como unha prolongación da vila–, Losón e Vilatuxe, todas elas ben comunicadas e no caso da segunda, a penúltima e a última actúan como ofertantes de certos productos para espacios alonxados da capitalidade.

No relativo ó escalón máis baixo da estructura comercial constitúen o grosso das parroquias do concello, e o conforman as seguintes: Albarellos, Anzo, Barcia, Botos, Cadrón, Camposancos, Cangas, Castro, Catasós, Cristimil, Filgueira, Méixome, Moneixas, Muimenta, Noceda, Sello, Soutolongo, Vilanova, Xesta e Zobra. Nalgúns casos, son parroquias xa mencionadas para os anos trinta, noutros aparecen agora por primeira vez neste grupo –usualmente por que antes non posuían equipamento algúin, pero no caso de Muimenta e A Xesta por que perden os establecementos especializados cos que contaban– e, en bastantes exemplos, por que o comercio pasa a estar ausente –como son Gresande, Lebozán, Palmou e Parada–.

En 1970, polo tanto, a centralidade de Lalín é incontestable, e agás a presencia dun centro alternativo de escasa relevancia, o comercio esta fortemente polarizado en torno a capitalidade municipal o que se traduce nun forte desequilibrio.

### Mapa 2: Equipamento parroquial en 1970



#### O comercio en Deza no 1970

- ◆ Comercio elemental (alimentación xeral e mixto)
- Parroquias con establecimientos especializados
- Parroquias cun equipamento medio
- ★ Centros comerciais

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos contidos no “Catálogo de los comerciantes e industriales de su jurisdicción y otras informaciones sobre la economía de la Zona, 1970-71” publicado pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra.

No caso de Dozón o panorama, dentro da escasa especialización comercial que o domina, mellorou ostensiblemente. Así aparecen dous parroquias con certo grao de especialización –Bidueiros e Sixto–, destacando a primeira que ve aparecer certos negocios de alimentación especializada en A Gouxa aproveitando a celebración da feira. No resto os establecementos son bastante elementais e xunto a parroquia da O debemos engadir a Dozón, Saa e Sanguiñedo que previamente non posuían actividade mercantil algúnhia.

No caso de Agolada a mellora é más espectacular se cabe, a súa capitalidade pasa de ser calificada como de comercio elemental a poder ser conside-

rada como de equipamento medio co que conquire consolidar unha centralidade comercial que nos trinta era moi dubidosa. Aparecen dúas parroquias con certa especialización, Ventosa e Berredo, ésta última sen equipamento na descripción anterior e o escalón base, que antes era o único existente no concello, nestes anos está composto por Artoño, Baiña, Basadre, Borraxeiros, Brántega, Eidián, Orrea, Trabancas, Val e Vilaríño.

Pasando ó concello de Vila de Cruces tamén observamos unha clara mellora exemplificada na consolidación da capitalidade como un centro comercial de bastante relevancia, e a aparición dun número importante de parroquias con certa especialización que se engaden a Gres. Destas últimas debemos citar en primeiro lugar aquelas que se orixinan nun progreso do seu equipamento precedente, entre as que citaremos a Carbia, Larazo, Merza e Piloño; en segundo lugar, as que corenta anos atrás non posuían a máis elemental dotación como son as de Brandariz, Camanzo, Duxame, Fontao e Sabrexo. Baixando o escalón básico, ou referente ó comercio elemental, mencionaremos a Báscuas, Bodaño, Cumeiro, Losón, Obra, Oirós, Salgueiros e Tuiriz. En resumo, un concello que, en relación co conxunto comarcal, presenta a estas alturas un equipamento bastante ben distribuido fundamentalmente por estar composto por parroquias demográficamente ben dimensionadas e onde se pode diferenciar claramente o leste do concello, onde a presencia da capitalidade contribúe a un menor equipamento das parroquias desta parte, do oeste, caracterizado por un maior equilibrio ante a falta dun centro de mercado que polarice a estructura comercial.

No caso de Rodeiro topamos un doble proceso, dunha banda hai unha difusión do feito comercial pero, doutra, hai unha concentración do máis especializado na súa capitalidade. Efectivamente, o segundo fenómeno exemplifícase nunha leve reducción do número de parroquias coa presencia de comercio especializado que queda limitado a Río –parroquia veciña de Rodeiro, onde se celebra unha feira e que nos trinta non posuía comercio algúin– e Fafián. Por outra banda, as parroquias cun comercio elemental medran, ben por desaparición de comercios especializados –Santa Olalla de Camba e Pescoso– ben por novas incorporacións –Asperelo, Az, San Salvador e San Xoan de Camba, Carboentes, Guillar e Portela– que substitúen, o que é moi chamativo, a totalidade das parroquias que segundo a descripción de G. Álvarez Limeses entraban dentro desta categoría que pasan a estar entre as subequipadas.

Para finalizar esta descripción réstanos Silleda. Do mesmo xeito que nos casos anteriores o número de parroquias comercialmente activas increméntase de tal xeito que é o concello onde a proporción das que non posúen actividade mercantil algunha é más cativo –non chegan a quinta parte, moi inferior o 35 % a escala comarcal–. Entre os centros comerciais más importantes destacan sobremaneira Bandeira e Silleda, observándose un reforzamento da primeira

que nos trinta non pasaba dun mero espacio de equipamento medio que nestes anos supera a unha Silleda bastante estancada –nos dous casos supérase as cuarenta licencias, posuindo Bandeira un número lixeiramente superior–. Esta fragmentación favorece a Lalín que, sen topar núcleos alternativos no seu propio concello, neste momento xa se pode considerar como o centro comercial de Deza. Entre as parroquias de equipamento medio destaca Laro, o que resulta chamativo xa que antes da Guerra Civil nen tan sequera posuía actividade algúns polo que se pode considerar como o xurdimento dunha alternativa que tenta aproveitar o seu carácter como principal cruce de camiños do sur de Silleda.

Dentro das que posúen certos atisbos de especialización debemos mencionar Cira, Cortegada, Escuadro, Fiestras, Rellas e Taboada. Por último, entre as de comercio elemental debemos citar a Abades, Ansemil, Cerbaña, Chapa, Dornelas, Graba, Lamela, Martixe, Moalde, Oleiros, Parada, Piñeiro, Ponte, Refoxos, Saídras e Vilar.

En resumo, en Silleda hai que sinalar tres trazos que definen a súa evolución desde os anos trinta. En primeiro lugar, en consonancia coa descripción efectuada por G. Álvarez Limeres segue a ter un gran potencial comercial, exemplificado en primeiro lugar en contar con dous centros da importancia de Bandeira e Silleda e a escasez de parroquias subequipadas. En segundo lugar, durante estes anos se nota claramente que a posibilidade de amosar unha alternativa clara fronte a Lalín se difumina ante a competencia entre os dous principais centros. En terceiro lugar, a localización central deses centros impide a conformación dun panorama semellante ó do outro municipio do oeste de Deza o que repercutre nun deseiquilibrio espacial. Aínda que non tan acentuado como no caso de Lalín.

En 1995 hai unha relativa mudanza respecto ós setenta que se pode plasmar nunha “urbanización” do comercio, noutras palabras nun retroceso do equipamento das parroquias a escala xeral e unha tendencia a concentrarse nos principais centros de mercado. Efectivamente, o número de parroquias subequipadas pasa de 57 a 66 e a concentración do comercio nos centros comerciais –reducidos a Lalín, Silleda e Vila de Cruces– é máis evidente; se tomamos variables cuantitativas isto volta a porse de manifesto tomando a Lalín como exemplo, se en 1970 a porcentaxe de licencias localizadas nas parroquias representaba o 43,6% na actualidade limítase á cuarta parte.

Incidindo nas estructuras comerciais apreciamos, respecto a 1970, un incremento acelerado da dotación comercial que pasa de 651 a 965 licencias –o que, en termos porcentuais, supón un crecemento do 48,2%–. Pero este dinamismo non é homoxéneo, mentres en Lalín case se dobla no resto dos concellos o máis que se conquire é igualar o ritmo de crecemento, caso de Silleda, ou

medrar moi pasenxamente –o 4,6% en Agolada, o 6% en Rodeiro e o 8,1% en Vila de Cruces– cando non retrocede –caso de Dozón que pasa de posuir 17 licencias contra as 18 que mantiña en 1970–. En suma, hai unha progresiva concentración da actividade comercial en Lalín que concentra o 48,6% do comercio comercial fronte o 37,3% que representaba un cuarto de siglo máis atrás.

En termos estruturais denótase unhas mudanzas áinda máis transcendentes. Éstas exemplifícanse nunha pérdida de relevo do comercio de bens frecuentes tanto a nivel comarcal como local –o 33% no conxunto de Deza e, tomando os termos municipais como referentes, 44,1% en Agolada, 58,8% en Dozón, 29,9% en Lalín, 43,4% en Rodeiro, 29% en Silleda e 40,3% en Vila de Cruces– que, correlativamente, se contrapesa co gran crecemento do detallismo de consumo infrecuente –53,1% a nivel comarcal; 44,1% en Agolada, 23,5% en Dozón, 56,7% en Lalín, 45,3% en Rodeiro, 53,6% en Silleda e 50,7% en Vila de Cruces– e un moderado dun maiorismo moito máis adaptado as necesidades de comercialización dos produtos propios e das necesidades dos detallistas locais –representa o 14% no conxunto de Deza e o 11,8% en Agolada, 17,6% en Dozón, 13,4 en Lalín, 11,3% en Rodeiro, 17,4% en Silleda e 11,9% en Vila de Cruces–.

Sobre estes anos contamos, ademáis, con información accesoria que nos servirá para medir a importancia do comercio noutros aspectos tan sensibles como o laboral. Efectivamente, gracias ó padrón de 1996, información facilitada polo Instituto Galego de Estatística podemos, saber o volume da poboación ocupada no comercio agás no referido ó concello de Agolada do que non posuimos referencia algunha. A falta de resultados para o conxunto da comarca conformarémonos con sinalalos a nivel municipal. Onde máis relevancia posúe é en Lalín onde da traballo ó 10,1% da man de obra, o que é lóxico dada a súa condición de principal centro de mercado para toda a comarca, séquelle Silleda onde enprega ó 8,3% o que volta a ser expresión do seu aínda puxante actividade mercantil e, xa un tanto lonxe, Vila de Cruces cun 5,9%. Dos outros dous termos municipais dos que posuimos datos xa nos amosan a imaxe de espacios plenamente rurais onde a capacidade de xerar emprego por parte do comercio é moi escasa<sup>5</sup> –Dozón, cun 4%, e Rodeiro, cun 2,9%–.


No concello de Lalín a centralidade da capitalidade é cada vez máis aguda, perdendo importancia Prado que pasa a engrosar un cada vez máis amplio conxunto de parroquias con certo número de establecementos especializados que, de feito, increménțase en gran medida tanto por o xurdimento dun limitado número de comercios de alimentación especializado para satisfacer unha franxa da demanda con superior poder adquisitivo e menos autoconsumista

---

5. Neste particular son cifras referidas a residentes, polo que cabe a posibilidade de que realmente traballen outros concellos próximos non no que viven.

como por procesos de desconxestión da mesma cabeceira, que desconcentra unha serie de funcións que precisan de certas condicións que non ofrece o núcleo –venda de mobles ou relacionados coa automoción e a maquinaria que precisan grandes superficies e doados accesos por estrada, polo que procuran localizacións periféricas ou a carón das estradas–. En consecuencia as parroquias que incluimos dentro deste grupo son as seguintes: Bendoiro, Bermés, Botos, Catasós, Cercio, Donramiro, Donsión, Filgueira, Goiás, Gresande, Losón, Noceda, Prado, Santiso, Sello, Soutolongo, Vilatuxe, Xaxán e A Xesta; elevado número que supón unha distribución equilibrada do escaso comercio localizado no rural, alomenos nas parroquias localizadas nos espacios centrais do concello que son as más desenvolvidas.

**Mapa 3: Equipamento parroquial en 1995**



#### O comercio en Deza no 1970

- ◆ Comercio elemental (alimentación xeral e mixto)
- Parroquias con establecimientos especializados
- Parroquias cun equipamento medio
- ★ Centros comerciais

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra.

As que posúen cunha dotación elemental<sup>6</sup> redúscense drásticamente quedando limitadas á localizacións, en termos xerais, máis periféricas que as anteriores. Dentro deste grupo están as seguintes: Albarellos, Cadrón, Camposancos, Cristimil, Maceira, Madriñán, Moneixas, Muimenta, Palmou e Zobra.

No caso de Dozón a grandes trazos segue a existir unha mellora comercial incontestable, pero debemos mencionar que o centro de gravedade volve a desprazarse, como nos anos trinta, cara o sur do concello. De feito Sixto volta a estar dentro das parroquias subequipadas, e se manteñen con algúns establecementos especializado Bidueiros, A O e Sa, mentres que permanecen dentro do nivel básico Dozón e Sanguíñedo.

No relativo a Agolada as mudanzas tamén apuntan a unha progresión de certa densificación comercial. Agolada segue nese estadio propio de pequena capitalidade municipal cun equipamento intermedio, mentres que non conxunto da certa especialización comercial á Ventosa engadéselle Baíña, Brántega, San Estevo de Basadre, Brocos, Esperante e Vilariño e tan só Berredo perde esta categoría. Pero o comentado non é óbice de certa depauperización exemplificada nun relativo retroceso das parroquias cun comercio elemental, non só pola mellora da súa dotación, quedando limitadas á Santa María de Basadre, Berredo, Borraxeiros, Carmoega e Eidián.

En Vila de Cruces perdura unha situación semellante á de un cuarto de século atrás, mais rexistramos certos progresos consolidándose tanto o centro comercial capitalino como o equilibrio antes sinalado para o oeste do municipio. En efecto entre as parroquias con algúns establecementos especializados temos a Añobre, Besexos, Brandariz, Camanzo, Carbia, Cumeiro, Gres, Merza, Obra, Piloño e Sabrexo, prácticamente todas situadas no centro ou oeste agás dous veciñas da cabeceira do concello que ben poden facer referencia a existencia dalgúns puntos de venda resultado de certos procesos de desconxestión. En relación coas parroquias cun nivel elemental en tanto a súa actividade mercantil, éstas son poucas e escasamente significativas, quedando reducidas a Bascuas, Duxame, Larazo, Losón, Ollares e Oirós.

En Rodeiro a evolución conleva certa contracción a nivel xeral acompañada dunha descentralización de comercios especializados. Xunto a parroquia cun equipamento medio –a cabeceira– o número das que posúen certa especialización increméntase entrando dentro deste conxunto San Xoan e San Salvador de Camba, Carboentes, Portela e Río. Pero, en compensación, contráese as que posúen un comercio escasamente significativo, quedando reducidas a Arnego, Asperelo e Guillar.

---

6. A partires desta data deixamos de considerar as tabernas como exemplos de comercio mixto, substituídos por unha categoría fiscal propia.

Por último, no relativo á Silleda ponse de manifesto a diferente evolución dos eventos feriais do concello. Mientras o da capitalidade prograsa o de Bandeira decae, en consecuencia isto plásmase na súa dotación de comercio convencional voltando a ter un papel secundario en comparación co de Silleda. En compensación hai unha relativa difusión de establecementos especializados polo termo municipal quedando dentro desta categoría O Castro, Chapa, Cortegada, Dornelas, Graba, Lamela, Laro –que perde a posición relativa acadada nos setenta– Negreira, Oleiros, Parada, Pazos, Piñeiro, Refoxos, Rellas e Taboada. Xunto ás citadas mantéñense como áreas cunha dotación base as parroquias de Abades, Cerbaña, Cira, Escuadro, Martixe e Saídres.

En resumo, nos noventa Silleda perde en certo xeito o protagonismo que viña mantendo ata o momento pola relativa perda de importancia de Bandeira, relocalizándose a actividade comercial cara ós espacios atravesados pola estrada de Ourense a Santiago e cara o sur do concello.

#### **4. A XEITO DE CONCLUSIÓN**

Neste artigo, desde unha visión meramente descriptiva, tentamos aproximarnos á difusión do comercio nas distintas vilas e parroquias da comarca de Deza para o que, ben consultando a escasa bibliografía existente ben analizando os distintos listados fiscais, contar cunha imaxe o máis acertada posible.

Do estudio pódese salientar o constante crecemento de Lalín como centro de abastecemento para o conxunto comarcal, concentrando progresivamente un volume cada vez máis importante de actividade mercantil<sup>7</sup>. Este fenómeno actúa negativamente tanto fronte o resto dos concellos como respecto o rural dentro do seu concello, cada vez máis infradotado.

Á escala comarcal hai unha clara contraposición entre o centro e o oeste, que manteñen un forte dinamismo amparado nos núcleos de Lalín, Silleda e, secundariamente, Bandeira e Vila de Cruces, e o leste, plenamente rural e moi condicionado pola atracción da cabeceira comarcal o que se deixá sentir nunha decadencia tan só contrarrestada por unha tímida vida mercantil nas vilas de Agolada e Rodeiro.

Estas circunstancias déixanse notar no rural que, aínda que na actualidade están mellor dotadas que nos anos trinta pola mellora evidente do nivel de vida, perden importancia respecto vintecinco anos atrás debido por unha

7. R. Rodríguez González (1996, p. 141) apunta sobre as causas nas que se basea a puxanza mercantil da capital de Deza o seguinte: “un dos factores decisivos á hora de explicar o forte ritmo de aumento que a vila dezana experimenta nos derradeiros anos relaciónase co aumento e cambio das funcións que concentra. Neste senso o abandono dos modelos de relacións e intercambios comerciais baseados nas feiras deixa paso a outro máis moderno, de carácter estable, que possibilita que os núcleos que posúen un mercado fixo establezan unha serie de fluxos económicos e humanos entre él e a rexión funcional que organiza”.

polarización cada vez más evidente nos centros de mercado de máis relevancia.

Finalmente, respecto ás feiras e mercados debemos apuntar a unha decadencia progresiva exemplificada na desaparición dos máis pequenos –Prado, A Goleta, Vilatuxe...–, un mantemento esmorecente de moitos que antigamente posuían unha elevada afluencia –Bandeira, A Gouxa, Vila de Cruces...– e unha progresión de Lalín, amparado na súa centralidade que rebasa incluso os límites da comarca, e de Silleda, apoiada no extraordinario pulo que supuxo o nacemento da Semana Verde e a Lonxa Agropecuaria de Galicia a fins dos setenta.

## 5. BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Limeses, G. (1980), “Pontevedra”, tomo 2. En Carreras y Candí, F. *Geografía General del Reino de Galicia*, volumen XIII. Edición fascimil, Ediciones Gallegas S.A., A Coruña.
- Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Pontevedra (1971), “Catálogo de los comerciantes e industriales de su jurisdicción y otras informaciones sobre la economía de la Zona, 1970-71”. Pontevedra.
- Gran Enciclopedia Gallega (varios anos). Voces correspondentes a Dozón, Golada, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces. Silverio Cañada, Gijón.
- López González, A. e Rodríguez González R. (1998), “Os intercambios comerciais nas sociedades campesiñas. Evolución recente e concentración nas vilas galegas”, en *Semata*, nº 9, pp. 107-127, Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- Otero Pedrayo, R. (1980), “Guía de Galicia”. 5ª edición. Galaxia, Vigo.
- Precedo Ledo, A. (dir.) (1993), “Galicia pueblo a pueblo”. La Voz de Galicia, A Coruña.
- Rodríguez Ferreiro, H. (1973), “La tierra de Trasdeza, una economía rural antigua. Población y economía de la antigua jurisdicción de Trasdeza en la primera mitad del siglo XVIII”. Universidad de Santiago, Santiago.
- Rodríguez González, R. (1996), “Lalín, un proceso de urbanización e desenvolvemento. 1960-1990”. Deputación de Pontevedra, Pontevedra.
- Vázquez Crespo, A. e González Alén, D. (1989), “A comarca de Deza”. Deputación de Pontevedra, Pontevedra.

## SOCIEDAD HIJOS DE SILLEDA



Miembros da comisión directiva da Sociedade "Hijos de Silleda". 1929.

### O PROCESO DE CREACIÓN DAS SOCIEDADES DE EMIGRANTES DEZÁS EN AMÉRICA. CRONOLOXÍA, TIPOLOXÍA E CONFIGURACIÓN ORGANIZATIVA.

Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez

O proceso migratorio que experimenta a poboación galega no decurso histórico abrangue, no seu conxunto, un período de tempo que podemos acotar de forma ininterrompida durante máis de dous séculos, nos que presenta unha extraordinaria torrencialidade e ten como destino preferente as áreas territoriais do Cono Sur americano.

A comarca de Deza non é allea ó fluxo migratorio que experimenta o resto de Galicia, e desparga en América –especialmente Cuba e Arxentina e en menor medida Uruguai– unha importante actividade asociacionista, que se traduce na creación de dezaseis entidades –ver Táboa– entre 1908 e os inicios da Guerra Civil<sup>1</sup>. Sobre o seu proceso de creación, a variada tipoloxía de sociedades e os seus modelos de organización interna tratarán as seguintes liñas.

1. Establecense fóra dese período outras agrupacións, ben como resultado da fusión ou federación das entidades iniciais, como é o caso do *Centro Lalín* de Bos Aires, integrado polas Sociedades dezás orixinarias, ou de nova creación, como *Hijos del Ayuntamiento de Lalín*, nacida en Caracas en 1983.

**Táboa I**  
**Sociedades de emigrantes da comarca de Deza**

Concello	Denominación	Sé	Constitución	Referencia
Lalín	Hijos del Partido de Lalín	Bos Aires	7-VII-1908	
Silleda	Hijos de Silleda	Bos Aires	15-VIII-1908	
Silleda	Pro Escuelas en Bandeira	Bos Aires	20-III-1910	
Lalín	Hijos del Partido de Lalín	A Habana	20-III-1910	
Silleda	Silledanos Unidos	Bos Aires		1911
Vila de Cruces	Pro Escuela Hijos de Loño	Bos Aires	25-II-1912	
Agolada	Hijos de Ventosa y su Término	A Habana	14-XII-1918	
Lalín	Club Lalín	A Habana	14-IV-1920	
Rodeiro	Hijos de Rodeiro	A Habana		1920
Lalín	Club Lalín	A Habana	14-IV-1920	
Agolada	Hijos de Golada	Bos Aires		1934
Vila de Cruces	Unión Residentes Ayto. de Carbria	Bos Aires	24-V-1936	
Rodeiro	Residentes Distrito de Rodeiro	Bos Aires		1986
Vila de Cruces	Hijos de Loño	A Habana		1986

Fonte: elaboración propia.

Para comeza-lo itinerario cronolóxico do movemento societario dezao, apuntamos como pioneira á Sociedade *Hijos del Partido de Lalín*, radicada en Bos Aires. Fúndase o 7 de agosto de 1908<sup>2</sup> de forma oficial. Pero cómpre aclarar que a comunidade dezá da capital do Prata levaba a traballar a prol dunha agrupación microterritorial desde outubro de 1904<sup>3</sup>, e a través de reunións esporádicas xa xurdira algunha proposta animando á colectividade a construír un cemiterio na cabeza do Partido. Máis tarde, coa súa constitución oficial, formularanxe uns obxectivos máis covizosos.

Como reflicte o seu nome, a futura Sociedade vai acoller ós emigrantes de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces, que no seu conxunto, conforman o Partido Xudicial.

Case de xeito parelllo, mediando apenas unha semana de diferencia, o 15 de agosto de 1908<sup>4</sup> nace na mesma capital a Sociedade *Hijos de Silleda*. Antón Alonso Ríos, carismático mestre e agrarista, intervén estreitamente na súa organización. Bieito ALONSO relata así esta pasaxe:

*“Xuntábanse nos cafés da Avenida de mayo ou víanse nos salóns de baile, con ocasión das festas que daban as sociedades galegas, as más das veces naquel da rúa Rincón, fronte ó Hospital de Santa Lucía.*

2. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Libro de Actas nº 1*. Bos Aires, 1908, Acta de Fundación de 7 de agosto de 1908, p. 1.

3. PEÑA SAAVEDRA, V.: *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar: La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. Vol. II. Santiago, Xunta de Galicia, 1991, p. 425.

4. ASOCIACIÓN HIJOS DE SILLEDA: *Boletín informativo nº 24*. Bos Aires, 1983, p. 1.

*Non se pode precisar con exactitude, pero a alguén se lle ocorreu, naquelhas tertulias, fundar unha sociedade dos emigrantes de Silleda, ao estilo das que xa funcionaban en Bos Aires. Debería ser un lugar de encontro para os paisanos do Candán, pero tamén debería ser algo máis: unha fonte de cultura e saber que fixese, de emigrantes e labregos, persoas con estima e dignidade.*

*Querían unha sociedade ‘distinta’, na que, ademais da festa do patrón, da empanada e o viño, houbese grande preocupación pola cultura e pola escola. Cumpría organizar toda unha rede educativa, polo concello adiante, con varias escolas ben dotadas de material e cunha inspección eficaz. ¡Un novo tipo de escola! Como aquela que estaban a piques de inaugurar os de ‘Unión Hispanoamericana pro Valle Miñor’, asesorados por Ignacio Ares de Parga, un ourensán discípulo de Giner de los Ríos, republicano e peza fundamental na colectividade galega en Bos Aires’.<sup>5</sup>*

Se *Hijos del Partido de Lalín* acolle ós residentes dos seis concellos da comarca, *Hijos de Silleda* fórmase cos emigrados das trinta e tres parroquias do seu termo municipal. Esta mesma intención anima á Sociedade *Pro Escuelas en Bandeira*, que nace o 20 de marzo de 1909<sup>6</sup>, igualmente aberta ó ámbito sille-dense. A iniciativa xurde no seo dun grupo de veciños naturais das parroquias de Moalde, Chapa, Santiso, Lamela e Cervaña<sup>7</sup>, cunha explícita inquedanza no terreo educativo. Malia que pola súa denominación semella circunscribirse á área territorial de Bandeira, lugar da parroquia de Santirso de Manduas, a súa intención, en principio, é extende-lo seu espacio de influencia a todo o municipio.

Xusto un ano despois, desta volta na capital cubana e a instancias da Sociedade lalinense de Bos Aires, constitúese unha agrupación homónima en Cuba. A Sociedade *Hijos del Partido de Lalín* está formada polos dezaos residentes na capital antillana, que manteñen un primeiro contacto o 20 de marzo de 1910 no Salón de Sesións do Centro Galego, “con el objeto de agrupar a los emigrantes de los seis ayuntamientos del Partido Judicial de Lalín que residan en la isla de Cuba”<sup>8</sup>.

No ano 1911 sitúase a única referencia coa que contamos de momento para determina-la existencia da entidade *Silledanos Unidos*. Así consta nunha

5. ALONSO FERNÁNDEZ, B.: *Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade*. Santiago, Edicións Laioveneto, 1994, pp. 21-22.

6. SOCIEDAD PRO ESCUELAS EN BANDEIRA: *Acta de fundación*. Bos Aires, 20 de marzo de 1909.

7. ÍDEM: *Acta de Iniciación*. Bos Aires, 11 de marzo de 1909.

8. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Estatutos*. Habana, 1939, p. 5.

nota de prensa inserta en *El Eco de Galicia* de Bos Aires. A noticia reflicte a recente constitución da súa Asamblea<sup>9</sup>.

Novamente na capital do Prata, seis meses despois, constitúese a Sociedade *Pro Escuela Hijos de Loño*. Ocorre o 25 de febreiro de 1912<sup>10</sup> cunha marcada identidade parroquial, e unha clara proxección cara o eido educativo. A través do seguinte parágrafo aparecido en *Vida Gallega*, IGLESIAS RIVADULLA enumera os seus principais obxectivos:

“La sociedad Hijos de Loño es obra única de sesenta paisanos del Ayuntamiento de Carbia, -partido judicial de Lalín- que sabedores de lo que falta en su parroquia de Loño, concibieron la idea de agruparse, es decir, formar una sociedad con un capital que sería el total de los sumandos reunidos, donados por los socios; idea que, para dicha de ellos y nuestra, tuvo buen éxito hasta la fecha, pues actualmente la Sociedad cuenta ya con cerca de unos tres mil pesos moneda de la República Argentina, y la Comisión Directiva ya hace algunos meses que ha mandado dar comienzo a las obras de construcción de la casa-escuela de Loño”.<sup>11</sup>

A súa tendencia, de corte católico-conservador, é unha excepción dentro da ideoloxía progresista do resto de Sociedades, circunstancia que permite que o seu centro académico de Loño permaneza activo durante a Guerra Civil e continúe coa actividade escolar durante a década dos anos corenta, alleo ás purgas de que foron obxecto a meirande parte dos centros escolares e demais propiedades das Sociedades americanas baixo o réxime de Franco.

Mediando un dilatado lapso de tempo sen que se teñan referencias que documenten entre tanto outra fundación, o 14 de decembro de 1918<sup>12</sup> celébrase na Habana o nacemento da *Sociedad de Instrucción Hijos de Ventosa y su Término*. Os seus afiliados pertencen ó municipio de Agolada, e o seu ámbito de intervención céntrase na parroquia agolense. Tamén sobre esas datas encádrase a existencia da Sociedade cubana *Hijos de Rodeiro*, segundo a referencia aparecida en *Eco de Galicia*<sup>13</sup>, onde con data de 2 de maio de 1920 infórmase sobre as eleccións celebradas para nomear unha nova Xunta Directiva.

Con meirande exactitude pódese situa-lo inicio de *Club Lalín, Sociedad de Instrucción, Auxilio y Protección al Trabajo* radicada en Cuba. Malia que ignorámolo-la data concreta da súa constitución, pódese tomar por válida a do 14 de abril de 1920, como así aparece inscrita no Rexistro de Asociaciós da

9. “Silledanos Unidos”. *El Eco de Galicia*. Bos Aires, nº 712, 10 de agosto de 1911, p. 7.

10. SOCIEDAD PRO ESCUELA HIJOS DE LOÑO: *Estatutos*. Bos Aires, 1912, p.1, Título II, art. 1.

11. IGLESIAS RIVADULLA, I.: “La escuela “Hijos de Loño”. *Vida Gallega*. Vigo, nº 58, 25 de xuño de 1914.

12. SOCIEDAD HIJOS DE VENTOSA Y SU TÉRMINO: *Copia del Poder Especial otorgado por Don Alfredo García Vázquez á favor del Señor Jesús Diéguez*. Habana, 15 de maio de 1920, p. 2.

13. “Los de Rodeiro”. *Eco de Galicia*. Habana, nº 118, 2 de maio de 1920, p. 25.

capital antillana. No nº 123, de 17 de xullo, a publicación habaneira *Eco de Galicia* informa que “por medio de atento besamano se comunica que la Directiva de esa naciente colectividad de instrucción acaba de tomar posesión”<sup>14</sup>. Outra nota, esta vez extraída do Libro de Actas nº 1 da Sociedade *Ayuntamiento de Silleda*, case tres anos despois, alude á lectura “de un besa la mano de la toma de Posesión [sic], de la mesa y [nueva] Directiva del Club Lalín<sup>15</sup> y a una carta del mismo solicitando el concurso de esta Sociedad para la suscripción iniciada por el mismo, a favor de las víctimas de Guillarey”<sup>16</sup>. A cita anterior achega ademais o valioso testemuño do seu compromiso político co que acontece en Galicia.

Tamén sobre esas datas encadramo-la existencia da Sociedade cubana, *Hijos de Rodeiro*, onde unha referencia en *Eco de Galicia*<sup>17</sup> con data de 2 de maio de 1920, informa sobre as eleccións celebradas para nomear unha nova Xunta Directiva. Pouco tempo despois, o 30 de xaneiro de 1921<sup>18</sup> na Arxentina, constitúese outra Sociedade na que de novo son protagonistas os emigrantes lalinenses. Trátase de *Unión del Partido de Lalín*, e atendendo á denominación, o seu ámbito de influencia abrangue ó conxunto do Partido Xudicial, cun marcado carácter agrarista e educativo. Logo duns meses, a mediados do ano 1922<sup>19</sup>, aparece na República antillana a agrupación denominada *Sociedad de Instrucción, Protección Mutua y Recreo “Hijos de Golada”*. Un grupo de residentes deste concello reúnense no domicilio particular dun futuro socio acordando constituírse oficialmente<sup>20</sup>. Tra-lo primeiro contacto, chegaría a fundación oficial algo despois<sup>21</sup> nos locais do Centro Galego o 10 de setembro dese mesmo ano<sup>22</sup>. O seu obxectivo primordial será o de “contribuir moral y materialmente al impulso de la Instrucción y al

14. “Club Lalín”. *Eco de Galicia*. Habana, nº 123, 17 de xullo de 1920, p. 25.

15. SOCIEDAD AYUNTAMIENTO DE SILLEDA: *Libro de Actas nº 1*. A Habana, Acta nº 10 , p. 25.

16. Violento incidente que ten lugar na parroquia tudense en novembro de 1922 como resultado das protestas do movemento agrario organizado para dar resposta “a las acciones judiciales y gunernativas contra los forarios morosos”. Ver; HERVÉS SAYAR, E.: “El movimiento agrarista gallego 1890-1936”. En MATO, A. Coord.: *Historia de Galicia*. Vol. IV. Vigo, Editorial Faro de Vigo, 1991, pp. 869-870. Máis adiante engade o autor: “La gran expansión del agrarismo no confesional en estos años debe ser puesta en relación con el papel desempeñado por los indianos. Ciertamente emigrados retornados, con mayores o menores experiencias en las luchas sociales de las áreas urbanas en que mayoritariamente se instalaron, habían desempeñado un papel fundamental en la difusión de nuevas ideologías en sus parroquias de origen y en el nacimiento del societarismo campesino”.

17. “Los de Rodeiro”. *Eco de Galicia*. Habana, nº 118, 2 de maio de 1920, p. 25.

18. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’. Auxiliar y fomento de sociedades agrarias y culturales”. *Céltiga*. Bos Aires, nº 37-38, 25 de xullo de 1926, s.p.

19. SOCIEDADE HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Crónicas de la fundación de la Sociedad “Hijos del Ayuntamiento de Golada”*. Narración desde Septiembre de 1.922 al 1.992. Habana, p. 1.

20. Ibídem.

21. Ibídem.

22. SOCIEDADE DE INSTRUCCIÓN, PROTECCIÓN MUTUA Y RECREO HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Nuevo Reglamento*. Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929, p. 3.

Progreso del Ayuntamiento de Golada”<sup>23</sup>. Semanas más tarde terá lugar, tamén nesta capital, a fundación dunha nova Sociedade da man dos residentes de Silleda. Será o 21 de outubro de 1922, cando se reúnan no local social do Centro Galego “bajo los auspicios de la Sociedad ‘Hijos del Ayuntamiento de La Estrada’ algunos hijos del Ayuntamiento de Silleda”<sup>24</sup>. A nova agrupación, denominada *Ayuntamiento de Silleda*, tentará levar a termo varios proxectos, entre eles unha publicación periódica<sup>25</sup>, e a construción dun centro escolar na parroquia de Dornelas. Malia a actividade despregada polos seus membros, non chegou a materializar ningún dos seus proxectos. Entrementres pasou por unha crise no ano 1931<sup>26</sup> que acabou en disolución, volvendo novamente a refundarse en outubro de 1943<sup>27</sup>.

Terán que transcorrer algúns anos ata que xermole unha nova iniciativa societaria entre a comunidade dezá. Isto ocorre cara o mes de agosto do ano 1930. Trátase da Sociedade *Hijos de Golada*, creada en Bos Aires, da que se atopa unha referencia no Nº 362 de *Galicia*, de 15 de agosto de 1934, acerca dun comunicado anunciando a celebración dun festival para conmemorar, o día 4 dese mesmo mes, o 4º aniversario da súa fundación. Sendo así, podese situar a súa fundación a comezos da década dos trinta.

E algúns anos despois, o 24 de maio de 1936, xurde a entidade *Unión de Residentes del Ayuntamiento de Carbria en Buenos Aires*. Entre os seus fins, “fomentar los vínculos de amistad entre sus asociados, [...] establecer relaciones con las entidades que practican la ayuda al pueblo gallego”<sup>28</sup>, e ademais, promove-la divulgación “de la historia, el arte, la literatura, el comercio, la industria y la economía de Galicia”<sup>29</sup>.

Non dispoñemos, pola contra, de ningunha documentación sobre a constitución da Sociedade habaneira *Hijos de Loño*, fundada por residentes da mencionada parroquia cruceña, tendo como único dato manexable o que aparece na obra de PEÑA SAAVEDRA *Éxodo...*<sup>30</sup>, achegando como referencia constatable da súa existencia a data de 1986. O mesmo ocorre coa Sociedade *Residentes del Distrito de Rodeiro*, da que atopamos a única reseña na citada obra, situando as únicas noticias nese mesmo ano<sup>31</sup>.

23. Ibid., p. 4. Art. 2º.

24. SOCIEDAD AYUNTAMIENTO DE SILLEDA: *Libro de Actas nº 1*. Habana, 1910, Acta nº 1, p. 1

25. Ibid.: Acta da Xunta Directiva celebrada o 28 de novembro de 1922, p. 8.

26. Ibid., Acta nº 89. Junta General Extraordinaria. Comisión liquidadora, p. 172.

27. Ibid., p. 173.

28. UNIÓN DE RESIDENTES DEL AYTO. DE CARBIA EN BUENOS AIRES. *Estatutos*. Bos Aires, Imprenta Cabrera y Rey, 1971, p. 3.

29. Ibídem.

30. PEÑA SAAVEDRA, V.: *Op. Cit.* Vol. II. Santiago, Xunta de Galicia, 1991, p. 422.

31. Ibid., p. 421.



Acto social organizado pola sociedade “Pro Escuelas en Bandeira”. 1929.

## PROMOVERON O ENSINO POSIBILITANDO O ACCESO Á ESCOLA A CENTOS DE NENOS

Crear escolas na comarca de orixe vai centra-la preocupación de moitas das Sociedades dezás. Gracias a isto, o panorama escolar experimenta unha transformación importante entre 1915 e 1936, coa incorporación de dez centros formativos. A entidade *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires, secundada polos lalinenses de Cuba, funda un Hospital Casa-Asilo<sup>32</sup> que rematará por albergar un centro de ensino primario. *Hijos de Silleda* crea escolas “allá en el terruño, a fin de que la niñez adquiera una instrucción laica”<sup>33</sup>. *Pro Escuelas en Bandeira*, do mesmo xeito, promoverá a creación “de una Escuela laica”<sup>34</sup> nesa localidade. *Pro Escuela Hijos de Loño* construirá “una casa para escuela particular, [...] y fundación y sostentimiento de una escuela práctica de agricultura, oficios, industria, comercio y nociones generales de geografía”<sup>35</sup>. A *Sociedad de Instrucción de los Hijos de Ventosa y su Término* traballará para “fundar y sostener una o más escuelas de instrucción Primaria”<sup>36</sup>. Pola súa banda, *Hijos de Rodeiro* constrúe un centro escolar no seu termo municipal e *Club Lalín*, que

32. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Libro de Actas nº 1*. Bos Aires, 1908, Acta del día 17 de agosto de 1908, p. 1.

33. “Hijos de Silleda”. *Boletín informativo nº 24*. Bos Aires, 1983, p. 1.

34. SOCIEDAD PRO ESCUELAS EN BANDEIRA: *Acta de Fundación*. Bos Aires. 20 de marzo de 1909.

35. SOCIEDAD PRO ESCUELA HIJOS DE LOÑO: *Estatutos*, Bos Aires, p. 1, art. 1.

36. SOCIEDAD HIJOS DE VENTOSA Y SU TÉRMINO: *Copia del Poder Especial otorgado por D. Alfredo García Vázquez á favor del Señor Jesús Diéguez*. A Habana, 15 de maio de 1920, p. 2. (texto manuscrito).

ten por lema “Amor y Progreso”, mantén un cobizoso proxecto, consistente en “edificar una escuela en el más breve tiempo posible y con ese fin agotarán todo género de recursos”<sup>37</sup>.

*Unión del Partido de Lalín* defíñese de “orientación eminentemente liberal a la cabeza del movimiento redentor de Galicia”, en oposición “al régimen de caciquismo y por ende de oscurantismo imperante en España”<sup>38</sup>, que tentará combater “por medio de la instrucción de los niños, o colaborando con las Sociedades de carácter liberal existentes en el distrito”<sup>39</sup>. Por último, a *Sociedad de Instrucción, Protección Mutua y Recreo Hijos del Ayuntamiento de Golada* xurde “para contribuír moral y materialmente al impulso de la instrucción y al progreso de Golada”<sup>40</sup>.

## AS ENTIDADES DEZÁS PRESTAN UN IMPORTANTE PAPEL DE PROTECCIÓN E AXUDA MUTUA

A agrupación *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires, ademais de erixir un Hospital-Asilo, vai promove-lo auxilio “al recién venido para procurarle colocación y repatriar a todos los socios que carezcan de recursos”<sup>41</sup>. *Hijos de Silleda* protexe “a los enfermos imposibilitados para trabajar, repatriándolos desde Argentina”<sup>42</sup>. Pola súa banda, *Hijos del Partido de Lalín* de Cuba procura “protección y ayuda entre todos sus asociados, así como una mayor unión entre los naturales y oriundos del Partido de Lalín en esta república”<sup>43</sup>. *Silledanos Unidos* nace para “proporcionar fiestas recreativas mensuales y extraordinarias cuando la Comisión directiva lo estime conveniente [...], atender consultas médicas gratuitas, despachar consultas jurídicas también gratuitas”<sup>44</sup> e tentará ofrecer un servicio tan interesante como insólito entre as agrupacións mutualistas de emigrados: “construir casas en varios puntos de la capital, pagadas por mensualidades y con facilidades de pago”<sup>45</sup> para beneficio dos seus numerosos asociados.

37. “Club Lalín”. *Eco de Galicia*. Habana, nº 123, 18 de xullo de 1920, p. 25.

38. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’. Auxiliar y fomento de sociedades agrarias y culturales”. *Céltiga*. Bos Aires, nº 37-38, 25 de xullo de 1926, s.p.

39. Ibídem.

40. SOCIEDAD DE INSTRUCCIÓN, PROTECCIÓN MUTUA Y RECREO HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Nuevo Reglamento*. A Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929, p. 4. Art. 2º.

41. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Libro de Actas nº 1*. Bos Aires, 1908, Acta del día 17 de agosto de 1908, p. 1.

42. CASTRILLO SAGREDO, B.: *El aporte de los indianos a la instrucción pública, a la beneficencia y al progreso en general de España y su historia hecha en la prensa de Buenos Aires*. Oviedo, Tipografía Región, 1926, p. 148.

43. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Estatutos*. A Habana, 1939, p. 1, art. 2.

44. “Silledanos Unidos”. *Eco de Galicia*. A Habana, nº 315, xaneiro de 1927, p. 3.

45. Ibídem.


## OS DIFERENTES MODELOS ORGANIZATIVOS DAS SOCIEDADES DEZÁS

Logo dunha concisa aproximación ó itinerario diacrónico do movemento societario e ós diferentes argumentos que motivaron o conseguinte proceso de articulación, extenderémonos, tamén de xeito somero, na análise do modelo organizativo que adoptan algunas das entidades microterritoriais antes mencionadas, abrangendo as respectivas denominacións, o seu modelo de integración, a estructura de vertebración interna e as funcións e responsabilidades dos seus diferentes órganos administrativos e de goberno.

Comezando polo primeiro aspecto pódense clasificar en varios grupos, segundo os criterios reflectidos no Gráfico I, onde se observa a predominancia da forma “Hijos de...”, seguido de “Pro Escuela...”, e “Residentes...”, e xunto a estas, as que ofrecen outras posibilidades de xeito individual. Común é en todas aparece o referente topónimico como seña de identidade.


Respecto á referencia territorial da súa adscrición obsérvase que das dezaseis entidades existentes, dúas adoptan unha configuración zonal identificada coa parroquia, once co ámbito municipal e as tres restantes son as que escollen o partido xudicial como espacio de actuación máis amplio, como reflicte o Gráfico II.

**Gráfico I. Sociedades dezás. Denominación**



Fonte: elaboración propia.

**Gráfico II. Referencia territorial de adscrición**



Fonte: elaboración propia.

Isto permítenos corroborar, na liña do que mantén PEÑA SAAVEDRA que “el modelo organizativo de las Sociedades de Instrucción armoniza con la configuración estructural de la unidades de poblamiento preexistentes en el país gallego, y la mayoría de las corporaciones deja constancia de la conformación mimética que las caracteriza en su propia denominación identificativa”.<sup>46</sup>

En canto á estructura interna, responden a un esquema de organización onde se promove o desenvolvemento de hábitos democráticos e de participación, configurado polos seguintes órganos:

Asamblea Xeral de Socios.

Xunta Directiva.

Seccións e Comisións.

A Asamblea Xeral de Socios, eríxese en instancia suprema e soberana á que quedan supeditados tódolos demais órganos de administración e goberno. Carecendo, polo momento, da documentación necesaria que nos proporcione unha visión xeral sobre as Asambleas de Socios das agrupacións dezás no seu conxunto, recollemo-la seguinte mostra pertencente a cinco entidades, como exemplo representativo dos seus respectivos organigramas.

A Sociedade decana do movemento societario das Terras de Deza, *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires, define como membros da súa agrupación a “todos los nacidos en el Partido de Lalín, sus hijos, esposas o esposos que se inscriban como socios”<sup>47</sup>. Distingue, así mesmo, varios tipos segundo o seu rango, e dese xeito considera Socios Honorarios “los que por méritos contraídos por ellos con la Sociedad se hagan acreedores a este título, que la Asamblea acordará”<sup>48</sup>. Socios Protectores serán aqueles que “paguen más de cincuenta centavos mensuales de cuota”<sup>49</sup> e, por último, Socios Activos “los que contribuyen con una cuota mensual no menor de 50 centavos”<sup>50</sup>.

A Sociedade irmá radicada na Habana, tamén denominada *Hijos del Partido de Lalín*, confire meirande amplitud á natureza dos seus membros, considerando como Socios a “todas las personas de uno u otro sexo que lo soliciten y sean admitidos por la Junta Directiva”<sup>51</sup>. Á súa vez, dentro deste conxunto establece varias categorías, considerando Socios Fundadores “aquellos

46. PEÑA SAAVEDRA, V.: *Op. Cit.* Vol I., p. 512.

47. SOCIEDAD HIJOS DEL PARIDO DE LALÍN (Bos Aires): *Libro de Actas N° 1.* Acta del 17 de Agosto de 1908, p. 3.

48. Ibid., p. 4.

49. Ibídem.

50. Ibídem.

51. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN (A Habana): *Estatutos Generales de la Sociedad.* p. 2, art. 3.



Portada que a publicación “Galicia” da Habana lle dedica á Sociedade “Hijos del Partido de Lalín” de Cuba. 1925.

que se han inspirado en la idea de su creación y los que la han secundado con dicho fin ingresando antes de los seis meses de la fundación”<sup>52</sup>. Por outra lado, Socios de Número son “todos los nativos y oriundos del Partido de Lalín”<sup>53</sup>.

Precisa ademais como Socios Protectores a “los que sin ser hijos ni oriundos simpaticen con los fines altruistas que persigue la Sociedad”<sup>54</sup>. Á categoría de Socios de Mérito acóllense “los que adquieren tal título por los servicios que hayan prestado”<sup>55</sup>, e Socios Honorarios todos os que “a juicio de la Junta General lo merezcan”<sup>56</sup>.

Unha clasificación parella, diferenciando entre “Fundadores, Protectores de Mérito, de Número y de Honor”<sup>57</sup> establece a *Sociedad de Instrucción, Protección Mutua y Recreo “Hijos de Golada”*. Con respecto ós primeiros, ostentan tal denominación os que “figuran en el Libro de registro de inscripción

52. Ibid., Art. 4.

53. Ibídem.

54. Ibídem.

55. Ibídem.

56. Ibídem.

57. SOCIEDAD DE INSTRUCCIÓN, PROTECCIÓN MUTUA Y RECREO HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Nuevo Reglamento*. A Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929, p. 6. Art. 10.

desde la Fundación de esta Sociedad”<sup>58</sup>. Socios Protectores serán “todos los que contribuyan con más cuota<sup>59</sup> de la establecida en este Reglamento”<sup>60</sup>. Como Socios de Número aparecen “los que ingresaren después de la fecha de los Fundadores del mismo año en adelante”<sup>61</sup>; Socios de Honra, os que “a juicio de la Junta General, merezcan tal distinción, previo informe de la Directiva”<sup>62</sup>, e por último, Socios de Mérito, os “que por su decidido amor a la Sociedad y constante colaboración a sus fines, se hagan acreedores a ello a juicio de la Junta General, previo informe de la Directiva”<sup>63</sup>.

Pola súa banda, *Pro Escuela Hijos de Loño* distingue tres categorías: Socios Fundadores, “los que se suscribieron en América para la fundación de esta Sociedad y los vecinos residentes en Loño que hayan ayudado con su trabajo hasta la terminación del edificio [escolar]”<sup>64</sup>. Parécenos interesante, pola súa orixinalidade, sobrancea-lo protagonismo que ostentan os propios veciños de Loño en Galicia, pois sen pertencer ó ámbito estricto da emigración, poden incorporarse como membros de pleno dereito. Na segunda categoría teñen cabida os denominados Socios Activos, que poden ser “todos los naturales y vecinos de Loño residentes en América que paguen la cuota fijada”<sup>65</sup>.

En terceiro lugar, os Socios Honorarios, onde se integran “todos aquellos que por sus méritos se hagan acreedores á este título y que la Asamblea designará”<sup>66</sup>.

A agrupación *Club Lalín* “se compondrá de Socios de ambos sexos con iguales derechos y deberes, clasificándose en Fundadores, de Número, de Honor y Protectores”<sup>67</sup>. Entre os primeiros, “aquellos que se inspiraron en la fundación de esta Sociedad y los que ingresen dentro de los seis meses de su fundación”<sup>68</sup>. Os Socios de Número serán todos os que ingresen despois dessa data; de Honra, “los que a juicio de la asamblea merezcan tal distinción y Protectores los que, aún siendo ajenos, contribuyan por altruismo, con donativos periodicamente o por una sola vez”<sup>69</sup>.

Por último, a Sociedade *Unión Residentes del Ayto. de Carbia en Buenos Aires* establece cinco categorías, a saber: Honorarios, Protectores, Activos,

58. Ibídem.

59. No momento da redacción dos presentes *Estatutos*, as cotas dos socios quedan fixadas na cantidad de cincuenta centavos de peso para os socios masculinos e e vinte centavos para os femininos. Ver *Regulamento da Sociedade “Hijos del Ayuntamiento de Golada”*, p. 5. Art. 6º.60. Ibid., p. 6. Art. 19.

61. Ibídem.

62. Ibídem.

63. Ibídem.

64. SOCIEDAD PRO ESCUELA HIJOS DE LOÑO: *Estatutos de la Sociedad*, p. 5. Art. 20.

65. Ibid., p. 6. art. 20-b.

66. Ibídem. Art. 20-c.

67. CLUB LALÍN. *Reglamento*. Habana, J. Iglesias Impresor, 1920, p. 5, art. VII.

68. Ibídem.

69. Ibídem.

Cadetes e Adherentes. Entre os primeiros, “los que hayan prestado servicios de importancia”<sup>70</sup>. Os Socios Activos, “los que siendo mayores de 18 años de edad abonen una cuota mensual que le fijará la Comisión Directiva”<sup>71</sup>, os Protectores, “aquejlos que voluntariamente abonen la cuota de socios activos, más una cuota adicional que le fijará la Comisión Directiva”<sup>72</sup>. Son considerados Socios Cadetes ós menores de 18 anos e Adherentes “todos los que deseen pertenecer y/o integrar la Asociación, abonando la cuota correspondiente a los socios activos”<sup>73</sup>.

Carecemos polo momento da documentación necesaria para poder establecer las diferencias entre os integrantes das demais Sociedades, pero queda constancia da súa presencia e protagonismo a través da intensa actividade desenvolvida, tanto desde a vertente social como benéfica, que se reflicte na continua celebración de actos ou exercendo de forma democrática o dereito a decidir co seus votos cuestións relativas á traxectoria da entidade á que pertencen, profusamente recollidas na prensa americana da época. A participación nas Asambleas Xerais, ás que periodicamente son convocados, serven como testemuño.

Con respecto á Xunta Directiva, o órgano central de governo responsable da dirección e administración, a *Sociedade Hijos del Partido de Lalín* en Arxentina defínea como *Comisión Directiva*, e incorpora as seguintes figuras: “un Presidente, un Vice-Presidente, un Secretario, un Pro-Secretario, un Tesorero, un Pro-tesorero, seis vocales y seis Suplentes, todos mayores de veinte años”<sup>74</sup>.

*Hijos de Silleda* de Bos Aires, pola súa banda, integra dentro da directiva os seguintes membros: Presidente, Secretario de Actas, Tesoureiro, Vicetesoureiro e 18 vocais<sup>75</sup>, destacando a ausencia de cargos auxiliares e o nutrido número de vocais. O esquema directivo antes mencionado sufrirá varias modificacións dentro da propia evolución da Sociedade en virtude das súas novas necesidades. No ano 1978, aparece coa denominación de *Comisión Directiva*, integrando ós seguintes cargos: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Prosecretario, Tesoureiro, Protesoureiro, Secretario de Actas, Contador, Subcontador, Vocais Titulares –en número de seis–, Vocais Suplentes –tamén en número de seis–, Órgano de Fiscalización, con tres titulares e un

70. UNIÓN RESIDENTES DEL AYTO. DE CARBIA EN BUENOS AIRES. *Estatutos*. Bos Aires, Imprenta Cabrera y Rey, 1971, p. 4, art. 5º.

71. Ibídem, art. 6º.

72. Ibídem, art. 7º.

73. Ibídem, art. 10º.

74. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN (Bos Aires): *Libro de Actas* N° 1, p. 4.

75. “Sociedad Hijos de Silleda”. *Galicia*. N° 475, 5 de xullo de 1936., p. 1.

suplente, e un Tribunal de Honra, con tres membros titulares e un suplente<sup>76</sup>. Unha posterior modificación suprime a figura do Secretario de Actas<sup>77</sup>.

Unha estructura máis sinxela presenta a *Sociedade Hijos del Partido de Lalín* de Cuba. Forman parte do seu órgano de goberno, denominado *Junta Directiva*, “un Presidente, un Vice; un Secretario, un Vice; un Tesorero, un Vice; un Contador y su Vice; seis Vocales y cuatro suplentes; dichos cargos serán gratuitos y honoríficos, y serán electos en la Junta General correspondiente, y durarán sus funciones dos años, siendo reelegibles”<sup>78</sup>.

Para a Sociedade *Pro Escuelas en Bandeira*, sen embargo, a Xunta Directiva está encabezada polo Secretario General, ó que acompañan “un Secretario de Actas, Un Pro-Secretario, Un Tesorero, Un Pro-tesorero, seis vocales, cuatro vocales suplentes, que ocuparán por de elección [sic] las vacantes que lleguen a producirse”<sup>79</sup>. Esta agrupación, como sucede tamén noutros casos, modificará a denominación do Secretario Xeral, que será substituída pola de Presidente; incorpóranse así mesmo as de Vicepresidente e Secretario, e redúcese o número de Vocais, pasando de seis a tres. Crea, como dato inédito, o cargo de Bibliotecario, ademais de cinco Revisadores de Contas<sup>80</sup>.

En contrapartida, a cúpula organizativa que representa á *Sociedade Pro Escuela Hijos de Loño* responde ó modelo de organigrama máis sinxelo de tódolos estudiados, mais non por iso menos operativo, como o demostran as súas intervencións. Ven definido como *Junta Directiva*, e caracterízase pola ausencia de cargos adxuntos, reducíndose a “un Presidente, un Tesorero, un Secretario, seis vocales, tres suplentes y tres revisadores de cuentas”<sup>81</sup>.

Pola súa parte, a Sociedade *Hijos de Rodeiro*, ademais dos cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro, Vicetesoureiro, Vocalía formada por 12 membros, e Vocalía suplente por 10 –polo xeral común ás demais entidades– incorpora, como dato a destacar, o cargo de Secretaría de Correspondencia<sup>82</sup>.

A Xunta Directiva da Sociedade habaneira *Hijos del Ayuntamiento de Golada* obedece a un esquema similar, “compuesta de un Presidente; un Vice, un Secretario, un Vice, un Tesorero, un Vice y Diez Vocales Propietarios y cinco vocales suplentes”<sup>83</sup>, sendo todos eles cargos gratuitos e honoríficos. Ademais

76. SOCIEDAD HIJOS DE SILLEDA: *Boletín Informativo*. Ano 1978, p. 1.

77. ÍDEM: *Boletín Informativo* nº 24. Ano 1983, p. 1.

78. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN (A Habana): *Estatutos Generales de la Sociedad*. pp. 5-6.

79. SOCIEDAD PRO ESCUELAS EN BANDEIRA: *Primer Testimonio*. p 1.

80. ÍDEM: *Comisión Directiva*. Documento solto sen paxinar.

81. SOCIEDAD PRO ESCUELA HIJOS DE LOÑO: *Estatutos de la Sociedad*. p. 7, art. 26.

82. “Los de Rodeiro”. *El Eco de Galicia*. Nº 118, 2 de maio de 1920, p. 25.

83. SOCIEDAD DE INSTRUCCIÓN, PROTECCIÓN MUTUA Y RECREO HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Nuevo Reglamento*. A Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929, p. 5. Art. 8º.



Membros da Sociedade “Club Lalín”, posando nos xardíns de “La Tropical”, na Habana, en 1925.

dos anteriores, figuran tamén “un Contador, un Vice, y un Secretario de Correspondencia”<sup>84</sup>. Na mesma liña mantense a Sociedade *Club Lalín*. Carente de cargos que confiran elementos novedosos ó seu Órgano de Dirección, outorgalle como denominación *Junta Directiva*, e nel se integran Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro, Vicetesoureiro, Contador, Vicecontador, e 14 Vocais<sup>85</sup>.

Por último, a configuración do equipo de governo da *Sociedade Hijos del Ayuntamiento de Silleda*, obedece a unha formación integrada polos seguintes cargos: un Presidente, un Vice-Presidente, Secretario, Vice-Secretario, Tesoureiro, Vice-Tesoureiro, 20 vocais e 10 Suplentes<sup>86</sup>. Destaca como dato relevante o nutrido número de membros da Vocalía. Rasgo que pode vir influído polo costume, común entre o movemento societario, do seu reparto entre socios naturais das diferentes parroquias que forman o municipio, se o seu ámbito é municipal, ou entre socios naturais dos respectivos concellos se aquel responde a unha demarcación comarcal, outorgando deste xeito unha meirande representatividade territorial entre os asociados.

Con respecto ó terceiro aspecto, ten que ver coa natureza de Comisións dentro das propias Sociedades, definidas por PEÑA SAAVEDRA como “órganos auxiliares, unipersonales o colegiados, para que cooperasen con ellas [as Xuntas Directivas] en la realización de las tareas que tenían encomendadas en el cumpli-

84. Ibídem.

85. “Club Lalín”. *Eco de Galicia*. N° 123, 18 de xullo de 1920, p. 25.

86. SOCIEDAD HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE SILLEDA: *Libro de Actas N° 1*. p. 5.

miento de las finalidades sociales”<sup>87</sup>. O mesmo autor establece, baixo a perspectiva societaria galega en xeral, un exhaustivo listado, onde queda patente a resposta das Xuntas Directivas ós problemas planteados no camiño da súa xestión: Sección de Información e Intereses Morales, Comisión de Panteón, Comisión de Visitas a Enfermos, Comisión de Prensa, Comisión de Cultura, Comisión de Beneficencia y Socorros, Comisión de Damas, Sección de Recreo y Adorno, Comisión de Expedientes, Comisión de Residencia, e por último as Comisións Especiais<sup>88</sup>. Precisamos que a denominación xeral tamén varía, dependendo de cada Sociedade, podendo ser Comisión, Sección ou Subcomisión.

Nefecto, os distintos órganos executivos que van creando as agrupacións na medida das sucesivas e crecentes demandas dos seus asociados, poñen de relevo non só o desenvolvemento dun modelo organizativo onde a delegación de responsabilidades será un rasgo fundamental, senón tamén o seu dinamismo, como o demostra o intenso e variado conxunto de actividades que se organizan ó seu abeiro.

Dentro das entidades dezás aparecen reflectidas con indicativos como Comisión, Subcomisión ou Sección, sen que, desde un punto de vista estructural, varíe o obxecto do seu cometido. A *sociedade Hijos del Ayuntamiento de Golada*, para comezar co primeiro exemplo, opta por esta última denominación. Cómpre destacar ademais que a Sección de Propaganda consta do seu propio órgano de goberno, encabezado por un Presidente<sup>89</sup>.

Para a Sociedad *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires denominárase *Subcomisión de Propaganda*, e o seu encargo será o de difundi-los obxectivos e fins da entidade, así como de colaborar ó engrandecemento da mesma mediante a captación de socios. Como anécdota, cómpre engadir que esta Subcomisión resulta acreedora dunha mención especial na Memoria do exercicio 1916-1917 por parte da Comisión Directiva debido a “la labor que se le encomendara, y a ella se debe en gran parte que de menos de doscientos socios que había al finalizar el pasado ejercicio, hayamos llegado al número que todos podeis apreciar”<sup>90</sup>, duplicando durante ese exercicio a cifra inicial ata acadar perto de catrocentos asociados.

O mesmo Órgano é denominado pola agrupación homónima habaneira como *Comisión de Propaganda*, consignándosele como funcións “atraer a la Sociedad el mayor número posible de asociados, atender a los que ya lo sean, procurando evitar las bajas voluntarias y confirmar aquellas que lo hayan sido

87. PEÑA SAVEDRA, V.: *Op. Cit.* Vol. I, p. 524.

88. Ibid., pp. 525-528.

89. SOCIEDAD DE INSTRUCCIÓN, PROTECCIÓN MUTUA Y RECREO HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Nuevo Reglamento*. A Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929, p.13. Art. 27.

90. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Memoria y Cuentas Generales. Ejercicio 1916-1917*. Buenos Aires, Talleres Gráficos, 1917, p. 3.

por carencia de recursos”<sup>91</sup>, exercendo de verdadeiros axentes de captación de adeptos para a causa da Institución.

Igual importancia lle confire a Sociedade *Ayuntamiento de Silleda*, a xulgar polo elevado número de membros integrantes e a súa normativa independente, cando se impón a necesidade de crear “una Comisión de Propaganda, compuesta por 36 miembros, con un correspondiente Reglamento interno”<sup>92</sup>. Esta agrupación conta con numerosas comisións –en total nove– entre as que reparte diferentes tarefas. Ademais da Comisión de Propaganda, destacamos a Comisión de Inmigración, formada por catro membros<sup>93</sup>, encargada de trata-los asuntos relacionados cos inmigrantes recén chegados, e coa repatriación de enfermos e de viuvas, a Comisión de Estadísticas<sup>94</sup> ou a Comisión de Prensa<sup>95</sup>, responsable da edición dun periódico, concebido como o voceiro da Sociedade en defensa dos problemas do agro galego<sup>96</sup>. Foron varios os nomes propostos –*El Agricultor, El Modernista, La Realidad, El Agro Gallego, Himno a la Libertad*–, pero débese aclarar que pola constante falla de acordo nunca chegaría a callar como proxecto.

Á súa vez, a Comisión de Elecciones<sup>97</sup> será a que organice os procesos electorais, os referendos e, por suposto, a que vele pola súa transparencia. O tratamento dos asuntos financeiros corre a cargo da Comisión de Glosa<sup>98</sup>, fiscalizando libros ou comprobando balances. Por outra banda, son responsabilidade da Comisión de Asuntos Sociales<sup>99</sup>, as relacións exteriores da Sociedade con outras organizacións dezás e galegas, así como a súa representación en diferentes actos ós que son convidados.

Ademais dos mencionados órganos colexiados, que teñen unha duración nalgúns casos similar e noutros inferior á do grupo de goberno, unha comisión permanente, relevada en cada reunión da Xunta Directiva, encárgase de visitar ós socios convalecentes, ben nos seus domicilios ou no hospital onde se atopasen internados<sup>100</sup>. Pola súa parte, a Comisión de Fiestas asume como tarefa organiza-los actos recreativos que periodicamente celebra a entidade.

91. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Estatutos*, p. 12, art. 27.

92. SOCIEDAD AYUNTAMIENTO DE SILLEDA: *Libro de Actas nº 1. Acta nº 4. J. Directiva*, p. 7.

93. Ibídem.

94. Ibídem.

95. Ibid., p. 12.

96. Trátase da edición dun xornal que fose “el órgano defensor de la Sociedad”. Pero as discrepancias entre os socios interponíense desde o momento en que xurde a idea, centradas na discusión sobre o lugar de edición. Para uns, era mellor en Silleda, “por ser más necesario allí, ya que es en ese lugar donde se desarrollan los males [...] que estamos llamados a combatir; para outros resulta mejor “que se edite en Cuba, provisionalmente, hasta conocer el elemento con que se cuente en Silleda”.

97. Ibid., p. 72.

98. Ibid., p. 46.

99. Ibid., p. 147.

100. Ibidem.

Tamén a agrupación agolense integrará entre os seus órganos colexiados, ademais da *Sección de Propaganda*, unha *Comisión Electoral*<sup>101</sup> e unha *Comisión de Glosa*<sup>102</sup>, con similares funcións.

Cómpre non esquecer que a meirande parte das entidades adoito celebran diversos eventos cos que se achegan recursos para engrosa-las súas arcas, sendo este un recurso indispensable para garanti-la supervivencia. Un dos medios cos que se conta –ben como incremento do seu erario, ben para acumular un capital co que promover diferentes obras en Galicia–, era a celebración de actos sociais. Común a todas elas é, por tanto, a respectiva Comisión de Fiestas, encargada de levar a cabo ese cometido. A natureza dos actos é variada, pero a profusión que se reflecte nos diferentes medios consultados, dá idea da actividade de moitas das comisións nomeadas para ese fin. Numerosas *fiestas, jiras, matinées, almuerzos, lunch familiares, festivales, actos folclóricos*, representacións teatrais, etc. evidencian a riqueza dos actos sociais desenvolvidos pola colectividade emigrante no seo das súas respectivas entidades.

Pasamos agora a un aspecto observado de xeito común no conxunto das colectividades americanas. Ten que ver coa ausencia das mulleres nos órganos de Dirección. O protagonismo feminino, sen embargo, aparece asociado a outros cometidos, como os que teñen que ver promoción da imaxe das Sociedades, tarefa que corre a cargo das *Comisiones de Damas*, “órgano propagandístico cardinal en no pocas Sociedades”<sup>103</sup>, segundo afirma PEÑA SAAVEDRA.

A organización, por tanto, de eventos benéficos, de actos recreativos, de festivais e a recadación de fondos para obras humanitarias, base da proxección social das Sociedades, son tarefas ás que acaba por ser relegado o colectivo feminino, que só nese lugar atopará unha singular relevancia.

O papel da Comisión de Damas da agrupación *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires é o de auxiliar ós asociados organizando actividades caritativas, ou recabando fondos para a institución<sup>104</sup>. Está formada por doce membros entre Presidenta, Vicepresidenta, Secretaria, Prosecretaria, e 8 vocais<sup>105</sup>.

Con dez asociadas conta a Comisión de Damas da Sociedade *Hijos de Silleda* na capital porteña. Como a anterior, as súas actividades están vincelladas ás que realiza a Comisión de Fiestas, incidindo sobre todo no aspecto bené-

101. SOCIEDAD DE INSTRUCCIÓN, PROTECCIÓN MUTUA Y RECREO HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA: *Nuevo Reglamento*. A Habana, Imprenta “La Industrial”, 1929, p. 15. Art. 39.

102. Ibid., p. 14. Art. 29, inciso quinto.

103. PEÑA SAAVEDRA,V.: *Op. Cit.* Vol. I, p. 526.

104. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN (Bos Aires): *Libro de Actas nº 1*. Acta del 15 de Febrero de 1909., p. 191.

105. ÍDEM: *Op. Cit.* (1917). P. 6.

fico. En contrapartida, *Ayuntamiento de Silleda* da capital habaneira, non contou nunca cunha Comisión de Damas, a pesar do nutrido número de Comisións delegadas. Existe unha razón lóxica: durante os cinco primeiros anos de vida só tivo ocasión de inscribir a un membro feminino nas súas filas, Jesusa García, a quen a entidade outorga en 1927 un Título de Mérito –absolutamente merecido, se se nos permite apostillar– “por ser la única señora socia y al mismo tiempo que paga igual que los demás asociados”<sup>106</sup>. Dúas razóns de peso para facer a esta asociada merecedora de tal agasallo.

Por último, referirémonos á Comisión que cada entidade nomea como representante na respectiva parroquia ou concello de orixe. Este órgano conta con presencia, case exclusivamente, naquelhas Sociedades que proxectan algúin tipo de intervención que a distancia impide solventar de xeito directo, converténdose no valedor dos seus intereses en Galicia. No caso de *Hijos del Partido de Lalín*, unha subcomisión formada por veciños da localidade encárgase, a proposta da Comisión Directiva en Bos Aires, de xestionar os asuntos relacionados coa creación do Hospital-Asilo. Aínda que a idea inicial era a de nomear diferentes Subcomisións en cada concello, só se leva a cabo a designación da de Lalín, na que toman parte algunas personalidades influíntes, presididas polo propio Alcalde<sup>107</sup>.

Na mesma liña establecen os membros da *Sociedade Pro Escuela Hijos de Loño* as súas relacións coa parroquia de orixe, onde unha Subcomisión é a encargada de realiza-los cometidos tendentes a construí-lo seu centro escolar. Denomínase Subcomisión de Loño<sup>108</sup>, e ostenta a representación oficial da entidade bonaerense en tódolos asuntos nos que é necesaria a súa presencia.

Nunha liña similar, *Unión del Partido de Lalín* mantén sendas Comisións en Prado e en Gresande, parroquias nas que erixe os seus colexios. Candasúa integrada por tres veciños, e son as encargadas de realiza-lo control dos mencionados centros escolares. Coherente coa súa filiación política vencellada ó ámbito agrarista, e como dato sobranceiro, estas son nomeadas polas Sociedades agrarias en Lalín<sup>109</sup> e non desde América como adoito acostumaba acontecer.

Outras agrupacións, entre elas a silledense *Pro Escuelas en Bandeira*, concéntrase a súa representación nun só Delegado, o cal, mediante o outorga-

106. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN (A Habana): *Libro de Actas nº 1*. Acta nº 60. Junta General Ordinaria, 14 de novembro de 1927, p. 124.

107. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN (Bos Aires): *Libro de Actas nº 1*. Acta del 15 de Febrero de 1909, p. 28.

108. SOCIEDAD PRO ESCUELA HIJOS DE LOÑO: *Estatutos de la Sociedad*, p. 12, art. 42.

109. “Sociedad ‘Unión del Partido de Lalín’. Auxiliar y Fomento de sociedades agrarias y culturales”. *Céltiga*. N° 37-38, 25 de xullo de 1926, s.p.

mento dun Poder notarial<sup>110</sup> adquire tódalas atribucións para exercer como intermediario entre Bos Aires e a vila silledense. O mesmo ocorre con *Hijos de Ventosa y su Término*<sup>111</sup> no concello de Agolada, quen nomea un representante da Sociedade en Agolada.

Resaltamos, por último, a actividade realizada pola *Sociedade Hijos del Partido de Lalín* a prol da promoción do asociacionismo dezao en diferentes puntos da República Arxentina e, incluso, noutros países de América. Experiencia que se contabiliza como inédita dentro do conxunto das agrupacións dezás, sendo, por tanto, a única entidade da que se ten noticia como fundadora de delegacións en Avellaneda<sup>112</sup>, Villa Urquiza<sup>113</sup>, Mendoza<sup>114</sup>, Montevideo<sup>115</sup> ou na propia Habana. Esta última chaga a independizarse da entidade matriz para formar a súa propia asociación.

Non queremos rematar sen salienta-lo elevado índice de agrupacións dezás en América respecto doutras zonas do territorio galego –e mesmo daque-loutras comunidades do resto do Estado que tamén sofriron as consecuencias da emigración– así como dos obxectivos e propostas de intervención na propia comarca. Ambos rasgos deixan patente, por un lado, a clara proclividade do colectivo emigrante cara a organización comunitaria. Por outro lado, evidencian a profunda identidade coa comarca de orixe. Unha identidade que devén máis estreita polo compromiso social contraído desde Ultramar coas propias raíces, doadamente demostrable a través das numerosas obras benéficas no eido escolar espalladas polos respectivos concellos. Ademais, o carácter progresista dos seus planteamentos demostra a facilidade para asimilar e asumir outros valores ó contacto con novas realidades vitais. Estes e outros exemplos deberían servir de argumento fronte ós tópicos xeralizados que definen a idiosincrasia galega como conservadora, individualista ou reticente ós cambios sociais. Pode que o estudio da experiencia protagonizada polos galegos en América, da que os dezados representan unha parte importante, contribúa a este cambio de percepción.

---

110. SOCIEDAD PRO ESCUELAS EN BANDEIRA: *Primer Testimonio*, p. 3.

111. SOCIEDAD HIJOS DE VENTOSA Y SU TÉRMINO: *Op. Cit.*, p. 1.

112. SOCIEDAD HIJOS DEL PARTIDO DE LALÍN: *Memoria y Cuentas Generales. Ejercicio 1916-1917*. p. 8.

113. Ibídem.

114. Ibid., Acta del 20 de Octubre de 1913. Sesión Ordinaria, p. 157.

115. ÍDEM: *Libro de Actas nº 1*. Acta del 28 de Febrero de 1909. Providencia, p. 34.

## **APUNTES SOBRE A ORGANIZACIÓN COMARCAL E PARROQUIAL EN GALICIA**

César López Arribas.  
Secretario Xeral do Concello de Lalín.

### **1. INTRODUCCIÓN**

O presente traballo representa unha pequena aportación carente dunha finalidade investigadora e desprovisto na medida do posible dunha terminoloxía excesivamente xurídica ou técnica. Pretende sinxelamente aportar algunha luz sobre dúas institucións controvertidas na historia de Galicia, coma son a parroquia e a comarca.

Vivimos tempos de cambios e transformacións políticas e administrativas. O Tratado da Unión Europea de 7 de febreiro de 1992 condúcenos a un novo espacio político-administrativo e sobre todo económico. De dito acordo surde unha nova entidade: a Unión Europea. Do seu texto extráese unha cesión de soberanía, e polo tanto de competencias con centralización de facultades e poderes de decisión. A actividade económica rexerá e marcará a pauta de vida de todos nós en moitas ordes. Búscase ante todo incrementar a eficiencia na asignación dos recursos productivos.

Esta nova concentración en niveis de decisión supraestatais intenta doutra banda evitar efectos disgregadores e centrífugos nos estados membros da Unión. Búscase que o respeto ás distintas formas de organización, das culturas e das línguas forme parte da nova organización.

O Tratado da Unión non afecta ó modelo territorial de cada Estado. En España o modelo de organización territorial ven marcado pola Constitución de

1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia 1/1981, de 6 de abril son as normas básicas da organización territorial.

Ademais desta norma, por lei 7/1996, de 19 de xullo aprobouse a ordenación do territorio e desenvolvemento comarcal.

## 2. ANTECEDENTES E REALIDADE ACTUAL

En Galicia nunca se recoñeceu a personalidade xurídica da parroquia rural. Foi ante todo e no propio sentido etimolóxico unha división eclesiástica da diocese, que desde a Idade Media serviu ós fines da Igrexa e das súas organizacións. Por extensión a parroquia tamén se considerou unha subdivisión de feito das xurisdiccionés civís ou señoriais.

Antonio López Ferreiro no seu libro “*Fueros de Santiago y de su tierra*” menciona que “os membros da parroquia xuntábanse para facer batidas de lobos, aportando chuzos, por parroquias”.

Nesta época, tamén seguindo a López Ferreiro, séntanse as condicións para a aparición dunha estructura mínima e básica dos concellos, en concreto co Alfonso el Casto, século IX. Foi nesta época cando se deron certas condicións de estabilidade política e económica para permitir a aparición dunha mínima organización municipal.

Sobre a natureza dos concellos xurden as doutrinas xermanistas e románista. Segundo a primeira os concellos naceron dun novo marco, polas influencias dos pobos xermánicos. Atendendo á segunda o nacemento dos municipios explicaríase por unha evolución dos concellos romanos.

Fariña Xamardo sostén que a parroquia é o resultado dunha longa e pau-latina evolución do castro celta á vila medieval e á parroquia nunha fase posterior.

Os cargos nestes tempos tiñan no ámbito da parroquia sobre natureza. Dunha banda estaba ó abade e o párroco e no ámbito civil había maiordomos e representantes dos señores feudais e dos xuíces. A parroquia no mundo medieval subsistiu como unha comunidade de vida, traballo e propiedade, baixo a dirección e autoridades das dúas xurisdiccionés civil e eclesiástica.

Admítese que os concellos aparecen na Terra Chá, que agrupaba ás persoas non suxeitas a cotos, xurisdiccionés eclesiásticas ou realengas. Os seus membros gozaban dun certo grado de independencia como persoas libres, con algúna clase de propiedade, ou ben en réxime comunal, que favorecía algúns tipo de incipiente actividade económica.

Desde mediados do século XIII empeza a crise do concello medieval. As cidades non serven como instrumento dos reis fronte ós poderes feudais, as súas liberdades tórnanse en obstáculos para o poder real, e estes acaba nomeando ós

seus membros. Cos Reis Católicos acentúase o centralismo, e os cargos para o futuro serán perpetuos, rexedores, merinos, correxedores,etc...

Tamén en 1.480 os Reis Católicos dictan en Toledo una lei que obriga a tódolos concellos a ter sede edificio ou casa consistorial, do seguinte tenor:

**“Ennoblécense las ciudades y villas en tener casas grandes y bien fechas, en que fagan sus Ayuntamientos y Concejos, y en que se ayunten las Justicias y regidores y oficiales a entender en las cosas cumplideras de la República que han de gobernar; por ende, mandamos a todas las Justicias y Regidores de las ciudades y villas de nuestra Corona Real y a cada una dellas que no tienen casa pública de Cabildo o Ayuntamiento para se ayuntar, de aquí en adelante cada una de las dichas ciudades y villas fagan su casa de Ayuntamiento y Cabildo donde se ayunten; sopena que en la ciudad o villa donde no se hiciere, que dende en adelante, siendo por su culpa, los dichos Oficiales hayan perdido y pierda los oficios de Justicias y Regimientos que tuvieron”.**

Nos séculos posteriores a parroquia subsistiu de feito, como unha forma de vida comunal, coma fora antes, cumprindo unha serie de servicios no eido da produción e no consumo. Contaba como regra xeral con fornos, lavadoiros, panaderías, carnicerías, eiras, montes, etc.., e toda unha serie de bens e servicios comúns baixo a autoridade eclesiástica ou señorial.

No século XIX a parroquia aparece no Decreto de 23 de maio de 1812 n1 CLXIII nas eleccións para Elector do partido, co destino á Cortes. Do seu texto pódese extraer:

**VIII. Para facilitar o nomeamento de electores, particularmente donde unha numerosa poboación ou a división e distancia dos pobos ou parroquias que teñense que agregar para establecer o seu Axuntamento podería resultar embarazoso, formaranse Xuntas de parroquia compostas de tódolos cidadáns domiciliados en ela, que deberán ser convocados con anterioridade, e presididas respectivamente polo Xefe político, Alcalde ou Rexedor, e cada unha nomeará o número..**

Foi unha das poucas referencias legais que temos da parroquia, e sucedeu diante un período de turbulencias políticas e lexislativas e ante o baleiro legal que tivo lugar.

As leis de 1877 e o estatuto de 1924 deixaron de lado á parroquia. Nembargantes recoñeceron a posibilidade de constituir Entidades locais menores. Dicía o Estatuto que “**as entidades de menos ou mais de 1.000 habitantes podían constituir Entidades locais menores. Ás primeiras aplicaríasellos o réxime de “Concejo Aberto”, e nas segundas constituiríase unha Xunta composta dun presidente de dous vocais adxuntos. A Xunta chamariase**

**veciñal cando se tratara de anexos, poboados ou caseríos, e parroquial cando se tratara de parroquia, que xeográficamente forme conxunto de casas separadas do resto do municipio.**

Este precepto que seguía o antecedente da lei de 1877 non tivo apenas transcendencia en Galicia, xa que áinda que se podían constituir Entidades Locais menores, a excepcionalidade deste réxime non podía converterse nunha regra xeral, como ocorría en Galicia.

Non houbo recoñecemento da parroquia, nin cargos parroquiais, nin sede parroquial, nin competencias parroquiais.

En 1951 Elias Barros Martínez, no seu Tratado de Dereito Local de España comentaba:

**“As parroquias non son unha lembranza histórica, senón que, constitúe unha realidade actual cada día mais apurada. Os seus membros vivían con orgullo a súa propia vida, defendendo con afán os seus intereses privativos e imprimindo á súa actividade un certo sentido de cooperativismo consuetudinario que leva ós veciños a sentir como propias as necesidades alleas; colaboran os veciños mutuamente nos traballos agrícolas, poñendo aportación gratuíta dos seus gandos e apeiros de labranza, axudándose uns a outros e nos casos de desgracia, enfermidade ou morte, todo o vecindario sentíase conmovido como membros da familia afectada, prestando co maior altruismo e solicitude a súa axuda persoal, mobles, roupas e utensilios”.**

Este breve comentario ademais de incluírse nos manuais de dereito local, empregouse como prólogo nos anuarios de estatística, en relación coas parroquias. Censo de Poboación en 1971. Nas súas verbas, este autor e secretario de Admón Local, describe dun xeito conciso a vida e o sentido da parroquia como unidade económica e social. Recoñece un aspecto importante da parroquia; a vida comunal dos seus membros. Este modo de vida reséñase por Fariña Xamardo (a personalidade da parroquia rural galega), na que propón a modo de conclusión a creación de cooperativas de producción e consumo nas parroquias. Naturalmente non se trataba de considerar este sistema de vida no senso que hoxe teñen as cooperativas, senón como formas de organización da vida diaria, na que os seus membros aportaban o traballo, sendo os bens parroquiais comúns, e realizando algúns sistema de reparto e distribución dalgúns productos que se obtiñan en cada aldea. Apuntaba todo a unha comunidade vida, traballo e de propiedade.

Estes tres elementos presentan hoxe alteracións fundamentais. Os veciños do medio rural trasladáronse a outras zonas de Galicia, en busca de maiores posibilidades de traballo, en busca de servicios, en aras de mellorar sen dúbida a súa calidade de vida e de contar con mais oportunidades de elección en tódoo-

los eidos. É un movemento espacial reducido e tamén temporal. Os veciños marchan principalmente ás cabeceiras do partido e as capitais da provincia.

Ó mesmo tempo ocorre que xunto a este abandono da terra dun tempo a esta parte están a xurdir moitas asociacións de veciños, asociacións de mulleres rurais, xuntas dos montes veciñais en man común, asociacións de caza e pesca, entidades todas eles con capacidade para actuar no mundo xurídico e que tentan dalgún xeito dar protagonismo á parroquia rural. Son estes veciños os promotores dunha parte considerable da clasificacións dos montes, e da defensa e reivindicación das terras da parroquia.

Fai pouco tempo preguntábase unha persoa sobre os trámites a seguir na constitución destes montes veciñais. Tratábase de constituír una entidade nun monte dunha parroquia do noroeste ourensán. O sorprendente era que os propoñentes non vivían na parroquia, senón na capital e no estranxeiro. É dicir, que os que pretendían organizar a Xunta veciñal eran xustamente os que non podían formar parte da mesma, por residir non facía moito tempo fora da parroquia. A lei galega de montes veciñais esixe que efectivamente residan na aldea e no lugar a que afecta a pretendida organización. O feito é este, que os non residentes son os que se preocupan por defender os intereses dos membros da parroquia. As razóns poden ser moitas, “o apego á terra”, e sen dúbida o feito de evitar que os seus “conveciños” estenderan a súa propiedade a costa dos montes comúns, estaban entre elas.

Tamén o traballo deixou de prestarse na aldea. A gandería, a agricultura, e incluso o sector da madeira perderon posicións a favor dos sectores da industria e de servicios.

En canto á comunidade de propiedades, subsiste con alteracións. Nestes últimos tempos clasificáronse moitos montes e áinda están a clasificarse outros. No mes de novembro de 1998, no I Congreso Internacional de recursos silvícolas de carácter agroalimentario celebrado en Monforte deuse o dato de 2.698 montes veciñais en Galicia, ocupando 650.000 hectáreas, dos que o 60% carecía de comunidade veciñal organizada.

Deixando de lado os problemas que sobre a natureza xurídica sempre houbo, ó non existir como suxeito xurídico a parroquia faltou unha man dirixente, un organismo que impuxera orde e respectos nas cuestións relativas á estos montes. O Concello e os veciños supliron esta carencia.

Ademais dos montes, os terreos e propiedades en común vanse reducindo día a día. As eiras, os terreos do común van disminuindo en extensión. En canto ás primeiras incluíronse nos núcleos rurais, nas aldeas, e forman parte do armazón semiurbano nunha grande parte. O resto de bens en común, como fornos, terreos, pistas, camiños existen confundidos en moitos casos con propiedades particulares ou simplemente inventariados nos libros municipais como bens de

propios ou comunais. En resumen, está aínda por determinar, estudiar e delimitar o patrimonio parroquial.

Por conseguinte, esa comunidade de vida, traballo e propiedades presenta hoxe cambios sustanciais.

### **3. REGULACIÓN ACTUAL DA PARROQUIA**

O Diccionario da Real Academia da Lingua define á parroquia como “demarcación administrativa local”.

O artigo 137 da Ce establece que **“O Estado se organizará territorialmente en municipios, provincias e nas C. Autónomas que se constitúan.** No seu precepto 141.3 senta que **“poderanse crear agrupacións de municipios diferentes da provincia.** É dicir, non contempla exprésamente ós conceptos da parroquia nin da comarca.

O Estatuto no seu artigo 27.3 confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de organización e réxime de parroquias e comarcas. En desenvolvemento deste precepto aprobouse a lei de administración local de Galicia 5/1997, de 22 de xullo. No seu artigo 2.1. di: **“Nos termos que determinará unha lei do Parlamento de Galicia as parroquias galegas terán a consideración de entidades locais territoriais e gozarán de autonomía para a xestión dos seus intereses patrimoniais.**

A disposición final primeira de dita lei textualmente di: **“A organización, o funcionamento e as competencias da parroquia rural serán regulados, no seu día, por unha lei do Parlamento de Galicia”**

É dicir a actual norma remítese a unha lei posterior para abordar este delicado tema, non entrando no mesmo, a pesar das ocasións que nese momento e co anteroridade houbo. Despois desta norma aprobouse a lei para a creación da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal.

Completando o esquema territorial establece dita norma:

**Artigo 1. “A CA de Galicia organízase en municipios e provincias que teñen a condición de entidades locais territoriais”.-**

**Artigo 2.- “Gozan da condición de entidades locais non territoriais as áreas metropolitanas, as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as entidades locais menores.**

Ó primeiro artigo pretendeuse emenda pola oposición parlamentaria do seguinte xeito:

Emenda do PSG-PSOE: ... “organízase en provincias, comarcas, no seu caso, municipios e parroquias...” Emenda do BNG: ... “o Concello e a parroquia definen no ámbito da organización territorial do país dúas sinais de identidade propias da CA de Galicia.”

Gozan da condición de entidades locais non territoriais as comarcas e as entidades locais menores hoxe existentes.

O BNG foi o grupo que aportou unha regulación mais detallada, continuando presentando emendas parciais.

Emenda ó artigo 59:

**“Nos concellos onde haxa tres ou mais parroquias con personalidade xurídica creárase o Consello parroquial do municipio.**

A verdadeira regulación da parroquia a anticipa na emenda o artigo 99, querendo engadir un apartado bis:

**“A parroquia representa unha sinal de identidade territorial propia da CA. de Galicia e nos concellos onde existan e se constitúan representan o primeiro nivel de participación veciñal na vida pública.**

Segundo determine unha lei do Parlamento terá personalidade xurídica e plena capacidade.

Competencias:

- participar na delimitación do seu territorio.**
- xestión e uso dos locais parroquiais.**
- participar a traveso do Consello Municipal de parroquias na elaboración da política municipal de investimentos que se decida no pleno do Concello.**
- xestionar o seu patrimonio, en especial os montes comunais na súa parroquia.**
- xestionar as masas comúns resultantes das concentracións parcelarias.**
- ser escoitada nas decisións municipais que afecten directamente á parroquia ou aos servicios municipais que se prestan na mesma.**
- obras menores de carácter parroquial abordadas cos seus propios recursos.**
- participar na delimitación do seu territorio.**
- aquellas que delegue o concello na entidade parroquial.**

De todas estas competencias a pretendida atribución a traveso do Consello municipal de parroquias na elaboración da política municipal de investimentos que se decida no Pleno é a que presenta a maior relevancia. Aínda que o grao de participación non se precisa, suporía que na elaboración da política municipal de investimentos as parroquias terían acceso a unha parte importante das decisións da vida municipal . Asímesmo a efectos de control, debería ser escoitada en toda clase de obras e servicios que afectasen á parroquia.

No aspecto referente á xestión dos montes comunais pódese entender no senso de que a titularidade parroquial evitaría os conflictos que hoxe proliferan,

aínda que coa calificación de bens comunais non parece que se vaia nesa dirección, e a maioría dos montes están a calificarse como veciñais.

Neste punto, o PSG-PSOE tamén pretendeu enlazar os órganos directivos da parroquia cos das xuntas dos montes:

Emenda nº 76 1.h) “Son competencias do presidente da parroquia:

Exerce-la presidencia da xunta de aproveitamento dos Montes veciñais en man común cando así se estableza”.

Na vixente lei de 1989 e no seu regulamento de 1992 outórgase certa autonomía a estas entidades na xestión e destino destes montes. O presidente e os seus membros directivos elíxense directamente polos membros. Asímesmo ó ámbito destas comunidades non acostuman a coincidir coa parroquia, senón que son una ou varias aldeas da parroquia.

Segundo coas previsións da oposición parlamentaria:

Emenda ó artigo 99.bis BNG:

A parroquia organízase en:

- Asamblea parroquial.
- Concello parroquial.
- Presidente do Concello parroquial.

O ideario político do PSG-PSOE difire. Así na emenda o artigo 99 sostén:

“O goberno da parroquia e a súa administración corresponden á xunta parroquial, integrada por:

- Presidente
- Xunta parroquial, integrada por vocais.

Procurarase que cada parroquia sexa sección electoral:

Funcións do Presidente:

- a) representar á parroquia.
- b) exerce-las competencias atribuídas ó alcalde de barrio, especialmente á de representar ó alcalde do concello.
- c) convocar e presidi-la xunta parroquial.
- d) executa-los acordos que tome a Xunta.
- e) informar ós veciños da parroquia.
- f) formar parte ou delegar ó efecto nun vocal da Xunta, das comisións parroquiais que se establezan.
- g) formar parte ou delegar ó efecto das comisións sectoriais que desde outras administracións se constitúan.
- h) exerce-la presidencia da Xunta de aproveitamento dos montes veciñais en man común, cando así se estableza.
- i) calquera outra que lle sexa atribuída pola lei.
- j) representar á parroquia na Xunta municipal de presidentes de parroquias.

Os intentos de dar vida á parroquia veñen de fai tempo. En 1991 tivo entrada no Parlamento unha proposición de lei de parroquias procedente do grupo mixto, PSG-Esquerda Galega, nun dos primeiros intentos de abordar esta cuestión. Non saíu adiante.

O texto de dita proposición parcial era:

Art. 15.2. Os membros do Consello parroquial serán elixidos por sufragio.

3. Cada parroquia constitúe para estes efectos unha circunscripción electoral.

O Consello parroquial se integraría por o Presidente e un número de Conselleiros que ían desde 3 vocais ou concelleiros para as circunscripcións de ata 250 veciños ata 7 para as parroquias con máis de 1.000. Contemplaba tamén a subsistencia do réxime de “concello abierto” para as entidades con menos de 250 habitantes que tradicionalmente se rexerán así:

Art. 17: Competencias do Consello parroquial:

- a) aprobación dos presupostos, das ordenanzas e dos acordos de establecementos e modificacións de servicios e dos de realización e contratación de obras.
- b) administración do patrimonio parroquial, adquisición, alleamento e cesión de bens.
- c) aprobación dos planos de actuación e participación nos planos de entidades supraparroquiais, así como solicitude de subvencións e aceptación de competencias delegadas.
- d) control e fiscalización das actuacións do Presidente e da xestión económica da parroquia.
- e) cantas outras non se lle atribuían ó Presidente.

En canto as competencias da parroquia, o se artigo 21 era do seguinte tenor:

- a.- administración do seu patrimonio, incluído o forestal e a regulación do aproveitamento comunitario dos seus bens.
- b.- vixiancia, mantemento e limpeza dos camiños rurais, vías e montes.
- c.- a prestación dos servicios e execución de obras dentro do seu ámbito territorial e cando sexan de exclusivo interese da parroquia, cando non os teña o seu cargo o respectivo Concello ou outra entidade supramunicipal.

Contemplando esta proxectada normativa da parroquia co modelo que Fariña Xamardo debuxaba fai máis de vinte anos, en 1976, atopamos similitudes e unha certa identificación. Dicía este autor:

Cada parroquia poderá e áinda deberá constituírse en cooperativa de producción e consumo, gobernada pola Asemblea ou Consello de veciños, na que,

e para este fin, somente se computarán os votos a prorrata da propiedade territorial que cada cabeza de familia teña, e pola Xunta ou Xurado e terá a exclusiva para a venda dentro do termo parroquial de viños, augardentes, aceites, sal, pemento, contribuíndo os seus rendementos ao sostento das necesidades da parroquia e ao melloramento da mesma, en todos os aspectos.

Noutro apartado establecía as competencias das parroquias:

- a) o reparto do cupo contributivo que por impostos lle sinale o respectivo Axuntamento.
- b) dictar e executar normas para a millor Admón. comunal dos bens dos pobos comprendidos na parroquia.
- c) creación de escolas de primeiro ensino, dotadas de campos de experimentación agrícola e adaptadas ás necesidades dos fillos de labradores, nas que deberá darse preferencia, despois dos coñecementos elementais de cultura xeral, a aqueles que teñan carácter predominantemente agrícola, gandeiro e referentes á explotación de industrias derivadas da agricultura e da gandería.
- d) repoboación forestal.
- e) prestación persoal.
- f) arranxo de camiños.
- g) policía de fontes, ríos e montes, sen prexuízo das atribucións que respecto destes servicios incumban aos Axuntamentos.
- h) aprobación dos presupostos e contas parroquiais, fixando as bases á que teña que suxeitarse o aproveitamento dos bens comunais.
- i) aprobación de ordenanzas parroquiais.
- j) interposición de accións xudiciais de todo xénero para a defensa dos seus intereses privativos.
- k) promover procedementos administrativos i económico-administrativos a prol do patrimonio comunal, perseguindo aos usurpadores e detentadores do mesmo.

Os acordos encol destes extremos tomaranse polo Consello ou Asemblea de veciños por maioría de votos, e a súa execución estará a cargo da Xunta ou Xurado.

9) Serán atribucións privativas da Xunta ou Xurado.

- a) Facilitar datos estatísticos de persoas, propiedades rústicas e urbanas, industriais, de gando, etcétera.
- b) os informes que del se soliciten polas entidades de carácter superior.
- c) resolucións das reclamacións por danos ata a contía de 50 pesetas.

A técnica certamente depurada de elaboración deste artigo ten pouco que envexar ós textos das leis estatais. Introduce unha completa regulación das competencias das parroquias en todos los eidos, cultural, económico, de policía.

En canto ós órganos dicía:

10ª “Cada cinco anos, o Consello ou Asamblea de veciños cabezas de familia, elexirá cinco vocais que constituirán a Xunta ou Xurado parroquial, entre os veciños cabezas de familia, que saiban ler e escribir, sen distinción de sexos. Estes vocais elexirán un Presidente do seu seo. Serán asesores nados das ditas Xuntas, o Cura Párroco e o mesre nacional, e si houbera mais de un, ocupación o posto de cinco en cinco anos sucesivamente por orde de antiguidade na carreira. O mestre asesor será ademais secretario da Xunta e do Consello.

11ª.- Cada Xunta ou Xurado elixirá un representante para que forme parte do respectivo Axuntamento.

12ª.- Aos cinco anos cesarán o Presidente e Vocais da Xunta ou Xurado, sin que poidan ser reelexidos eles nin os seus parentes dentro do segundo grado civil, agás cando foran elixidos polo oitenta por cen dos sufraxios.

Na area da unidade administrativa, “no réxime local para Galicia terán tratamento afastado as entidades urbáns e as rurais.” Desaparecerán os actuais Axuntamentos rurais.

A entidade rural básica no orde local, con persoalidade territorial, social, xurídica e administrativa é a parroquia.

8ª.- Son da competencia da parroquia todas as cuestiós encol do goberno e aproveitamento dos montes en man común e comunais esistentes no seu termo, e dos demais bens da mesma, inclusive os que lle foron tirados, e que lle serán devoltos; así como a chamada policía rural; nun senso amplo; camiños, fontes, pontes, lavadeiros, abrevadeiros, estivadas, aranxos, aproveitamentos, fornos, muiños, eiras, cimiterios, adros, accións, defensa dos incendios...

9ª.-Correspónelle tamén á parroquia o reparto de cupos dos impostos e trabucos, a repoboación dos seus montes e a creación de pastadoiros e lameiros comúns, e aprobar Ordenanzas parroquiais, interpoñer accións xudiciais, administrativas e contenciosas de calquer xénero pra a defensa dos seus intereses, ordear a prestación persoal para as obras comunitarias e parroquias, e arranxo de camiños e corredoiras, e conxuntamente co abade ou párroco, e administración da fábrica da igrexa parroquial e dos seus bens. En termos xerais terá que pular e acadear o desenrollo comunitario da parroquia, asinándolle os medios que precise a tal efecto.

Sobre o goberno seguía Fariña Xamardo:

10ª. O pedáneo ou maiordomo da parroquia será elexido pra un mandato de cinco anos polos veciños da parroquia, mulleres e homes, e ante todos os que sexan veciños dela.

11ª. No goberno da parroquia, o Pedáneo ou Maiordomo será axudado por unha Xunta composta por tantos celadores como aldeas teña a parroquia, elixidos ao xeito tradicional ou que se xulgue máis comenente polos veciños de cada aldea. O celador representará ao pedáneo na súa aldea, e será voceiro dela na Xunta da parroquia.

Como decíamos antes é unha regulación pormenorizada, en detalle. A destacar a desaparición dos concellos rurais, e a vertebración do país, a baseándose en parroquias e comarcas. Non explicaba o autor cales eran os concellos rurais que tiñan que desaparecer, pero do conxunto da obra parece desprenderse que eran todos aqueles que non foran cabeceiras de comarca e que non tiveran un enraizamento histórico. O tempo actual ven a confirmar a viabilidade dalgúns destes aspectos e a cuestionar outros: hoxe a parroquia está sen recoñecer e os concellos rurais subsisten, non desaparecendo ningún, e contando con dous máis na actualidade (Burela e Illa de Arousa).

Na área dos montes que xa antes abordamos, os veciños non xa de parroquias, senón de lugares, aldeas ou zonas das mesmas, veñen a constituir e clasificar estes montes, entre outras razóns, porque é a única forma de asociación que garante que soamente eles sexan os donos e propietarios, e que poidan dispoñer a súa utilización e disfrute, como queiran. O réxime de montes comunais non aportou solucións ás demandas dos veciños, nin os Concellos arbitraron medios ou fórmulas de participación dos veciños. O futuro destes montes non pasa polo réxime xurídico dos bens comunais.

Visto todo o anterior, e estas notas breves, a modo de conclusión sobre a parroquia podemos afirmar:

1º.- Se ben dun xeito formal todos os grupos políticos están a prol do recoñecemento da personalidade da parroquia, a remisión a unha lei futura deixa entrever grandes dificultades para afrontar a regulación. Como Entidade Local, a parroquia deberá contar cun réxime xurídico que conteemple a súa organización e funcionamento, as actividades, os orzamentos, ingresos e gastos, o persoal ó seu servicio. Todas estas cuestiós están aínda sen definir no dereito actual. Dende logo sería deseñable que houbera un mínimo de coincidencia nos grupos políticos en aspectos básicos da actividade, das competencias.

2º.- As relacións cos respectivos Concellos están aínda sen artellar.

3º.- A organización parroquial resulta complexa. O equipo gobernable non adiantou a súa posición. Os grupos parlamentarios da oposición difiren entre si sobre os órganos a crear. Se lebramos o pasado e acudimos a criterios históricos ou tradicionais, habería que acudir ó pedáneo ou maiordomo nomeado polo concello e á asamblea veciñal. O primeiro porque era o señor o que o nomeaba. O segundo porque o elixía a asemblea dos veciños. En 1.930 García Oviedo resaltando as propiedades da democracia directa que “o goberno de

democracia directa é o que mellor adáptase a unha vida municipal sinxela, propia dos municipios pequenos onde non se tratan os problemas complicados que se plantexan nas grandes urbes, nin se requiren competencias especializadas para a súa resolución”.


1.- Os topónimos de Galicia teñen como única forma oficial a galega.

2.- Correspóndelle á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, territorios, núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia.<sup>2</sup> O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente”.

O gran labor da Comisión de Toponimia,<sup>3</sup> órgano ó que a Xunta de Galicia lle encomenda o dictame da forma correcta dos topónimos”, fixo posible que xa estean na rúa as formas oficiais de tódolos topónimos das provincias de Ourense (1996) e Pontevedra (1998). Moi pronto estarán rematados e oficializados os das provincias de Lugo e da Coruña, pondo así fin a unha obra monumental que engrandece o noso patrimonio cultural e recupera e restaura a que, con probabilidade, é a toponimia románica máis deturpada.

Este é, precisamente, o obxectivo deste traballo<sup>4</sup>: o de amosa-la deturpación sufrida polos nomes das entidades de poboación do Concello de Lalín seguindo fontes escritas do século XIX e do XX.

Para o s. XIX mostramos unha obra exhaustiva como é o *Diccionario geográfico estadístico de España y sus posesiones de ultramar* de Pascual Madoz (a seguir citaremos Madoz). Para o presente século centrarémonos na clasificación feita por Amor Meilán no vol. XIII da *Geografía General del Reino de Galicia*, de F. Carreras i Candi (citaremos como Carreras i Candi) e no *Nomenclátor 1970. Pontevedra, Nomenclátor 1986. Pontevedra* ámbolos dous do Instituto Nacional de Estadística (INE) e no *Nomenclátor de Galicia. Pontevedra* da Xunta de Galicia. Achegarase ó final unha táboa onde se expoñen tódolos topónimos recollidos nestas fontes, resaltando que a forma oficial e restaurada, é a do *Nomenclátor de Galicia. Pontevedra*, publicado este ano 1998.

2 Pregaríase unha maior sensibilidade lingüística no Concello de Lalín coa aparición de novos topónimos, caso de *Ciudad Jardín, Villaflores*, etc., cando nos consta que a propia Comisión de Toponimia xa asesorou a este Concello para que conservase os topónimos que había de vello.

3 A cita está tirada da introducción do *Nomenclátor de Galicia. Pontevedra*, pág. 7.

4 Para o estudio da deturpación dos topónimos seguimos ó profesor Santamarina que a estudiou no devandito artigo

## DETURPACIÓN SUFRIDA POLOS TOPÓNIMOS DO CONCELLO DE LALÍN<sup>5</sup>

Falarmos de deturpación leva implícito falar de castelanización, xa que é o contacto con esta lingua o que provoca a aparición de formas topónimicas como *La Gesta*, *Fuentecablos*, *Villatuge*, *Goyás*, etc. Para estudiármo-la castelanización sufrida pola toponimia galega en xeral e pola de Lalín en particular, cómpre, xa que logo, falarmos do proceso de castelanización lingüística de Galicia. Como é sabido de todos, a nosa lingua nace do desenvolvemento que o latín falado experimenta no noroeste da Península Ibérica, seguindo un proceso de evolución parello ós dos outros romances fillos do latín e chegando á idade media xa consolidado como lingua. É precisamente nesta época, non superada posteriormente, cando o galego vive unha situación «normalizada», xa que é a lingua do pobo, a lingua da cultura, a lingua da Igrexa, (xunto co latín) e a lingua da Administración. Pero a partir do s. XV e xa de xeito irremediable no XVI (as últimas testemuñas en galego de documentos oficiais a penas sobrepasan a súa primeira metade) prodúcese unha substitución total en favor da lingua de Castela, que é a lingua da Chancelería Real. As relacións que se producen entre este organismo e a Administración galega fanse en castelán, pero ó mesmo tempo isto faise extensible á administración civil e á eclesiástica. Xa no s. XVIII e cun certo ton de resignación, o explicaba Sarmiento:

“Diré mi conjectura [verbo da substitución do galego polo castelán]. En tiempos de los Reyes Católicos se incorporaron los Maestrazgos de las Órdenes Militares en la Corona. Sucedió la reforma de los monjes negros; y la de los monjes blancos había precedido en el año 1440. Con esta ocasión se inundó Galicia de hombres no gallegos y castellanos: merinos, jueces, escribanos, curas de almas, etc., eran provisiones de castellanos y apenas se daba algún empleo a gallegos naturales. Claro está que ninguno de esos empleos podía actuar en el idioma gallego ni entender lo actuado. Hermanos, sobrinos, primos, parientes y criados de los presenteros cargaban con todos los empleos y casi al tiempo se introdujo la Audiencia en la Coruña y con eso aumentó el número de los que en Galicia ni hablaban ni entendían gallego y así se introdujo el abuso de escribir y actuar en castellano»<sup>6</sup>.

Malia que o proceso foi máis complexo do que expón Sarmiento, o que si queda claro é que, como sinala o profesor Santamarina, (“foi definitivo porque se instituíu o factor *prestixio* que foi máis eficaz cá inundación”)<sup>7</sup>. A partir do s.

5 Para apreciar ben esta deturpación recoméndase contrasta-las distintas fontes de recollida de topónimos, e ollar, por unha banda, o Nomenclátor do 1998 e por outra, as demais fontes consultadas.

6 *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las lenguas vulgares*, tirada dos núms. 353-354 do Boletín da Real Academia Galega (BRAG).

7 A traducción é nosa.

XIX , sobre todo desde o Rexurdimento, o galego volve ter expresión escrita, pero o nome oficial dos topónimos, a única forma que posuímos rexistrada, é xa a deturpada. O primeiro tercio do s. XX é realmente esperanzador e o galego recobra eidos que tiña perdidos desde había séculos; pero coa Guerra Civil volve, quizais, o período de máxima represión das linguas denominadas “rexionais”. É o Estatuto de autonomía e a Lei de normalización lingüística o espacio lexislativo que lle facía falta á nosa lingua para que esta realidade chegase a bo fin.

A institución eclesiástica representou desde moi cedo un papel moi negativo no desenvolvimento do galego, en contraste con nacións de Europa con situacions lingüísticas semellantes á nosa (Cataluña, País Vasco, A Bretaña...), onde a Igrexa sempre foi fiel á lingua do seu pobo. Mesmo en momentos onde a represión lingüística foi máis forte, caso da época franquista, o papel da igrexa catalana e vasca foi fundamental, e o da galega insignificante, xa que áinda hoxe en Galicia en moitas parroquias e vilas é difícil escoitar unha misa en galego. Este asoballamento reflíctese moi ben na nosa toponimia, sobre todo na advocación<sup>8</sup> do topónimo que foi sistematicamente traducida.

Se comparámos os topónimos que aparecen nas distintas fontes consultadas coa denominación oficial restaurada, podemos comprobar que un número elevado deles manteñen a mesma forma, ben porque foneticamente non teñen trazos característicos galegos, ben porque lexicamente son opacos; exemplos hainos abundantes: *Bermés*, *Madriñán*, *Lalín*, *Zobra*, *Golmar*, *Rodís*, etc. Por outra parte, podemos observar la presencia da castelanización nas súas distintas formas noutro número moi amplio de entidades de poboación. Aquí hai que indicar que se aprecia unha diferencia total segundo as fontes consultadas sexan anteriores ou posteriores á Lei de normalización lingüística; así, hai que agardar ó Nomenclátor de 1986 para ver por primeira vez grafado o noso son prepalatal, fricativo, xordo [•] coa letra –x– no canto da letra –j– representativa do son castelán [χ] velar, fricativo, xordo. Entramos xa na análise do proceso de castelanización que se pode manifestar dos seguintes xeitos:

### **1.- Por traducción**

Prodúcese dun xeito sistemático na advocación do topónimo; exemplos disto son *Anzo* (*San Juan*), *Cadrón* (*San Esteban*), *Cello* (*San Martín*), *Gesta* (*San Feliz*), *Madriñán* (*San Adriano*), *Moimenta* (*San Lorenzo*); as que non son traducidas é porque coinciden co castelán; exemplos: *Anseán* (*Santiago*), *Goiás* (*San Miguel*), *Noceda* (*Santa María*). O risco de alteración do topónimo é maior

---

<sup>8</sup> “Título dado a un templo, capela ou ermida por estar dedicado a un santo”. *Diccionario Xerais da Lingua*, 3ª edic., Vigo, Xerais, 1990.

canto máis grande sexa o núcleo de poboación que represente, o que provocou que fose un feito natural a coexistencia das dúas denominacións; temos exemplos disto en parroquias coma a de *Villanueva (San Juan)* que ten un lugar chamado *Vilanova*<sup>9</sup> Ocorre o mesmo no caso da *Xesta (San Feliz)* cun lugar denominado *Sanfiz*. Tamén se pode reflectir esta mesma situación entre parroquias distintas coma na de *Losón (Santa Baia)* e na de *Doade (San Pedro)* onde aparece o lugar de *San Martiño* e a advocación vai ser sempre *Prado (San Martín)* ou *O Cello (San Martín)*. Outro dos topónimos que sempre ten a forma en castelán é o de *Eirexe, Eirixe, Eirexa* que se converte en *Iglesia*.

## 2.- Por hibridación

Cando o topónimo é un sintagma constituído por substantivo + substantivo, substantivo + adjetivo, artigo + substantivo, substantivo + de + substantivo, e un dos seus elementos é traducido: *Fuentecabalos, Sotolongo*. Tamén poderíamos considerar un caso de hibridación *Jesteira*, que conserva o sufixo galego e a grafía castelá

## 3.- Por adaptación do sistema fonético galego ó castelán ou ben por aplicación de correspondencias fonéticas:

O caso máis salientable é o que resulta da carencia do son prepalatal, fricativo, xordo [•] no sistema fonético do castelán, que se substitúe sistematicamente polo velar, fricativo, xordo [χ] que si ten e que non coñece o galego (gráficamente –x– por –j–). Son numerosísimos os exemplos que podemos atopar: *Abonjo, Froján, Gesta, Jaján, Jar, Jubín, Méijome, Moneijas, Villatuge, Villatuje* polos nosos *Abonxo, Froxán, Xesta, Xaxán, Xar, Xubín, Méixome, Moneixas e Vilatuxe* respectivamente.

En castelán é insólito o ditongo *-ou-*, correspondéndolle a este nexo vocálico *-o-* (ouro/oro). O normal neste caso é que conserven a forma galega (*Montouto, Mouriscade, Outeiro, Pedrouzo*, etc.); sen embargo, atopamos un caso de reducción do ditongo recollido no Madoz e no Carreras i Candi: na parroquia de *Cercio (Santiago)* rexistran *Locenzo* no canto de *Loucenzo*.

Equivalencias galegocastelás *l-l* (polo-pollo), *n-ñ* (cana-caña), *ñ-n* (viño-vino) explican a deturpación de topónimos como *Villameá* (recollido no Carreras i Candi), *Peña, Espino, Villatuje* no canto dos nosos *Vilameá, A Pena, O Espiño e Vilatuxe* respectivamente. No caso das formas castelanizadas *Peña* e *Espino* tamén se podería pensar que a persoa que realiza o labor de rexistro da toponomía fai unha traducción do concepto que hai detrás do topónimo e iso é

---

9 Sempre seguindo a Madoz, Carreras i Candi e o Nomenclátor de 1970.

o que o leva á deturpación, é dicir, que emprega as denominacións castelás. Hai que salientar, por outra parte, que o binomio *Vila-Villa* se decanta maioritariamente pola forma galega.

Así mesmo, as equivalencias galegocastelás que se atopan en palabras do léxico común como maior/mayor, maio/mayo explican os topónimos *Costoya*, *Goyás*, *Sampayo* que recollen os nomenclátores en troques dos nosos *Costoia*, *Goiás* e *Sampaio* respectivamente.

Pero hai outros casos de deturpación de topónimos que son producto dun problema gráfico debido a que o idioma galego non coñeceu ata outubro de 1982 coa publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* o seu estándar ortográfico. Deste xeito podemos observa-la existencia de parellas de topónimos como *Votos/Botos*, *Ferbenza/Fervenza*, *Hermida/Ermida*, *Casas-Bellas/Casas Vellas*. Neste último exemplo poderíamos falar, probablemente, dun caso de “falsos amigos”, é dicir, a coincidencia fonética da palabra galega e a castelá leva á persoa a crer que *Bellas* é o sinónimo de “fermosas”; o mesmo poderíamos pensar en *Votos*, como “lugar onde se facía un voto”.

Outra das deturpacións que se pode apreciar é a que resulta da inconsistencia do vocalismo átono galego; aparecen recollidos no Madoz e na parroquia de *Goiás (San Miguel)* exemplos que o ilustran como *Beilá*, *Cazome* fronte ás formas que aparecen despois *Bailás* e *Cáceme*.

Outro tipo de alteracións fonéticas é a vacilación no ditongo *-oi/ui-*. Sabemos que a forma característica no Concello de Lalín é a solución *-oi-*; sen embargo, recóllense das dúas maneiras *Muimenta/Moimenta*, *Tuimil/Toimil*.

Hai dous casos onde o son prepalatal, fricativo, xordo se representa coa letra *f* recollidos no Madoz. Nos topónimos *Pradufao* da parroquia de *Prado (San Martiño)* e *Far* na parroquia de *Barcia (Santo Estevo)*, probablemente por confusión gráfica entre *-F-* e *-J-* maiúsculas.

Parellas do tipo *Santullo/Soutullo*, *Euxame/Enxame*, *Chaves/Chares*pódense explicar por confusión gráfica u/n e v/r respectivamente; é dicir, como errores de copista.

No topónimo recollido no Madoz na parroquia de *Busto (San Facundo) Lamparte* temos un caso de aférese consistente na supresión do *a* inicial no canto de *Alemparte*; ademais, por influxo do *a* tónico temos unha asimilación do *a* pretónico.

Sinalar un caso de *e* paragóxico que aparece no topónimo *Vale* e que se rexistra no Madoz.

Unha das características da lingua oral de Lalín é o fenómeno da gheada. Só se recolle un caso de topónimo afectado transcrito no Madoz como *Rejoufe*; a tendencia normal é a de non rexistra-lo fenómeno, xa que este está considera-

do como vulgar, non só polos foráneos, senón tamén polos propios galegos e é rara a súa presencia nos nomenclátores.

## INFORMACIÓN INTERNA DOS DISTINTOS NOMENCLÁTORES CONSULTADOS

As fontes manexadas están na táboa que se achega ó final por orde cronolóxica; a data de publicación do Madoz é a de 1845, o que implica que a recollida de material é duns anos antes, tendo en conta o tamaño da devandita obra; os datos topónímicos que ofrece o Carreras i Candi son do primeiro tercio do s. XX, e os outros tres nomenclátores usados xa van acompañados do ano.

Para estudiármo-la deturpación poderíamos usar outras fontes más antigas, áinda que coidamos que para as pretensiós do noso traballo, as elixidas ofrecen boas posibilidades. É o caso, sobre todo, do Madoz, que posúe unha información bastante exhaustiva en cantidade e en calidade con 342 topónimos repartidos en 51 parroquias e 292 lugares; como contraste, o Carreras i Candi é o caso contrario, xa que recolle pouco máis dun cento de entidades de pobación. Os nomenclátores de 1970 e 1986 pouco se diferencian no tocante á cantidade de topónimos, pero si moito na información emitida; o de 1970, dos cinco empregados, é o único que non ofrece a advocación, pero nel xa hai a distribución actual de parroquias, pasando das 51 do Madoz ás 48 actuais. O de 1986 (o primeiro que se publica logo da Lei de normalización lingüística) amosa un intento de restauración topónímica; así, desaparece a tan mencionada letra *-j-*, no canto da galega *-x-*, para representalos son prepalatal, fricativo, xordo [•]. As advocacións aparecen galeguizadas unhas, *San Xoán*, *San Martiño*, a medio galeguizar outras *San Cristobo*, e castelanizadas outras *San Esteban*. Tamén é a primeira vez que aparece o artigo como parte do topónimo: *A Eirexa*, *A Cruz*, áinda que na maioría das veces non o recolle coma nas parroquias *Xesta*, *Cello*, en troques das formas galegas *A Xesta*, *O Cello*. É o nomenclátor de 1998<sup>10</sup> o que presenta definitivamente a toponimia de Lalín restaurada. Consta de 48 parroquias con 379 lugares e nel está a forma correcta que a Comisión de Toponimia dictaminou con bo criterio.

A información está recollida respectando sempre a transcripción que aparece en cada nomenclátor. Consideramos un erro a forma *Praduajo*, que aparece no nomenclátor de 1986, por ser a única vez que se rexistra a letra *-j-*, pero transcribímola tal cal. O mesmo ocorre coa acentuación do Madoz, que é moi pouco coherente.

---

<sup>10</sup> Aínda que se publicou en 1998, o traballo de campo está feito en 1996 e as formas xa son oficiais desde xullo de 1996, data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**Táboa coas fontes escritas manexadas**

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
Lalín	Lalín	Lalín	Lalín	Lalín
Albarelos (Santa María)	Albarelos (Santa María)	Albarelos	Albarelos (Santa María A)	Albarelos (Santa María)
Albarelos		Albarelos	Albarelos	Albarelos
			Pontiña	Pontiña
Alemparte (Santa María)	Alemparte (Santa María)	Alemparte	Alemparte (Santa María A)	Alemparte (Santa María)
Alemparte		Alemparte	Alemparte	Alemparte
Anseán (Santiago)	Anseán (Santiago)	Anseán	Anseán (Santiago A)	Anseán (Santiago)
Alén		Alén	Alén	Alén
Anseán		Anseán	Anseán	Anseán
Soutullo	Soutullo	Soutullo	Soutullo	Soutullo
			Vilela	Vilela Vilela
Anzo (San Juan)	Anzo (San Juan)	Anzó	Anzo (San Xoán A.)	Anxo (San Xoán)
			Agrazán	Agrazán Agrazán
Barrio	Barrio	Barrio	Barrio	Barrio
				Carradela
			Castro	Castro Castro de Anzo
		Costa	Costa	Costa Costa, A
Cruceiro		Cruceiro	Cruceiro	Cruceiro, O
Iglesia	Iglesia	Iglesia	Eirexa (A)	Eirixe
Nogueiras		Nogueiras	Nogueiras	Nogueiras, As
Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro, O
Reibó		Reibó	Reibó	Reibó
Sisto		Sisto	Sisto	Sisto
		Vilacrespo	Vilacrespo	Vilacrespo
Barcia (San Esteban)	Barcia (San Esteban)	Barcia	Barcia (San Esteban P.)	Barcia (San Estevo)
Afonsín		Alfonsín	Alfonsín	Afonsín
Amboade		Amboade	Amboade	Amboade
Barcia		Barcia	Barcia	Barcia
Far	Far	Jar	Xar	Xar
				Eirexe
			Midón	Midón
Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro, O
Ribela	Ribela	Ribela	Ribela	Ribela
Bendoiro (Santa María)	Bendoiro (San Miguel)	Bendoiro	Bendoiro (San Miguel P.)	Bendoiro (San Miguel)
Bendoiro		Bendoiro	Bendoiro	Bendoiro de Abaixo
Campo	Campo	Campo	Campo	Campo
Castro	Castro	Castro	Castro	Castro
Cruceiro				
		Empedrada	Empedrada	Empedrada, A
Iglesia	Iglesia	Iglesia	Eirexa (A)	Eirixa, A
Jubín		Jubín	Xubín	Xubín, O
Laje	Laje	Laje	Laxe	Laxe, A
Pedrouso	Pedrouzos de Abajo	Pedrouzos	Pedrouzos	Pedrouzos
Vilar do Río	Vilar do Río	Vilar do Río	Vilar do Río	Vilar do Río
		Vilasoa	Vilasoa	Vilasoa
Barmés (Santa María)	Bermés (Santa María)	Bermés	Bermés (Santa María P.)	Bermés (Santa María)
		Bermés	Bermés	Bermés
Bermés do Fondo	Bermés do Fondo	Bermés do Fondo	Bermés do Fondo	Bermés do Fondo
		Camino Real		Camino Real
Campo	Campo	Campo	Campo	Campo de Bermés
Lamela	Lamela	Lamela	Lamela	Lamela
Ois-grande	Ois Grande	Ois Grande	Ois Grande	Ois Grande

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
Ois-pequeno	Ois Pequeño	Ois Pequeno	Oís Pequeno	Oís Pequeno
Orjas		Orjás	Orxás	Orxás
Regado		Regado	Regado	Regado, O
		Riádigos	Riádigos	Riádigos
		Vento	Vento	Vento, O
Votos (San Juan)	Botos (San Juan)	Botos	Botos (San Xoán P.)	Botos (San Xoan)
Atean	Atean	Ateán	Ateán	Ateán
	Baján de Arriba	Baján	Baxán	Baxán
		Barreiro	Barreiro	Barreiro
	Botos	Botos	Botos	Botos
		Bouza	Bouza	Bouza, A
		Estación	Estación	Estación, A
Fontao		Fontao	Fontao	Fontao
Iglesia				
Lamela				
Padrón	Padrón	Padrón	Padrón	Padrón
Porto		Porto	Porto	Porto, O
Reguengo		Reguengo	Reguengo	Reguengo
Ribeira	Riveira	Riveira	Ribeira	Ribeira, A
Sestelo	Sestelo	Sestelo	Sestelo	Sestelo
Somoza		Somoza	Somoza	Somoza
Vilamayor	Vilamayor	Vilamayor	Vilamaior	Vilamaior
Vilar		Vilar	Vilar	Vilar
Busto (San Facundo)	Busto (San Facundo)	Busto	Busto (San Facundo A.)	Busto (San Facundo)
Lamparte	Alemparte	Alemparte	Alemparte	Alemparte
				Cima de Alemparte
				Agriño, O
Cajide	Cajide	Cajide	Caxide	Caxide
Sestos	Sestos	Sestos	Sestos	Sestos, Os
Souto	Souto	Souto	Souto	Sooouto, O
Cadrón (San Esteban)	Camposancos (San Cristobal)	Camposancos	Camposancos (S. Cristobo A.)	Camposancos (San Cristovo)
Camposancos	Camposancos	Camposancos	Camposancos	Camposancos
Chaves	Chaves de Outeiro	Chares de Outeiro	Chares de Outeiro	Chares de Outeiro
Goleta		Goleta	Goleta	Goleta, A
Mato	Mato			
Cangas (Santa Marta)	Cangas (Santa Marta)	Cangas	Cangas (Santa Marina P.)	Cangas (Santa Mariña)
Cancelas	Cancelas	Cancelas	Cancelas	Cancelas
Iglesia				
Montrigo		Montrigo	Montrigo	Montrigo
Castro de Cabras (San Pedro)	Castro (Santiago)	Castro	Castro (Santiago A.)	Castro de Cabras (San Pedro)
Castro de Cabras	Castro de Cabras	Castro de Cabras	Castro de Cabras	Castro
Frojan	Froján	Froján	Froxán	Froxán
Iglesia		Iglesia	Eirexa (A)	Eirexe
Tecedeiras		Tecedeiras	Tecedeiras	Tecedeiras, As
Catasós (Santiago)	Catasós (Santiago)	Catasós	Catasós (Santiago A.)	Catasós (Santiago)
Antuín		Antuín	Antuín	Antuín
	Barrio	Barrio	Barrio	Barrio
Beelle	Beelle	Beelle	Beelle	Beelle
		Cabreira	Cabréira	Cabreira
Casas-Bellas		Casas Vellas	Casas Vellas	Casas Vellas
Catasós	Catasós	Catasós	Catasós	Catasós
Celemin	Celemín	Celemín	Celemín	Celemín
Cerredo	Cerredo	Cerredo	Cerredo	Cerredo
Cobas	Cobás	Cobás	Cobas	Covás

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
Donfrean	Donfreán	Donfreán	Donfrean	Donfreán
				Gate
Pujallos		Pujallos	Puxallos	Puxallos
Quintela	Quintela	Quintela	Quintela	Quintela
Torobedo	Torguedo	Torguedo	Torguedo	Torguedo
Cello (San Martín)	Cello (San Martín)	Cello	Cello (San Martiño A.)	Cello, O (San Martiño)
Cello	Cello	Cello	Cell	Cello, O
Cornado		Cornado	Cornado	Cornado
Pazos	Pazos	Pazos	Pazos	Pazos
Cercio (Santiago)	Cercio (Santiago)	Cercio	Cercio (Santiago P.)	Cercio (Santiago)
Cercio	Cercio	Cercio	Cercio	Cercio de Abaixo
				Cerci de Arriba
Chares	Chaves	Chares	Chares	Chares
		Girón	Xirón	Xirón
Locenzo	Locenzoo	Loucenzo	Loucenzo	Loucenzo
		Mato	Mato	Mato
		Santabaya	Santabaia	Santa Baja
Cristimil (San Jorge)	Cristimil (San Jorge)	Cristimil	Cristimil (San Xorxe A.)	Cristimil (San Xurxo)
		Barreira	Barreira	Barreira, A
Gundufe	Gondulfe	Gundufe	Gundufe	Gundufe
Mato	Mato	Mato	Mato	Mato
		Outraldea	Outraldea	Outraldea, A
Quintá	Quintá	Quintá	Quintá	Quintá
Sanjurdo	San Jorge	San Jorge	San Xorxe	Sanxurdo
Doade (San Pedro)	Dooade (San Pedro)	Doade	Doade (San Pedro)	Doade (San Pedro)
Bustelo				Campo, O
Codesada	Codesada	Codesada	Codesedo	Codesedo
Doade	Doade	Doade	Doade	Doade
Lama		Lama	Lama	Lama, A
Nogueira	Nogueira	Nogueira	Nogueira	Nogueira
Penedo	Penedo	Penedo	Penedo	Penedo, O
Penelas		Penelas	Penelas	Penelas
San Martiño		San Martiño	San Martiño	San Martiño
San Pedro		San Pedro	San Pedro	San Pedro
Tai		Taín	Taín	Taín
Donramiro (Santa María)	Donramiro (Santa María)	Donramiro	Donramiro (Santa María A.)	Donramiro (Santa María)
Agruchave	Agruchave	Agruchave	Agruchave	Agruchave
Carrizal				
	Donramiro	Donramiro	Donramiroo	Donramiro
				Empalme, O
Filgueiroa		Filgueiroa	Figueroa	Filgueiroa
Iglesia				Monserrat, O
Penela		Penela	Penela	Penela, A
Regueiriño		Regueiriño	Regueiriño	Regueiriño, O
Trascastro	Trocastro	Trascastro	Trascastro	Trascastro
Vilar				
Donsión (Santa Eulalia)	Donsión (Santa Eulalia)	Donsión	Donsión (Santa Eulalia A.)	Donsión (Santa María)
Bergazos		Bergazos	Bergazos	Bergazos
		Campo	Campo	Campo, O
Carballude	Carballude	Carballude	Carballude	Carballude
Donsión	Donsión de Abajo	Donsión	Donsión	Carballude
Estivelle	Estivelle	Estivelle	Estivelle	Estivelle
Fondevila		Fondevila	Fondevila	Fondevila

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
Iglesia	Iglesia	Iglesia	Eirexa (A)	Eirixe, A
Pena	Pena	Pena	Pena	Pena, A
Filgueira (Santa María)	Filgueira (Santa María)	Filgueira	Filgueira (Santa María A.)	Filgueira (Santa María)
				Agríño, O
Cardeja		Cardega	Cardexía	Cardexía
Cima-do-Alle	Cima do Allé	Cima do Alle	Cima do Alle	Cima do Alle, A
Espino	Espiño	Espiño	Espiño	Espiño, O
		Filgueira	Filgueira	Filgueira
Fondo-do-Alle	Fondo do Allé	Fonde do Alle	Fondo do Alle	Fondo do Alle, O
Hermida		Hermida	Hermida	Ermida, A
Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro
Porto-do-Alle	Porto do Allé	porto do Alle	Porto do Alle	Porto do Alle, O
				Queimadas, As
Ribasaltas		Ribas Altas	Ribas Altas	Ribas Altas
				Senra, A
Vilar		Vilar	Vilar	Vilar
Galegos (San Miguel)	Galegos (San Miguel)	Galegos	Galegos (San Miguel P.)	Galegos (San Miguel)
Galegos	Galegos	Galegos	Galegos	Galegos
Peña	Penas	Penas	Penas	Penas
Tuimil	Toimil	Toimil	Toimil	Toimil
Gesta (San Feliz)	Gesta (San Pedro)	Gesta	Xesta (San Pedro A.)	Xesta, A (San Fiz)
Carrás		Carrás	Carrás	Carrás
Debesa				Carreiras
Ferbenza	Fervenza	Fervenza	Fervenza	Fervenza, A
Gesta	Gesta	Gesta	Xesta	Xesta, A
				Fondo da Xesta
				Foxiño, O
Medelo		Medelo	Medelo	Medelo
Navallo		Navallo	Navallo	Navallo, O
Pazo				Pazo, O
Pontenoufe		Pontenoufe	Pontenoufe	Pontenoufe
Sanfiz	Sanfiz	San Fiz	San Fiz	San Fiz
Sante	Sante	Sante	Sante	Sante
Vila	Vila	Vila	Vila	Vila, A
Goyás (San Miguel)	Goyás (San Miguel)	Goyás	Goiás (San Miguel P.)	Goiás (San Miguel)
Beilá		Bailás	Bailás	Bailás
Cazome	Cácome	Cácome	Cácome	Cácome
Casares		Casares	Casares	Casares
Casasnovas	Casas Novas	Casas Novas	Casas Novas	Casas Novas, As
Cotarelo	Cotarelo	Cotarelo	Cotarelo	Cotarelo
Delaparte	Delaparte	Delaparte	Delaparte	Delaparte
Iglesia	Iglesia	Iglesia	Eirexa (A)	Igrexa, A
Palmar	Palmás	Palmaz	Palmaz	Palmaz
Pareixo	Pareizo	Pareizo	Pareizo	Pareizo
Ponnte				
Porcallos	Porcallos	Porcallos	Porcallos	Porcallos, Os
Reboira				
Tojo				Toxo, O
Veiga	Veiga			
Gresande (Santiago)	Gresande (Santiago)	Gresande	Gresande (Santiago P.)	Gresande (Santiago)
				Campo, O
Gresande	Gresande		Gresande	
Insua		Insua	Insua	Insua
Porreiros		Porreiros	Porreiros	Porreiros

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
Ramil	Ramil	Ramil	Ramil	Ramil
Souto		Souto	Souto	Souto, O
Vales		Vales	Vales	Vales
	Jaján	Xaxán (Santa María de Saleta A.)	Xaxán (Santa María de Saleta)	
	Barreira			
	Carragoso de Arriba	Carragoso de Riba	Carragoso de Arriba	
	Pena			Pena, A
	Jaján	Xaxán	Xaxán	
	Souto	Souto	Souto	Souto, O
	Lalín	Lalín (Santa María dos Doores P.)	Lalín (Santa María das Dores)	
	Alfonselle	Alfonselle	Alfonselle	
	Carragoso de Abajo	Carragoso de Baixo	Carragoso de Abaixo	
	Corredoira	Corredoira	Corredoira	Corredoira, A
	Feás	Feás	Feás	
	García Sánchez	García Sánchez	García Sánchez	
	Lagazós	Lagazós	Lagazós	
Lalín (San Martín)		Lalín (Capital)		
Lalin de Arriba		Lalín de Arriba	Lalín de Riba	Lalín de Arriba
Outeiro		Outeiro	Outeiro	Outeiro, O
Río		Río	Río	
		Villa Flores	Vila Flores	
Lebozán (Santiago)	Lebozán (Santiago)	Lebozán	Lebozán (Santiago A.)	Lebozán (Santiago)
	Bustelo	Bustelo	Bustelo	Busteloo
Carrofeito	Carrofeito	Carrofeiro	Carrofeito	Carrofeito
Castiñeira		Castiñeira	Castiñeira	Castiñeira, A
				Ermida, A
Espiño		Espiño	Espiño	Espiño, O
Lebozán	Lebozán	Lebozán	Lebozán	Lebozán
Samprizón		Samprizón	Samprizón	Samprizón
Lodeiro (San Peladio)	Lodeiro (San Peladio)	Lodeiro	Lodeiro (San Paio A.)	Lodeiro (San Paio)
Carracedo	Carracedo			
Castro	Castro	Castro	Castro de Baixo	Castro de Baixo
Lodeiro	Lodeiro	Lodeiro		
Saborido				
San Payo		Sampayo	Sampaio	San Paio
Losón (Santa Eulalia)	Losón (Santa Eulalia)	Losón	Losón (Santa Eulalia P.)	Losón (Santa Baia)
				Abeleira, A
		Alle	Alle	Alle, O
Brenzos de Abajo		Brenzos de Abajo	Brenzos de Baixoo	Brenzos de Abaixo
Brenzos de Arriba		Brenzos de Arriba	Brenzos de Riba	Brenzos de Arriba
		Corpiño	Corpiño	Corpiño, O
Debesa de Abajo	Devesa de Abajo	Devesa de Abajo	Debesa de Baixoo	Devesa de Abaix, A
Debesa de Arriba		Devesa de Arriba	Debesa de Riba	Devesa de Arriba, A
		Lameiro	Lameiro	Lameiro, O
Losón		Losón	Losón	Losón
Milleiros	Milleiros	Milleirós	Milleirós	Milleirós
Montouto		Montouto	Montouto	Montouto
Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro, O
Porto-do Carrio		Porto do Carrio	Porto do Carrio	Porto do Carrio
Ribas	Rivas	Rivas	Rivas	Ribas
San Martiño		Samartiño	Samartiño	San Martiño
Sanín		Senín	Senín	Senín
				Senra, A
		Souto	Souto	Souto

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
Maceira (San Martín)	Maceira (San Martín)	Maceira	Maceira (San Martiño P.)	Maceira (San Martiño)
Maceira	Maceira	Maceira	Maceira	Maceira
Pardesoa	Pardesoa	Pardesoa	Pardesoa	Pardesoa
Madriñán (San Adriano)	Madriñán (san Adrián)	Madriñán	Madriñán (San Adrián A.)	Madriñán (Santo Adrao)
Anzujao		Andujao	Anduxao	Anzuxao
		Goleta	Goleta	Goleta, A
Grela		Grela	Grela	Grela, A
	Iglesia	Iglesia	Eirexa (A)	
Madriñán		Madriñán	Madriñán	Madriñán
Martín		Martín	Martín	Martín
		Pazo	Pazo	Pazo, O
Piñeiro		Piñeiro	Piñeiro	Piñeiro, O
Porto		Portos	Portos	Portos
Santradao				Santradao
Torre de Anzo	Torre	Torre	Torre	Torre, A
Meijome (Santiago)	Meijome (Santiago)	Meijome	Méixome (Santiago P.)	Méixome (Santigo)
Castiñeiro	Castiñeiro	Castiñeiro	Castiñeiro	Castiñeiro, O
Castro	Castro	Castro	Castro	Castro, O
Mato	Mato	Mato	Mato	Mato
Meijome	Meijome	Meijome	Méixome	Méixome
Requeijo	Requejo	Requeijo	Requeixo	Requeixo
Moneijas (San Adriano)	Moneijas (San Adrián)	Moneijas	Moixas (San Adrián P.)	Moneixas (Santo Adrao)
		Campiño	Campiño	Campiño, O
				Cancelo
Coto	Coto	Coto	Coto	Coto, O
				Cruceiro, O
Eujame		Enjame	Enxame	Enxame
Moneijas		Moneijas	Moneixiñas	Moneixiñas
Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro, O
Pedrouzo		Pedrouzo	Pedrouzo	Pedrouzo, O
Quinta		Quintá	Quintá	Quintá
Regoufe		Regoufe	Regoufe	Regoufe
Moimenta (San Lorenzo)	Muimenta (San Lorenzo)	Muimenta	Muimenta (San Lorenzo P.)	Moimenta (San Lourenzo)
				Camiño Novo, O
				Carqueixa, O
Carballeda	Carballeda			Lamas, As
Meijomín	Meijomín	Meijomín	Meixomín	Meixomín
Moimenta	Muimenta	Muimenta	Muimenta	Moimenta
				Torre, A
Noceda (Santa María)	Noceda (Santa María)	Noceda	Noceda (Santa María P.)	Noceda (Santa María)
Golmar	Golmar	Golmar	Golmar	Golmar
Iglesia	Iglesia	Iglesia	Eirexa (A)	Eirixe
Lamas		Lamas	Lamas	Lamas
Noceda	Noceda de Abajo	Noceda de Abajo	Noceda de Baixo	Noceda de Abaixo
		Noceda de Arriba		
Sonjil	Songil	Songil	Sonxil	Xonxil
Toxiña		Toxiña	Toxiña	Toxiña, A
Vilar	Vilar de Gestal	Vilar de Gestal	Vilar de Xestal	Vilar do Xestal
Palmou (San Juan)	Palmou (San Juan)	Pamoú	Palmou (San Xoán A.)	Palmou (San Xoán)
Abeleda				
		Barreirón	Barreirón	Barreirón, O
				Campo da Estrada, O
				Cima de Rielo, A
				Couto, O

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
			Erbo de Baixo	Erbo de Abaixo
		Erbo de Arriba	Erbo de Riba	Erbo de Arriba
				Estrada, A
Palmou	Palmou	Palmiou	Palmou	Palmou
Pazos	Pazos	Pazos	Pazos	Pazos
		Pedreira	Pedreira	Pedreira, A
Quinta	Quinta	Quintá	Quintá	Quintá
				Regufe
	Rielo	Rielo	Rielo	Rielo
				Tabernas, As
Parada (Santa María)	Parada (Santa María)	Parada	Parada (Santa María P.)	Parada (Santa María)
		Alperiz	Alperiz	Alperiz
Iglesia		Iglesia	Eirexa (A)	Eirixe, A
Parada	Parada	Parada	Parada	Parada
Val				
Prado (San Martín)	Prado (San Martín)	Prado	Prado (San Martiño A.)	Prado (San Martiño)
				Alto da Pena, O
		Borralla	Borralla	Borralla, A
				Carballéira, A
Iglesia		Eirixe	Eirexa (A)	Eirixe, A
Liñares		Liñares	Liñares	Liñares
	Outeiro	Outeiro	Outeiro	Outeiro
Prado	Prado	Prado	Prado	
Pradufao	Pradujao	Pradujao	Pradujao	Padruxao
Rodis (San Julian)	Rodís (San Julián)	Rodís	Rodís (San Xiao A.)	Rodís (San Xiao)
Cangas				Chaos, Os
				Muiño, O
		Iglesia	Eirexa (A)	Rodís da Igrexia
		Palio de Abajo	Palio de Baixo	Palio de Abaixo
		Palio de Arriba	Palio de Riba	Palioo de Arriba
				Raña
Rodis de Abajo	Rodís do Medio	Rodís	Rodís	Rodís do Medio
Rodis de Arriba	Rodís do Cabo			Rodís do Cabo
Santiso (San Román)	Santiso (San Román)	Santiso	Santiso (San Román P.)	Santiso (San Román)
	Cruz	Cruz	Cruz (A)	Cruz, A
Iglesia	Iglesia	Iglesia	Eirexa (A)	Eirixe
Porrál		Porral	Porral	Porral
Riba		Riba	Riba	Riba, A
Santiso do Fondo	Santisoo	Santiso	Santiso do Fondo	Santiso do Fondo
Seijo		Seijo	Seixo	Seixo, O
Vila	Vila	Vila	Vila	Vila
Vilaríño	Vilaríño	Vilaríño	Vilaríño	Vilaríño
Sello (Santiago)	Sello (Santiago)	Sello	Sello (Santiago P.)	Sello (Santiago)
		Barreiro	Barreiro	Barreiro, O
		Barrio	Barrio	Barrio
Burgo	Burgo	Burgo	Burgo	Burgo, O
Casa do Vento				
				Casaríño, O
		Cima de Sello	Cima de Sello	Cima de Sello
		Corbillón	Corbillón	Corvillón
		Erbo de Abajo	Erbo de Baixo	
		Fuentecabalos	Fontecabalos	Fontecabalos
Orta		Horta	Horta	Horta
		Jesteira	Xesteira	Xesteira
				Penas das Valiñas, As

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
		Regufe	Regufe	
Sello		Sello	Sello	Sello
Valado		Valado	Valado	Valado
Vilameá	Vilameá	Vilameá	Vilameá	Vilameá
		Sancho	Vilasанcho	Vilasанcho
Sotolongo (Santa María)	Sotolongo (Santa María)	Sotolongo	Soutolongo (Sta. María P.)	Soutolongo (Santa María)
Carrecedo	Carracedo	Carracedo	Carracedo	Carracedo
Castro				
Des	Des	Des	Des	Des
Iglesia		Iglesia	Eirexa (A)	Eirixe
	Lodeiro	Lodeiro	Ludeiro	Ludeiro
				Monte, O
Pazo		Pazo	Pazo	Pazo, O
Sotolongo de Abaixo		Sotolongo de Abajo	Soutolongo de Baixo	Soutologo de Abaixo
				Tarreo, O
Vilar	Vilar	Vilar	Vilar	Vilar
Viñoa			Viñoa	Viñoa
		Vistalegre	Vistalegre	Vista Alegre
Vale (San Andrés)	Val (San Andrés)	Val	Val (San Andrés A.)	Val do Carrio (Santo André)
Abonjo		Abonjo	Abonxo	Abonxo
Carrio	Carrio	Carrio	Carrio	Carrio, O
Val	Val	Val	Val	Val
		Veiga	Veiga (San Ramón P.)	Veiga, A (San Ramón)
		Carballeda	Carballeda	Carballeda
		Ponte	Ponte	Ponte da Veiga, A
		Santón	Santón	Santón, O
		Veiga	Veiga	Veiga, A
Villanueva (San Juan)	Villanueva (San Juan)	Villanueva	Vilanova (San Xoán P.)	Vilanova (San Xoán)
Abeleda		Abeleda	Abeleda	Abeleda, A
	Barreiro	Barreiro	Barreiro	Barreiro, O
Canda		Canda	Canda	Canda, A
		Carreiras		Carreiras, As
Corrigatos	Corrigatos	Corrigatos	Corrigatos	Corrigatos
Costoya	Costoya	Costoya	Costoia	Costoia
				Cruceiro, O
		Iglesia	Eirexa (A)	
Lameiro				
Mourcade		Mouriscado	Mouriscade	Mouriscade
Muiños	Muiños	Muiños	Muiños	Muiños, Os
Santomé		Santomé	Santomé	San Tomé
Vilar do Monte	Vilar	Vilar	Vilar	Vilar de Montes
Vilanova		Villanueva	Vilanova	Vilanova
Villatuje (San Lorenzo)	Villatuje (San Lorenzo)	Villatuge	Vilatuxe (San Lorenzo P.)	Vilatuxe (San Lourenzo)
Afonsín		Alfonsín	Alfonsín	Afonsín
	Balagosa	Balagosa	Balagosa	Balagosa, A
	Barciela	Barciela	Barciela	Barciela
Bustelos		Bustelos	Bustelos	Bustelos
			Carballiños	Carballiños, Os
		Carretera		
Castro	Castro	Castro	Castro	Castro de Arriba
Gondoriz	Gondoriz Grande	Gondoriz Grande	Gondoriz Grande	Gondoriz Grande
Gondoriz Pequeño		Gondoriz Pequeno	Gondoriz Pequeno	Gondoriz Pequeno
Lodeirón		Lodeirón	Lodeirón	Lodeirón
Moa	Moa	Moa	Moa	Moa
Outeiro		Outeiro	Outeiro	Outeiro, O

MADOZ	CARRERAS I CANDI	NOMENCLÁTOR 1970 INE	NOMENCLÁTOR 1986 INE	NOMENCLÁTOR 1988 XUNTA DE GALICIA
Piñoi		Piñoy	Piñoi	Piñoi
	Saborido	Saborida	Saborida	Saborida, A
			San Lorenzo	San Lourenzo
Torre	Torre	Torre	Torre	Torre, A
	Varela	Varela	Varela	Varela, A
Vilatuje	Villatuje	Villatuje	Vilatuxe	Vilatuxe
Zobra (Santa Marina)	Zobra (Santa Marina)	Zobra	Zobra (Santa María P.)	Zobra (Santa Mariña)
Acebedo		Acebedo	Acebedo	Acevedo
		Ameijedo	Ameixedo	Ameixedo
Cabana		Cabana	Cabana	Cabana
				Cantiño, O
Chedas		Chedas	Chedas	Chedas
Líñeiras		Líñeiras	Líñeiras	Líñeiras
		Portela	Portela	Portela
		Portomarín	Portomarín	Porto Martín
		Trigueira	Trigueira	Trigueira, A
Zobra	Zobra	Zobra	Zobra	Zobra
Alperiz (San Pedro)				
Alperiz				
Erbo (San Pedro)	Erbo (San Pedro)			
Erbo de Abajo				
Corbillón				
Erbo de Arriba	Erbo de Arriba			
Regufe	Regufe			
Fontecabalos (San Mamed)				
Cima de Sello				
Jesteira				
Fontecabalos				
Palio (Santa Eulalia)	Palio (Santa Eulalia)			
Giron	Girón			
	Palio de Arriba			
Pena (San Cristóbal)				
Carragoso				
Corredoira				
Feás				
García Sánchez				
Jaján				
Pena				
Souto				

## BIBLIOGRAFÍA

Madoz, Pascual: *Diccionario geográfico - estadístico- histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Madrid, 1845.

Carreras i Candi, F.: *Geografía General del Reino de Galicia*, vol. XIII, Ediciones Gallegas, S.A., A Coruña, 1980.

INE: *Nomenclátor 1970. Pontevedra*, Madrid, 1973.

INE: *Nomenclátor 1986. Pontevedra*, Madrid, 1990.

Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia: *Nomenclátor de Galicia. Pontevedra*. Edita Xunta de Galicia, 1998.

Santamarina Fernández, Antón: "Problemas para la restauración de topónimos gallegos" en *Actas de las I Jornadas de Onomástica, Toponimia*, Euskaltzaindia, Vitoria-Gasteiz, 1991.

Sarmiento, Frei Martín: *Discurso apologetico por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las lenguas vulgares*, dos números 353-354 do Boletín da Real Academia Galega.





Vista de la Casa-Fortaleza de Camba, 1998.

## OS CAMBA: “UNHA NOBREZA MILITAR”

Luis Fernando Pérez Méndez

A “Terra de Camba” presenta, desde a época medieval, un carácter propio materializado no aspecto socio-militar; polo tanto resulta evidente que estudiaria traxectoria militar dos Camba, o máis exhaustivo posible, é algo que precisa dunha laboriosa búsqeda de información escrita. Para tal feito o artigo que presento, titulado, **os Camba: unha nobreza militar**, é en gran medida unha transcripción de manuscritos que se atopan no arquivo da Casa-Fortaleza de Camba, concretamente os relativos a relación de servicios, árboles xenealóxicos, pleitos e sucesións.

Á raíz do anterior, afirmo que os títulos militares, os topónimos ou outros referentes, manteñen a orixinalidade do manuscrito. Por outra banda, tamén cabe salientar que a xustificación do artigo non é porque, seguramente, as profesións militares dos Camba fosen de renome histórico-popular; sen embargo, o que si está claro é a súa ligazón continua ó eido militar e as súas consecuencias.

Os **Camba** foron, durante a Baixa Idade Media, o típico exemplo da *antiga nobreza* interior galega, moi arraigada á terra e ás súas raíces de orixe, ata ben entrado o século XVI. Para pasar, posteriormente, ó longo dos séculos seguintes a loitar do lado dos reis (“*súas maxestades*”).

Destacados ricos-homes, señores e cabaleiros da “terra de Camba” durante os séculos XIII, XIV e XV, en compañía dos Deza, Suárez de Deza e Churruchao, con quenes emparentarían, estiveron sempre presentes nas contendas e abatares militares da época.

Posteriormente, co empuxo da *nova nobreza* galega, nos albores da Idade Moderna, conseguirían emparentar coas principais familias nobres de Galicia, que alá polos séculos XIV-XV empezaban a rexurdir (Sotomaior, Rivadeneira, Ulloa, etcétera). Foron fieis ós distintos reis, a súa liñaxe é un continuo recordo de loitas e batallas ó servicio dos mesmos.

O fermoso Val de Camba xunto coa súa casa-solar: a **Casa-Fortaleza de Camba**, sitos no municipio de Rodeiro (Pontevedra), foron o seu berce seguramente polo século XIII. As súas armas representadas simbolicamente por *cambas ou rodas do carro do país*, aparecen en diversos escudos ó longo de toda a xeografía de Galicia.

Esta “*Casa Solar e Fortaleza de Camba*”, nome co que se lle coñecía ata ben entrado o século XIX, é unha construción pazega na que actualmente áinda se atopa o seu núcleo defensivo, composto por unha Torre, único elemento arquitectónico durante a Idade Media. Na documentación do arquivo desta Casa menciónase, en diversos foros da época, co nome de “*Torre de Seoane de Camba*” ou “*Fortaleza de Seoane*”<sup>1</sup>.

Os primeiros señores da Casa-Fortaleza de Camba disfrutaron do título de *rico-home* o que lles permitía lexislar, xulgar e gobernar, ademais de ter un alto dominio de tódalas súas terras que componían o seu señorío, xurisdiccionés, cotos, granxas, lugares e casais. Este derecho, recórdanos LOPEZ FERREIRO<sup>2</sup> estaba suxeito a varias restriccións, tiñan que recoñece-lo rei como *señor natural*, e en caso de traición ou alevosía perdían as súas terras, bens, preminencias e prerrogativas.

Este título de nobles, a nivel administrativo, permitíulle un réxime foral, o cal a partir do século XIV, determinou o seu asentamento e posterior extensión. Un progresivo asentamento na zona e unha ampliación no seu dominio xurisdiccional nos municipios de Rodeiro, Chantada, Taboada, Dozón e Lalín. Deste xeito e debido á gran cantidade de rendas que posuía, tiñan dúas *tullas* instaladas no primeiro piso e baixos da Torre.

<sup>1</sup> A.C.F.C. *Foros*.

<sup>2</sup> LOPEZ FERREIRO, A. (1895): *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*, páx. 18-19. Edic. Castilla, Madrid.

Baixo a fórmula de donacións reais ou o modelo de compra-venta de terreos, casas, e lugares foron extendendo o seu patrimonio; o que lles supuxo a necesidade de contar con figuras xudiciais, como era o caso de xuíces e escribanos que residían e lexislaban no seu señorío xurisdiccional, noméavos o propio señor da Casa-Fortaleza e, posteriormente, administradores ou apoderados.

O seu réxime señorial tamén contemplaba o que se denomina: *razón de vasalaxe*, obrigándolles ós vasalos a que lles segaran a herba, o centeo, trigo, a cebada, e outro calquera froito e que llo carreasen á Casa de Camba e así mesmo o viño do Ribeiro. Á vez que deberían presentarse de inmediato, cando o señor da devandita Casa o considerase oportuno, “sen pagarllles cousa algúns ha”.

Das primeiras figuras de dita liñaxe só coñecemos os seus nomes e algúns feitos, así temos a **Lope de Camba Tavoada o vello**, quen segundo un manuscrito se nos presenta como o primeiro señor da Fortaleza de Camba<sup>3</sup>. Viviu ó longo do século XIII e XIV, cando como nos recorda GARCÍA ORO<sup>4</sup> os cabaleiros galegos saen do anonimato, e estivo casado con María Urraca de Andrade e foron os seus fillos: Lope de Camba Tavoada “que levou o de Tavoada”, Álvaro de Camba Tavoada *o vello*, “que levou o de Camba e o Castelo de Rodeiro”, e Galaor de Camba Tavoada, “que levou moitas terras e heredamentos, e esta partición foi polos anos de 1419 do Nacemento de Cristo”.

Un dos seus fillos, o señor Lope de Camba Tavoada *o mozo*, segundo dito manuscrito “parece que estivo casado coa señora María Fernández de Castro”; desde entón atópase noticia de **Gómez Eanes de Camba** en tempos do Rei don ALFONSO XI, pero non se atopa con quen estivo casado, nin os seus descendentes.

Un dos primeiros Camba, dos que podemos delimitar unha fisonomía detaizada foi de **Álvaro de Camba Tavoada o vello**, dono da Fortaleza ou Torre de Camba e do Castelo de Rodeiro, segundo un privilexio<sup>5</sup> otorgado polo Rei DON ALONSO XI, no que di:

“...por canto vos Álvaro de Camba Tavoada, señor do Castelo de Rodeyro, e os seus Alfozes sempre me servistes con toda lealdade, dámossos privilexio de rico-home para que connosco, e nas vosas vidas podades traer Pendón e Caldera como Rico Home...”.

<sup>3</sup> A.C.F.C. *Facendas*.

<sup>4</sup> GARCÍA ORO, J. (1981): *La Nobleza Gallega en la Baja Edad Media*, pág. 17. Colegio Franciscano, Santiago de Compostela.

<sup>5</sup> A.F.C.C. *Facendas*.

Este Álvaro de Camba Tavoada *o vello* compartiu as mesmas fazañas que Alonso Suárez de Deza, na “Terra de Santiago”, contra o arzobispo don Berenguel de Landoira.

O asasinato de Alfonso Suárez de Deza<sup>6</sup>, casado en primeiras nupcias con Teresa Eanes Turrichao de Camba e en segundas nupcias con Maior Vázquez de Rodeiro<sup>7</sup>, de máns das huestes do arzobispo don Berenguel de Landoira no ano de 1320 emprendeu unha longa guerra entre as xentes de Deza e o arzobispado, que rematou coa vinganza, no ano de 1366, no asasinato do arzobispo de Santiago, don Suero de Toledo a máns de Fernán Pérez Churrucho e Gonzalo Gómez Gallinato, e apoiado polos Camba.

Ditas fazañas bélicas foron parte das fogosas reprimendas sufridas nos séculos XIV e XV os distintos señoríos laicos das terras de Camba, Deza, Ventosa e Trasdeza. Así os Camba, ó presenta-lo apoio a Alfonso Suárez de Deza, é un feito que lles vai repercutir na entrada en continuos pleitos co arzobispado, que tiveron consecuencias seculares, assumíndoas os seus descendentes.

Fillos varóns de Álvaro de Camba Tavoada *o vello* foron Lope Hernando de Camba e Alonso de Camba que foron mandados matar polo Arzobispo Lope de Mendoza<sup>8</sup> debido a seu desobediencia ó Arzobispo de Santiago e a súa terra. Hernando de Camba estivo casado cunha señora da Casa de Soutomaior.

### **Álvaro de Camba e Tavoada *o mozo***

Álvaro de Camba y Taboada foi fillo de Hernando de Camba. Era dono da Torre de Camba, Torre de Taboada, do Castelo de Rodeiro, e dos vales de Camba e Rodeiro, cos seus límites e dereitos. Casado con Leonor Gracia Taboada, filla de Lope Pérez de Taboada e de dona Maior.

Tivo dous descendentes, Fernando de Camba e a Lope de Camba e Tavoada, e na súa morte dispuxo da seguinte maneira:

“...a don Fernando lle deixaba a Fortaleza de Camba, a Casa de Vilar de Ferreiros e a Torre de Rodeiro, polo cal pasou a chamarse don Fernando de Camba, e a Lope a Fortaleza de Taboada, chámándose don Lope de Taboada...”<sup>9</sup>.

6 Avó de Álvaro de Camba e Tavoada *o mozo*. A.C.F.C. Pleitos.

7 “Na era de 1383, Maior Vázquez de Rodeiro, viúva de Alfonso Suárez de Deza, vendeu a Andrés Sánchez de Gres, seu sobrino, casado con María Álvarez, entre outros bens la Mota e a Casa Forte de Rodeiro, con tódolos dereitos e terras que lle pertencían nos cotos de Camba, os cales lle doara o rei don Sancho IV e don Fernando IV ó seu tío Vasco Fernández de Rodeiro, con todo o que lles pertencia na terra de Camba, Deza, Orcellón e Ventosa”. A.C.F.C. Facendas.

8 A.C.F.C. Pleitos.

9 A.C.F.C. Sucesións.

Álvaro de Camba e Tavoada *o mozo*, sufriu o acoso do arzobispado de Santiago, recordando as vellas rencillas entre éstes e os Camba, unhas veces por posesións de terras, castelos, e outras por asasinatos ou usurpacións de terras. Presento a continuación o comezo dun pleito entre este señor e o arzobispado de Santiago.

*“Memorial do pleito de Álvaro de Camba e Tavoada o mozo, co arzobispo de Santiago sobre o Castelo de Rodeyro, Vales e Alfoces de Camba e Rodeyro, cos seus límites de monte a monte, dereitos e pertenzas.*

*Reinando en Castela e León o Rei DON JUAN II, houbo pleito na Real Chancilleria de Valladolid, que moveu Álvaro de Camba Tavoada, morador en Seoane de Camba, contra o arzobispo que era entón de Santiago, dicindo ser seus os Vales e Alfoces de Camba e Rodeiro co seu Castelo, son seus por herdança e sucesión do seu pai Hernando de Camba e do seu avó Álvaro de Camba e Taboada o vello, e más proxenitores seus desde tempo inmemorial, tal que memoria de homes non era atopalo= E sendo así dito arzobispo arrancadamente e con mán poderosa, sellos levara usurpados, e pidiu restitución, ofreceuse a probar..”<sup>10</sup>*

### Fernando de Camba. “O Duque de Camba”.

O lexendario título de “duque de Camba”, lle foi otorgado a Fernando de Camba, polos reis católicos e por tomar parte na conquista de Granada, participando como *capitán*, con vinte lanzas, *texto* que aparece no seu sepulcro.

As súas terras, estendíanse por boa parte dos municipios de Rodeiro e Dozón (Pontevedra), así como os Castelos de Castro Cambad (Chantada) e San Pedro de Bembibre (Taboada). Tamén con posesións no mosteiro de Chantada e no priorazgo de Pombeiro, Pantón.

Fernando de Camba estivo casado con Teresa Rodríguez Noguerol. Herdou dos seus pais ademais da Casa-Fortaleza de Camba e a Torre de Rodeiro, moitos bens en distintas freguesías do actual concello de Taboada; como as parroquias de Santiago de Sobrededo, o coto de Santa María do Castelo, os cotos de San Pedro de Bembibre, San Mamede de Torre, Santiago de Frades, Santa María de Taboada, San Lourenzo de Gondulfe, San Xoán de Bouzao, Santiago de Esperante, San Martiño de Mato, San Salvador de Piñeira, San Julián de Campo, Santiago de Cecillón e os padroazgos de Santo Tome de Merlán, Santa María de Merín, etcétera.

---

10 A.C.E.C. *Pleitos.*

A esposa de Fernando de Camba levoulle en dote o coto de Esperante, cas súas rendas, pechos e dereitos, xurisdicción civil e criminal. Era filla de Isabel de Montenegro, da casa de Amarante.

### **Fernando de Camba e a súa época.**

Fernando de Camba tomou parte nas belicosas revoltas que inquietaron e perturbaron a paz de Galicia no último tercio del século XV, ó lado do arzobispo de Santiago don Alonso de Fonseca, contra o conde de Camiña, Pedro de Soutomaior. Vasco de Aponte<sup>11</sup>, refire o asedio que o *conde de Camiña*, o famoso “Pedro Madruga”, organizou para apoderarse do castelo de Sobroso, tendo como prisioneiro a García Sarmiento, ó que ameazaba con matar se os da fortaleza non lla entregaban. O asedio fallou pola chegada das forzas do arzobispo de Santiago.

O de Sotomaior levantou o cerco e levouse prisioneiro a García Sarmiento, señor de Salvaterra e a Fernando de Camba, do que di Vasco de Aponte<sup>12</sup> encerrou en Soutomaior nunha gaiola de ferro. Non se sabe o tempo que durou a prisión de Fernando de Camba, porque posteriormente aparece con García Sarmiento na fortaleza de Salvaterra a onde os trasladara o de Camiña desde Soutomaior.

**GUNDÍN SALGADO, Cristóbal (1572-1616).** Llamado también GIL GUNDÍN. En 1553 era menor de edad. Escribano del Juzgado y Audiencia de Deza en los años indicados. En 1594 se titula uno de los de la Audiencia (señal de que ya habían sido creadas más escribanías). Fue Mayordomo del Conde de Lemos en esta Jurisdicción. Dueño de la noble Casa de García Sánchez, en San Cristóbal da Pena, de la que era vecino.

---

<sup>8</sup> Por lo menos desde 1366, según la curiosa versión que nos ofrece la documentación del AHUS de un suceso tan conocido como el asesinato del Arzobispo de Santiago a manos de los Churuchaos: ...la Tierra de Deza antiguamente era de dos hermanos, que se llamaban los Churuchaos Suárez de Deza, los cuales partieron entre si la dha Tierra, y a uno de ellos cupo el Juzgado y escribanía de ella; y al otro, que tenía mas derecho, cupo en su parte el Señorio, la Merindad con la Jurisdicción acumulativa, la fortaleza, rentas y vasallos de la misma Tierra... Sigue contando que el Churuchao que recibió el Juzgado fue el que asesinó al Arzobispo don Suerzo y continúa el documento: Y que por causa y razon del referido delito, que cometió este Churuchao, le fue tomado y confiscado entre otros bienes que tenía el dho Juzgado y escribanía y se aplicó a la Santa Iglesia... Sin embargo, en épocas anteriores a este asesinato los antiguos Notarios públicos lo eran en nombre del Arzobispo de Santiago.

Año 1612. Arquivo Gómez Buxán

**LÓPEZ VARELA, Pedro (1609-1635).** Escribano de Número de Camba, Jurisdicción en la cual lo citamos, pasó después a residir en San Adrián de Moneixas, ocupando una de las Escribanías de Número de Deza.

**SÁNCHEZ DE ULLOA, Lope (1615-1643).** Nació en el Pazo de Trasulfe en 1584-85. Vecino de Tierra de Camba en 1612. En 1613 ya era Escribano. En 1615 y 1643 Escribano Público en Tierra de Deza y más tierras y jurisdicción de S.E. el Conde de Lemos y uno de los de Número y Audiencia de la Tierra de Deza. Vecino de San Cristóbal da Pena y de Santa María de Bermés en 1616, de San Miguel de Goiás en 1619, y otra vez de Bermés hasta su fallecimiento.

**REGIL, Joan de (1623-1656).** Escribano de S.M. y de Número de la Jurisdicción de Deza.

Año 1634.  
Arquivo Gómez Buxán


**LÓPEZ VARELA, Pedro (1639-1647).** Llamado “el Mozo” para diferenciarlo de su padre, el también escribano Pedro López Varela, al cual citamos anteriormente. Nació en 1597 o 1598. En 1636 no era aún escribano, como lo fue en las fechas indicadas, de Número de la Audiencia de Lalín. Vecino de la fr<sup>a</sup> de Moneixas.

**ÁLVAREZ DE LIÑARES, Diego (1650).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza.

**RODRÍGUEZ DE CASTRO, Gregorio (1656-1664).** Escribano de Número de la Audiencia de Deza. Falleció antes de 1668. Había sido vecino del lugar de Amboade, en San Esteban de Barcia.

**GONZÁLEZ, Antonio (1663-1670).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza. Vecino de Santa María de Donramiro. Falleció antes de 1677.


**FERNÁNDEZ GIL, Rodrigo (1668-1688).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza. Descendiente del Pazo de Filgueiroa, en Donramiro. Fue vecino de la llamada Casa Nueva del Estanco (hoy Casa del Río), en la fr<sup>a</sup> de San Martín de Lalín.



**GARCÍA RODRÍGUEZ, Anastasio (1669-1676).** Escribano de Número en Deza.

**GUTIERREZ DEL CAMPO, Francisco (1674-1679).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza. Vecino de San Miguel de Bendoiro.

**TABOADA, Domingo (1676-1679).** Escribano de S.M. en 1667. En 1676 era Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza. Fue vecino de Santa María de Bermés, donde falleció antes de 1684. Se le nombraba también *Domingo López Taboada*.




**GONZÁLEZ BUGALLO, Andrés (1690-1728).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza. Vecino de San Román de Santiso.

**CASTRO, Gabriel de (1692-1716).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza. Fue vecino del Pazo de Carrágozo de Baixo, en San Cristóbal da Pena.


**RODRÍGUEZ DE ULLOA, Francisco (1699-1700).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza.

**GONZÁLEZ, Bernardo (1707-1728).** Nació en Santa María de Filgueira, emparentado muy posiblemente con el Pazo de Cardexía, en esa fr<sup>a</sup>. Sirvió como criado durante un considerable número de años al escribano Rodrigo Fernández Gil, ya que lo documentamos como tal en 1678 y 1686. En 1700 aparece como vecino de San Martín de Lalín, pero no ejerce como escribano. Si lo era en 1707, de Número de la Jurisdicción de Deza. Fue vecino de la Casa do Estanco, en la repetida fr<sup>a</sup> de Lalín, falleciendo a finales de la década de 1720 o comienzos de la de 1730.

Año 1708.  
Arquivo Gómez Buxán




**SALGADO FROIZ, Andrés (1724-1727).** Escribano de S.M. Nació en Santa María de Filgueira, donde ejercía en 1709. En 1716 ya era vecino del lugar de Pareizo, en Goiás, donde establecerá su residencia definitiva, siguiendo en el oficio de escribano en 1748. En las fechas indicadas ejercía temporalmente como Escribano de Número uno en Deza.



**CASTRO Y ULLOA, Francisco de (1731-1775).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza, como lo había sido su padre, Gabriel de Castro, a cuya muerte quedó menor de edad, por lo que no pudo ocupar inmediatamente esa Escribanía. Fue vecino y dueño del Pazo de Carragoso de Baixo, en San Cristóbal da Pena.

Año 1739.

Arquivo Gómez Buxán



**CASTRO GONZÁLEZ GARCÍA, Mauro de (1734-1766).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza. En 1774 ya no se nombra como escribano, pues renunció la escribanía en su hijo Gabriel Raphael. Fue vecino de San Pedro de Erbo.


**GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Vicente Cayetano (1739-1753).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza, al igual que lo había sido su padre Bernardo González, a la muerte del cual quedó menor de edad. En 1734 todavía no ejercía como escribano. Fue vecino de la Casa do Estanco, en Lalín. Falleció antes de 1757.

**VILA, Domingo Antonio da (1755-1778).** Escribano de S.M. en 1755 y 1775. En 1778 era Escribano Interino de Ayuntamiento, Rentas e Hipotecas en la Jurisdicción de Deza, cargo que abandonó a comienzos de junio de dicho año por concesión del mismo a Don Fernando González Taboada. Fue vecino de Santa María de Noceda.

**RAMOS GIL, Bartolomé (1757-1789).** Nació en San Juan de Toiriz, donde figura como vecino en 1735. En 1747 era Escribano de S.M. Entre 1753 y 1757 entra a ocupar una de las Escribanías de Número de la Jurisdicción de Deza, hasta que entre el 8-I-1789 y el 16-VIII-1790 la renunció en su hijo Carlos Fernando. Falleció entre 1797 y 1800. Fue vecino del lugar de Cangas do Fondo, en San Xiao de Rodís.

**CASTRO, Gabriel Raphael de (1774-1803).** Escribano de S.M. y de Número de la Jurisdicción de Deza, como lo había sido su padre Mauro de Castro, que renunció en él el oficio algunos años antes de 1774. Nació en San Pedro de Erbo, pero la mayor parte de su vida residió en el lugar de Vilar do

Río, en San Miguel de Bendoiro. En 1757 y 1766 figura como testigo en escrituras, siendo vecino de Erbo.



Año 1783. Archivo Gómez Buxán

**GONZÁLEZ TABOADA, Don Fernando (1778-1803).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza desde comienzos de junio de 1778, en que se le concedió la Escribanía de Ayuntamiento, Rentas e Hipotecas de dicha jurisdicción.

**RAMOS GIL, Don Carlos Fernando (1789-1838).** Testigo en escrituras de su padre, Bartolomé Ramos Gil, en 1766. Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza desde que renunció a su favor el dicho su padre en 1789 hasta su muerte, acaecida en 1838. Edificó en 1822 la casa que todavía se puede ver en el lugar de Cangas do Fondo.

**GONZÁLEZ, Manuel Ramón (1814-1821).** Hijo del también escribano Miguel González y natural de San Martín do Cello. En 1804 servía como oficial del escribano Carlos Ramos Gil. En 1814 ya ejercía como Escribano de Número de la Jurisdicción de Deza (en 1821 en el Partido de Lalín). En 1831 no se nombra de Número, sino sólo de S.M. en 1823 y 1824 era Juez Real y Ordinario de la misma Jurisdicción de Deza.

Año 1830.  
Archivo Gómez Buxán

**GONZÁLEZ DE VALES, Don Francisco (1821).** Escribano de Número del Juzgado de Lalín, habiendo sido anteriormente Escribano de Dozón.

**CAXIDE BERA Y TOBAR, Don Josef (1821).** Escribano de Número del Juzgado de Primera Instancia de San Martín de Lalín y su distrito en la fecha señalada. Anteriormente ejerció el oficio de Número de Carboeiro.

## COTO DE DOZÓN

El Coto Real de Dozón comprendía lo que constituye el ayuntamiento de Dozón y una sola Escribanía de Número.

**BIEIRO, Juan de (1560-1584).** Escribano del Coto de Dozón en la última de las fechas reseñadas, y posiblemente también en la primera de ellas.

**GÓMEZ DE SEVIL, Rodrigo (1595-1618).** Escribano del Coto de Dozón.


**ALVAREZ, Pedro (1635).** Escribano del Coto de Dozón.

**TABOADA DE SEVIL, Pedro (1667-1676).** Escribano. Vecino del Coto de Dozón.

**ÁLVAREZ DE QUIROGA, Juan (1727-1729).** Escribano de Número Insolidum del Coto de Dozón.

**DIEGUEZ, Pedro Ignacio (1751-1783).** Escribano de S.M. y de Número del Coto Real de Dozón.

**GONZÁLEZ DE VALES, Don Francisco (1809).** En esa fecha era Escribano de Número del Coto de Dozón. En 1821 lo era de Número del Juzgado de Lalín.



Año 1821. Arquivo Gómez Buxán

## JURISDICCIÓN DE LA FORTALEZA DE CAMBA

La Fortaleza de Camba, antiguo solar de ese apellido y emparentada con los Taboada de Castro Candad, se puede ver todavía hoy en la parroquia de San Xoan de Camba.

En sus tiempos, eran extensos los bienes y jurisdicciones que poseía, como lo atestigua el hecho de que por 1699 se efectuara un apeo de los bienes que poseía en un libro de 1234 folios. Entre estos bienes estaba la citada Fortaleza de Seoane de Camba (cuya jurisdicción comenzaba en la Pena Contín), la jurisdicción de Quinzán y la villa y tierra de Castiñeira, y bienes en Redondela, Cangas, Pontevedra, Santiago, etc.

**RODRÍGUEZ DE CAMBA, Joan (1630-1654).** Escribano Insolidum de la Fortaleza de Camba y su jurisdicción. Estaba emparentado con la citada Casa. Fue vecino de Santa María de Río, pasando luego a la vecindad de Lamas, parroquia citada de San Xoan de Camba.

## COTO DE PILOÑO

El Coto de Piloño, patrimonio desde antiguo de la Iglesia compostelana, poseía una Escribanía de Número propia, unida a la que en tiempos anteriores debieron tener Carbia y Sabrexo y, como ya indicamos anteriormente, quizá a la parte del Coto de Carboeiro propiedad de la misma Iglesia.

**TATO, Francisco (1546).** Tenía título de la Santa Iglesia de Santiago de la Escribanía de Piloño, a la que estaban anejas la de Carbia y Sabrexo. La detentaba en su nombre el siguiente, Sebastián Rodríguez de Brandomés.

**RODRÍGUEZ, Sebastián (1542-1546).** Se citó en el Coto de Carboeiro y en la Jurisdicción de Cira.

**GARCIA, Gregorio (1611-1645).** Ya nos hemos referido a él al hablar del Coto de Carboeiro.

**BLANCO, Antonio (1758).** Escribano de S.M. y de Número del Coto de Piloño.

**BLANCO, Francisco (1773).** Escribano de Número del Coto de Piloño. Hijo del anterior.

**VÁZQUEZ MOSQUERA, don Juan (1808).** Parece ser Escribano de Número y vecino del Coto de Piloño.

## JURISDICCIÓN DE TRASDEZA

La Jurisdicción de Trasdeza, que comprende la mayor parte del actual Ayuntamiento de Silleda, es como tal jurisdicción relativamente reciente. Antiguamente estas tierras conformaban una preciada posesión de la Iglesia de


Santiago, la Merindad de Benquerencia<sup>9</sup>. En 1422 el Arzobispo don Lope de Mendoza hizo feudo de esta Fortaleza y tierra a su sobrina Leonor de Mendoza, mujer de Lope Sánchez de Ulloa, progenitores de los Condes de Altamira.

La posesión de estas tierras fue, al igual que las de Deza y Borraxeiros, motivo constante de disputas y pleitos entre el Arzobispo y los Condes, hasta que en el año 1538 se dio sentencia favorable a la Mitra, con lo que tomó posesión de la Benquerencia en 1541.

La Escribanía de Número parece ser que a comienzos del XVI estaba unida a la de Deza. A finales del mismo siglo existían dos escribanías, que a comienzos del XVII se unieron en la persona de Alvaro Varela. En todo este tiempo los Escribanos de Número eran nombrados por el Arzobispo de Santiago. A lo largo del citado siglo XVII y gran parte del XVIII ocuparon este Oficio los poseedores del Pazo da Lama, en San Martín de Rellas.

**VÁZQUEZ VARELA, Men (1518).** Escribano de Deza, en el año indicado se nombra de Número de Deza y Trasdeza.

**VARELA, Galaor (1553-1579).** Escribano de S.M. y de Tierra de Trasdeza. Criado del Licenciado Sebastián de Lodero, el cual era vecino de la Ciudad de Santiago, en 1544 y 1547. Escribano de Trasdeza por lo menos en 1563 y 1579. Fue vecino de Santa Eulalia de Silleda.



<sup>9</sup> En esta Fortaleza habitaban algunas veces los Arzobispos de Santiago y tenían en ella sus Alcaldes y Merinos. En contra de lo opinado por algunos autores, la localización es clara una vez leído el texto antecedente. En primer lugar decir que en 1629 sólo existían ruinas que los vecinos aprovechaban ilegalmente para utilizar sus piedras en otras construcciones. En segundo lugar, afirmamos que otros pretendidos castillos existentes en la Jurisdicción son el mismo del que tratamos ahora, pues en ese año 1629 se nombra como el Castillo de Villaverde de Limia, que antiguamente se llamó de Férveda, y antes de Benquerencia. Tras todo lo cual sólo resta decir que se encontraba en la parroquia de Santa María de Graba, que según un foro otorgado en 1562, en que se citan los lindes del mismo, se podría localizar de la siguiente manera: *la dehesa que se llama y nombra del Castillo de Férveda, con la estibada da costa do Raal y parte de una parte por el porto abeal, que esta entre el río de Férveda y de la otra el río de Fonte Fria, y llega al campo de Raal.*

**VARELA, Alvaro (1596-1617).** Escribano de S.M. y uno de los dos de Número de Trasdeza en 1596, sucesor en las notas de Gabriel de Cámara. En 1617 ya figura como Escribano Propietario del Juzgado y Audiencia de Tierra de Trasdeza.

**VARELA DEL CORRAL, Juan (sobre 1620).** Posiblemente fuese hijo del anterior. Casó con una hija de los señores de Liñares, de donde procedería el apellido *Varela Taboada* que siguió en la posesión de la Escribanía.

**VARELA TABOADA, Francisco (1656-1668).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Trasdeza. Fue vecino del lugar y Pazo da Lama, en San Martín de Rellas.

**TABOADA VARELA, Antonio Francisco (1708).** Escribano de Número en ese año. Citado por Rodríguez Ferreiro, creemos que el orden de los apellidos está alterado, debiendo ser Antonio Francisco Varela Taboada.

**VARELA TABOADA, Antonio (1747-1761).** Escribano de Número de la Jurisdicción de Trasdeza. Dueño del Pazo da Lama, en Rellas.

**VARELA TABOADA, Francisco (1767).** Escribano de Número de Trasdeza. Vecino también del Pazo da Lama, en San Martín de Rellas.

**GÓMEZ, Pedro Antonio (1789-1809).** Escribano de Número Insolidum de la Jurisdicción de Trasdeza. Vecino de la Casa do Monte, en San Salvador de Escudro. El 3 de marzo de 1809 fue elegido Secretario de la Junta Gubernativa de Trasdeza.

**ESTEVEZ, Matías (1816).** Escribano por S.M. y Notario por sus reinos, además de Supernumerario en la Jurisdicción de Trasdeza.

## JURISDICCIONES DE VENTOSA Y BORRAXEIROS

Al igual que las tierras de Deza y Trasdeza, numerosos pleitos se suscitaron entre la Iglesia de Santiago, su legítima poseedora, y los Condes de Altamira. En todo caso, aunque la merindad y propiedad de la Fortaleza fuera del Conde, el Escribano de Número era nombrado por el Arzobispado.

Debemos diferenciar también las dos partes que comprende esta Jurisdicción, Ventosa y Borraxeiros. La primera, ya donada a la Iglesia de Santiago como Condado en pleno siglo X, y la segunda, que comprendía aquellas parroquias en que ejercía su poder la Fortaleza existente en Borraxeiros y destruida por los Irmandiños<sup>10</sup>, cabeza de la Jurisdicción.

---

10 En 1541 la Tierra de Borraxeiros comprendía San Cristóbal de Borraxeiros, San Xiao de Ventosa, San Mamed de Lamas, San Pedro de Ferreiroa, Santiago de Eidián, Santa María de Berredo, Santalla de Artoño, San Pedro de Freulfe (la actual Merlín) y San Xoan de Santa Comba.

Sin embargo, a finales del siglo XVI desaparece como propiedad de la Iglesia de Santiago la Jurisdicción de Borraxeiros, pues en la década de 1560 el clérigo Antonio Salgado, fundador del vínculo del Pazo de Borraxeiros, compró a la Dignidad Arzobispal este Mayordomazgo, junto con seis feligresías del mismo<sup>11</sup>. En todo caso esta compra no tuvo efecto en la Escribanía de Número, pues la compra de la jurisdicción no llevaba consigo la creación de un nuevo Oficio Numerario.

Durante todo el XVIII los ocupantes de esta Escribanía pertenecieron a la Casa de Castro de Santa Comba.

**VARELA, Francisco (1507).** Notario de Tierra de Ventosa.

**VARELA DE RAMIL, Pedro (1540-1542).** Escribano y Notario Público de S.M. y de Tierra de Borraxeiros por la Iglesia de Santiago.

**MENDEZ, Gregorio (1562-1564).** Escribano de S.M. y Notario de Tierra de Borraxeiros. Vecino de Santa María de Berredo.

**CIMA DE VILA, Pedro de (1617-1639).** Escribano de Borraxeiros y Escribano de Número de Ventosa. Vecino de Basadre.

**LÓPEZ DE VILLAS, Francisco (A. 1676).** Escribano de Número de las Jurisdicciones de Ventosa y Borraxeiros. Originario de Santa María de Basadre, casó con una hija de los señores del Pazo de Traspenas, en Santa Eulalia de Artoño. Falleció antes de 1676.

**BOQUETE, Domingo (1695-1700).** Escribano de S.M. y de Número de Ventosa y Borraxeiros.

**BOQUETE DE VILLAS, Pedro (1741-1758).** Escribano de Número de las Jurisdicciones de Ventosa y Borraxeiros. Fue dueño y vecino de la Casa de Castro, en San Xoan de Santa Comba.

**VARRIO, Don Francisco Antonio (1771-1774).** Escribano de S.M. y de Número Insolidum y en propiedad de las Jurisdicciones de Ventosa y Borraxeiros, oficio que renunció el 3-IX-1774 a favor de su hijo Don Manuel Ramón. Nativo de San Juan de Toiriz. Casó en la Casa de Castro de Santa Comba, de la que fue vecino. En 1778 se dice Escribano de S.M. y de Número que ha sido de Ventosa y Borraxeiros.


---

<sup>11</sup> Estas serían Borraxeiros (cabeza de la Jurisdicción) y aparte San Xoan de Couso, San Miguel de Cabanelas, Santiago de Eidián, Santalla de Artoño, Santa María de Berredo y Santiago do Sexo.



Año 1775. Arquivo Gómez Buxán

**VARRIO Y LOSADA, Don Manuel Ramón (1774-1788).** Con más de veinticinco años cuando su padre Don Francisco Antonio de Varrio renunció a su favor el Oficio de Escribano de Número de las Jurisdicciones de Ventosa y Borraxeiros, por escritura de 3-IX-1774. Casó con la heredera de la Casa de Ferreiroa, en la que moraron. Según González Alén, fue el promotor del traslado de la feria que se celebraba en Chaos de Aián al lugar de Agolada, en donde se celebra todavía actualmente.



Año 1775. Arquivo Gómez Buxán

## BIBLIOGRAFÍA

### Fuentes documentales

**Arquivo Histórico Universitario de Santiago**

**Arquivo Gómez Buxán**

**Archivo del Pazo de Donfreán.** (Desde aquí quiero expresar mi agradecimiento a D. Francisco Rubia Alejos, dueño del Pazo por las facilidades ofrecidas para la recogida de datos en su archivo, y a su hijo Francisco "Pancho" por su asesoramiento en temas informáticos).

**Archivo del Dr. Antonio Alfaya Ocampo**

### Fuentes bibliográficas:

**ASOCIACION AMIGOS DE LOS PAZOS:** *Inventario de Pazos y Torres.* Tomo VI.

**GONZÁLEZ ALÉN y VÁZQUEZ CRESPO:** *A Comarca do Deza.*

**LEGÍSIMA, P. Juan R.:** *Héroes y Mártires gallegos.*

**LÓPEZ DÍAZ, María:** *Una aproximación a la institución notarial en Santiago: Escribanos y notarios a mediados del siglo XVIII.* En "Estudios Mindonienses", nº 8, 1992, pág. 421-456.

**PRIMO BARJA, María Dolores y BROZ REI, Xosé Manuel:** *Libro becerro do convento franciscano de Sancti Spiritus de Melide,* en "Boletín do Centro de Estudios Melidenses", nº 11, 1998.

**RODRÍGUEZ FERREIRO, Hilario:** *La Tierra de Trasdeza. Una economía rural antigua.*

**VALIÑA SAMPEDRO, Elías:** *Catálogo de los archivos parroquiales de la diócesis de Lugo.*

**VILARIÑO, Francisco** (ed. de Armando VÁZQUEZ CRESPO): *Reseña histórica del Condado de Deza.*

## AS FIADEIRAS DE CARMOEZA

Xosé Vázquez Pintor

Todas as terras que se orientan cara ao mediodía tiñan o proveito de seren apetecidas para sementar o liño. En chegando abril, labrábase e alcanzados os meses de seitura do pan, recollíase.

Naquel tempo as tecedeiras tiñan sona de oficio e ata eran perseguidas polos namoramentos comenenciudos. Unha muller capaz de tecer era unha muller rica en reás e rica en bo gusto. Por iso as tecedeiras gastaban ollos de finura e había que saber utilizar todas as mañas da seducción para facerse con aquel corazón alegre.

O val de Carmoega ábrese ao río Arnego e déixase mollar polas fertilidades. Recibe o sol do día e o silencio das noites. Non hai estrelas aquí, porque as





sobreiras, de ancho sombreiro, non permiten ver os rostros distantes e os planetas.

No lugar que os nativos chaman o Batán, hai un regueiro inzado de batracios que peregrinan monte arriba, polos carreiros, na anunciación do tempo das chuvias. O vello regueiro debería ter o xeito das lagas onde o liño recibía os solagos unha e outra vez, ata quedar cumprido, ata facer verga, ata non romper.

A nena Xovita, desde o eirado, ollou como a súa tribo sementaba o liño, como estercada a terra e botada a liñaza, pasaba o angazo achairando o sitio. Nos días próximos axexou a medra e as catro regas ata o mes de xullo.

E chegou o tempo da arriga. As mozas foron chamadas para o labor. Os mozos non, que veñen eles á calor das cantigas e dos amores.

Sobre o eido, as mulleres, coas dúas mans, van tirando a modiño das plantas, ata que veña tamén a raíz, sacódenas contra as pernas e deixan os mangados atrás ata conformar un feixe.

E agora Xovita contempla o ripanzo, co seu peite de madeira, central. A cada lado, a cachapernas, os mozos ripadores baten os mangados contra o peite e turran deles cara si, para que se solte a semente. O son do traballo marca un ritmo especial, ese canto que a Xovita escoita, en letras de namorar.

O mozo moreno ten a voz grave, non ergue os ollos do ripanzo de madeira.

Pola contra, o dos cabelos loiros non deixa de axexar ás mozas de lonxe, de facer rechamantes versos, inzados de ripios e castrapo.

No outro día e no outro máis, os cargadores, elas e eles, levan os feixes,

atados con vergas de bimbio, ata a laga. Pasenío, afogan a planta para que coza, en corenta días.

E Xovita, no remate do asolagamento, ollando as pedras e os ramallos de carballo que fan peso, escoita a voz da doncela, que canta desde un cómaro:

*Cuanto más hondo es el pozo,  
máis clariña sae el agua,  
cuanto más lonxe de ti,  
más firme está mi palabra.*

A avoa dixéralle a Xovita que hai que traballar para mañá. E a nena non soubo máis e botou a correr, pensando que mañá estaba lonxe. Pero agora, cando ollaba recoller a bagaña na sabenla, deu en entender os consellos da avoa. As mozas comezaron a danza comunal, namentres os homes erguían as voces da cantiga:

*O liño queda na poza  
e a bagaña no palleiro;  
agora, miña meniña;  
tocaremos o pandeiro.*

—¡Nena, estende a bagaña na eira!

E ela fixo caso, foi deixando a semente ao sol e puido ver como a calor abría o coaño e caía a liñaza.

—¡Xovita, varre o coaño, que é bo para estercar as cebolas!

“A min nunca se me deu ben eso de varrer, e mais o coaño: erguíase po, que mancaba nos ollos.”

—¡Así non se fai, nena, baixa máis os cadrís! ¡Ah, ti has valer para señora fidalga!

“E dei en soñar coas cousas dos ricos. Porque don Antonio de Casadanxel gasta roupa de liño. Sempre tecen para el as mellores tecedeiras do arredor. E quero ser unha boa tecedeira, ou costureira; calquera cousa que non sexa andar coas maus na terra, e cos cadrís dobrados.”

“Na outra semana estercamos o porral das cebolas e gardamos a liñaza para a semente do ano. Como sobrou de abondo, a mamá quere que eu vaia con ela á feira, para vendela, e cos cartos hame de mercar uns zapatíños de Noia, que son do bico feituco e altiños de taco para lucir as pernas. Trato feito, mamá. Agora espero por ese día namentres o liño coce na poza. Porque cando vaimos carrexalo será outra boa molladura. Eu hei levar o meu mandil de picote na cabeza. E veña carrexar ata o campo de Tendal. Lembro eses catro ou cinco días

de sol, secándose, enxoitándose. ¡Quen lle vai dicir agora a o liño que o espera a maza e a remaza!"

"Para este tempo xa temos os mazadeiros na porta da casa, a carón da columna que terma da viga do pendello. O mazadeiro é dunha pedra grisalla, pola que chove, venta, neva, e peta o sol de xullo e agosto. ¡Tantas veciñas téñome sentado no mazadeiro a descansar!"

O día disposto para mazar amencerá algo fresco. Pasaban as nubes altas do verán más de présa ca de costume. A Fita de Rebordelos puxo un mangado de liño sobre a pedra, colleuno por un extremo e deu en bater nel co rebolo de adeira de freixo. Ía, a cada malladela, revirándoo pouco a pouco. A Xovita foi sabendo, con simpatía, que cada dúas mazas, postas en pé, forman un par; e que cada doce pares forman un augadoiro, que ten doce mazas. Por cada angadoiro, a Fita cobraba unha maza para si.

—Estás algo triste, Fita —díxolle a rapaza— non cantas, como din que cantan e falan as mulleres que mazan o liño.

—É porque estou soa, que, senón, xa escoitarías ti o que é a miña alegria. Dille a túa nai como cantan e falan as mulleres neste labor.

—Non estás tan soa, porque eu estou aquí contigo, desde hai un bo anaco de tempo.

—Non me decatei, Xovita, perdoa.

—Non hai de que.

No outro día, a Fita trouxo consigo dúas mulleres más, para facer a remaza. Bateron de volta nas mazas e deron palique de abondo. De lonxe, escoitábanse as cantigas; que cadraban co ritmo dos petos dos rebolos contra a pedra: téquele, téquele... téquele, téquele.

*Boas tardes, miña sogra,  
véñolle pedir a filla,  
se ma dá séntome un pouco,  
se non marcho máis axiña.*

*Pois a filla non cha dou,  
non teño que che facer,  
tu es un lagalfazán  
e non a podes manter.*

*Eu téñolle un bo oficio,  
xa sabe que son gaiteiro,  
anque ando de festa en festa  
gánolle moito diñeiro.*

*A miña filla, Farruco,  
é moi nova pra casar,  
solo ten corenta anos  
e pódesma destragar.*

*O pior é a barriga  
se hai pouco que comer  
pero tocando na gaita  
podémonos distraer.*

*A túa gaita, Farruco,  
trae a miña filla tola,  
xa non come nin descansa  
senón pensando na voda.*

*Pois pra poñela contenta  
debe deixala casar  
que despois de casadiña  
gaita non lle ha de faltar.*

*Pois agora miña nena  
contenta podes estar:  
festa arriba, festa abaixo  
xa te encherás de bailar.\**

—¿E que facedes agora? —preguntoulles a Xovita, ollando como as mulleiras empozaban de novo o liño.

—Cómpre augalo, para que saia máis branco.

—¿Cantos días ha estar na auga?

—Catro ou cinco.

—¿E despois?

—Ha vir o sol a secar —respondieron as mulleres, case a un tempo. E riron pola tal coincidencia. Pero a rapaza tomouno a mal e pechouse no cuarto. Tamén ata alí chegaban as voces das traballadoras e o chaf-chaf do rebolo, que semellaba non ter nunca descanso.

A luz do gas alumea levemente o espacio. A noite cae fría e óllanse os astros. A Xovita repará nos ollos dun mozo da parroquia, que se chama Olegario e vén de deluvador por vez primeira á súa casa.

---

\* Cantiga de mazar o liño recollida en Parada de Vilar de Santos, Ourense, dentro dos labores de recuperación do C.D.R. A Eirada.

Unha muller desfai un augadoiro e comeza a repartir os pares, un a cada deluvador.

—Dáme outro par a min —pídelle a Xovita á Lucinda de Andrés.

—Non se lle chama par, agora chámase estriga.

—¡Ah!

Os deluvadores collen a estriga coas dúas mans, cada man nun extremo. Axiña refregan con forza e o liño vai perdendo a aresta. As estrigas deluvadas fican en pé, a unha beira. Cada dezaoito estrigas átanse para facer un afusal.

—¡Xa está todo rematado! —berrou con ledicia a Carmiña de Outes.

—¡Xa está! —dixerón todos nunha voz que se escoitou unísona, coma un coro.

Daquela os mozos carrexaron nun “ai de deus” os afusais para o palleiro. E faise unha lúa clariña e cómplice. Todos os rostros están alegres.

—¡Que cante o Berto! ¡Que cante!

—¡Que cante! ¡Que cante! ¡Que cante!

Na noite espléndida, co bater das cunchas, o Berto, da Casa de Riádigos, cantou os alalás e as bailadas, coma un anuncio de amores. A Xovita procurou nos ollos do Olegario unha luciña morna. Pero el estaba descansando nas mans e nos labios de Raquel, a moza dos cabelos de barba de millo, que falaba doce e amorosamente en palabras que tanto gustan aos homes noviños do trinque.

Era no mes de Santos. No lugar de Quian, os da Casa de Vila puxeron a data para a espadela. De volta o anticiclón, vindo do norte, traía unha friaxe seca. Amenceu clariño. No curral, a señora Ermitas tiña un lume aceso, de brasa de carballa. O fume, que non era tanto, subía coma un fío cara ás alturas, despois de salvar as tellas do cuberto, onde estaba o allar.

E van chegando as primeiras mulleres. Cada unha trae a súa espadeleira e a espadela. Na espadela hai marcas persoais, decoración que gustan de facer os seus donos, ornato de identidade, sobre o pau de carballo. Como nos xugos, son estes apeiros dos poucos que o mundo agrario decora artisticamente, en liberdade creativa.

—¡Que fría está a mañá! —quéixase a Trindade.

—Ven para a cociña, teño o leite ao lume.

—Xa almorcei na casa.

—Non importa, prepararei algo para todos.

—Non te ocupes neso, Ermitas.

—¿Como non? Vaia, muller, ¡que menos que darvos o almorzo!

No curral fóronden colocando as espadeleiras, que tiñan o aspecto de navaillas de pau, desafiantes ao ceo. Eran doce. Cada muller púxose de xeonllos dian-te súa, coa espadela na man dereita. A Xovita foi requirida para dar as estrigas,



namentres un mozo desataba o afusal. E comeza o labor. Plas, plas, plas, plas. As frebas van caendo, son as frebas con defectos. As mans dereitas das espade-ladeiras baten con perfecto nas estrigas, que penduran como as cabeleiras, dun reo enriba da espadeleira. No chan limpo van aparecendo os tomentos, que serán acaso tecidos de baixa calidades, áspera roupa de camisas no diario e de cirolas non homes.

A Xovita, que anda lixeira, tamén axuda a refacer de volta o liño espadelado en estrigas novas, en novos afusais.

—Así se fai, Xovita; has ter bo mozo, que es ben xeitosa no labor —di unha veciña.

—Ai, quen che me dera para o meu Secundino —apunta outra.


Pero a rapaza non está no lerio e xa soña coa noite que virá, despois da tasca, cando os mozos enchan de ledicia o turreiro, ao son da música e dos desafíos. Ela albisca nesa hora do mes de nadal, o punto exacto, o centro de mira aos ollos do amor que leva dentro.

—¿Cando asedades o liño, Ermitas?

—Xa deus dirá. Se hai tempo, axiña; e se non, que espere.

O restrelo ten os dentes de ferro, bastos e ameazantes. A Ermitas vai pasando por eles as estrigas tascadas, que deixan aquí neste pente os montes de estopa. A Xovita recóllea e gárdaa para os moitos usos domésticos: para pechar as fendas das madeiras, para tapar os billotes das cubas, para xogar cos cichotes...

O liño asedado gárdao a Ermitas en manelas, á espera do fiadeiro, a noite alegre de soñar.



En moitos días atrás, a Xovita andara a pedirlle á súa nai que lle aprendeira a mover o fuso, a sostener a róca no lado esquierdo do seu mandil, a ir collendo as frebas de liño e envurullándoo no fuso.

—Será para o ano, Xovita, ánda tes que ver mellor como se fai, non teñas presa.

—Quero fiar este.

—Non hai días para que aprendas de todo.

—Non importa, quero fiar.

—Bueno, alá ti; pero terás que dar moito fuso.

—Si.

—Todas as tardes dos vinte días que faltaban para o fiadeiro de nadal, a Xovita pasábaas no corredor da casa facendo prácticas. De lonxe bruaba o vento da chuvia e medraban os ríos grandes e os pequenos.

E chegou o día aguardado. Era luns. De mañanciña as néboas cegaron o val e a poalla caeu así ata ben entrada a tarde. A rapaza xa tiña o candil cheo de gas, espetado no burato de costume, alí no muro, do altor dun home de mediana estatura. Fixérase tamén coa pandeireta de cunchas e coa cazola, para bater nela na hora da alegría, ao remate do fiadeiro. Soñaba certa que o Berto traería consigo o punteiro e aqueles ollos, e os labios de corte exquisito, no que ela desexaba pousar un bico, ese bico que leva a sentir a vida dun xeito diferente.

—¿Nena? —chamou por ela a nai.

—Si, mamá, estou aquí, colocando o meu tallo onde non estorbe aos outros.

Deuse de conta, por primeira vez, de que a Ermitas sorría convencida de algo moi importante. E correu onda ela para lle dicir en secreto, achegando a voz á orella: «son feliz».

Á solporecida ergueuse o nuboeiro e foise marchando aquel día gris. Chegaron os planetas, despois as estrelas, e con elas as mozas, armadas de roca, fuso e banquiño. Algunhas traían as cunchas de vieira gardadas no mandil. Todas viñas dispostas a pasalo ben.

A Natalia de Ferreiroa, que era farreira en desmesura, espetou o quinqué co gas na parede. As catorce mulleres tomaron posesión dos seus espacios, sentándose nos tallos para comezar a fier.

A Ermitas foilles dando a cadansúa manela de liño. Todas elas embrillárono darredor do recó. A unha chamada de atención, movérонse os fusos entre os dedos da man dereita, retorcendo así o fío, namentres coa esquerda sacaban as frebas que de seguido se habían fier.

—Non fas ben cuspe, Xovita.

Era que a rapaza non mollaba os dedos da man esquerda na boca para pasar mellor as frebas, que deberían estar húmidas e retorcer ben.

—Si —dixo a Xovita.

Pero o seu pensamento andaba nalgures, preto de aquí. En cada volta que daba á roca, o fuso movía un mundo e ía engordando ata chegar a facer unha mazaroca.

Saben as mozas que os ollos das nais poden estar atentos á chegada dos mozos:

*Fan que che botan un sono  
no fiadeiro as velliñas:  
as larpeiras é pra ver  
que fan mentres as mociñas.*

Un punteiro vén de lonxe e con el o primeiro aturuxo, que rompe a noite e fai ladrar os cans. A Xovita espera que o Berto chegue. E xa o sente bater nas cunchas, achegarse a ela, tomar asento ao seu carón, estender unha man e dar axuda no liño que sae da roca, no fío que se vai facendo no fuso, na palabra que quere saír da boca. «Es moi bonita», diralle.

E ela collerá a cor das mazás reinetas e sentirá que as mans entran en desacougo. A Ermitas será cega e xorda; e entón eles os dous collerán a danza coma os outros, en roda; un vento de boca amiga apagará a lapa do candil e o escuro farase cómplice para o bico, eses labios que se queiman por primeira vez.

E comezan os desafíos. As risas. E volta a danza da muiñeira dos vellos



(«a redonda»), que despuntan as mulleres, de vagariño, melindrosas, doces de seguir co maxín máis quente e soñador. Elas, namentres danzan, non deixan de fier, e eles, seductores, incitan á sorpresa cos pasos más fermosos. O Berto baila no anónimo, ten o corpo fráxil e os ollos descansan ou non naquela rapaza que fía amodiño, como se lle pesaran as mans.

Son as once da noite, baixo dun ceo que agora esplende para algunas estrelas. A danza comunal e os desafíos deixaron xa o paso aos xogos: o do zapato, o do sarillo, o dos casados... A Xovita, no seu banco de sentar espera que alguén diga o seu nome, que unha voz a chame. Pero non. A Ermitas gardou ben o segredo e non quere que a súa filla entre en lingua de murmuracións. Os ollos do Berto están parados nela. Falta soamente un empurrón para que o medo sexa persuadido para desaparecer. Ese medo que ten a Ermitas, que anda nerviosa, ao axexo das vellas paliqueiras que anuncia o refrán:

*Quen queira saber as cousas  
vaia á forxa do ferreiro,  
dea unha volta polo forno,  
veña polo fiadeiro.*

—¿Xovita?

—¿Qué?

Abondou que o Berto a chamase polo baixiño. Ela, en pé, marcou cos labios un compás evidente de amor. De alí a pouco, un aturuxo moi alto, baril, rompeu o silencio da noite no val de Carmoega.

*Cando saen do fiadeiro  
os mociños desta terra  
botan moitos aturuxos,  
como é usanza galega.*

Pasenijo, as nubes pasaban por enriba das casas, que gardan os leitos cos corpos alegres, dispostos a soñar.

No outro día, a Ermitas preparou o sarillo e púxoo no medio do eirado. Raiolaba o sol; e aquel aparello a xeito de cruz de madeira, cos brazos rematados nunhas travessas (as pombas), estaba disposto para xirar verticalmente ao redor do seu eixe (o espigo).

—¿Nena? —chamou pola filla.

—¡Mande, mamá!

—¡Imos ensarillar, vente axiña!

—¡Xa vou!

Baixaba alegre do cuarto. Fixera a limpeza. Ollárase no espello a atopouse ben consigo. O día tamén axudaba a ser optimista.

Nai e filla colleron asento. Dunha mazaroca, a Ermitas, que tiña os ollos moi vivos e atendía toda a casa, sacou o cabo do fío e prendeuno a unha pomba; despois deulle voltas ao sarillo para que todo el pasase polas catro pombas. A tres ou catro mazarocas xa se enchen as pombas; é entón cando a Xovita recolle o fío nunha madeixa que se chama meada. Así pasan as horas da mañá. Elas as dúas a falaren de cousas de onte á noite, de mañá, de hoxe á tardiña, cando os meados sexan levados á fonte, ou mellor a un regato, para metelos na auga e batelos contra unha lousa para que se laven ben. No outro día, e se o solciño é coma hoxe, secarán fóra, no tendel.

—¡Xa están enxoitos, mamá!

—Pois cómpre metelos no pote, con auga e cinza de carballo, counselos, xabróñ e un óso de porco.

—¿E para que tanto labor?

—¡Xa o saberás, aínda es moi nova!

Na pedra da lareira ardían as achas de carballo nunha brasa moi viva. O pote de ferro ferveu máis alá das seis horas. Chop, chop, chop. Era un son de espesa mestura. A Xovita ía e viña para avivar o lume.

—Ten tino de que non morra o fogo, Xovita.

—Si, mamá.

Pasado o tempo necesario, elas as dúas colleron cos meados cara á fonte.  
De volta a os lavar na auga limpia.

—¡Canto traballo!

—Non o sabes ti ben —dixo a nai.

E foron colocando os fíos a asoallar no tendel.

Noutro día máis era necesario encoladalos. A Ermitas meteu os meados nun cesto e tapounos cunha saba vella. Axiña botoulles enriba auga fervendo con cinza. Así ata as nove veces en que o fío branquexa.

—Van ben lavadiños, ¿non si?

—Eso cómpre.

E outra vez a secar. O sol, que non era negado, íalles zugando a humidade da auga e a suor das moitas quenturas, co lume sempre a cachón.

Aos poucos días, a Ermitas, metida de cheo no labor, decidiu debandar o liño. Baixou a debandoria do sobrado do cuberto, que fora a casa antiga dos petrucios, e chamou pola súa filla.

—¡Xovita! ¡Nena! ¡Ven aquí!

—¡Si, mamá!

A debandoira tiña un caixón velliño, no que, se cadra, comían ou aniñaban os ratos, pois que cheiraba un tanto ao bravío; e a madeira tiña as pegadas do moito estroncio dos roedores. Os garabatos tamén estaban febles, eran catro paus de madeira ignota, pero que xa os mancaba o paso do tempo. Pola parte de fóra deles meteu a Ermitas a primeira meada, buscou o cabo do fío (costal) e foino envurullando nunha bugalla ou nun carozo. E fixéronse así os nobelos (cada un contén unha meada) que botaba para o caixón da debandoira.

—¡E non collerán mal cheiro, mamá?

—Non.

E as dúas deron en rir, porque o gato da casa uliscaba, fraco e nugallán, en vez de andar no sobrado a cazar para comer.

—É coma quen non o ten.

—Pobriño; michiño, micho —díxolle a Xovita.

E o animal arrimouse a ela, co rabo teso. A rapaza sentiu máis alá, como un pensamento trasmudara o seu mundo e púxoa a soñar.

Na casa petrucial da Ermitas non tiveron nunca a urdideira, polo que foi necesario ir ata o lugar que chaman de Santo André e alí, na casa de Liñares, armado o trebello de urdir, depositáronse os doce nobelos de fío en cada un dos departamentos da caixa de madeira (carcel); despois pasáronse doce fíos pola espalladeira.

—Os doce fíos que se van urdir chámanse viñón, Xovita.

—Xa sei.

E a rapaza aprendeu a facer a cruz na urdideira e comprobou que, chea de

fío, daba unhas sesenta varas de lenzo. E foi metendo na súa cabeza estes datos de interese: un viñón leva doce fíos; o ancho dos lenzos leva 260, polo que é necesario levar o viñón pola urdideira unhas vintedúas veces, once cara abaxo e outras tantas ao revés.

En poucas horas, a Ermitas regresou á súa casa coa cadea, xa disposto todo para o tear.

—¿Has ser tecedeira, Xovita?

—Se cadra si e se cadra non.

A resposta non podía ser máis convincente.

—Mamá, eu non quero ser tecedeira, é moito o traballo e cómpre ter as maus que eu non teño.

Aquela decisión da Xovita puxo en reflexión á Ermitas. Soñara ela cando nena en aprender a tecer e os seus pais non puideron mandala ao tear das da Casa de Camba, sonadas en leguas á redonda. Agora, que viraran os tempos, tiña a esperanza posta na súa filla. Fíxoa amigable no labor da sementeira e da colleita do liño; andou con ela nas últimas fiadas e cando tiña todo disposto para o tear, velaí que a Xovita descobre que ela non é quen de pisar nas premedeiras, de acaroarse ao orgo do pano, de soltar o compostoiro, de inverter os lizos...

—Todo no seu comezo é difícil, Xovita, non cómpre que te desanimes.

E no «non me gusta» enterráronse as derradeiras ilusións daquela muller que gastaba roupa de liño, facía sementeira de seu e era alegre e cumplida coas veciñas.

Por iso aquela tarde no folón estaban as dúas moi caladas. A Xovita botaba auga quente na pía para que as mantas, os picotes e as polainas colle森 o xeito do felpo ou para protexer da chuvia. Trinta varas de lenzo de cada vez eran foloados coa auga corrente do regueiriño da Ourixeira. Os martelos de madeira mallaban sen tregua no pano. Chof, chof, chof, chof. Vintecatro horas eran poucas porque o frío impedía o caroado do lenzo.

—Non dá aínda ben a cara —dixo a Ermitas.

—Non —respondeu a moza, sen saber a quen.

En primavera, na solaina, as mantas farrapeiras dabán un aspecto singular á parroquia. Era como se a vida rebordase en competencias, despois da eclosión.



## A DEMOGRÁFÍA HISTÓRICA NA COMARCA DE DEZA DENDE PRINCIPIOS DE SÉCULO Ó INICIO DOS COMPORTAMENTOS ACTUAIS: 1900-1950<sup>1</sup>

Jesús M. González Pérez

Instituto Universitario de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA).  
Universidade de Santiago de Compostela

Os concellos que componen a comarca de Deza suman, segundo o último Padrón Municipal de Habitantes do 1996, un total de 49.697 habitantes cando a principios do actual século, o Censo de Poboación de 1900 contabilizaba para estes mesmos seis concellos uns 52.255 habitantes, é dicir 2.558 efectivos máis que na actualidade. Neste artigo non temos a intención de busca-las causas que levaron a este descenso tan importante, sobre todo porque o inicio dos fenómenos que levaron o decrecimiento demográfico nesta comarca e tamén na Galicia se produciron, fundamentalmente, a partir do 1960. Non obstante, a través deste estudio imos te-la ocasión de comprobar as principais características do comportamento poboacional nesta primeira metade de século que, sen lugar a dúbidas, van tamén a asenta-las bases dos procesos demográficos que se van a producir con posterioridade.

Unha evolución demográfica que a pesar dunhas tendencias xerais moi similares, non van a ser iguais en tódolos concellos, polo cal a evolución debemos estudiala non só a nivel municipal senón incluso descender a escala parroquial, para así poder observar a tendencia dos diferentes núcleos de poboación.

1. Este traballo enmárcase no Proxecto de Investigación da Secretaría Xeral de I+D da Xunta de Galicia Código XUGA21001A98, titulado “Análise dos riscos territoriais asociados á despoboación en Galicia dentro do marco das rexións atlánticas”.



Unha procesión daquela época.

Una situación similar á dos outros aspectos da dinámica e da estructura demográfica, na que faremos continua referencia as diferentes variables municipais. O gran número de parroquias existentes nesta comarca dificulta que para un artigo deste tamaño se poda extender a escala parroquial para tódolos seus aspectos.


## A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA MUNICIPAL E PARROQUIAL DE 1900 A 1950

Como xa adiantamos anteriormente, se ben o número de efectivos no 1900 é superior ó actual, o total poboacional nos seis concellos no 1950 suman 61.177 habitantes, é dicir 8.922 efectivos máis que a principios do século. Situación que nos pon de manifesto unha evolución comarcal positiva ó longo destes cincuenta anos. Sen embargo, e aínda que con certos matices comunes, este proceso encerra unha grande cantidade de contrastes internos non só entre os distintos concellos senón tamén entre o espacio urbano, sobre todo da parroquia e vila de Lalín, e o resto das parroquias rurais que configuran os términos municipais.


A evolución poboacional de cada un dos concellos reflicten unha serie de características comunes, como son os valores positivos acadados ata a década do 1920, que conviven con comportamentos difíciles de explicar conxuntamente, aínda que debamos engloba-lo nun mesmo proceso que é a evolución demográfica galega e a importancia dos fenómenos migratorios. Do mesma xeito xa

no derradeiro período considerado, comezamos a observar comportamentos diferenciados segundo o grao de desenvolvemento do concello a favor, fundamentalmente, de Lalín e Silleda que son os que máis ven aumentada a súa poboación nos derradeiros anos do período censal. Aínda así, debemos resaltar o feito de que tódolos concellos desta comarca ven aumenta-los seus efectivos nestes cincuenta anos coa excepción de Dozón (-244 habitantes), xustamente o único concello rural de montaña da provincia de Pontevedra que vai gañar efectivos entre 1950 e 1991 (+59 habitantes).

A análise da evolución poboacional dun territorio se acomete en base ó establecemento de etapas demográficas, que serven para explicar as causas dos procesos que determinan o aumento ou o decrecemento de efectivos. A evolución demográfica de Galicia ou da provincia de Pontevedra ó longo deste século se establece, habitualmente, en catro etapas, das cales as dúas primeiras dividen os primeiros cincuenta anos do actual século. É dicir, o período anterior á Guerra Civil, de 1900 a 1935, e os anos de guerra e posguerra (1936-1950)<sup>2</sup>. A pesar de que esta periodización sexa doadamente extensible á nosa comarca de estudio, o descenso no nivel de análise territorial determina que detallemos máis concretamente os diferentes comportamentos demográficos.



2. Para o estudo da evolución poboacional co establecemento de etapas tanto de Galicia como da provincia de Pontevedra, pódese consultar, entre outras, as seguintes obras: Hernández Borge, J. (1990) *Tres millóns de galegos*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago; e González Pérez, J.M. (1998) *Sanidad y territorio en la provincia de Pontevedra*. Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Pontevedra.



As dúas primeiras décadas do século, 1900-1920, marcan a tendencia evolutiva xeral que vai a coñecer esta comarca, caracterizado por un incremento demográfico moi máis importante co habido na segunda metade do século pasado a pesar de seguir alimentando unha intensa corrente emigratoria. Nos primeiros dez anos só no concello de Carbia obtéñense rexistros negativos, no resto ou ben se aumentan os efectivos, no que destaca o caso de Silleda en case mil habitantes, ou ben se estabilizan (Dozón)<sup>3</sup>. A segunda década reafirma o proceso iniciado anteriormente cun proceso de crecemento moi importante nos concellos de Lalín, Silleda, Agolada e Rodeiro, mentres perden poboación os menos dinámicos xa nos pasados anos, como son Carbia e Dozón.

**Táboa 1. Evolución demográfica por concellos, 1900-1920. 1900=100**

	Lalín	Silleda	Carbia	Rodeiro	Agolada	Dozón
1900	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
1910	100,44	107,75	97,92	100,36	105,29	100,00
1920	103,35	114,99	95,50	105,49	122,67	95,56

Fonte: Censos de poboación e vivenda. Elaboración propia.

3. Debido a que o actual concello de Vila de Cruces denominábase Carbia ata a década de 1940, inclusive, nos imos a facer referencia a éste co seu antigo nome. Incluso a parroquia de Nosa Señora da Piedad de Cruces non existía en 1887 e formouse a partir dunha entidade homónima pertencente a San Fiz de Besexos e San Pedro de Cumeiro.

O grande número de parroquias que posúen a maioría destes concellos dificulta unha investigación máis detallada a esta escala territorial<sup>4</sup>. En Agolada, a tendencia evolutiva máis habitual nas súas parroquias segue dous modelos: ou ben o crecemento é ininterrumpido ó longo destes vinte anos (en 12 parroquias), ou ben a poboación descende no primeiro decenio para logo voltar a medrar no derradeiro (en 9), sen existir un patrón claro que axude a explicar estas diferencias territoriais. Sen embargo, o que é evidente é o aumento de efectivos experimentado en todas elas no 1920, a excepción das de Agra, Brántega, Carmoega e Val nas que aumentan os efectivos no 1910 para voltar a descender no 1920. En nengunha delas o descenso é continuado ó longo dos vinte anos.

En Dozón, unha das parroquias menos dinámicas nestes anos, só medran os efectivos nas dúas décadas en Santa María de Bidueiros, chegando nalgúns casos (Maceiras, Sa e Vilarello) a descender en ámbolos dous censos. As 48 parroquias de Lalín presentan comportamentos diferenciados áinda que, en xeral, a tendencia ó incremento poboacional é importante en case todas elas. O núcleo urbano de Lalín concentra xa nestes anos unha porcentaxe de poboación destacable, áinda que o seu crecemento nestes vinte anos fose escaso con respecto ó logrado no período anterior. É dicir, Lalín aumenta en 273 habitantes de 1887 a 1900, e só en 144 dende esta última data ata 1920. Pola súa parte, tanto Rodeiro como Silleda contan cun crecemento feble áinda que continuado, voltando a ser habitual o decrecemento de 1900 a 1910 para logo ascender novamente na seguinte década. En Silleda, a concentración demográfica nos núcleos máis poboados todavía non é tan saliente como vai suceder en épocas posteriores, áinda que das catro parroquias que suman máis de 500 habitantes (Cortegada, Escuadro, Graba e Manduas), só nunha o aumento de efectivos non é continuado (Escuadro). Por último, o concello de Carbia, o máis negativo neste período, vai manter unha dinámica por parroquias moi similar xa que só en once das 28 totais contabilizan máis efectivos no 1920 que no 1900, e non precisamente en todas as más poboadas.

Esta situación xeralizada de crecemento poboacional se explica por unhas taxas de natalidade bastante elevadas, superiores ó 30% (sobre o 33,80%) nos primeiros dez anos do século, que ligadas a unhas de mortalidade tamén importantes, áinda que algo inferiores (en torno ó 23,08%), propician unha taxa de crecemento vexetativo para toda a comarca no 1900-1910 moi elevada, de case un 10%. Situación na que destacan a elevada natalidade de Lalín nestas primeira década do século (34,90%) e unha taxa de mortalida-

---

4. A evolución de efectivos por parroquia pódese observar no anexo que presentamos na parte final deste traballo.

dade inferior á media (22,54%). A tendencia xenerada no 1910 determinou unha taxa de natalidade para os seguintes dez anos moi distinta á etapa anterior, evolucionando hacia un descenso importante da natalidade, en torno a un 23,99% de media para a comarca, e unha mortalidade tamén más reducida, sobre un 19,89% de media. Neste contexto prodúcese a sobremortalidade debido a gripe do 1918. Enfermidade que vai facer incrementar ata nun 60% a mortalidade en Deza, chegando a acadar índices propios de principios de século e incluso do S. XIX.

**Táboa 2. Natalidade (nados vivos) e defuncións medias anuais en Lalín e Silleda, 1900-1920. Totais (medias) e taxas por 1.000**

	1900-1905		1906-1910		1911-1915		1916-1920	
	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.
Lalín	629 (38,73)	415 (25,55)	505 (30,96)	317 (19,43)	446 (27,34)	330 (20,23)	400 (23,83)	379 (22,58)
Silleda	41 (35,79)	310 (26,99)	329 (26,59)	237 (19,15)	296 (23,92)	225 (18,18)	273 (20,67)	273 (20,67)

Fonte: INE *Movimiento natural de la población*. Varios años

Esta situación positiva xa escomenzada no século XIX viuse freada, non obstante, polo fenómeno emigratorio que, coma en case toda Galicia, tamén estivo ampliamente presente nestas terras de Deza. A finais do século pasado e aínda a principios do actual o destíño más habitual era o de Cuba. Sen embargo, os procesos políticos producidos nesta illa caribeña a finais da centuria do XIX provoca un importante cambio de destíño. Así, os países receptores van ser igualmente de América e, sobre todo, serán a Arxentina, Brasil, Uruguai e Porto Rico. Tras eles, Venezuela, México e Panamá van a ocupar tamén unha destacable posición. A importancia do fenómeno migratorio é de tal transcendencia que, no 1900, o saldo é negativo para a nosa comarca en -5.114 persoas, superior ó saldo acadado no resto das comarcas (partidos xudiciais) da provincia de Pontevedra.

Unha economía agraria escasamente desenvolvida, unhainxusta división da terra e da propiedade e, en definitiva, unha extrema pobreza levan a necesidade de emigrar na búsqueda de solucións á precariedade da vida cotiá. Unha emigración que, tras un certo freo a principios do 1900-1910, vai voltar a ser importante despois do fin da Primeira Guerra Mundial. Emigración tra-lo conflito bélico e aparición da epidemia da gripe do 1918, co seu consecuente aumento da mortalidade, que van a ser factores decisivos para entender o escaso crecemento poboacional.

**Táboa 3. Saldos migratorios dos partidos xudiciais de Pontevedra no 1900**

Caldas de Reis	-3.032 habitantes
Cambados	-843 »
A Cañiza	-2.875 »
A Estrada	-3.519 »
<b>Lalín</b>	<b>-5.114</b> »
Pontevedra	-408 »
Pontearaes	-2.121 »
Ponte-Caldelas	-2.183 »
Redondela	-792 »
Tuy	-3.251 »
Vigo	+8.348 habitantes

Fonte: López Taboada, X.A. (1979) *Economía e poboación en Galicia*.

A partir do 1920 pódese inaugurar unha segunda etapa en Deza que a podemos extender ata o final da Guerra Civil, a finais da década do 1930. Segundo os procesos iniciados con anterioridade, o crecemento demográfico só se fai continuado na parroquia que conta co núcleo máis importante, Lalín, que ve aumenta-los seus efectivos en case 2.000 habitantes nestes vinte anos gracias sobre todo o dinamismo desta pequena urbe que pasa de ter 1.156 habitantes no 1920 (o 6,88% dos efectivos do concello) ós 1.447 vinte anos máis tarde (o 7,77%). Pola contra, os efectos dunha emigración todavía moi intensa dirixida ós países de ultramar que logra incluso superar os índices positivos do crecemento vexetativo, facilitan unha tendencia con altibaixos, situación que se vai ver agravada coas consecuencias da Guerra Civil española. Se ben do 1920 ó 1930 son tres os concellos que ven aumenta-la súa poboación (Lalín, Agolada e Dozón), van a ser catro os que a incrementan en toda a etapa.

A análise por parroquias denota a todavía importancia do espacio rural na configuración e desenvolvemento do territorio, xa que non se mantén ó marxe dos procesos de crecemento demográfico dos concellos, sen que sexa aínda moi visible a perda de efectivos a favor da capital municipal e a súa conseguinte concentración no principal núcleo político-administrativo. O importante crecemento de Agolada nestes cuarenta anos, o máis destacable da comarca, é consecuencia dun comportamento parroquial, tamén nestas dúas décadas, bastante positivo. Así con respecto ó 1920 só Basadre, Carmoega, Gurgueiro, Orrea e Trabancas teñen menos efectivos no 1940.

**Táboa 4. Evolución demográfica por concellos, 1920-1940. 1900=100**

	Lalín	Silleda	Carbia	Rodeiro	Agolada	Dozón
1920	103,35	114,99	95,50	105,49	122,67	95,56
1930	107,95	109,13	93,55	98,75	134,16	95,85
1940	114,66	106,25	103,92	121,61	133,72	94,40

Fonte: Censos de poboación e vivenda. Elaboración propia.

A perda xeralizada de efectivos nestas décadas no concello menos poboado e dinámico, Dozón, débese o descenso demográfico na maioria das súas parroquias, esencialmente das menos poboadas. É dicir, so incrementan o número de habitantes as dúas más poboadas e que superan ampliamente os 450 habitantes (O Castro e Dozón), ademais da de Sanguiñeda. No resto perdense un total de 183 habitantes no seu conxunto por só un saldo, entre as tres positivas, de 53 persoas. En Lalín, a tendencia poboacional coñece un dos seus incrementos más importantes nestas dúas décadas anteriores á posguerra, onde destaca o crecemento do seu núcleo urbano en máis de 250 habitantes (sobre un total no concello de 1.837 efectivos), factor que determinará que neste ano acade o seu máximo poboacional nesta primeira parte do século, que se verá só superada polo forte proceso de concentración urbana e demográfica que se desenvolverá a partir do 1960. Só no 29,16% das parroquias o crecemento é negativo. Destas a maioría son ou ben pequenas parroquias localizadas na parte noroccidental ou ben do leste do concello perto dos términos de Agolada e Rodeiro, onde a topografía pode ser menos favorable para o asentamento humano.

A pesar de coñecer un breve recesso no 1930, o concello de Rodeiro posúe un comportamento demográfico igualmente positivo neste período, que se manifesta no crecemento poboacional en dezaseis das súa vinte parroquias. Silleda é, xunto a Dozón, o término que perde efectivos con respecto ó 1920 ó non lograr participar demasiado no regreso de emigrantes que, a partir do 1929, coñece a maior parte do noso territorio e que vai a ser unha das más importantes causas que expliquen esta evolución positiva. Non obstante, o proceso de concentración demográfica nos núcleos más desenvolvidos provoca que a parroquia onde se localiza a capital municipal, Santa Eulalia de Silleda, esté integrada nun proceso de crecemento xeralizado dos núcleos más urbanos, aínda que non se poda falar todavía de plenamente urbano para este núcleo nestas datas. Esta parroquia supera por primeira vez os 1.000 habitantes no 1940, situación que evolucionará ininterrumpidamente ata os case 2.000 da actualidade. Por último, o antigo concello de Carbia acada un importante crecemento, sobre todo a partir do 1930, xa que só en cinco parroquias a tendencia vai ser

negativa nestas décadas. No 1940, sete parroquias superan os 500 habitantes e dúas os 700.

Este período que se extende ata o inicio da posguerra civil española, vai a verse caracterizada por unhas taxas de natalidade elevadas, en torno ó 21% na década do 1920-1930, pero que se van a incrementar de maneira importante na seguinte década debido, esencialmente, a que o proceso migratorio vai coñecer un freo importante a partir da década do 1930, o que conleva igualmente o seguinte regreso de emigrantes. Coma está a suceder en toda esta metade de século a natalidade máis elevada constátase nos concellos máis poboados e desenvolvidos, onde destaca o caso de Lalín, xustamente o que obtén menores taxas de mortalidade. Esta situación provoca unha maior taxa de masculinidade e, polo tanto, un aumento dos nacementos. Teñamos en conta que o decremento no número de nados é debido tamén o descenso de homes pola emigración, xa que o proceso emigratorio afectaba fundamentalmente ós membros do sexo masculino. Así, a taxa de natalidade media na década do 1930 é moi elevada, en torno ó 25-30%.

**Táboa 5. Natalidade (nados vivos) e defuncións medias anuais en Lalín e Silleda, 1921-1930. Totais (medias) e taxas por 1.000**

	1921-1925		1926-1930	
	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.
Lalín	390 (23,33)	268 (15,96)	422 (24,07)	259 (14,77)
Silleda	243 (18,40)	222 (16,81)	261 (20,82)	176 (14,04)

Fonte: INE *Movimiento natural de la población*. Varios anos.

A desaparición da mortalidade catastrófica, os progresos da medicina, unha certa mellora nas condicións hixiénicas e sanitarias, etc. determinan un importante descenso da mortalidade ó longo destas décadas, situándose no 15,38% na nosa comarca, similar a media galega que estaba en torno o 15-20%. Unhas inscríções cada vez más rigorosas no Rexistro Civil, moi dubidosas durante estos primeiros cincuenta anos do século, facilitaron un mellor reconto de mortos que, xunto a un aumento xeralizado da poboación, deu lugar a un descenso das taxas. O saldo entre nacementos e defuncións foi moi amplio e favorable ós nacementos, situándose en torno ó 8% nos dez anos do decenio 1920-1930, e perto do 15% da década do 1930-1940. Coa chegada da Guerra Civil española, o dinamismo demográfico, tanto no referente ó movemento natural coma ó migratorio, vai coñecer un importante freo, debido a drástica reducción tanto da natalidade como das saídas migratorias.

**Táboa 6. Natalidade e mortalidade en Lalín e Silleda en diferentes datas das décadas do 1920 e 1930**

	1927		1928		1929		1930		1933	
	Nat.	Mort.								
Lalín	396	276	436	251	397	260	471	236	518	278
Silleda	264	205	270	163	294	159	251	170	312	140

Fonte: INE *Movimiento natural de la población*. Varios anos.

**Táboa 7. Taxas de natalidade e mortalidade en Lalín e Silleda en diferentes datas das décadas do 1920 e 1930. En tanto por 1.000**

	1927		1928		1929		1930		1933	
	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.	Nat.	Mort.
Lalín	23,59	16,44	25,97	14,95	23,65	15,49	26,86	13,46	518	15,85
Silleda	19,99	15,52	20,44	12,34	22,64	12,04	20,02	13,56	312	11,17

Fonte: INE *Movimiento natural de la población*. Varios anos.

Este crecemento vexetativo positivo se corresponde cunha recesión pau-latina do proceso emigratorio, aínda moi importante durante o decenio do 1920 e menor no 1930. Situación que axuda a obter un crecemento real amplamente positivo na maioría dos concellos da comarca. Nesta tendencia xeral de descenso emigratorio influíu decisivamente o cambio de actitude que comezou a manifestarse nalgúns países americanos sobre a limitación do número de entradas a imitación do que fixera os Estados Unidos despois da crise do 1929, o que provocou unha reducción drástica do número de saídas. Asemesmo, os efectos da crise económica fixérонse sentir tamén sobre o número de retornados. Cando neste movemento parecía albiscarse unha lixeira recuperación (no 1935) chegou o noso país a Guerra Civil, que representou un freo moito máis forte cá tódalas cuotas impostas polas nacións do outro lado do Océano. Así, nos anos da guerra os desprazamentos quedaron reducidos á mínima expresión. O destino dos emigrantes seguen a ser os mesmos países americanos que na etapa anterior, fundamentalmente a Arxentina, Uruguai, Brasil, Venezuela, etc.

Por último, a terceira etapa na que podemos dividir esta análise demográfica sobre a comarca de Deza se extende a través dos dez anos que van do 1940 ó 1950, é dicir o período da posguerra. Se ben nos anos de Guerra Civil o dinamismo demográfico viuse fortemente paralizado o que determina que éste sexa moi inferior o que lle debería corresponder, nos anos de posguerra as tendencias tampouco foron excesivamente positivas en toda Galicia. Na comarca de Deza,

o concello máis poboado e desenvolvido, como podía ser o de Lalín, vai a perder efectivos con respecto a década anterior, ó igual que lle sucedeu ós de Dozón e Rodeiro. Pola súa parte Carbria e Silleda, dous dos que menos creceran dende principios de século, van gañar efectivos, o mesmo que Rodeiro, o concello que máis evolucionou dende 1900.

**Táboa 8. Evolución demográfica por concellos, 1940-1950. 1900=100**

	Lalín	Silleda	Carbria	Rodeiro	Agolada	Dozón
1940	114,66	106,25	103,92	121,61	133,72	94,40
1950	112,69	117,47	111,52	115,77	146,07	91,12

Fonte: Censos de poboación e vivenda. Elaboración propia.

A evolución parroquial denota escasos cambios en Agolada, o concello con saldos más positivos destes cincuenta anos, onde crecen maioritariamente os efectivos, sobre todo nas más poboadas como Borraxeiros, Artoño ou Ventosa, entre outras; e descende nalgunhas das xa menos poboadas como poden se-los casos de Basadre e Gurgueiro, que xa dende décadas obteñen un saldo demográfico negativo. O escaso dinamismo de Dozón observado nestas décadas se reafirma nestos derradeiros dez anos, con febles crecementos nas más poboadas, como son O Castro ou Dozón, e importante descenso noutras pouco poboadas como Maceiras ou Sanguiñedo. Se éste é o período no que se comezan a vislumbrar as maiores diferencias interprovincias na Galicia, entre as partes occidental e oriental, posiblemente estemos tamén ante os maiores contrastes na comarca de Deza entre os territorios con núcleos urbanos más desenvolvidos e consolidados e o rural más deprimido.

A pesar da perda demográfica global de Lalín, a concentración na súa capital municipal se fai cada vez más destacable, chegando a aglutinar o seu núcleo urbano a 1.770 habitantes no 1950, o 9,35% do total municipal, cando no 1900 só representaba o 6,36%. O resto do seu territorio presenta escasos crecementos (Anseán, Anzo, Bendoiro, Catasós, Noceda...) ou incluso importantes perdidas, como sucedeu en Barcia, Donsión, Filgueira ou Vilanova, entre outros. O concello de Rodeiro non vai ver aumentada a súa poboación con respecto á anterior década, a diferencia do importante crecemento experimentado no período anterior. Situación que se explica por un decrecimiento parroquial maioritario, xa que en só seis delas aumenta a poboación. Neste contexto destaca o caso de Carboentes, a parroquia máis poboada segundo tódolos censos de poboación dende 1887 ata o 1950, pero que en 1940, ano do seu máximo demográfico, inicia un descenso continuado que leva a que no 1991 posúa case a metade dos efectivos do 1940.


O aumento demográfico de Silleda ó longo destes anos de posguerra se debe a un crecemento vexetativo positivo e continuado, xa iniciado con anterioridade, chegando a sumar 2.007 habitantes máis que no 1900. Neste aspecto destaca o crecemento das parroquias más poboadas (Dornelas, Cira, Lamela, Manduas ou Moalde), entre elas a da capital administrativa, que van contribuir a incrementar os desequilibrios internos de maneira importante e que poderá comprobarse máis doadamente en anos posteriores. Por último, esta etapa é particularmente positiva para as parroquias de Carbria, onde se perden efectivos só en tres delas: Carbria, Portodemouros e Salgueiros.

As causas que axudan a explicar a tendencia evolutiva nestes anos de posguerra parten dunha certa recuperación da natalidade co remate do conflito bélico, en torno ó 25%, e dunha diminución paralela da mortalidade ó longo dos nos corenta, sobre todo cando se superaron as difíciles condicións polas que atravesaba o país tra-la guerra, ata achegarse a índices inferiores ó 11% fundamentalmente nos territorios más desenvolvidos da comarca. Mentre o movemento natural evolucionaba no sentido que acabamos de analizar, os movementos migratorios coñeceron unha drástica regresión ata o 1950, aínda que nos derradeiros anos da década escomenzouse a producir unha nova aínda que de momento pequena tendencia emigratoria transoceánica. As causas hai que busca-las esencialmente nunha economía agropecuaria todavía moi debilitada e con escasas posibilidades de desenvolvemento na nosa comarca no difícil período de posguerra, e que se viu favorecida polo restablecemento, no 1946, da lei do 1924 que permitía a libre saída do país.


Como conclusión a esta evolución demográfica presentamos dúas representacións gráficas que nos definen o crecemento poboacional por parroquias ó longo destes cincuenta anos. No primeiro mapa, son moi poucas as parroquias que obteñen o seu máximo poboacional nos dous primeiros decenios, 1900 e 1910, en concreto só 26, nas que destaca a representatividade acadada en Dozón, onde só dúas das súas oito parroquias obteñen o seu máximo en datas posteriores a 1910. O dinamismo xeralizado e o crecemento poboacional experimentado ó longo desta primeira metade de século en Deza determinan que sexan os anos 1940 e 1950 os que representen os períodos de máximo número de habitantes para unha grande maioría do territorio. Do mesmo xeito, a maior porcentaxe das parroquias gañan efectivos entre 1900 e 1950 aínda que sendo especialmente visible en Agolada, Carbria, Silleda e Lalín. Como podemos comprobar, nestes anos a relación do home co medio todavía facilita o asentamento de efectivos en lugares menos aptos para o desenvolvemento, lonxe das principais vías de comunicacións ou fora dos polos de comercialización de produtos agropecuarios. Así, un lóxico inferior volume poboacional nos territorios atravesados pola Dorsal Meridiana non significa perda

demográfica continuada nestes lugares menos aptos para o asentamento humano e para a explotación do solo.

No seguinte mapa no que representamos os índices de crecemento da poboación por parroquias no 1950, utilizando a base 100 para 1900, observamos a tendencia positiva na maioría das parroquias, existindo relativamente poucos casos no que se detecte un decrecemento poboacional nestes cincuenta anos, sendo o índice máis repetido é o que está entre 121-140. A pesar de que as parroquias onde se localiza a capital do concello son as que, habitualmente, suman os maiores crecementos, tamén se evidencian aumentos poboacionais importantes noutros espacios menos favorecidos tanto topograficamente como por seren a principios de século lugares con especial incidencia da emigración pero que xa nestas datas contan cun importante número de retornados. Aínda así, e coa excepción das parroquias con capitais, é complexo definir patróns de comportamento que axuden a explicar as diferentes tendencias demográficas. Situación na que incluso non infire moi negativamente o relevo da Dorsal.



nos anos cincuenta e sobre todo o inicio dos desequilibrios territoriais nos 1960, van a definir más claramente os espacios máis ou menos favorecidos, coas consecuentes manifestacións no aspecto demográfico. Así e todo, os beneficios inducidos pola localización da capital administrativa local e dun solo máis útil para o aproveitamento agropecuario debería incidir no maior desenvolvemento socioeconómico de cada territorio. A pesar do cal, as influencias negativas dun réxime e estructura da propiedade nas mans duns poucos pode chegar a trastocar a normal relación económica do home co medio.



A importancia demográfica da capital administrativa no rural nestes anos non se pode comparar á existente na actualidade. A pesar disto, é constatable unha tendencia poboacional positiva nas respectivas capitais municipais en Deza e que vai ter nas décadas venideiras o seu colofón, ó concentrar non só os efectivos senón tamén o dinamismo económico do concello. Nos seis concellos da comarca, o incremento poboacional é superior sempre na parroquia que conta con capital con respecto o resto do rural, incluso no único término que

perde habitantes como é o de Dozón. Inmerso neste panorama de aumento poboacional xeralizado, este proceso significa o crecemento máis lento do rural, que se vai converter en perda de peso demográfico na actualidade, en contraste cos espectaculares crecementos dos pequenos núcleos urbanos onde destaca de sobremaneira o de Lalín. Unha destas parroquias más dinámicas chega case a multiplicar por tres o incremento demográfico (Ferreiroa), outras tres practicamente dupican os seus habitantes do 1900 (As Cruces, Rodeiro e Lalín) e unha crece en case o 50% (Silleda).

A pesar de que emigración intramunicipal todavía non é patente nestes anos, xa que haberá que esperar a lo menos ata os anos 1970 nesta comarca, o dinamismo dos núcleos con rasgos urbanos é significativo ó combinarse unha natalidade superior cunha perda de efectivos por emigración sensiblemente inferior.

**Táboa 9. Evolución comparativa da poboación, 1900-1950. Parroquia da capital administrativa e resto do concello<sup>5</sup>. Base 100 en 1900. Índice 1950**

	Agolada		Carbia		Dozón		Lalín		Rodeiro		Silleda	
	PA	RC	PA	RC	PA	RC	PA	RC	PA	RC	PA	RC
1910	118,8	104,6	121,8	97,3	100,5	99,8	110,8	99,7	133,1	99,1	101,6	108,2
1920	137,1	122,0	131,0	94,6	95,0	95,6	111,9	103,0	117,2	105,0	98,4	116,3
1930	149,7	133,4	148,7	94,6	95,8	95,8	112,5	107,5	130,3	97,6	102,5	109,6
1940	176,8	131,7	150,8	102,7	97,4	93,7	140,1	112,9	164,3	120,0	112,7	105,7
1950	242,9	141,7	195,7	109,4	98,6	89,45	171,3	113,3	198,7	112,8	132,2	116,2

Fonte: Censos de poboación e vivenda. Varios anos. Elaboración propia

Por último, a densidade media (hab/Km<sup>2</sup>) de Deza non é demasiado elevada tanto no 1900 (52,90) como no 1950 (61,93), sendo inferior nas dúas ocasións á media da provincia: 102,13 e 150,01 hab/Km<sup>2</sup> respectivamente, que xa nestes anos obtenía nas comarcas costeiras as medias más elevadas, entre as que destacan as tres Rías Baixas meridionais (entre 100 e 200 hab/qm<sup>2</sup>).


A gran cantidade de parroquias que posúen, ademais, extensións superficiais tan dispares propicia que a análise comparativa a realicemos nesta ocasión entre os distintos concellos. Se a acometéramos a escala parroquial, os patróns de comportamento non serían o suficientemente significativos como para defi-


5. A evolución do núcleo urbano a ceñímos só para o caso de Lalín ó ser o único que ten certa representatividade xa a principios do século. Nos resto dos casos, a escasa importancia poboacional dos núcleos administrativos, en ningún caso urbanos, propicia que optemos por decantarnos por toda a parroquia onde se sitúa a capital. Na táboa utilizamos as siglas PA para sinalar a poboación da parroquia ou núcleo (só para Lalín) administrativa, e a RC para o resto do concello.

nir tendencias.

Os dous mapas que presentamos a continuación, referidos ó 1900 e 1950, denotan uns contrastes intermunicipais similares nos dous períodos, pero sempre a favor dos concellos situados na parte occidental, e en detrimento do territorio máis abrupto topograficamente (Dorsal Meridina) e dificultoso para a ocupación humana do leste. Silleda, Carbria e, a certa distancia, Lalín presentan unha intensa ocupación do espacio frente ó resto dos concellos con medias baixas nas dúas etapas áinda que con tendencia o aumento da densidade media, coa excepción de Dozón.

A pesar de manterse ó remate do período (1950) uns comportamentos similares ós de principios do século, a crecente potencialidade de Lalín e fundamentalmente do seu núcleo urbano determina que, paulatinamente, o concello máis extenso superficialmente e máis poboado pase tamén, en poucas décadas, a seren o que teña unha superior ocupación humana do espacio.





## 2. A ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA POR IDADE E SEXO

O estudio da estructura demográfica por idade constitúe un dos aspectos demográficos de maior transcendencia na actualidade debido o destacado crecemento da porcentaxe de vellos na Galicia e a unha distribución que contribúe decisivamente a incrementar os desequilibrios territoriais, ó corresponder os espacios máis envellecidos cos máis rurais, agrarios e subdesenvolvidos. E por todos é sabido das múltiples consecuencias do avellementamento, destacando nos campos social e económico. Non obstante, nesta primeira metade do século, Galicia e, como veremos, tamén a comarca de Deza era un territorio maioritariamente xoven. Xunto a este apartado fundamental, neste apartado faremos mención a estructura por sexo e a outros aspectos interesantes de estudiar como é a distribución de persoas por familia, segundo datos dos diferentes censos de poboación e vivenda.

As fontes utilizadas para obter os datos sobre a estructura demográfica se reducen ó vaciado dos diferentes censos de poboación. Os resultados desta labor ardua e as veces monótona nos presenta unha estructura na nosa comarca caracterizada por unhas taxas de persoas maiores de 60 anos moi reducidas e, ó contrario dos procesos de avellentamento actual, con tendencia nalgúns casos ó descenso da participación dos vellos a medida que nos achegamos ó 1950. Se P. Paillat e T. Parant afirman cun país pode definirse como vello cando o 12% ou máis da súa poboación supera os 60 anos de idade, a nosa comarca é ó longo de todo este período un territorio xoven. Unhas elevadas taxas de fecundidade e natalidade, unha esperanza de vida moi inferior á actual e un proceso de desenvolvemento que todavía non logra facer retornar ós emigrantes residentes nos países de ultramar, determina o dominio da poboación nova en toda a comarca. Unha taxa de avelletamento para a comarca entre un 9% e 10% no 1900, e algo máis baixa (7-9%) no 1950, non evita certos contrastes nas dúas datas, entre as que destaca a maior importancia porcentual da poboación adulta en todo o territorio no 1950 a costa dunha perda porcentual da poboación máis nova. Esta situación determinará que nas décadas venideiras comece a observarse un certo avellentamento das estructuras demográficas que se verán agravadas polo regreso de moitos emigrantes americanos, agora xa vellos, e polo novo “boom” emigratorio en Deza a partir dos anos sesenta ós países europeos. Uns comportamentos na nosa comarca que escasamente difiren dos procesos do resto do país, sobre todo se consideramos cos maiores de 60 anos representan o 10,14% na provincia de Pontevedra e o 8,73% en Galicia no 1900; e o 7,62% en Pontevedra cincuenta anos máis tarde.

**Táboa 10. Estructura por idades da poboación, 1900-1950.**  
En tanto por 100


	LALÍN			SILLEDA		
	0-15 anos	16-60 anos	61 e más	0-15 anos	16-60 anos	Mort.
1900	37,57	53,30	9,98	34,55	55,39	9,95
1910	40,45	50,33	9,09	35,47	54,33	10,08
1950	29,12	63,58	7,22	28,00	62,22	9,69

Fonte: Censos de poboación e vivenda. Varios anos.

O dominio da poboación nova compréndese doadamente se analizamos a pirámide por sexo e idade da poboación. Para isto imos presentar as pirámides dos dous concellos máis poboados da comarca a principios do século. En ámbolos dous casos as representacións caracterízanse por debuxar unha figura piramidal, propia de poboacións novas, cunha base moi amplia consecuencia dunha

poboación menor ós 10 anos importante e unha cima moi poco representativa froito do escaso número de vellos debido a que, nestas datas, a esperanza de vida era moi baixa e poucos chegaban a estas idades superiores ós setenta anos. Tanto en Lalín coma en Silleda o descenso de homes a partir dos 15 anos e ata, a lo menos, os 35 é significativo. As causas hai que buscalas na importante emigración masculina que sufrieron estes concellos xa na segunda metade do século pasado (1860-1880) que propiciou un descenso da representatividade dos varóns. A partir destas idades, a maior mortalidade masculina en tódalas idades explica as diferencias porcentuais por sexos.

En definitiva, a evolución da estrutura por idades non manifesta todavía o inicio do avellentamento en Deza. Un crecemento vexetativo positivo, motivado sobre todo por unhas taxas de natalidade e fecundidade importantes e unhas taxas de mortalidade en claro descenso, inflúen igualmente no rexuvencemento da poboación. Pola súa parte, o fenómeno migratorio incide de forma negativa sobre as estruturas más novas debido a que os que saen do país e da comarca seguen a ser, maioritariamente, os efectivos novos ou adultos-novos. Non obstante, o retorno de emigrantes, xa vellos, é reducido polo que non axudan a engrosar os totais dos maiores de 60 anos.



Estas pirámides de poboación confórmanse tamén en elementos de análise fundamental para o estudio da estructura por idade da poboación da comarca. Nos brazos más baixos da pirámide o dominio dos homes é evidente dado que a relación de nacementos de homes por mulleres é sempre favorable ós primeiros, sen apreciar diferencias territoriais e temporais importantes dado que é un comportamento normal en tódolos países. A medida que se aumenta na idade, a disimetría global a favor do sexo feminino é un feito característico na nosa comarca, e tamén na rexión, ó conxugarse os dous factores favorables para isto más importantes: por un lado a maior duración media da vida nas mulleres, incluso cunha mortalidade infantil moi superior nos varóns; e por outra a forte emigración que afectou tracionalmente á poboación e en maior grao ós homes.

Dentro destas características xerais que se atopan en calquera das datas que tomemos, pode sinalarse unha evolución no curso destes cincuenta anos ó compás das transformacións habidas nos movementos migratorios e nas características dos emigrantes (sexo e idade), no retroceso da mortalidade e tamén no da natalidade.

**Táboa 11. Taxas de feminidade  
(número de mulleres por cada 100 homes), 1900-1950**

	1900	1910	1920	1930	1940	1950
Carbia	121,79	120,01	119,96	110,66	108,41	103,46
Dozón	107,87	117,74	115,41	111,05	104,61	102,98
Agolada	111,28	106,38	106,06	98,95	103,52	105,88
Lalín	117,55	113,44	110,30	106,91	105,52	102,15
Rodeiro	108,62	109,57	115,43	101,91	98,54	108,57
Silleda	125,20	128,49	122,68	118,37	122,48	108,56

Fonte: López Taboada, J.A. (1996) *A poboación de Galicia 1860-1991*.

Nos anos máis antigos, obsérvase unha carencia de homes importante nos seis concellos motivado sobre todo polas consecuencias da emigración transoceánica que azoutaba a nosa comarca principalmente nas primeiras décadas do século actual, que estaba caracterizada pola alta proporción de varóns de idades relativamente baixas, e tamén por unha maior influencia da mortalidade xa dende as idades más tempranas nos varóns. A pesar de que a tendencia xeral sexa á perda de representatividade das mulleres, a evolución non sempre manifiesta un decrecemento porcentual continuado deste sexo, tal e como sucede no 1920 e 1930 en Dozón, Rodeiro e, en menor medida, en Silleda, e incluso no 1950 en Rodeiro e Agolada, ó ver aumentada a proporción do sexo feminino

con respecto ó decenio anterior. Este proceso de perda do predominio da poboación feminina continúa, con altibaixos, ata a actualidade, converténdose nunha característica común nos concellos máis rurais xa a finais do actual século, motivado sobre todo polas desigualdades fronte ó proceso migratorio recente, cun maior número de saídas para as mulleres. Así, en concellos como Lalín pode vislumbrase na actualidade o proceso contrario: a relación de feminidade no 1996 é de 121,00.

Por último, o estudio destas estructuras demográficas pode achegarnos á análise doutros elementos poboacionais interesantes de resaltar ó longo destes anos. É o caso da evolución seguida na estructura familiar, é dicir o número de persoas por familia. Os diferentes procesos migratorios existentes ó longo do século dificulta que se manteña unha evolución das estructuras familiares similares nas cinco décadas. En xeral, a tendencia ó aumento de número de persoas en cada familia é crecente ata a década de 1940, constatándose un retroceso na seguinte década coa excepción de Rodeiro, no que todavía se incrementa. Concello onde xa dende o 1930 se atopan as familias más numerosas da comarca.

**Táboa 12. Número de persoas por familia, 1900-1950**

	1900	1910	1920	1930	1940	1950
Dozón	4,35	4,64	4,74	4,29	5,02	3,49
Agolada	4,00	3,84	4,47	4,63	4,82	3,85
Lalín	4,50	4,66	5,18	4,94	5,40	4,05
Rodeiro	4,53	4,61	4,93	5,20	6,06	6,14
Silleda	3,96	4,52	4,78	4,77	3,88	3,85
Carbia	3,83	4,40	4,73	4,92	5,39	4,19

Fonte: López Taboada, J.A. (1996) *A poboación de Galicia 1860-1991*.

Non obstante, os datos proporcionados polo número de habitantes por vivenda nos pon de manifesto que nalgúns casos residen máis dunha familia nunha soa vivenda. Así segundo datos do mesmo censo do 1950, a media de habitantes por vivenda no Partido Xudicial de Lalín era de 4,87.

En definitiva, os rasgos demográficos da comarca de Deza na primeira metade do século se caracterizan por un crecemento continuado no seu número de efectivos, cos altibaixos normais producidos fundamentalmente pola importancia das diferentes saídas migratorias que durante décadas marcan a tendencia evolutiva da nosa comarca. E, coma no resto do país, unha estructura por idades xeralmente nova e un predominio da poboación feminina importante pero que, paulatinamente, tende a atenuarse a medida que nos achegamos ó 1950.

**ANEXO:**  
**EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN (HABITANTES DE FEITO)**  
**POR PARROQUIAS, 1900-1950**

**Concello de Agolada**

	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>	<b>1940</b>	<b>1950</b>
Agra, S. Miguel	116	123	98	118	117	119
Artoño, Sta. Eulalia	309	262	360	363	399	410
Baiña, S. Pedro	164	109	200	229	213	220
Baiña, S. Paio	99	60	114	121	124	169
Basadre, Sto.Estevo	82	56	109	93	97	81
Basadre, Sto. María	91	54	58	108	104	130
Berredo, Sta. María	201	206	273	288	290	385
Borraxeiros, S. Cristovo	410	485	637	703	669	881
Brántega, S. Lourenzo	292	325	315	365	358	380
Brocos, S. Miguel	243	340	357	331	362	328
Carmoega, S. Pedro	217	260	253	255	220	215
Eidián, Santiago	253	266	302	314	298	324
Esperante, S. Cibrao	105	112	133	147	159	152
Ferreiroá, S. Pedro	207	246	284	310	366	503
Gurgueiro, S. Miguel	113	119	153	135	123	96
Merlín, S. Pedro	104	120	135	123	157	144
Orrea, Sto. André	181	197	220	206	206	224
Ramil, S. Martiño	128	125	145	162	146	128
Santa Comba, S. Xoán	191	197	230	253	261	291
Seixo, Santiago	119	119	136	172	148	153
Sesto, S. Cibrao	92	113	104	119	117	117
Trabancas, S. Mamede	314	306	311	369	294	362
Val, Sta. María	213	251	241	277	273	298
Ventosa, Sta. María	384	464	498	660	651	669
Vilaríño, Sta. María	166	134	215	211	259	224

**Concello de Dozón**

	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>	<b>1940</b>	<b>1950</b>
Bidueiros, Sta. María	232	266	273	285	266	282
Castro (O), S. Salvador	532	546	500	462	491	498
Dozón, Sta. María	503	506	478	482	490	496
Maceiras, S. Remixio	213	211	192	178	200	128
Sa, Santiago	432	425	375	416	380	344
Sanguiñedo, Sta. María	262	197	199	186	239	189
Sisto, S. Xoán	406	460	451	450	393	419
Vilarello, Sta. André	170	139	160	177	137	150

**Concello de Carbia (Vila de Cruces)**

	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>	<b>1940</b>	<b>1950</b>
Añobre, S. Pedro	239	222	225	203	214	272
Arnego, Sta. María	280	243	226	231	212	238
Asorei, Sta. María	61	64	72	64	71	97
Bascuas, Sta. Mariña	261	248	254	258	294	323
Besexos, S. Fiz	202	207	211	224	243	282
Bodaño, S. Mamede	246	235	190	190	207	215
Brandariz, S. Miguel	584	568	538	522	572	60
Camanzo, S. Salvador	845	825	789	815	855	941
Carbia, S. Xoán	677	660	645	629	642	614
Cruces (As), Nª Sra. Piedade	238	290	312	354	359	466
Cumeiro, S. Pedro	349	357	378	340	403	418
Duxame, S. Miguel	133	103	105	128	170	182
Ferreiros, S. Xes	126	127	118	134	145	166
Fontao, Santiago	290	250	248	256	294	416
Gres, Santiago	178	178	183	207	218	219
Insua, S. Tomé	558	514	508	479	539	588
Lázaro, S. Xoán	335	336	346	348	366	369
Loño, S. Mamede	366	349	359	332	365	398
Losón, S. Pedro	252	276	253	206	268	275
Merza, Sta. María	736	746	666	620	770	801
Obra, S. Tomé	176	163	162	175	194	212
Oirós, Sta. María	246	244	235	210	258	255
Ollares, Sta. María	189	181	192	198	245	288
Piloño, Sta. María	667	653	632	633	698	692
Portodemouros, S. Salvador	89	97	93	85	99	86
Sabrexo, Sta. María	504	527	517	476	577	580
Salgueiros, S. Pedro	440	435	417	682	450	434
Tuiriz, S. Xoán	658	620	604	585	586	641

**Concello de Lalín**

	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>	<b>1940</b>	<b>1950</b>
Albarellos, Sta. María	78	74	58	57	76	67
Alemparte, Sta. María	91	85	92	91	109	101
Anseán, Santiago	151	170	182	218	171	177
Anzo, S. Xoán	311	297	335	334	295	304
Barcia, Sto. Estevo	340	340	358	404	428	380
Bendoiro, S. Miguel	458	434	500	470	486	501
Bermés, Sta. María	347	311	368	384	412	405
Botos, S. Xoán	606	578	539	628	705	752

## Concello de Lalín

	1900	1910	1920	1930	1940	1950
Busto, S. Facundo	135	127	141	143	127	139
Cadrón, Sto. Estevo	192	258	230	192	252	251
Camposancos, S. Cristovo	137	132	192	203	217	195
Cangas, Sta. Mariña	220	199	191	188	224	219
Castro, Santiago	165	167	179	193	195	202
Catasós, Santiago	744	766	762	910	812	900
Cello (O), S. Martiño	148	142	140	122	124	153
Cercio, Santiago	335	317	271	264	325	363
Cristimil, S. Xurxo	377	371	351	361	324	304
Doade, S. Pedro	329	325	334	373	406	386
Donramiro, Sta. María	425	396	396	447	493	503
Donsión, Sta. Eulalia	388	385	394	453	399	362
Filgueira, Sta. María	491	510	452	468	523	464
Galegos, S. Miguel	186	182	189	184	206	216
Goiás, S. Miguel	660	537	712	597	786	915
Gresande, Santiago	296	271	301	318	314	362
Lalín (N.U.), Sta. M <sup>a</sup> Dores	1.033	1.145	1.177	1.173	1.447	1.770
Lebozán, Santiago	241	277	299	304	346	359
Lodeiro, S. Paio	153	205	220	251	279	255
Losón, Sta. Eulalia	590	608	551	651	703	736
Maceira, S. Martiño	191	171	210	166	205	221
Madriñán, Sto. Adrao	202	198	213	232	232	235
Méixome, Santiago	241	214	255	232	246	229
Moneixas, Sto. Adrao	288	291	253	335	403	370
Muimenta, S. Lourenzo	247	237	243	225	198	342
Noceda, Sta. María	470	461	468	458	497	508
Palmou, S. Xoán	356	393	337	343	296	360
Parada, Sta. María	131	148	173	192	178	188
Prado, S. Martiño	323	324	332	357	335	354
Rodís, S. Xulián	195	231	209	201	266	235
Santiso, S. Román	386	388	369	328	356	341
Sello, Santiago	440	451	504	433	491	487
Soutolongo, Sta. María	479	451	376	518	495	489
Val, Sto. Tomé	111	131	153	147	172	169
Veiga, S. Ramón	191	205	212	162	193	112
Vilanova, S. Xoán	583	575	565	642	606	562
Vilatuxe, S. Lourenzo	766	784	813	843	948	901
Xaxán, Sta. M <sup>a</sup> da Saleta	127	141	336	344	364	145
Xesta (A), S. Fiz	562	566	521	642	673	605
Zobra, Sta. María	322	342	327	348	282	338

**Concello de Rodeiro**

	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>	<b>1940</b>	<b>1950</b>
Arnego, Santiago	398	365	408	420	478	398
Asperelo, S. Martiño	406	441	499	518	675	569
Az. S. Cristovo	477	433	455	420	534	439
Camba, S. Salvador	295	298	300	256	383	307
Camba, S. Xoán	386	362	391	346	431	464
Camba, Sta. Eulalia	458	470	488	436	490	645
Carboentes, Sto. Estevo	733	724	690	668	828	715
Fafián, Santiago	277	263	288	291	280	350
Guillar, Sta. María	347	343	359	346	495	356
Negrellos, S. Cibrao	364	389	396	358	431	374
Paredes de Á., Sta. Mariña	416	383	417	361	421	383
Pedroso, S. Xulián	231	237	282	287	343	326
Pescoso, Sta. Mariña	473	564	542	556	650	687
Portela, S. Cristovo	285	292	287	254	287	287
Río, Sta. María	359	381	437	338	397	504
Riobó, S. Miguel	173	151	157	122	153	131
Rodeiro, S. Vicente	244	325	286	318	401	485
Salto, Sto. Estevo	336	299	330	310	397	334
Senra, S. Paio	114	123	145	147	173	143
Vilela, Sta. María	294	249	296	226	346	284

**Concello de Silleda**

	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>	<b>1940</b>	<b>1950</b>
Abades, Sta. María	319	398	393	411	352	377
Ansemil, S. Pedro	112	123	129	147	128	153
Breixa, Santiago	253	277	306	260	281	275
Carboeiro, Sta. María	132	256	244	159	180	204
Castro (O), S. Mamede	177	178	218	204	172	202
Cerbaña, S. Salvador	291	310	368	308	261	290
Cira, Sta. Eulalia	465	403	400	515	438	531
Cortegada, Sta. María	635	757	766	625	674	631
Chapa, S. Cibrao	299	231	272	261	263	278
Dornelas, S. Martiño	392	297	322	285	319	346
Escudadro, S. Salvador	855	901	963	1.009	871	964
Fiestras, S. Martiño	239	284	302	271	227	267
Graba, S. Miguel	883	733	763	732	558	626
Lamela, S. Miguel	438	462	462	478	442	497
Laro, S. Salvador	408	547	540	536	530	522
Manduas, Santiso	613	721	826	789	796	963

**Concello de Silleda**

	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>	<b>1940</b>	<b>1950</b>
Margaride, S. Pedro Fiz	233	266	345	238	257	273
Martixe, S. Cristovo	138	198	224	220	234	265
Moalde, S. Mamede	471	532	491	483	478	561
Negreira, S. Martiño	303	382	324	320	368	394
Oleiros, S. Miguel	234	269	324	268	241	275
Parada, S. Tomé	316	352	418	394	423	490
Pazos, S. Martiño	112	107	111	115	115	139
Piñeiro, S. Xulián	276	387	414	332	352	411
Ponte, S. Miguel	312	308	315	320	347	347
Refoxos, S. Paio	176	191	215	268	275	302
Rellas, S. Martiño	226	236	305	257	232	240
Saídres, S. Xoán	264	293	333	261	230	288
Silleda, Sta. Eulalia	889	904	875	912	1.002	1.176
Taboada, Santiago	341	330	373	369	372	353
Vilar, S. Martiño	221	209	219	185	231	254
Xestoso, Sta. María	98	103	162	178	195	200

## BIBLIOGRAFÍA

- BERTRAND, J.-R. (1992) *A poboación de Galicia. Estudios xeográficos*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (1990) *Tres millóns de galegos*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) *Censos de Poboación e Vivenda*. Varios anos, Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) *Movimiento natural de la población española*. Varios anos (serie anual de 1900 a 1950), Madrid.
- LÓPEZ TABOADA, X.A. (1979) *Economía e poboación en Galicia*. Edicións do Rueiro, A Coruña.
- LÓPEZ TABOADA, X.A. (1996) *La población de Galicia 1860-1991*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña.
- PAZO LABRADOR, A. e SANTOS SOLLA, X.M. (1995) *Poboación e Territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- PRECEDO LEDO, A. (Dir.) (1994) *Plan de Desenvolvemento comarcal de Galicia: comarca de O Deza*. Consellería da Presidencia, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1994) *Lalín. Un proceso de urbanización e desenvolvemento 1960-1990*. Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Pontevedra.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1995) *Rodeiro: unha terra, un patrimonio*. Consellería de Cultura, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- SOUTO GONZÁLEZ, X.M. (1988) *Xeografía Humana*. Editorial Galaxia, Vigo.
- TORRES LUNA, M<sup>a</sup>P. de, e outros (1993) *A montaña galega. O home e o medio*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- VALLE GONZÁLEZ, M<sup>a</sup>S. del (1993) *La emigración y otros indicadores demográficos. Comarcas de Lalín y Silleda*. En “Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal” (A. Eiras Roel, dir.). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- VALLE GONZÁLEZ, M<sup>a</sup>S. del (1993) *La emigración en la comarca de Dozón según los expedientes de quintas, 1885-1916*. En “Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal” (A. Eiras Roel, dir.). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- VÁZQUEZ CRESPO, A. e GONZÁLEZ ALÉN, D. (1989) *A comarca de Deza*. Deputación de Pontevedra, Pontevedra.





Panorámica da Serra do Faro, mostrando o espazo afectado polos incendios e pola tormenta. No pedemonte aparece a aldea de Couso.

## UNHA TORMENTA NA SERRA DO FARO

Antonio Presas García


O 21 de setembro 98, no tránsito estacional verán-outono, ten lugar na Serra do Faro, concello de Rodeiro, un violento fenómeno tormentoso asociado a un gran cúmulo-nimbo, que ao descargar elevadas precipitacións, nun reducido periodo de tempo, sobre un monte arrasado polos incendios, con camiños modificados irracionalmente, prodúcese unha intensa erosión que repercute na economía municipal e contribúe á acelerada degradación do noso monte.

### 1. ANTECEDENTES

Os habitantes da aldea de Sampaio, parroquia de Senra (Rodeiro), acostumados a padecer as violentas tormentas que se orixinan na Serra do Faro, invocan ao seu santo-patrón San Paio, cando a natureza ameaza ao seu entorno con pavorosas tronadas.

Segundo a crenza popular, San Paio foi un santo galego nacido en Ourense, que aos 18 anos morreu mártir por rexeitar o ofrecemento que lle fixeran os mouros, cando era cautivo, para converterse ao Islam. Daquela desempeñou o papel de redimista, ofrecéndose voluntariamente como prisioneiro para liberar a un tío seu, bispo, que estaba nas mazmorras do Islam hispano. Na iconografía representáno cun coitelo atravesándolle o pescozo, en referencia á degolación que padeceu en Cantabria.

Contan os veciños de Sampaio, que pertence a unha parroquia encravada na parte central da Serra, no lado Oeste, que o seu patrón tenos librado de inminentes perigos. Cando ameazan as catástrofes os veciños sacan a ombros ao santo fóra da eirexa e, alí no adro, sen presencia de curas, implóranlle con fervor que os libere do perigo. Estas situacións teñen lugar cando hai tormentas ou grandes incendios na Serra e o fume baixa para o val que eles ocupan, provocando asfixias en persoas e animais. Nunha ocasión, segundo recordan, houbo un incendio desolador que chegaba á aldea de As Povanzas, e o fume impulsado polo vento do Este cubría completamente o val, dificultando a visión e provocando asfixia. Sacouse con urxencia o santo fóra da igrexa e rapidamente o vento “púxose do Oeste”, limpando a atmosfera e librando á parroquia do fume. Este mesmo feito xa tiña sucedido con anterioridade segundo recordo dos antepasados, e por ese motivo “ténselle unha especial devoción” ao santo nesta localidade.



Aspecto desolador que presentan as ladeiras do Monte do Chouso en Casar de Seta. O solo perde nutrientes e capas vexetais, aparecen depósitos de area e terraciñas.

A realidade e o fervor relixioso dos habitantes de Senra, con independencia da casuística, confirman a desproporción dos fenómenos naturais normales dos excepcionalmente anormais. Invocar a un santo-patrón en situacíons límite e recorrer sempre a el cando hai tormentas ou incendios non parece máis ca un comportamento rutinario arraigado no costume; pero este adquierese cando hai repetición de feitos. Resulta, en efecto, obrigado chegar á conclusión de que na Serra do Faro moitas tormentas e incendios, a parte da súa frecuencia, son eventos desproporcionados respecto das localidades veciñas, nas que se aprecian réximes tormentosos máis apaciguados.

Os veciños das parroquias de S. Xoan de Camba, Fafián, Santa Baia de Camba, Senra, Asperelo, Arnego e Carboentes non só padecen os efectos de tormentas convectivo-orográficas senón que son conscientes de que o fenómeno se orixina en ámbalas dúas abas deste fragmento da Dorsal Galega. Por esta razón algúns afirman: “*cando as tormentas veñen do outro lado da serra, da parte de Chantada, e entran en Asperelo-Cousu, polo xeral, son devastadoras*”, ou “*as tormentas peores son as que veñen do outro lado da serra e pasan para o lado de acá*”.

Na información de campo recollida para a elaboración deste artigo, pareceu-me moi significativo o testemuño dun veciño de 80 anos da parroquia de Senra, respecto dun fenómeno que presenciou na década de 1940. Afirmaba o veciño: “*hai aproximadamente uns 50 anos, depois da guerra, orixinouse un remuño de vento en Asperelo, que levantaba todo o que atopaba ao seu paso. Desfacía os palleiros, os medeiros, as medas, tiraba coas chimeneas, víanse subir as tellas das que non se atopou depois rastro. Aquello era asombroso. De Asperelo foi cara a Barrio (distancia aproximada 800 m) e alí xuntouse cunha nube. Aquello parecía un “trado” que daba voltas aspirando o que se lle poñía por diante. Pasou por unha xesteira e depois de tumbar tódalas xestas amainou, pero o ceo estaba moi escuro e as nubes eran de cor negro*”.

Esta viva descripción fai pensar na formación dunha **tromba** (mini-tornado), nun torbeliño de reducida extensión pero de efectos dévastadores, asociado con frentes tormentosos. As condicións de formación deste torbeliño están relacionadas coa topografía desta zona, cunha maior insolación e requestamento na ladeira da Serra do Faro ca no fondo do val do río Arnego, polo que a nivel de microescala fórmanse, ocasionalmente, dúas masas de aire de características contrastadas que contactan a través dun frente que se inestabiliza dando lugar a estes fenómenos, coincidindo coas estacións de máximo quentamento.

Partindo desta realidade, cunha poboación ubicada no pedemonte, que invoca a un santo que ten fama, en exclusiva, de ser o seu protector contra as tronadas, ou de testemuñas que describen inusuales fenómenos tipo “tornado”, analizárase a excepcional tormenta que tivo lugar o 21 de setembro 1998, tamén catalogable nese conxunto de eventualidades extremas.

## 2. ANALISE ESPACIAL

A tormenta que se orixina o 21 de setembro 98 descarga unha importante masa de auga-saraiba na vertente occidental da Serra do Faro, concello de Rodeiro, e en menor medida na vertente oriental, concellos de Carballeda-Chantada.

**-A Dorsal Galega.** O episodio localízase no sector meridional de dita Serra, cerca do punto de máxima elevación de gran Dorsal Galega que se extende desde o Norte de Galicia ata a fronteira portuguesa. Esta extensa barreira montañosa (**figura 1**), xunto coas Serras Setentrionais, separan a Galicia Costeira da Galicia Interior, establecendo as características xeoclimáticas que diferencian ámbalas dúas partes. Frente a unha Galicia marcada pola oceanidade opone unha Galicia continentalizada ou mediterraneizada, aínda que estas matizacions poidan sufrir efectos de transición, especialmente nesta zona na que a Dorsal adopta un cambio de dirección, dividindo a alineación en dous ramais : ramal norte e ramal sur.

**-O relevo.** A zona na que ten lugar a tormenta queda delimitada no lado Este polo tramo meridional da Serra do Faro; no lado Sur polo Monte da Mina, Portodománio e Monte de Val das Eguas; no lado Oeste polo Monte da Pena de Francia, mentres que o lado Norte coincide cun espacio máis aberto (**figura 2**).




Figura 1. Emprazamento da Dorsal Galega coas súas serras más importantes.




Figura 2. Delimitación do tramo da Serra do Faro afectado pola tormenta, por medio de curvas de nivel separadas a unha equidistancia de 20 metros.




Figura 3. Sección topográfica do tramo sur da Serra do Faro entre os puntos A-B, marcados no mapa de curvas de nivel. Esaxeración vertical 5/1.

Diferéncianse claramente dúas áreas: *a serra* e o *fondo do val*. A *serra* queda delimitada no lado occidental (concello de Rodeiro) pola curva de nivel 820 m, mentres que no oriental (concello de Chantada-Carballeda) está por debaixo dos 650 m, marcando unha clara disimetría nas pendentes, aínda que un dos aspectos máis salientables sexa o contraste entre serra e val. A disposición da serra neste tramo segue unha dirección NE-SO, incurvándose desde Penas Grandes ata tomar sentido paralelo unha vez sobrepasado o Monte de Portodomano. A forma de medio arco que se aprecia no relevo culmina polo Oeste nos Montes da Pena de Francia.

A altura máxima da serra corresponde á cima do Faro (1187 m), situada fóra da zona afectada pola tormenta, e a partir deste punto hai un descenso gradual de altitude entre os 1070 m do Preguntoiro, 1006 m de Penas Maiores, 1001 m de O Pico, 939 m en A Mina, 854 m en Val das Eguas, e 910 m na Pena de Francia.

O referido contraste monte-val distínguese non só pola diferencia de altura senón pola inclinación das ladeiras, que son pronunciadas na serra e tenden á horizontalidade no val (**figura 3**). No lado Oeste da serra a ruptura de pendente establecese en Portelas de Valbón, segundo se estima no corte topográfico. A vertente oriental da serra está na conca do Miño, que á altura de Chantada circula encaixado por debaixo dos 300 m frente ao río Arnego, que no mesmo paralelo, acada unha altitude superior a 700 m.

**-Rede fluvial.** A rede fluvial da cabeceira do río Arnego, foi a que recibiu a maior parte das precipitacións orixinadas por esta tormenta, especialmente o Rego de Portelas de Valbón que drena as escorrentías do Preguntoiro e parte de Penas Grandes, o Arroio Cachón, o Arroio de Portodomano, que é o principal afluente do Arnego nesta zona, co seu afluente o Arroio da Toca, e o Rego




Figura 4. Rede fluvial, principalmente afectada polo episodio tormentoso do 21-9-98.

unha densidade de drenaxe de 4,56 Km/Km<sup>2</sup>. Estes datos empíricos resultan en realidade enganosos, porque tratase dun espacio formado por un rochedo granítico, resistente á erosión fluvial, que únicamente progrésa cando se adapta a líneas de fractura nas que a meteorización fisural impon cauces rectilíneos. A maioria dos cauces recollen o avenamento superficial sen apenas incidir manifestamente nas ladeiras da Serra e sen marcar vales ben perfilados. Este feito non debe pasar deaspercibido porque no momento de se producieren grandes escoamientos a auga circula de xeito laminar ou acarcavando o solo, que neste caso é bastante vulnerable, sobre todo ao coincidir con ladeiras de forte pendente.

O traballo erosivo da rede fluvial depende fundamentalmente de dous factores: o relevo e a tectónica. O *relevo*, neste caso dependente da Serra do Faro, impon un desenvolvemento de numerosos cauces de primeira orde orientados no sentido da pendente, mentres que a *tectónica* controla o trazado de cauces de orde maior, aqueles cauces que recollen as escorrentías da conca no seu conxunto. Estas circunstancias determinan a súa vez a dinámica fluvial: as cauces de primeira orde recibirán os materiais arrincados das vertentes e contribuirán ao seu arrastre, mentres que nos cauces maiores producirase un frenado no seu avance e a deposición será cada vez maior.

de Porto Xubín, que procede da Pena de Francia (**figura 4**). No lado Este da Serra do Faro os cauces que recibiron un maior aporte de precipitacións foron os afluentes da cabeceira do río Comezo, tributario do Asma (conca Miño).

A rede fluvial desta zona parece moi desenvolvida, sobre todo cando se teñen en conta o número de cauces ou a súa densidade de drenaxe. Así, o Arroio de Portodománio está formado por 38 cauces de primeira orde e corresponde a unha densidade de drenaxe de 3,62 Km/Km<sup>2</sup>, frente ao Rego de Portelas de Valbón, con 20 cauces de primeira orde e




Figura 5. Distribución de zonas de monte, bosque e espacios agrícolas.




Figura 6. Núcleos de poboación afectados pola tormenta do 21-9-98 segundo o seu grao de intensidade.

- **A vexetación.** A vexetación deste espacio está condicionada polas características do relevo e pola acción antrópica. A Serra do Faro e as súas prolongacións inflúen decisivamente na distribución das especies, establecendo unha marcada dicotomía entre *monte* e *bosques*. O *monte* presenta unha vexetación degradada, como resultado de incendios seculares, con predominio de toxos, uces e piornos. Os *bosques* quedan reducidos, como consecuencia da expansión de zonas agrícolas, a zonas marxinais: pequenos vales de pedemonte e ribeiras fluviais de pendente maior co espacio circundante. Un caso aparte son as repobaocións forestais colinas a base de piñeiro, moitas veces imprantando especies pouco axeitadas a este medio.

A zona comprendida entre o pedemonte e ribeiras corresponde ao espacio agrícola no que dominan: prados permanentes ou de secano, cultivo e zonas mixtas (**figura 5**).

- **Distribución da poboación.** O habitat de tipo rural, agrupado en parroquias, adáptase ás condicións do medio, ocupando as zonas situadas desde o pedemonte ata as ribeiras fluviais. A curva de nivel 940 m marca o ecumene local. Así, nun espacio de 56 Km<sup>2</sup> (**figura 6**) localízanse 40 núcleos de poboación dos que 33 están situados entre as cur-

vas de nivel 700-820 m, 4 entre as curvas 821-900 m, e 3 por encima dos 901 m, como é caso de Pobadura, a aldea máis elevada da Serra, que se ubica na falla do arroio da Toca a 940 m de altitude.

As aldeas están situadas, polo xeral, en espacios abertos, ocupando unha posición intermedia entre os prados de regadío, os terreos de cultivo e o monte, que sempre se atopa por encima, razón pola que tódalas arroiañas que se orixinan despois dos incendios transportan cinzas e borrallas cara a zona que tradicionalmente reconvertía en biomasa a produción do monte.

A Serra do Faro inflúe notoriamente na distribución do habitat, marcando unha banda despoboadas en sentido NE-SO, na que se adentran algunas aldeas por razóns de carácter excepcional (caso de Pobadura, Couso e Cabana).

### 3. SITUACION METEOROLÓXICA.

O estado da atmosfera na Península Ibérica o 21 de setembro 98 corresponde a unha “situación típica de verán”. A presión atmosférica a nivel de superficie é relativamente baixa, a Península queda dentro do col barométrico que une o anticiclón do Atlántico Norte (1.024 mb) co anticiclón situado sobre Europa Centro-Nórdica (1.036 mb). Esta situación non só permite o acercamiento de frentes polo referido col, tamén favorece o ascenso de masas de aire quente na Península, en contra do que sucede nos anticiclóns (**figura 7**). As pre-





Figura 7. Mapa de superficie do 21-9-98 ás 14 horas (hora oficial)

síons moderadamente baixas da Península dan lugar á clásica “borrasca térmica”, caracterizada polo intenso calor canicular dos meses de agosto-setembro. Máis que unha chegada de aire quente do Norte de África ou Deserto do Sahara, como sucede durante estas situacións típicas, dánse as condicións idóneas para que a Península funcione aisladamente e aparezan multiples celulas convectivas, e por esa razón estivéronse a producir numerosas tormentas de orixe térmica durante estes días (Ceuta, Melilla, Baleares, Andalucía, Extremadura, Sur de Castela-León, Mar de Palos e a metade Occidental).

A presión atmosférica de superficie entre os días 18-24 apenas sofre variacións significativas, polo que nos mapas meteorolóxicos a isobara 1016 mb sempre afecta a Galicia. Esta situación de relativa estabilidade atmosférica, sen que aparezan frentes, favorece a formación de **correntes convectivas**, que de forma desigual se orixinan na metade Sur da Península e, nos últimos días, chegan ata Galicia. Frente a esta estabilidade atmosférica danse situacións térmicas caracterizadas por elevadas temperaturas para esta época do ano. Durante os días 18 a 21 de setembro as máximas da Península rexístranse en Ourense (**táboa núm. 1**). Na estación meteorolóxica escolar do CPI de Rodeiro as temperaturas máximas rexistradas corresponden á media das estacións galegas, aínda que son inferiores ás de Ourense.

Nos niveis máis altos da atmosfera entre os días 18-24 de setembro 98, obsérvase unha debil entrada de aire frío, procedente da Europa Nórdica, sobre a Península Ibérica. As líñas isotermas experimentan un descenso en altura, a nivel de tódalas superficies isobáricas, polo que o punto de conxelación, situado nos primeiros días en torno aos 4.080 m de altitude baixa no día 21 a 3.710 m e sitúase a partir do día 23 en 3.080 m. Este enfriamento empezou polos




Un raio fulmina o carballo de maior tamaño na carballeira de Pesqueira cercana a Casar de Seta. En contra do que é habitual, o raio fende o carballo en dúas partes, desprendéndose a copa sobre o fuste.

	Día 18	Día 19	Día 20	Día 21	Día 22	Día 23	Día 24
ESTACION		T. MAX.		T. MAX.		T. MAX.	
A Coruña		25,6		25		24,5	
Santiago		30,8		30,4		30,9	
Lugo		27,9		30,8		30,5	
Ourense		35,1		35,1		34,5	
Pontevedra		29,4		26,6		23,8	

Táboa núm 1. Temperaturas máximas en °C rexistradas en varias estacións galegas entre os días 18-24 setembro 98.

niveis más altos, superficie isobárica de 300 mb, seguindo os movementos da “corrente en chorro”, que nestes días presenta unha circulación debilitada en sentido meridiano. A “corrente en chorro”, auténtico motor da circulación atmosférica na zona temperada, sitúase o día 20 sobre a Península Escandinava, propiciando a entrada de aire frío sobre Europa Centro-Occidental, e aparece ao día seguinte (**figura 8**) sobre Francia circulando en dirección ENE-OSO, polo que o aire enfriado das capas altas chega á Península Ibérica.

O gradiente vertical de temperatura, o día 21, deducido a partir da tempe-



→ CORRENTE EN CHORRO O DIA 18.

Figura 8. Distintas posicóns da “corrente en chorro” entre os días 18-23 de setembro 98. Elaborado en base ás topografías de superficie de 300 mb coorrespondentes ás 12 horas UTC de cada día.

ratura media da superficie e da análise das topografías das superficies 850 mb, 700 mb, 500 mb, é de 7,5°C por Km, lixeiramente superior aos 6,7°C/Km dos días anteriores, así como os 6,2°C/Km dos días 23-24. Calquera corrente convectiva ascendente sofrirá un enfriamento máis rápido no primeiro dos casos.

Nestas condicións vaise a desencadear un episodio tormentoso de escasa extensión sobre a Serra do Faro, pero de gran intensidade. Este episodio aislado, único en Galicia Centro-Setentrional neste día, pasa desapercibido aos servicios de información meteorolóxica, pola súa producción a microescala. Nas estacións meteorolóxicas más próximas, de control oficial ou particular (Rodeiro a 7 Km, Lalín e Mouriscade a 18 Km, Pieles a 8,5 Km, ou Ourense a 27 Km) non se rexistarán precipitacións, nin tan sequera reducción de horas de sol, agás Ourense.

#### 4. FORMACION DUNHA TORMENTA. A TORMENTA DA SERRA DO FARO.

Durante as estacións más cálidas da zona temperada, especialmente no verán, a superficie sometida a unha forte radiación solar pode quentarse máis intensamente co aire das subcapas atmosféricas que están en contacto con dita superficie, que normalmente aparece cuberta de bosques, campos abertos ou zonas rochosas. O quecemento do solo non só depende da intensidade da radiación solar senón tamén da súa capacidade para absorbela ou reflectala, o que medido en valores porcentuais denominase **albedo**. Esta importante propiedade da superficie terrestre determina a velocidade relativa do seu quecemento cando está exposta á insolación. O albedo dunha lámina de auga depende do ángulo de incidencia dos raios solares e no menor dos casos pode ser do 2%, pero varía nunha gama ampla cando se trata de campos, bosques ou solo nu, oscilando desde o 3% ata o 35%. No caso dun terreo queimado, no que se acadaron elevadas temperaturas de combustión, co chan cuberto de borrallas e cinzas, ennegrecido, ao seu albedo correspóndenlle valores moi baixos sen apenas reflexión da radiación, mentres que o seu quecemento superficial é moi intenso. En certos puntos do chan acádanse temperaturas que sobrepasan os 55-60°C, en contraste coa temperatura ambiente de 30°C, polo que existe un desigual quecemento do chan que se tradúce, a consecuencia dunha forte **irradiación**, na formación de “bolsas de aire” lixeiro requentado ascendentes, tamén chamadas “**térmicas**”.

A medida que ascende o aire enfríase adiabaticamente, ata que chega á mesma temperatura có aire circundante e detense; pero antes de que isto suceda pode acadar unha *temperatura crítica* inferior ao denominado “**punto de rocío**” polo que se produce a condensación do vapor, iniciándose a formación dun cúmulo. A base deste cúmulo indica o *nivel crítico* no que comezou a condensación. A parte superior da nube, con forma de coliflor, representa a vanguarda da columna

de aire ascendente, que se introduce rapidamente en niveis cada vez máis altos, e de continuar o proceso a nube podería chegar a converterse nun **cumulonimbo**.

O desigual quecemento do chan serviu tan só como efecto desencadeador para orixinar un ascenso espontáneo alimentado pola enerxía latente liberada polo vapor de auga que se condensa. Así a cada gramo de auga formado por condensación correspónدلle a liberación de 600 calorías.

Unha tormenta, en realidade, é unha intensa borrasca local de convección asociada a un cumulonimbo grande e denso no que hai correntes de aire ascendentes moi fortes en busca de maiores altitudes. A maior parte das tormentas constan de varias celulas asociadas a unha corrente ascendente individualizada, pero este non foi o caso da orixinada na Serra do Faro. Unha vez que se inicia o proceso a celula ou celulas convectivas pasan por un ciclo: *fase cúmulo, fase madura e fase de disipación*.

**-Fase cúmulo.** A célula convectiva é unha simple corrente ascendente que se enfriá gradualmente en función do “gradiente adiabático seco”, que non coincide exactamente co “gradiente vertical de temperatura”, e na parte alta da mesma orixinase unha nube, unha vez acadado o “punto de rocío”, de xeito que a súa progresión depende agora do “gradiente adiabático saturado”, que sempre ten un valor inferior aos outros gradientes. En termos xerais pódese afirmar que a masa de aire en ascenso sempre presenta temperaturas superiores ás da atmósfera envolvente, polo que o mecanismo unha vez desencadeado é imparable. A corrente ascendente tende a absorber aire do seu arredor a medida que se eleva.

**-Fase madura.** Os cumulonimbos adquieren rapidamente un gran desen-



Destrozos producidos pola saraiba na tormenta do 21-9-98 nas proximidades da aldea de Casar de Seta.

rolo vertical, especialmente no seu interior. Aquí o vento cálido sube en forma de torbeliño acadando velocidades que chegan a 60 Km/h., pero tamen aparecen outros fenómenos: as *descargas eléctricas* e a *formación de precipitacións* como gotas grossas de chuvia e/ou saraiba.

A atmosfera é un campo eléctrico poboado de ións que se moven libremente, con cargas negativas na subcapa que está en contacto coa superficie, sendo positivas nas subcapas más altas. Entre a superficie e o nivel de 10 Km existe unha caída de tensión, pero nas subcapas inferiores a intensidade do campo é maior que en altura. Cando o aire está en repouso a polaridade entre ambas subcapas compénse mediante a migración de ións, pero ao formarse un cumulonimbo con 3 pisos diferenciados pola existencia de *auga líquida* (piso inferior), *auga-xelo* (piso medio) e *xelo* (piso superior), orixina a acumulación de cargas positivas no piso superior. O forte aumento da *intensidade de campo* depende do rápido impulso ascensional da nube que segundo a densidade de gotas conxeladas en altura presentará unha maior ou menor carga eléctrica (captura de ións libres na fase estable), pero a aproximación entre as líneas de potencial tamén depende da velocidade de ascenso. Chega un momento no que a intensidade do campo eléctrico é tan grande que, a pesar da mala conductividade do aire, aparece espontaneamente unha compensación eléctrica en forma de descarga, prodúcese un **raio**. A cantidade de raios que pode producir unha tormenta depende das súas características, da súa carga eléctrica e da capacidade para manter as diferencias de potencial; pero no episodio que tivo lugar na Serra do Faro unicamente se rexistrou a caída dun potente raio na Carballeira de Pesqueira (Casar de Seta) que provocou a rotura do fuste dun carballo sobre o que caeu a súa copa desplomada.

Cómpre sinalar algunas características dun raio: a súa *velocidade*, a elevada *temperatura*, a súa *potencia mecánica* e *eléctrica*. A *velocidade* da descarga aproximase a 1/3 da velocidade da luz, polo que a súa duración é infinitesimal, dependendo unicamente da distancia recorrida. A *temperatura* dentro do seu canal de propagación de 2-4 cm. de diámetro acada os 24.000°C. A *potencia mecánica*, debida á elevada presión do angosto canal do raio, manifestase na destrucción de obxectos, como derribo de árbores, ou na apertura de boquetes en muros de pedra. Propágase á velocidade do son. A *potencia eléctrica*, da orde de 3,4 mil millóns de kilovatios, tamén resulta xigantesca.

O outro fenómeno que ten lugar nunha tormenta son as precipitacións formadas por grandes gotas ou saraiba. Canto maior sexa o impulso ascensional maior cantidade de gotiñas serán empuxadas cara arriba, que se depositarán sobre o xelo formado na parte superior. Por outra banda, o tempo de permanencia dun gran de xelo na nube tamén depende de dito impulso, de tal forma que a saraiba vai aumentando de tamaño. O tamaño das gotas de chuvia ou dos grans de saraiba e o vento vertical dunha nube gardan unha relación funcional mensurable.

Durante esta fase as precipitacións que caen do cumulonimbo crean unha corrente descendente a causa do impulso por rozamento que exercen sobre o aire. Esta corrente, unha vez acadado o chan exténdese sobre este dando a sensación de frescor, pero ocasiona fortes ráfagas de vento que se observan normalmente antes ou durante o comezo das precipitacións.

**- Fase de disipación.** A tormenta desactivase unha vez que a corrente de aire descendente se extende polos niveis inferiores da celula e cesa a corrente ascendente. A parte superior do cumulonimbo adopta, unha vez sobrepasada a tropopausa, a forma de fungo ou bigornia e continúa extendéndose. Trala entrada na estratosfera, despois duha explosión da parte superior do cumulonimbo, aparece unha capa de cirrostratos ou altostratos. Se a tormenta é grande e complexa aínda se continúan activando novas celulas mentres outras se disipan, pero de estar formada por unha celula convectiva única a entrada na estratosfera marca o seu fin.

**A tormenta da Serra do Faro** produciuse por convección térmica, coincidindo cunha serie de factores que fixeron posible a súa formación e posterior evolución.

O día 11 de agosto ás 7,50 h. da mañá caeu un raio en Portelas de Valbón e provocou un incendio de gran magnitude que se extendeu polo Preguntoiro, O Foxo, Carballa Vella, Penas Grandes, A Puntiña, O Piorno e Rega de Raque, cubrindo unha superficie de 381,5 Has. Aínda que unha gran parte da zona afectada a ámbolos dous lados da serra era monte baixo, nembargantes na parte superior arderon piñeiraís de repoboación de corta idade e, nas zonas inferiores, na proximidade dos regueiros, víronse afectadas algunas carballeiras, especialmente por encima da aldea de Matanza. O raio que provocou este incendio non estivo relacionado co desencadeamento dunha tormenta, polo que non houbo chuvias e o lume propagouse rapidamente queimando a superficie sinalada en menos de 20 horas.

A finais do mes de agosto houbo outro incendio, aínda que neste caso provocado, entre Casar de Seta, A Pallota, A Cabana e Pobadura, afectando ao Monte Miote, Monte de A Mina, Os Tombelos, Pena dos Cans, Pena da Gándara, Portodomanio e O Río. Queimáronse, a partir de tres focos de propagación desde o mediodía, un total de 265,25 Has. de monte baixo, zonas turbosas no Monte Miote e na Gándara, e unha pequena area de caducifolias no regato de Cerquedo (afluente do arroio da Toca).

Entre as dúas zonas incendiadas exténdese o Monte da Toca e parte do Monte de Raque, que non se viron afectados. Pola banda Este actuaron como cortalumes os prados e campos de cultivos dos veciños de Barrio e Couso, así como a estrada Rodeiro-Oseira, aislando a zona incendiada de Preguntoiro-Penas Grandes da zona non incendiada, mentres que pola banda Sur foi o arroio da Toca o que serviu de cortalumes (**figura 9**).




Figura 9. Zonas da Serra do Faro afectadas polos incendios do mes de agosto de 1998, cartografiados sobre o Mapa Topográfico do SGE (1/50.000).

A superficie total incendiada, zona más alta de Pre-guntoiro-Penas Grandes, con puntos situados por encima dos 1100 m, e a zona do Monte Miote-Porto-domanoio, chegou ás 646,75 Has, que no conxunto da serra representa unha proporción considerable.

Para que se orixine unha tormenta térmica non chega coa formación dunha corrente cálida ascendente formada sobre un chan máis requentado que o resto do espacio circundante, tamén é preciso que haxa un grao de humi-

dade elevado. A humidade absoluta que contén a atmosfera depende da súa temperatura, pero é necesario que existan zonas suministradoras. Estas zonas non teñen por que estar necesariamente en terra, pode haber traslado de masas de aire desde o océano, porque nesta época do ano o interior de Galicia presenta deficit hídrico. Segundo os datos pluviométricos dunha estación privada de Lalín, entre o 4 de xullo e o 3 de setembro unicamente se rexistrou unha precipitación de 7,6 mm, caendo 18,3 mm entre o 4-7 de setembro e 40 mm entre o 10-14 do citado mes. As precipitacións caídas durante a primeira quincena de setembro non deron lugar a escorrentías, pero dulcificaron as temperaturas ao tempo que se incrementou a evapotranspiración contribuindo á humidificación da atmosfera. Este factor, unido ás elevadas temperaturas do 21 de setembro, será unha das causas das intensas precipitacións rexistradas coa tormenta.

A intensidade de precipitacións, dentro da zona afectada pola tormenta,

como sucede en tódolos eventos deste tipo, non foi uniforme. Houbo dúas zonas nas que a intensidade foi maior: Couso e Casar de Seta-Toiriz. Esta bifocalidade na intensidade das precipitacións púdose apreciar tralas observacións de campo en base a:

*-Informacións dos veciños.* Segundo a maioría dos afectados, a tormenta empezou simultaneamente en dous puntos: Couso, lado oriental, e Toiriz, lado occidental. Estes puntos coinciden coas zonas máis efectadas, onde empezou primeiro a chover, e onde caeron os grans de saraiba de maior tamaño (algúns de 4-5 cm de diámetro). A expansión destes focos foi tan rápida que algunas persoas de Farán, unha localidade situada na zona intermedia, non tiveron tempo suficiente para desprazarse desde as fincas cercanas á aldea ata as súas casas.

As primeiras precipitacións foron de saraiba de gran tamaño, pero rápidamente se transformaron en intensas chuvias formadas por gotas voluminosas.

*-Destrozos en cultivos.* Nunha inspección visual á zona afectada, púdose comprobar que os cultivos máis afectados eran os de horta, especialmente as coles, e os campos de millo (milleirais). Estes destrozos notábanse singularmente en: Casar de Seta, Toiriz, Mourigás, Torre, Agrosagro, Baroncelle, Farán e Couso.

*-Erosión de solos.* A erosión non só afectou a montes queimados, nos que apareceron cavorcos e terraciñas con depósitos de area cuarzosa, senón tamen á maior parte da rede viaria non asfaltada: camiños e corredoiras. As zonas de máximos arrastres coinciden coas dúas áreas nas que a tormenta descargou un maior volume de precipitacións. Nas localidades de Torre, Agrosagro, Alén e Baroncelle, que corresponden a unha zona de precipitacións lixeiramente inferiores, tamén houbo arrastres significativos puntuais en zonas roturadas e “camiños de terra”, chegando a entullar e anegar algúns destas aldeas.

*-Subida de nivel de regatos/arroios.* A concentración de escorrentías fíxose notar na repentina subida do nivel dos regatos e arroios afluentes do río Arnego. A relación caudal/precipitacións/superficie da conca púxose de manifesto de forma directa. Deste xeito, púdose observar un desbordamento de cauces ou a formación de taponamentos nos “colos de botella” que coinciden coa construción de vados sobre algúns arroios confluentes no río Arnego: O Pontillón en Casar de Seta (arroio de Portodomán), Ponte de Portelas de Valbón (estrada Rodeiro-Oseira), Ponte Corvaceiras (arroio de A Toca). Nestas tres pontes houbo unha retención das riadas, con desbordamentos por encima das estradas ou pistas, feito que ocasionou danos materiais nalgunha vivenda de Casar de Seta.

Outros puntos nos que se constatou un aumento no nivel do cauce, con ou sen efecto “colo de botella” foi en: Terraplén da Rega da Foxa en Couso, Ponte Castiñeiras e Ponte de Porta-Bois.

*-Aparición de depósitos con sedimentos.* Aínda que é preciso diferenciar



O novo pontilón de Casar de Seta, construído sen ter en conta as características do cauce nin as da conca, serviu de muro de contención á riada, ocasionando danos na vivenda próxima por inundación.

dous tipos de acumulacións, os depósitos de ladeira e os de fondo de val, nem-bargantes a súa localización e volume están en relación directa coas zonas máis intensamente afectadas pola tormenta.

No rego de Portelas de Valbón localizouse un potente depósito de sedimentos abaixo de Couso, na zona dos prados de Os Pereiros, formado por cinzas, borralhas, areas e pedras.

Tamén actuaron como trampas de sedimentos numerosos valados construidos en contrapendentes, cercando fincas no monte, especialmente no situado por encima da aldea de Casar de Seta.

Todas estas observacións non son máis ca unha consecuencia das intensas precipitacións rexistradas nos referidos focos de máxima intensidade. O foco de Couso coincide coa ladeira da propia Serra do Faro, afectando especialmente ao Preguntoiro, Regañadoiro, O Foxo, Matanza, Penaboa, Penas Grandes e Raque. Esta zona fora incendiada a mediados do mes de agosto, polo que non habendo unha cobertura vexetal que protexera ao solo do impacto da saraiba e gotas de auga, orixinouse unha rápida escorrentía que activou o sistema fluvial con cargas hidráulicas punta movilizando gran cantidade de sólidos en suspensión, arrastre e flotación.

Outro foco de intensas precipitacións corresponde á zona de Toiriz-Casar de Seta-Farán; sin embargo a parte máis afectada foi o monte, incendiado a finais de

agosto, situado por encima de Casar de Seta: Monte Miote, Monte de A Mina, O Coto, Os Tombelos, e monte de Portodomano. Ao coincidir cunha zona externa da Serra do Faro, con pendentes menos pronunciadas, a circulación laminar, arroiada en surcos (cavorcos) ou concentrada en idoiros, non provocou uns efectos tan intensos como no caso anterior, aínda que a concentración de escorrentías no “colo de botella” do Pontillón de Casar de Seta significara o asulagamento da planta baixa da vivenda máis proxima ao afluente do Arnego. Aquí, a construción dunha ponte entre 1970-80 por Irida, sobre o arroio de Portodomano, para enlazar as aldeas situadas entre Asperelo (estrada Rodeiro-Oseira) e Toiriz (estrada Rodeiro-A Gouxa), obstruindo non só o **leito maior** ou de **inundación** desta corrente fluvial, senon incluso parte do seu **leito ordinario** ou **aparente**. A colocación de dous tubos de forma ovoide, cunha sección de aproximadamente  $2,56\text{ m}^2$  cada un, constitúe unha limitación á libre circulación hidráulica do cauce, sendo un evidente obstáculo á evacuación de caudais superiores a  $13\text{ m}^3/\text{segundo}$ . A inundación, que tivo lugar nesta casa do fondo da aldea de Casar de Seta, foi debida á obstrucción hidráulica no arroio de Portodomano, orixinada por unha ponte que fora construída sen valorar suficientemente a dinámica fluvial. O antigo Pontillón construído para que o camiño real A Gouxa-Rodeiro atravesara o arroio, non tiña provocado estes efectos na súa dilatada historia.

Diante da falta de rexistros pluviométricos, por ser esta unha zona na que non existen estacións meteorolóxicas, e non contando con referencias estimativas directas, polas características observadas, pódese estimar que as precipitacións máximas rexistradas nestes dous focos deberon estar comprendidas entre 35-50 mm, que sendo cantidades de auga considerables para unha tormenta, non foron a única causa dos danos ocasionados, senon máis ben a súa intensidade (corta duración). O tempo de descarga intensiva non sobrepasou os 25/30 minutos.

Fóra destes dous focos de gran intensidade de precipitacións, tamén, houbo unha segunda zona (**figuras 4, 6**) na que as descargas foron considerables, como é o espazo que corresponde a unha banda que se interpón entre os dous focos citados e que se extende ao Norte e Sur dos mesmos. Abarca ás seguintes localidades e zonas: Cuñarro do Cabo, As Grovas, Torre, Agrosagro, O Pedregal, Alén, Baroncelle, Lamarzás, Pereira, Rega das Forcadas e O Piorno.

Unha terceira banda, con precipitacións reducidas, é a que corresponde As Mosqueiras, Fondo da Hedreira, Monte Uzal, As Antas, Carboentes, Castugares, Mariñaos, Caxide, Asperelo, Sampaio, Barrio, Monte de As Angrilladas (na Serra do Faro), Porto e Trapela.

En base á análise das imaxes do satélite Meteosat en canle visible e infravermello, correspondentes ás 16.00 h, 16.30 h e 17.00 h, ao estudio da situación meteorolóxica en Europa Occidental nos días precedentes e posteriores á tormenta, foi posible facer unha aproximación ás características do cumulonimbo

que provocou este evento crónico nesta parte da Comarca de Deza. A nube que se formou sobre as caldeadas ladeiras da Serra destacou sobre todo polo seu desenvolvemento vertical más que pola súa extensión superficial (**figura 10**). Na imaxe Meteosat en infravermello das 14.00 h do día 21 de setembro non se localizan indicios de formacións frías sobre a área afectada; pero na imaxe das 14.30 h xa aparece un pequeno foco con temperaturas comprendidas entre -34°C/-37°C, segundo a imaxe realizada en base ao valor dos píxeles orixinais, transformados mediante banda cromática nun código de colores. Neste momento o cúmulo debía acadar unha altura superior a 9500 m, tendo en conta que o enfriamento da masa nubosa en altura depende do seu gradiente adiabático saturado. Finalmente, na imaxe térmica (banda infravermella) das 17.00 h, o cumulonimbo xa se expansionara pola estratosfera (fase de disipación) acadando temperaturas comprendidas entre -50°C/-53°C na súa parte central e valores inferiores polos arredores (-46°C/-49°C). A imaxe mostra unha forma nubosa ovalada en sentido O-E, que corresponde á dirección da circulación do vento en altura. A súa altura máxima debía sobrepasar os 12500 m, contando que o gradiente adiabático saturado fora de 0,60°C/100 metros. A partir deste momento, e sen que remitiran as precipitacións, a tormenta entra nunha fase de paralización.

Na análise destas imaxes destaca un aspecto importante. Entre os **realces**




Figura 10. Representación hipotética do potente cumulonimbo que se forma sobre a Serra do Faro o día 21-9-98.

**térmicos** das 16.30 h e o das 17.00 h tan só hai un descenso de temperatura no teito do cumulonimbo de -16°C, o que ven a indicar que a súa expansión vertical neste espacio de tempo foi máis ben reducida, pero non a súa expansión horizontal. Desto dedúcese que neste período de tempo a nube explosionou na estratosfera, unha vez traspasada a tropopausa.

O cumulonimbo que se formou sobre o ramal sur da serra do Faro era visible desde grandes distancias, concretamente desde as proximidades de Santiago de Compostela a máis de 60 Km de distancia, onde o ceo presentaba un aspecto aberto e despexado.

## 5. EFECTOS EROSIVOS.

A pulsación erosiva provocada pola tormenta do 21 de setembro tivo unha incidencia significativa nas zonas de máxima pendente da Serra, pero non se deben separar os seus efectos da intensa acción deshumanizadora e destructiva da paisaxe que se está a practicar innecesariamente nesta fase da agricultura mecanizada. Os incendios forestais están degradando continuamente esta serra, non só polo empobrecemento en biomasa e pérdida de especies vexetais e animais, senón tamén polo continuo rebaixe ou eliminación dos horizontes do solo, moi vulnerable desde que se elimina a súa protección arbustiva. En contra do que pode parecer, os incendios levan destruido máis solo nestes últimos 20 anos ca en varios séculos anteriores, nos que se practicou un sistema agrícola que aproveitaba ao máximo a producción do monte. Del sacábase o toxo verde para transformalo a través do “cortello” en esterco para os labradíos, leña para queimar no fogar (caso das uces) ou para a quentura dos fornos de cocer “pan”, aproveitábanse as súas herbas para pastoreo do gando vacuno, ovino ou caprino. O monte era unha reserva que condicionaba a productividade do val, pero esta dinámica rompeuse tralo despoboamento rural. A Serra do Faro foi o exemplo máis claro de todo isto, como demostran as parcelacións de monte mediante a construcción de inmensos valados nas súas pendentes para apropiarse dun espacio en principio comunal.

No monte Miote, situado entre Casar de Seta e Pobadura, disputado polos habitantes de ambalas dúas aldeas, existían depósitos de turba formados na parte alta a máis de 900 m, en condicións de “braña fría”, que foron casemente destruidos co incendio estival de 1989 (ano marcadamente seco). O incendio de agosto 98 voltou novamente a destruir algúns pequenos depósitos subsistentes. A degradación deste monte pon en evidencia toda a desestabilización que sofre a serra no seu conxunto.

O monte de Pena da Gándara, situado por encima de Portodomanio, experimentou un proceso similar ao ser afectado polo incendio devastador de 1989, no que tamén se queimaron os depósitos turbosos.

Os métodos de observación directa, pero non os de medición cuantitativa da erosión, son os que se puideron aplicar neste caso. Os dous focos de máxima intensidade de precipitación coincidiron negativamente coa zona incendiada e por iso as riadas transportaron cara o fondo do val inxentes cantidades de cinzas, borralhas, areas e pedras, tanto en Portelas de Valbón como én Casar de Seta e Toiriz (zona non incendiada).

Merece un comentario especial o sucedido nunha parte da aldea de Couso, en Cousiño. Aquí formase unha insignificante valgada que en sentido case vertical ascende cara O Foxo; pero debido á interposición dalgunha vivenda construída recentemente, ao ensanchado do camiño que vai ao Regañadoiro e a outro máis vello que sube cara As Bouzas, concéntrouse unha gran riada que inundou vivendas (Casa do Mesón) e provocou un extenso acarcavamento nun prado situado por debaixo da referida localidade (Cousiño).

Outro caso semellante, no que os camiños actuaron como canalizadores iniciais da riada, témolo na Rega da Costa en Casar de Seta. Aquí, a arroiaada non só derribou valados, arrastrou lousas polos prados, tamén chegou a excavar algún foxo de 2 metros de profundidade en Socotiño.

A rede fluvial recibiu todos estes aportes sólidos, que foi depositando nas zonas de remansos. Este é o caso do extenso depósito estructurado segundo a densidade dos materiais arrastrados na zona dos prados das Pereiras en Couso.

A turbidez introducida no río Arnego chegou a notarse na Ponte do Hospital, situada no corredor Lalín-Chantada, punto no que o a crecida sobre-pasou en máis dun metro o nivel de estiaxe do río.

## 6. CONCLUSIONS.

A presentación do fenómeno tormentoso nas queimadas ladeiras da Serra do Faro, provocando unha intensa acción erosiva, puxo de manifesto a fragilidade dun sistema natural afectado por multiples actuacións antrópicas. A virulencia das precipitacións, primeiramente sólidas (saraiba) e líquidas de seguido (chuvas), non provocarían desestabilización no medio a non ser pola desprotección do solo, o trazado e modificado de camiños ou a construción de vados que actuaron de “colo de botella” na riada, imparable unha vez desencadeada.

A formación da tormenta, como fenómeno meteorolóxico, tamén está vinculada ao caldeamento da Serra, inducido pola falta de cobertura vexetal. De non ser por esta circunstancia probablemente non houbera tido lugar a súa formación, xa que constituíu un caso excepcional no noroeste peninsular. A poboación do concello de Lalín nin siquera se enterou do que estaba a pasar a unha distancia non superior a 15 km, en plena Serra do Faro.

## BIBLIOGRAFIA

Sobre as tormentas existe unha reducida bibliografía específica, pero tamén se pode obter unha detallada información a través de obras de meteoroloxía, climatoloxía e xeografía física. En tódalas obras se incide nos seus aspectos básicos, mentres que nas de maior especialización analízanse as súas características físicas, mecánicas, químicas e eléctricas.

A análise do momento no que se produce un evento deste tipo xa depende da información meteorolóxica existente, que nesta Comunidade corresponde ao Centro Meteorolóxico Territorial de Galicia de A Coruña. A información a nivel público difúndese a través dos medios de comunicación, pero o Servicio Meteorolóxico dispon de imaxes do satélite Meteosat, imaxes de radar e a publicación diaria do Boletín Meteorolóxico.


No que respecta ao estudio de tormentas a microescala e incluso mesoescala a nivel de Galicia, polo de agora, hai un vacío total de información.

En canto a rexistros meteorolóxicos oficiais figura o referido Centro de A Coruña, a rede do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán e observadores particulares. Neste último caso a estación máis cercana ao lugar da tormenta, é a do CPI de Rodeiro, controlada polo profesor Horacio Ferradás.

## APENDICE FOTOGRÁFICO

Imaxe do satélite Meteosat, en infravermello, do día 21 setembro 98 ás 14.00 h. (16.00 h. oficial). Sobre a Serra do Faro non se observan sinais de inestabilidade.

FOTO 1




Imaxe do satélite Meteosat, en infravermello, correspondente ao día 21 setembro 1998 ás 14.30 h. UTC (16.30 h. oficial). Sobre a Serra do Faro obsérvase unha célula nubosa formada por convección térmica, que corresponde a unha violenta tormenta.

FOTO 2



Imaxe do satélite Meteosat en infravermello do día 21 de setembro 98 ás 15.00 h. UTC (17.00 h. oficial). A convección térmica que aparece localizada sobre a Serra do Faro, productora dunha violenta tormenta, xa se atopa *na fase de disipación*.

FOTO 3



*Pedro Joseph Rodríguez y González fue un raro genio de las matemáticas, la geodesia y la astronomía que había estudiado ciencias sólo “por libre”.*

**“O MATEMÁTICO DE BERMÉS”**  
**Memoria apasionada de un hombre sabio**

Armando Vázquez

Cuando me fue solicitada una colaboración para el número inaugural de esta publicación –a la que deseo muchos años de vida al servicio de la comarca–, me pareció llegado el momento de saldar una inaplazable deuda familiar, siempre pendiente, con la memoria de este genio de la ciencia nacido en Deza.

Pedro Joseph Rodríguez y González (1770-1824), conocido, primero en su comarca natal y después en los círculos académicos gallegos, como “O Matemático de Bermés”, tuvo la mala fortuna de vivir en uno de los períodos más aciagos de la reciente historia de España. La invasión napoleónica, la lucha a muerte entre absolutistas y liberales, la corrupción administrativa y los estertores agónicos del Antiguo Régimen contribuyeron sin duda a su fallecimiento a los 53 años, en plena madurez intelectual, cuando estaba poniendo al servicio de la ciencia y de la convivencia en España todo el saber que había acumulado durante sus largas estancias en las universidades y en los centros científicos de media Europa.

Por una u otra razón, y sin duda pesó entre ellas su talante liberal, lo cierto es que Rodríguez ha quedado relegado a un olvido casi total; y sólo se encuentra su nombre en los tratados específicos sobre la ciencia española en el siglo XIX –como el de Menéndez y Pelayo<sup>1</sup>– y ocupa un lugar sólo discreto en la reducida nómina de los científicos gallegos de todos los tiempos.

De “O Matemático de Bermés” se sigue echando en falta un estudio a fondo de su personalidad como prototipo gallego del hombre de ciencia heredero de la Ilustración, humanista y liberal, creyente y librepensador, católico y anticlerical, y por consiguiente “afrancesado”, en el mejor sentido de la palabra. El fue uno de los primeros gallegos “europeos”, enciclopédista por la amplitud de sus conocimientos e inquietudes, y “compostelano” por su formación universitaria, por la curiosidad de su espíritu inquieto y por su inalterable fidelidad a la tierra gallega.

Otro ilustre dezano, D. Ramón María Aller, dedicó a su paisano el mejor homenaje a su vida y a su obra, al poco tiempo de cumplirse el centenario de su muerte: una monografía de 70 páginas, publicada en 1929<sup>2</sup>; el “Milagro de Lalín”, como le llamaba Castroviejo, relata con estilo entrañable los primeros años de Rodríguez, sus estudios y triunfos académicos en la Universidad, sus andanzas europeas, sus inquietudes y decepciones políticas; y se detiene sobre todo en el análisis de sus aportaciones al cálculo matemático, a las mediciones geodésicas, al estudio de la mineralogía y a la astronomía.

Cualquier referencia posterior al científico de Bermés pasará necesariamente por la consulta del libro de Aller. A él recurre el catedrático Vidal Abascal, un asturiano muy vinculado a Lalín, en sus artículos y conferencias sobre los científicos gallegos; Paz Andrade, en su discurso de ingreso en la Academia Galega de Ciencias, en 1985<sup>3</sup>; y Filgueira Valverde, en el opúsculo que le dedica en su serie de biografías de “pontevedreses universales”<sup>4</sup>. El fecundo polígrafo aporta, además, numerosos datos inéditos acerca de nuestro paisano, espiados entre los fondos epistolares procedentes de su amigo y albaacea, Suárez Freire, y de su sobrino, el filólogo Rodríguez, que conserva el Museo de Pontevedra. Más recientemente, Carlos Brandido, otro lalinense experto en la difícil ciencia de los números, ha logrado resumir en un artículo las aportaciones del sabio de Bermés al estudio de la forma y dimensiones de la Tierra<sup>5</sup>.

1 Menéndez y Pelayo, M., “La Ciencia Española”, III, pág. 231, reedic. 1994, Madrid.

2 Aller Ulloa, Ramón María: “D. José Rodríguez González (O Matemático de Bermés)”. Volumen III de Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, Santiago, 1929.

3 Paz Andrade, Valentín, “O home dentro do sabio: Pedro Joseph de Bermés (1770-1824)”. Discurso de ingreso en la Academia Galega de Ciencias, con la respuesta del profesor Vidal Abascal. Santiago de Compostela, 1985.

4 Filgueira Valverde, José: “El Dr. José Rodríguez González, O Matemático de Bermés”. Imprenta de la Diputación Provincial, Pontevedra, 1988.

5 Brandido Gutiérrez, Carlos: “Contribución dun sabio galego á determinación da forma e dimensións da Terra. Xosé Rodríguez González, matemático, astrónomo e xeodesta”. Revista “Lucensia”, número 9. Lugo, 1994.

¿Cómo se aproveitaba daquela o monte de matorral?. En xeral existían algunas variantes, áinda que poderíamos agrupalas en dúas: corte do toxo cada 3 a 5 anos e facer pastoreo da pobre vexetación que ía aparecendo, outra versión era a roturación propiamente do monte, a posterior semenza de cereal (trigo ou pan) durante 2 a 3 anos e o abandono de novo do monte outros 8 ou 10 anos.

No outono do ano 1960 inícianse as primeiras experiencias protagonizadas fundamentalmente polo Servicio Agropecuario Nestlé (persoal técnico de ILEPSA de Lalín) en colaboración cos profesionais de recoñecido prestixio no tema,

como *J. Caputa*, un agrónomo suízo experto en especies pratenses, o español *V. Yepes*, investigador, moitos anos ó fronte do antigo Centro de Investigacións Agrarias de Galicia en Bos-Guísamo, e promotor dunha mestura de especies pratenses (gramíneas e leguminosas en proporción equilibrada) que pasou a chamarse fórmula catro (F-4) e que posteriormente se popularizou, xunto a outra (F-2) en toda a comunidade galega adicada a sementeira e coidado de pastos.

Estas experiencias establecense por vez primeira en Galicia en zonas tan coñecidas como monte do Faro, Trasulfe-Fafián e Alceme no concello de Rodeiro, monte de Rodelas-Maceira en Lalín nos anos 1958 e 1959. Estes campos abandónanse (agás o de Rodelas) e posteriormente continúan en Labacolla, O Pino, na provincia de A Coruña e Goiás e Albarellos de Lalín e A Estrada na de Pontevedra, máis tarde repítense os ensaios no monte de Rodelas en Maceira para rematar no ano 1963 no concello de A Lama na provincia de Pontevedra.

Comenzan anos de multitud de axudas bastante importantes en tódalas comarcas gandeiras de Galicia e, como non, na Comarca de Deza. Primeiramente é a Fundación *Alfonso Martín Escudero*, organización que durante cinco anos por medio dun equipo de persoas, pon a disposición dos gandeiros, programas de axuda técnica e económica nas explotacións familiares. Aínda hoxe no ano 1998 consérvase algúns estable subvencionado pola devandita fundación. Posteriormente é o chamado Plan Agrícola de Galicia o que subvenciona a implantación e protagoniza o cultivo de especies pratentes, comenza a cultivarse a herba.

Nas terras de Deza e no período que comprende os anos 1964 e 1969 transformáronse de monte a pasto directamente con estes programas de desenrollo un total estimado de máis de 267 Has. en máis de 600 parcelas. Os custos medios de implantación por hectárea eran:

Labores de preparación do solo:	1.500 pts.
Abonado químico, orgánico e cal:	13.200 "
Sementeira (semente e inóculo):	3.100 "

Naquela época avalíase o proxecto que relatamos do xeito seguinte:

<u>Obxectivos Previstos</u>	<u>Periodo 1960-1970</u>
Familias participantes	850
Parroquias observadas	7
Superficie agrícola (incremento)	35 %
Pradeira artificial (incremento)	93 %
Unidades de gando (aumento)	22 %
Vacas de leite (aumento)	19 %
Venda de leite (aumento)	202 %

Máis non todo serían loubanzas, teríase que pagar factura polo proceso. A transformación de monte a pastos, desbordou con creces calquera control por parte dos responsables de valora-lo impacto ambiental. Dous comentarios ó respecto de persoas entendidas no tema de avaliación de recursos, un edafólogo e un líder da agricultura ecolólica en España, “A transformación do monte a pasto empobrece o monte en beneficio do solo cultivable, o equilibrio hai que mantelo en perfecto estado, unha superficie de monte de 2 a 5 hectáreas por unha de superficie recuperada para cultivo” (*F. Macias*). “A sociedade actual vive de costas ás funcións biolóxicas da terra, correndo o risco de esquencarse de algo tan elemental como que todos somos responsables das funcións lembradas e que ademais dependemos delas” (*M. Sanz Pech*).

## ACTUACIÓN DO I.R.Y.D.A. EN LALÍN.– A ORDENACIÓN RURAL

O día 18 do mes de agosto do ano 1972, no consello de ministros en A Coruña sae a luz o Decreto 2.440, tan esperado diría eu, como noutro tempo pudo se-lo coñecido Plan Marshall. Era o acordo de actuación do *Instituto Nacional de Reforma e Desarrollo Agrario* nun perímetro aproximado de 110.000 hectáreas correspondentes os concellos de Lalín, Vila de Cruces, Rodeiro, Dozón, Agolada, Forcarei e Ceredo. Unha vez leído o devandito decreto, obsérvase que unha vez xustificada a necesidade de actuación do I.R.Y.D.A., e resumindo un capítulo de axudas ó sector agrario, recalca profundamente os beneficios ós que se accede a través da lei de Ordenación Rural.

¿Conocíase ben a implicación no proceso e o significado do termo Ordenación Rural?, ¿Por qué non se fixo especial fincapé na Concentración Parcelaria?, ¿Cal era a situación da infraestructura productiva da zona?. Imos tratar de dar resposta a estas preguntas:

A Ordenación Rural, definíase naquel intre, como *unha actividade do Estado, dirixida en primeiro termo á consecución de empresas agrarias de dimensións suficientes e de caracteres adecuados en orde a súa estructura, capitalización e organización económica, encamiñadas tamén a promover en coordinación cos diferentes departamentos ministeriais e da organización sindical, a formación profesional e cultural, a reestructuración dos núcleos de poboación rurais, a instalación de industrias, servicios e outras actividades conduzan a mellora-lo benestar social das persoas*. Unha declaración de principios e de boas intencións pero con certa carga de utopía.

A Ordenación Rural inicia a súa andaina en España, xunto co “I Plan de Desarrollo Económico y Social no ano 1964” ó 31 de decembro do ano 1969, a actuación se efectuaba en España en 62 comarcas, 1.204 municipios, algo máis

de 4 millóns de hectáreas e unha poboación de 1.337.889 habitantes. En Galicia, eran soamente as comarcas de Ames-Brión, Padrón, e Val do Dubra na provincia de A Coruña en 51.639 hectáreas, A Limia (1ª parte) na de Ourense con 23.800 hectáreas e A Estrada-Cuntis-Silleda con 52.648. A poboación total afectada en Galicia era de 117.776 habitantes.

A Concentración Parcelaria, iniciada en España no ano 1954, afectaba ata o ano 1969 incluído, a unhas 1.968 zonas e a máis de 2 millóns e medio de hectáreas. En Galicia, ó 31 de decembro do ano 1967, o número de proxectos previstos (solicitudes), era de 62 zonas e unhas 14.767 hectáreas. A situación nas terras de Deza era a seguinte:

<b>Concellos</b>	<b>Zonas</b>	<b>Hectáreas</b>
Silleda	10	2.347
Forcarei	2	127
Lalín	4	1.217
V. de Cruces	1	80
Ceredo	6	116
<i>Totais</i>	23	3.887

Os investimentos por aquel entón estimábanse en algo máis de 1 Km. de camiños por cada 100 hectáreas concentradas, e máis de 130.000 pesetas por quilómetro, un capítulo aparte suporía obras de saneamento e demais.

O número de propietarios por hectárea de superficie era de 1,82 titulares con un promedio de 8,42 parcelas por propietario, é dicir, unha situación bastante mellorable. Un resumo da situación podémolo facer a través dun cadro:

<b>Concellos</b>	<b>Has. de cultivo</b>	<b>Has. de monte</b>	<b>Propietarios</b>	<b>Parcelas</b>
Lalín	7.198	24.569	9.262	159.600
Rodeiro	3.912	11.097	3.850	68.173
Agolada	2.836	10.966	3.628	82.321
Dozón	1.321	6.012	1.766	46.290
Silleda	5.291	9.623	6.524	28.314
V. Cruces	3.802	10.825	5.774	133.756
Forcarei	2.365	13.326	3.692	89.889

A proporción media de monte a matorral era daquela do 79,28% do total da superficie de monte, este dato demostra o interese dos gandeiros en ampliar la base territorial a partir desta parte de monte.

Como os procesos de concentración nestas terras foron principalmente na superficie de cultivo, é importante analiza-la parcelación neste segmento chamado terra agrícola útil, e ve-la evolución ata o momento próximo a nosa entrada na Unión Europea, disponemos desta información:

<b>Anos: 1962-82</b>	<b>Explotacións</b>	<b>Totais</b>	<b>Parcelas na S.A.U.</b>	
<b>Concellos</b>	<b>1.962</b>	<b>1.982</b>	<b>1.962</b>	<b>1.982</b>
Lalín	3.558	3.400	81.773	66.151
Rodeiro	1.273	1.019	29.770	24.177
Agolada	1.362	1.171	46.020	33.255
Dozón	494	489	24.788	26.057
Silleda	2.361	2.117	54.121	22.258

É dicir observamos un descenso no período dun 9,42% de explotacións agrarias, e unha diminución superior (27,3%) no número de parcelas. Sorprende en maior medida o índice de reducción experimentado no concello de Silleda, que caseque duplica (41,12%) o índice medio do total dos 5 concellos, fruto lóxicamente do avanzado dos traballos de concentración nese enclave. Sen embargo é importante a labor neste eido no resto da comarca e incluso valorando moi positivamente a acción de autoconcentración (sen incentivo económico algúin) exercida polos propietarios no seu afán de mellora-las condicións de traballo.

É importante salientar que cando se fala de problemas de excesiva parcelación, podemos analiza-la situación baixo dous puntos de vista, un, tendo presente ó número de parcelas por propietario e outro sería analizando ó número de parcelas por explotación.

O traballo habitual, fíxome ver que, a dimensión da propiedade por titular de explotación, aumenta de norte a sur e en maior medida de oeste a leste, sen embargo existe un número importante de explotacións gandeiras de máxima dimensión na zona norte da comarca (concellos de Agolada, Cruces), chamando tamén a atención que os titulares de explotación do concello de Rodeiro refírense con certa frecuencia como unidade de superficie á fanega en lugar do ferrado, que é unha unidade más cativa.

Vexamos finalmente un breve resumo da situación ó finaliza-lo 1997. En novembro do 1998, se incrementou a superficie de actuación en Vila de Cruces:

- Fase 1ª: 3.920 Has., inicio no ano 1980 (Lalín e N. de Agolada)
- Fase 2ª: 5.910 Has., inicio no ano 1986 (S. de Agolada e N. Rodeiro)
- Fase 3ª: 425 Has., inicio no ano 1991 (Concello de Dozón) e
- Fase 4ª: 2.299 Has., inicio no ano 1993 (Concello de V. de Cruces)

En total, serían 8 enclaves en Lalín, 7 en Agolada, 6 no de V. de Cruces, e 1 no de Dozón. Supón aproximadamente un 18% da superficie. Tomando como base únicamente 3 zonas, de Lalín e 5 de Agolada temos:

<b>Propietarios</b>	<b>Parcelas antes</b>	<b>Parcelas despois</b>	<b>Superficie Has.</b>
1.165	10.902	2.278	2.492

A maiores, teremos en conta todo o conxunto de investimentos noutros aspectos da infraestructura, quilómetros de pistas asfaltadas, realización de obras coma abastecemento de augas a núcleos de poboación, construción de locais sociais (teleclubes), e como non as transformacións precisas de terra a matorral para o seu cultivo a forraxes. Moitas destas obras citadas, foron realizadas coa axuda importante do propio aporte de man de obra das familias afectadas, e con outros incentivos económicos dende a Administración Local ou de outros estamentos.

## UNHA ESTIMA Á AVALIACIÓN TÉCNICA DA EXPLOTACIÓN FAMILIAR

Como país membro da O.C.D.E., España, a través da Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agraria do Ministerio de Agricultura, inicia no ano 1965 uns plans de traballo por comarcas uniformes (en orientación productiva e factores de producción), que consisten en reunir grupos de gandeiros non moi numerosos, iniciarles a través de cursos más ou menos duradeiros no control económico das súas explotacións (rexistro contable). Posteriormente unha vez assumida necesidade do control polo gandeiro e unha vez procesada tódala información recollida no grupo, o persoal do Servicio de Extensión Agraria comentaba dun xeito impersonal as principais conclusións obtidas a partir do rexistro contable. Inicialmente comenzouse por efectuar enquisas moi sinxelas.

No ano 1971, iníciase a actividade con grupos de gandeiros dos concellos de Lalín e Silleda. Pronto toma interese por más xente, e se inicia unha etapa que vai permitir, detectar problemas técnico-económicos, intentar afianza-lo traballo con grupos e propoñer opcións técnico-económicas que os interesados deberán decidir sobre a súa posta en práctica. Máis dun centenar de gandeiros participaron ó longo destes anos ata hoxe.

Os primeiros, foron das parroquias de Lalín, A Veiga, Filgueira, Cercio, Anzo, Santiso, Bermés, Anseán, Barcia, Gresande, Cristimil, Río, Eideán, Abades, Escuadro, Rellas e Silleda entre outros, formarían o que se coñecía coma grupos S.E.X.E. (Seminarios de Extensión de Xestión de Explotacións). Interesaba que os participantes foran xente emprendedora, con certa capacidade de líderes no seu entorno, e se non eran boas explotacions estaban na media alta en resultados.

As análises de grupo periódicas efectuadas foron, son e seguirán sendo de notable interese, tanto para os gandeiros como para a propia administración. Comenzouse a traballar no subsector máis representativo, o bovino de leite que iniciaba o seu despegue. Contrastando este cadre co exposto para o periodo 1960-1970, vexamos uns primeiros resultados:

<b><u>Características destacables</u></b>	<b><u>Periodo: 1971-1981</u></b>
Familias participantes	65
Número de parroquias	17
Número de concellos	3
Aumento superficie total	33 %
Aumento superficie útil	84 %
Aumento prado artificial	75 %
Unidades de gando (aumento)	64 %
Vacas de leite (incremento)	56 %
Aumento de vendas de leite	135 %
Incremento prezo do leite o gandeiro	263,6 %
Aumento do custe da vida (IPC)	135,9 %

Posteriormente, mentras algunas explotacións causaban baixa no grupo por causas diversas, outras novas iniciaban estas prácticas co que o obxectivo primordial se trataba de conseguir, manter un número significativo de explotacións.

No momento presente, máis de 200 gandeiros con orientación productiva de bovino de leite, dos concellos de Lalín, Rodeiro, Agolada, Dozón, V. de Cruces, Forcarei, Silleda e A Estrada pertencen ó que hoxe se define un grupo A.X.E. (Asociación de Xestión de Explotacións), estimuladas pola P.A.C. (Politica Agrícola Comunitaria) a través do R.D. 808/87 e seguintes.

En realidade son grupos organizados e asistidos técnicamente por Organizacions Profesionais Agrarias, Sindicatos Agrarios, o propio Servicio de Extensión Agraria de cada unha das comarcas, e as Cooperativas principalmente. Observemo-los resultados técnico-económicos correspondentes ó exercicio do ano 1996, na totalidade dos grupos A.X.E. e 234 explotacións de once concellos do NE. da provincia de Pontevedra, Lalín, Rodeiro, Agolada, Dozón, Vila de Cruces, Silleda, Forcarei, Ceredo, A Estrada e A Lama.

Ó abeiro do R.D. 204/1996, norma lexislativa que regula hoxe o incentivo económico á introducción dun programa contable ás explotacións, un total de 47 gandeiros solicitaron participar para o exercicio do ano 1998.

<b><u>Índices técnico-económicos</u></b>	<b><u>Media do grupo</u></b>
Número de vacas/titular	10,2
Carga: Vacas/Ha. SAU	1,80
Producción leite/vaca (litros)	4.887
Litros atribuídos ás forraxes	1.559
Consumo pienso (Kg./litro)	0,30
Abonado nitroxenado/Ha. (Uds.)	49
Prezo medio do leite	46,80
Prezo medio concentrado	37,10
Marxe Bruta (Pts./litro)	33,90
Marxe Neta/litros (Pts.)	22,30
Ingresos Brutos/Titular (Pts.)	4.531.871

É importante observa-lo resumo das principais ratios contables no período comprendido entre 1971 e 1997. A evolución dos prezos pagados e percibidos dos principais imputs agrarios. Isto vainos permitir tamén ve-la evolución dun sector capital, ó bovino lácteo.

<u>Información/Períodos</u>	<u>1972-78</u>	<u>1979-85</u>	<u>1986-92</u>	<u>1993-97</u>
Superficie Has. SAU	8,31	9,87	9,54	11,84
Carga: Vacas/Ha. SAU	1,41	1,61	1,82	1,88
Leite, litros/Vaca	3.401	3.590	4.449	5.311
Kg pienso/Vaca	799	785	1.189	1.511
Leite, L./Kg. pienso, Pts.	1,08	1,03	1,26	1,38
Leite, litros /Explotación	39.046	56.841	79.889	118.420
% Leite con forraxe	47	51	43	36
Leite autónomo/Ha. SAU	3.752	4.560	6.333	7.893
Marxe Bruta/Ha. SAU Pts.	75.068	156.520	319.915	449.524
I.P.C. anual medio (%)	15,01	12,66	6,14	3,74
Número de titulares/ano	25	27	28	35

É importante destaca-los períodos propostos, reproducen fielmente, os procesos evolutivos que temos mencionado anteriormente. Convén suliñar varias cousas:

—Ademais de incrementarse a superficie agrícola útil periódicamente, increméntase tamén a carga gandeira, é dicir, as vacas mantidas por unidade de superficie, lóxicamente hai unha incidencia importante da mellora na alternativa forraxeira, ó poderen producirse estes feitos.

—Conforme se mellora a xenética productiva dos animais o consumo de piensos concentrados incrementase sensiblemente. A dependencia de alimentos adquiridos fora da explotación faise máis patente.

—É importante observa-la relación de prezos do concentrado e do leite, pois permite cambia-la proporción económica de leite cuberta con forraxe (o cálculo efectúase seguindo un método empírico do balance aportado de enerxía metabolizable, aportada polo concentrado e recibida a través do leite, unha vez mantidas as necesidades de conservación dos animais).

—O leite autónomo, é un novo concepto técnico estimado pola interprofesional de leite en Francia (ONILAIT), que consiste en ve-lo leite marxinal rendible que se podería producir, tendo en conta o nivel de prezos do leite e do pienso.

—A Marxe Bruta, é o importe soamente do leite valorado en pesetas correntes e producido anualmente no período considerado unha vez descontado o valor do concentrado consumido. Débese ter en conta que o concentrado representa ó redor do 50% dos gastos totais para producir leite.

—Como son pesetas correntes de cada ano, convén ter en conta o incremento medio anual do custe da vida (IPC).

—A permanencia media dun membro nos grupos se aproxima ós cinco anos, aportando información da súa explotación.

—O 59% dos gandeiros do grupo non chega as 100 Tm. de cota láctea de produción (non de asignación).

—O 39% dos titulares non chega a 5 millóns de ingresos brutos na explotación agraria.

—Os prezos medios do leite se estiman coa compensación do IVE, unha vez deducidala retención practicada (ou os anticipos a facenda).

Existen hoxe dous grupos de xestión (A.X.E.) de orientación técnico-económica diferente ó leite, un grupo centralizado en Silleda que comenzou neste ano para gando porcino, e outro baixo a tutela de COGAL (Cooperativa de Coellos Galegos), no concello de Rodeiro, pero que atende a explotacións de Ourense, Pontevedra e Lugo fundamentalmente (uns 79 criadores, 7 da comarca).

A situación da sanidade da cabana gandeira en canto a bovino se refire, mellorou sensiblemente. A comenzaos dos anos 70, unicamente se sometían dun xeito voluntario os gandeiros pertencentes ós Nucleos de Control Leiteiro, sen embargo a comenza do ano 1989 declarase a obrigatoriedade de facer control na práctica totalidade das terras de Deza.

<b>Campañas sanitarias de bovino</b>	<b>Ano: 1989</b>	<b>Ano: 1997</b>
Establos saneados (100 parroquias)	3.552	3.041
Positividade (% establos)	11,63	1,04
Gando saneado (cabezas)	31.782	30.030
Positividade (% cabezas)	2,69	0,20

Hai que engadir que as epizootías investigadas eran, tuberculose e brucelose na totalidade das campañas e non sempre, perineumonía e leucose (patoloxía ésta última que non se coñecía en Galicia e que se asociou as importacións de gando).

No resto das especies, loitose con ímpeto contra a peste porcina (nas súas versións típicas), e a práctica totalidade das coellas (e reproductores), hoxe vacínanse contra o virus hemorráxico, que tantas perdas causou nalgúns anos.

Nos inicios dos anos oitenta, iniciouse polo Servicio de Extensión Agraria actividades de control na reproducción algunas explotacións. Considerábase unha asignatura novedosa e pendente. Posteriormente, foi o propio Núcleo de Control Leiteiro e AFRIGA (Asociación de Frisona Galega), a que ofertou este servicio. Os núcleos de control en Pontevedra eran:

<b>Núcleos de Control Leiteiro</b>	<b>Ano: 1990</b>	<b>Ano: 1998</b>
Número de grupos	2	4
Número de ganderías	47	650
Número de vacas/establo	19	28

A calidade do leite, foi outro logro importante, a posta a punto das instalacións de munxidura, a limpeza e o manexo do leite dende o ubre ó tanque de refrixeración, poñen de manifesto os éxitos. Comparemos observacións da análise do leite no 1991 (media dunhas 81 mostras dunha determinada empresa), e do 1997 (promedio do grupo A.X.E. asesorado polos Servicios de Extensión Agraria da comarca natural):

<b>Análise do leite de vaca (*)</b>	<b>Ano: 1991</b>	<b>Ano: 1997</b>
Leite tipo "A" (%)	35,80	81,84
Leite de < 3,7 % Graxa	32,71	10,26
Leite de < 3,1 % Proteína	43,20	41,80

(\*) O leite tipo "A", corresponde a mostras analizadas cun contido en xermes de 100.000 e 400.000 células somáticas como máximo, todo por mililitro.

Os sistemas de munxidura mecánica, influíron moito, independentemente do manexo rutinario, as conduccións de leite en vacío e a descarga nos tanques de frío directamente incrementaron a calidade. O panorama en 89 parroquias de catro concellos de Deza, era:

<b>Instalacións de muxidura</b>	<b>Ano 1986</b>	<b>Ano: 1998</b>
Muxido en circuito	60	207
Muxido en sala	48	121

Sen embargo, aínda resta moito por facer. Analicemos outros apartados importantes dentro do sector agrario nesta terras.

## O ANTES E O DESPOIS DA INTEGRACIÓN NA UNIÓN EUROPEA

Aínda que o protagonista de tódolos feitos, foi sen dúbida algunha o propio gandeiro e a súa familia en definitiva, o sector primario a pesar da crítica xeral, non estivo abandoado a súa sorte. Houbo etapas de máis ou menos apoio, pero nada máis.

Non imos entrar a valorar necociacións políticas que non son o caso, aínda que se teña unha opinión o respecto, pero si imos relatar acontecementos que xurdiron no preludio da entrada no chamado daquela Mercado Común, hoxe Unión Europea.

Loxicamente seguimos a falar do sector de máis peso económico, é dicir, o da produción de leite de vaca, sector por outra banda que sen temor a equivocarnos, diríamos foi o máis afectado coa entrada en Europa.

Inicialmente a administración, establece dúas normativas, unha no ano 1984 chamada Regulamento Estructural da Producción Láctea, sobre a obriga (moral) de tódolos produtores de leite para que declaren a situación de cada unha das explotacións individuais, evalua-las posibilidades, necesidades, e prioridades. Este requisito, sería imprescindible para acadar axudas económicas coa vista posta na integración europea.

<u>Aspectos xerais do R.E.P.L.</u>	<u>Observacións</u>
Explotacións inscritas	64,86 %
Non posúen establo	35,00 %
Sen muxidura mecánica	45,72 %
Sen refrixerador de leite	76,26 %
Enerxía eléctrica insuficiente	30,12 %

Posteriormente, o R.D. 2466/86 do MAPA e o Decreto da Xunta 92/1987, sobre a obriga da declaración e xustificación da producción e venda de leite nas explotacións de gando vacún. As declaracóns efectuadas en Lalín, Rodeiro, Agolada e Dozón, foron un total available (estimando as dúas declaracóns polémicas), de unhas 2.528 explotacións. O perfil productivo era:

<u>Tramos de cota (1985)</u>	<u>Lalín</u>	<u>Rodeiro</u>	<u>Agolada</u>	<u>Dozón</u>
0 a 30 Tm. leite	1.391	492	124	180
30 a 60	218	45	12	29
> de 60	27	0	3	7

A mostra, representa máis do 60 % do total das explotacións existentes. A produción declarada serviría como imos ver para determina-la famosa cota de leite (inicial), máis da metade dos produtores que declararon, non acadaban cotas de 20 Tm., este colectivo aportaba o 40% do volume total das vendas.

Na primavera do ano 1993, iníciase o proceso da elaboración das cotas individuais, para o cálculo, seguíuse o procedemento seguinte:

- Cotas de produción declaradas no ano 1985:  $q$
- Cotas productivas da campaña 1992/93:  $Q$
- Cantidad suxeita a posible revisión:  $R$
- Vendas da campaña 1991/92:  $V$

As asignacións provisionais ós gandeiros foron as seguintes:

Gandeiros con datos do 1985 e  $V$  menor que  $q$ , asignación:  $Q$

Gandeiros con datos do 1985 e  $V$  maior que  $q$ , asignación:  $0,9 \times V - 0,1 \times q$

Gandeiros sen datos do 1985: asignación de oficio:  $0,8 \times V$

Dunha información administrativa procedente do organismo que regulou ata algún tempo os temas de cotas do Servicio Nacional de Productos Agrarios (S.E.N.P.A.), calculamos asignacións finais de cota láctea, ben entendido que nese documento non se relacionaban a totalidade dos gandeiros con asignacións de 100 ou máis Tm. de cota. Con posterioridade, houbo abandonos incentivados de produción, transferencias con ou sen explotacións (vendas, doazóns) e cesións temporais.

Observemos o cadro seguinte en catro concellos de Deza:

<b>Campañas leiteiras</b>	<b>Gandeiros totais con asignacións de cotas lácteas</b>				
	<b>Anos: 1985/1997</b>	<b>&lt; 10 Tm.</b>	<b>10-50 Tm.</b>	<b>50-100</b>	<b>&gt; 100 Tm.</b>
1985 (Referencia)	44,73 %	51,78 %	3,49 %	0 %	
Campaña 1992/93	37,12	54,15	7,93	0,90	
Campaña 1994/95	37,43	47,18	11,08	4,27	
Campaña 1997/98	34,07	46,44	14,09	5,40	

A evolución como vemos e semellante ó que está ocurrido noutras zonas importantes productoras de leite, é dicir, se incrementan os tramos altos, case que un 304% no tramo de 50 a 100 Tm. e un 26,46% no tramo superior de máis de 100 Tm., os tramos baixos descenden, un 23,83% no tramo de menos de 10 Tm. e dun 10,3% no seguinte.

Curiosamente, empeza a xurdir unha nova figura de tipo de explotación gandeira de bovino, a de as vacas nutrices (non se ordeñan, son razas de aptitude cárnicase e non teñen asignación de cota láctea).

<b>Análise período: 1985/97</b>	<b>Número de Explotacións Gandeiras</b>			<b>Cota media</b>
	<b>Campañas leiteiras</b>	<b>% Mostra</b>	<b>Totais</b>	<b>Con cota</b>
Ano 1985 (Referencia)	63	-	4.012	18.961
Campaña: 1992/93	24	-	3.670	22.078
Campaña: 1994/95	100	3.268	3.251	28.012
Campaña: 1997/98	100	3.116	2.668	37.481

O número de titulares de cota descendeu significativamente, e a cota media de produción se incrementou nun 97% (é dicir, case que se duplicou en 13 anos), sendo moi semellante ó promedio de Galicia (34.940), e superados por comunidades atlánticas tales como Asturias (47.025), Cantabria (73.230) ou País Vasco (75.415).

Botemos unha ollada á evolución das explotacións e dos censos gandeiros no período comprendido entre os anos 1990 e 1997:

<b>Concellos</b>	<b>Explotacións totais</b>		<b>Censo de vacas totais</b>	
	<b>1990</b>	<b>1997</b>	<b>1990</b>	<b>1997</b>
Lalín	1.824	1.577	18.485	17.303
Rodeiro	686	664	7.930	8.717
Agolada	605	524	4.756	4.588
Dozón	300	271	3.192	3.422
Silleda	1.315	1.105	12.659	12.002
Cruces	802	881	6.993	5.788
<i>Totais</i>	<i>5.532</i>	<i>5.022</i>	<i>54.015</i>	<i>51.820</i>

A porcentaxe de vacas rubias hoxe está no 10,57%, e a media de vacas por explotación supera as 10 cabezas. Existen así mesmo, unhas 40 explotacións con rabaños de vacas nutrices superior as 15 reproductoras e unha ducia de gandeiros adicados exclusivamente a recría e cebo de cuoxos ata os 10 meses preceptivos.

Por último, e a modo de resumo, analizaremos os incrementos medios anuais (%) dalgunhas variables técnico-económicas das explotacións de bovino de leite, antes e despois da entrada na Unión Europea, a partir de información suministrada polos grupos de xestión:

<b>Variables analizadas</b>	<b>Anos 1972-1985</b>	<b>Anos 1986-1997</b>
Superficie SAU	5,58 %	2,51 %
Carga gandeira	1,50	-1,91
Leite/vaca (litros)	2,78	2,45
Consumo piensos	0,70	6,62
Leite con forraxe	3,75	-2,80
Prezo do leite na finca	12,06	2,40
Prezo do pienso	10,73	1,08
Leite/Explotación	8,58	5,04
Marxe Bruta/Ha. SAU	13,58	-1,74
I.P.C. anual	13,83	4,94

Existen como podemos ver algúns parámetros preocupantes, como pode se-lo incremento negativo do leite atribuído as forraxes (consecuentemente ó alto consumo de concentrados), ou unha marxe bruta que comenza tamén a descender. En definitiva da a sensación de que os progresos obtidos no bovino de leite responden únicamente a un máis alto consumo de concentrado. Na medida que o nivel dos prezos (relación prezo leite, prezo concentrado) o permita será posible.

Doutros sectores, pouco podemos falar, o gando de carnicería ten uns niveis francamente preocupantes de prezos, nos últimos meses os productores de coellos viron incrementadas as súas rendas por mor dos prezos percibidos, que apuntan á alza sen embargo o gando porcino segue sendo unha incógnita.

Desta última especie o porcino, conven facer uns comentarios más extensos, non en vano, estamos a analizar unha produción que sofre neste intre unha crise económica profunda no tema de prezos e sendo como é unha zona de capacidade productiva máxima, Silleda como exemplo é o concello con máis reproductoras de Galicia, vexamo-los datos:

Concellos de Deza <u>Periodo 1997/98</u>	<u>Titulares</u> <u>1998</u>	<u>Prazas totais de gando porcino</u>	
		<u>Reproductoras</u>	<u>Cebados</u>
Silleda	150	3.697	32.645
Lalín	97	1.957	22.536
Dozón	46	336	16.626
Rodeiro	40	542	12.925
Agolada	31	682	7.610
<i>Totais</i>	<i>364</i>	<i>7.214</i>	<i>99.556</i>

O panorama productivo de hoxe pouco se parece o que se iniciara nas primitivas instalacións que moitos emigrantes realizaron no seu día, hoxe incluso hai unha forte demanda de leitóns de fora para cobar nestas naves más modernas e sanitariamente mellor preparadas. Sen embargo é posible que velloos problemas técnicos que trouxeran de cabeza a moitos nos anos sesenta, aparezan hoxe, son situacións de risco no ciclo productivo do porcino, que o parecer voltan de novo.

Varios expertos, analizaron en España o sector porcino. *Zorrilla* estudiou o período dos anos 1900 a 1935, *Wienberg* e *Sobrino* publicaron máis tarde no 1958 unha análise do período de 1939 a 1956, e máis preto de nós no período 1953 a 1966, *P. Caldentey*, un experto coñecedor do devenir dos mercados agrarios, coincidían na diagnose, existían correlacións moi fortes entre os censos, os sacrificios, os niveis de prezos nos leitóns e por último como non, cos prezos acadados pola cebada, coma ingrediente fundamental dos concentrados comerciais.

Os resultados foron os seguintes:

—Existen ciclos moi claros entre tres e seis anos, con máximos de prezos que coinciden case exactamente con mínimos de sacrificios (e mínimos de prezos con máximos de sacrificios), existe un lixeiro desprazamento no tempo de uns tres meses nos casos extremos.

—A duración dun ciclo ten un valor medio de 41 meses (3 anos e medio), e non se observan tendencias de diminución da duración do ciclo.

—Os máximos de censo de gando están no lugar intermedio entre os máximo de prezos (mínimo de sacrificios) e o mínimo de prezos (máximo de sacrificios).

—Cos prezos baixos do porco, correspón dese un censo elevado de gando sen saír ó mercado e unha gran demanda de concentrado (alto prezo da cebada).

—Lembramos máximos de prezos en xullo de 1962, outubro de 1965, marzo de 1969, maio de 1974, que case que coinciden coas datas de mínimos sacrificios (maio do 62, setembro do 65, febreiro do 69, febreiro do 72 e decembro do 1975).

—Observouse nestes estudos, que a política de importacións, intenta detelo ciclo do porco, sen embargo apenas se consegue.

—A estacionalidade dos prezos percibidos non aparece soamente no sector productor de leite, como é de todo o mundo coñecido, é tamen do sector productor porcino.

## AS APORTACIÓNDS DA P.A.C. Ó SECTOR AGRARIO DE DEZA

A pesar dos sensabores puntuais, son sumamente importantes os incentivos económicos o sector agrario por parte da Unión Europea a través dos fondos da P.A.C. (Política Agrícola Común), uns destinados a mellorar rendas dos gandeiros e outros, melloras as condicións de infraestructura da familia e o entorno.

Os primeiros apoios recibironse maioritariamente a través das chamadas *Indemnizaciós Compensatorias en Zonas de Montaña*, soamente o concello de Dozón recibiu esta axuda de periodicidade anual á renda, ata o día de hoxe, no ano 1986 foron 54 gandeiros os destinatarios dos primeiros fondos, no pasado ano 1997 foron un total de 1.450 destinatarios, 144 de Dozón (montaña) e o resto nos concellos de Lalín, Rodeiro e Agolada como *Zonas Desfavorecidas*.

As *Primas para Ovellas e Cabras* reproductoras, iniciaronse tamén polo ano 1986, comenzaron sendo destinatarios uns 77 gandeiros que reunían requisitos de cantidade (10 femias mínimo), no 1990 chegaron a ser preto dun centenar. Na última campaña sen embargo soamente 31 gandeiros formularon solicitude, isto é a evolución do censo dunha especie que tivo a súa importancia nos tempos do Marques da Ensenada.

As *Primas por Dereitos de Vacas Nutrices*, que comenzaron no 1.988, foron demandadas por un total de 611 gandeiros, cifra moi por debaixo das posibilidades reais desta comarca. Os dereitos de prima son moi interesantes económicoamente, son moi escasos, se perden con facilidade e custa moito recuperalos.

As *Primas para Cebo de Xatos*, inicianse polas mesmas datas, pero dado que o gandeiro productor de becerros non ten costume de conseguir idades superiores ós 6 meses para sacrificio, non teñen unha aceptación forte, lémbrese que se precisa mante-lo becerro como mínimo 10 meses. Sen embargo hoxe en día un total de 128 expedientes deron saído adiante.

As *Primas polo Cultivo a Cereal*, (*millo, centeo, trigo...*), teñen o seu interese, ademais é de obrigado cumprimento na meirande parte dos casos facer xunto a esta solicitude a chamada *Declaración da Superficie a Forraxes*. Un total de 1.390 gandeiros fixeron o trámite previsto o pasado ano.

Os expedientes de *Cese Anticipado na Actividade Agraria*, teñen nestes últimos anos (dende o 1996), unha notable acollida, este programa de incentivos para o cese anticipado, en realidade funciona dende o ano 1990, pero as condicións eran un pouco máis restrictivas. Na actualidade un número importante de gandeiros xa recibe esta especie de “pensión anticipada” e non por conta da Seguridade Social precisamente, ademais, seguramente máis substancial. As solicitudes presentadas ata hoxe foron 45.

Sen dúbida algunha o programa estrela, é o chamado *Modernización das Explotacións Agrarias*, que xunto o de *Incorporación de Xoves ó Sector Agrario*, e outras liñas de menos demanda pero non por iso menos importantes (*Introducción da Contabilidade, Servicios de Substitución, Servicios de Axuda Mutua, Explotacións Prioritarias e Grupos A.X.E.*), constitúen o Real Decreto 204/96, que en definitiva é unha terceira modificación do antigo R.D. 808/87. Nesta liña, uns 310 xoves, tomaron as rendas doutras tantas explotacións no período 1986 a 1998, así mesmo un total de uns 1.011 titulares de explotacións solicitaron axuda económica (unha, dos ou ata tres veces nun período de seis anos) para adecua-la explotación as novas tecnoloxías e a veces a outras orientacións productivas de resultados económicos incertos (visóns, etc.).

Por último comentar que existen un conxunto de liñas de apoio financeiro, de competencia case exclusiva da Comunidade Autónoma ou de financiamento compartido, ánda lembrámos diferentes programas de abandono na produción de leite postos en marcha polas diversas administracións (Autonómica, Estatal ou Europea), un vistazo ó número de titulares de cota láctea, danos idea da evolución habida.

Na chamada “Axenda 2000” ou paquete Santer, contemplanse algúns dos novos montantes das primas previstas na PAC, fundamentalmente o que atinxe o gando bovino resumese no cadro seguinte:

<b>Primas da PAC</b>	<b>Actualmente</b>	<b>Prevista (*)</b>
Vacas Nutrices	23.925 pts.	35.475 Pts.
Bovino 10 meses	22.350 “	61.350 “
Vacas de Leite	(non existe)	11.550 “

(\*) O cálculo fixose coa previsión do cambio do ECU, estes importes, poden incrementarse áinda máis por mor dos complementos por extensificación, (mantenza de menos gando por unidade de superficie). En canto á prima por vaca de leite en realidade esta novidade se calculará para unha vaca “virtual” de 4.700 litros de leite (cota), co que a nosa gandería vair saír significativamente perjudicada comparando a proporción de cota láctea por vaca de leite existente.

## AGRICULTURA DE GRUPO.- O MUNDO COOPERATIVO

Este pequeno informe non sería completo sen pasar a analizar polo miúdo, un aspecto tan importante como o desenvolvemento cooperativo no período que nos ocupa. A mar de seren sinceros, foi e será o aspecto máis complexo.

Se nos remontamos por uns momentos a comezo de século, e afondamos na historia, curiosamente unha zona onde tardou en acouga-lo movemento cooperativo (no sector agrario), aparece como destinada a ser o xermo do que nun futuro puidera ter sido unha moderna cooperativa de crédito. Estoume refirindo á parroquia de Rodís no concello de Lalín coma unha das primeiras sociedades agrarias de tipo cooperativo, das 23 existentes en Galicia e creada ó abeiro da chamada Lei dos Sindicatos Católicos no ano 1908. Pura anédota nada máis.

En realidade e a pesar da información recollida pola Aula da Empresa Cooperativa da Escola Universitaria de Vigo por *García Pereira* onde se detallan no período comprendido entre 1944 e 1989 a existencia na bisbarra de Lalín dun total de 67 Cooperativas creadas cun total de 1.472 socios, a realidade foi ben diferente e non é preciso comentar.

Se teñen noticias no 1946 da Cooperativa do Farelo en Agolada, a de Sta. Eulalia en Silleda no 1947, a de Deza no ano 1961, a de S. Antonio en Silleda no mesmo ano, unha cooperativa leiteira en Lalín no 1963, a de S. Juan de Anzo no 1964 a de S. Martín de Lalín (destas dúas xa chegaron ó meu poder unhas copias dos estatutos), Campomarzo en Silleda, (conocín a dous dos seus socios fundadores) e finalmente a primeira que vin funcionar e ainda existe, a Cooperativa HOXE, constituída no ano 1971, en torno a un proxecto moi interesante. De todas as demais agás das dúas citadas, non se ten información feaiciente do seu funcionamento nin da súa existencia no tempo.

Como a sociedade tende por natureza a ser protagonista do seu propio proxecto (faltaría máis), cando comenzan as liortas polo problema dos prezos do leite, xurden non os sindicatos (xa existían) senón moitas cooperativas, demasiadas quizais. As primeiras que saen á luz, pasan previamente por un período asociativo (*¿?*) (Lei de asociacions do goberno Suárez), de uns anos. Posteriormente incluso hai separacións de socios e créanse outras agrupacións, as veces dase o caso de algunha asociación (*¿?*) que aparece nos medios de comunicación como tal cooperativa. Vexamos as que son ata o día de hoxe:

<u>Denominación das S.C.L.</u>	<u>Nº de Socios</u>	<u>Facturación Pts.</u>
Cooperativa Hoxe (Lalín, 1971)	15	260 Millóns
Campodeza (Lalín, 1987)	137	80
O Rodo (Rodeiro, 1989)	295	110
Aprodeza (Lalín, 1993)	137	50
Copavi (Lalín, 1987)	8	45

<b><u>Denominación das S.C.L.</u></b>	<b><u>Nº de Socios</u></b>	<b><u>Facturación Pts.</u></b>
Cobideza (Lalín, 1994)	84	49
C. G. de Botos (Lalín, 1996)	110	20
Copergo (Agolada, 1992)	65	11
Carboar (Rodeiro, 1990)	99	18
Campo de Silleda (Silleda, 1995)	54	22
Sila (Silleda, 1990)	310	960
Proporsi (Silleda, 1985)	9	290
Coafor (Forcarei, 1994)	90	100
Os Chaos (Silleda, 1987)	150	522
Valle del Deza (Lalín, 1992)	192	73
Cogal (Rodeiro, 1985)	70	1.630
Coperdozón (Dozón, 1993)	72	6
Trasdeza (Silleda, 1995)	120	(?)

C. G. do Sixto (en constitución formal no presente ano 1998 e sen datos certos)

En resumo, un total de 2.093 gandeiros (41,67% do total, e a mayoría con gando bovino de leite), pertencen a algunha das 18 sociedades cooperativas existentes en seis concellos de Deza e facturan entre todos máis de 4.200 millóns de pesetas.

Das sociedades anteriormente citadas varias delas participan nun proxecto de ámbito superior como membros dunha cooperativa de 2.<sup>º</sup> grao, CECOOP (Central de compras cooperativa, que agrupa a 37 cooperativas de servicios e insumos), e COLAGA (Grupo Lácteo Galego constituído por 18 cooperativas); por outra banda dúas cooperativas, SILA e COGAL, se constitúen en Asociacións de Productores Agrarios (A.P.A.), sistema organizativo dun volume importante de producto agrario ó abeiro da lexislación existente na Unión Europea, con uns beneficios económicos moi interesantes. A meirande parte destas sociedades pertencen a unha Unión de cooperativas de ámbito galego, A.G.A.C.A. e un número menor se constitúen en Asociación de cooperativas de ámbito provincial en Pontevedra (A.C.A.P.)

A actividade principal das cooperativas de Deza, é a de subministros de insumos e prestación de medios de producción (servicios de maquinaria, equipos e de asesores técnicos). Son unha minoría as que iniciaron procesos de transformación de productos, e son moi poucas tamén as que se constitúen en primeiro compradoras de leite ós socios, fenómeno éste de gran transcendencia no momento de negociar prezos coa industria.

Dun total de corenta e un grupos industriais agroalimentarios (sete industrias lácteas, quince cárnicas, dezaoito de alimentación animal e unha de viños de mesa), soamente dúas cooperativas da comarca elaboran alimentos para a

gandería, unha transforma leite e por último outra cun matadoiro de alta tecnoloxía en Galicia é única representante no sector cárnico.

O panorama debe de mellorar notablemente. Non obstante uns 60 proxectos de mellora nas instalacións se financiaron con axudas do FEOGA o pasado ano, con investimentos superiores ós 6.000 millóns de pesetas e subvencións por máis de 1.700 millóns.

Ata aquí, unha visión totalmente realista do avance e a progresión do sector agrario e o seu entorno máis inmediato, nesta terra de Deza.

## O SECTOR AGRARIO NA COMARCA DE DEZA

### COTAS REFERENCIAIS DA PRODUCCIÓN DE LEITE COMARCA DO NE. DE PONTEVEDRA. ANO 1985

Tm.	DOZÓN	LALÍN	RODEIRO	AGOLADA	COMARCA
0-10	40,28	41,8	51,95	58,27	44,73
10-20	31,02	30,13	27,56	24,46	29,35
20-30	12,03	13,08	12,1	6,47	12,42
30-40	5,81	6,35	4,47	2,88	5,81
40-50	4,19	4,27	3,35	5,03	4,19
50-60	2,01	2,69	0,56	0,72	2,01
> 60	1,46	1,65	0	2,16	1,46

### COTAS LÁCTEAS 1.<sup>a</sup> REFERENCIA NE. DE PONTEVEDRA. ANO 1985




GRAFICO 1

**O SECTOR AGRARIO NA COMARCA DE DEZA**

# PREZOS DO LEITE EN GALICIA. ANOS 1990 - 1997

## PREZOS MEDIOS EN FINCA DO A.X.E. 03 NE. DE PONTEVEDRA

	Ano 1990	Ano 1991	Ano 1992	Ano 1993	Ano 1994	Ano 1995	Ano 1996	Ano 1997
Xan.	47,80	42,80	44,10	43,60	50,50	45,70	51,20	49,83
Fb.	48,10	41,50	43,40	42,70	50,50	44,10	50,60	48,59
Mz.	41,60	41,10	41,50	40,70	49,30	42,90	50,50	47,30
Abr.	41,80	38,10	38,30	39,30	45,60	42,70	46,30	47,25
Mai.	40,50	36,90	36,40	36,90	44,30	40,70	45,80	47,17
Xuñ.	40,80	37,00	35,60	38,40	43,40	40,10	45,10	47,10
Xul.	40,30	37,50	36,10	40,80	42,50	42,00	44,00	47,84
Agt.	39,70	38,30	37,00	43,10	44,30	46,00	45,40	48,66
Set.	41,10	40,50	39,90	46,40	47,20	42,50	46,20	50,57
Out.	43,70	42,80	42,30	49,70	50,60	46,40	50,60	52,09
Nv.	44,80	44,05	43,50	50,50	50,00	44,90	50,00	52,88
Dec.	44,80	44,80	42,60	52,00	51,40	45,40	50,40	52,95




GRAFICO 2

## O SECTOR AGRARIO NA COMARCA DE DEZA

## PREZOS DO LEITE EN GALICIA. ANO 1997

## PREZOS MEDIOS EN FINCA DO A.X.E. 03 NE. DE PONTEVEDRA

ANO 1997	MÁXIMO	MEDIO	MÍNIMO
Xan.	58,48	49,83	42,75
Feb.	54,67	48,59	42,75
Maz.	52,79	47,30	40,56
Abr.	52,12	47,25	42,70
Mai.	52,00	47,17	44,14
Xuñ.	51,56	47,10	37,48
Xul.	52,25	47,84	44,20
Agt.	57,99	49,01	43,46
Set.	56,24	50,57	43,32
Out.	57,46	52,09	45,55
Nov.	58,29	52,50	46,78
Dec.	58,43	52,95	47,69




GRAFICO 3

**O SECTOR AGRARIO NA COMARCA DE DEZA**

# PREZOS DO LEITE EN PONTEVEDRA. ANOS 1971 - 1997

## PREZOS DO CONCENTRADO DE VACAS DE LEITE: 1971-97

ANOS PERÍODO	PREZOS		Pts. FINCA
	Leite	Pienso	
1972	8,57	7,86	
1973	8,67	8,93	
1974	10,00	10,41	
1975	12,51	10,97	
1976	13,81	12,22	
1977	15,62	13,70	
1978	17,16	15,88	
1979	18,49	17,12	
1980	20,97	18,76	
1981	22,59	22,14	
1982	25,22	24,68	
1983	28,32	29,19	
1984	33,90	34,76	
1985	36,88	33,40	
1986	41,60	35,60	
1987	39,10	36,41	
1988	45,50	35,10	
1989	52,30	32,60	
1990	42,60	34,00	
1991	40,50	33,30	
1992	40,10	33,70	
1993	43,50	33,50	
1994	47,20	33,40	
1995	47,30	33,50	
1996	48,10	35,10	
1997	48,86	35,98	




GRAFICO 4

**O SECTOR AGRARIO NA COMARCA DE DEZA**

# PREZOS DO LEITE EN FRANCIA E PONTEVEDRA

CAMPANHA 93/94 E 94/95 (Setembro a Agosto)

CAMPANHA	AXE 03	CALAIS	LORRAINE	BRETAGNE	NORMANDÍA	AQUITAINÉ
Set.	47,2	51,9	52,2	49,2	50	50
Out.	50,6	51,9	52,9	49,5	49,75	50,6
Nov.	50	51,7	52,9	49,5	49,5	50,9
Dec.	51,4	50,2	52,4	49	48,95	50,9
Xan.	45,7	47,8	51,7	48,3	48,25	50
Feb.	44,1	46,5	49	46,8	47,5	49,3
Mar	42,9	44,6	46,8	44,3	45,6	43,8
Abr.	42,7	40,7	39,9	41,1	40,9	40,5
Mai.	40,7	40,7	40,2	42,4	41,9	41,3
Xun.	42	41,4	40,9	45,1	43,35	41,3
Xul.	46	47,3	44,8	45,3	46,2	45,5
Agt.	42,5	51,4	50	49,2	50,25	46,7




GRAFICO 5

**O SECTOR AGRARIO NA COMARCA DE DEZA**

**COTAS REFERENCIAIS DA PRODUCCIÓN DE LEITE  
COMARCA DO NE. DE PONTEVEDRA.  
CAMPAÑA: 1997/1998**

Tm.	DOZÓN	LALÍN	RODEIRO	AGOLADA	COMARCA
< 10	26,52	33,01	26,6	54,08	34,07
10-50	49,56	46,63	51,65	35,88	46,44
50-100	18,69	13,47	18,26	7,39	14,09
100-200	5,21	6,33	3,47	2,37	5,05
> 200	0	0,54	0	0,26	0,33

**COTAS LÁCTEAS CAMPAÑA  
1997/98 NE. DE PONTEVEDRA**




GRAFICO 6

## **DOCUMENTACIÓN:**

### **MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD DE LOS PRADOS DE GALICIA**

Fundación A. Martín Escudero.- Madrid, 1963

### **TRANSFORMACIÓN EN PRADERA DE LOS MONTES EN GALICIA**

Sociedad NESTLÉ A.E.P.A.- Servicio de Fomento Agropecuario.- Santander, 1969

### **ORDENACIÓN RURAL.- Serie: DOCUMENTOS SOCIALES**

E. Fernández Combarro.- Servicio Informativo Español.- Madrid, 1970

### **BOLETIN OFICIAL DEL ESTADO**

R. D. 2440/1972.- Declaración de zona de actuación na comarca de Lalín, 1972

R. D. 1888/1991- Dereitos e obrigas sobre asignación de cotas lácteas, 1991

O.M. 4/12/1992.- Sobre asignación definitiva de cota láctea de referencia, 1992

### **ECONOMIE DE LA PRODUCTION LAITIERE**

P. Cordonnier., I.N.R.A.- París, 1986

### **AGRESTE.- La Statistique Agricole**

Dirección Regionale de L'Agriculture et la Forêt.- Rennes, 1996

### **PROGRAMAS DE TRABALLO.- Servicio de Extensión Agraria**

Consellería de Agricultura G. e Producción Agroalimentaria.- Lalín, 1998

### **LA RESERVA GANADERA DE GALICIA: PASADO E PRESENTE**

M. L. Iglesias.- Consejo Superior de Investigaciones Científicas.- Santiago, 1979

### **PERFILES SOCIOECONÓMICOS DE LOS 313 MUNICIPIOS GALLEGO**

Suplementos de Economía de La Voz de Galicia.- P. Arias Veira.- A Coruña, 1989

### **MAPA PROVINCIAL DE SUELOS.- PONTEVEDRA**

Ministerio de Agricultura. Dirección General de Agricultura.- Madrid, 1964

### **JORNADAS TÉCNICAS SOBRE PRODUCCIÓN DE LECHE DE VACUNO**

Consellería de Agricultura G. e Montes.- Comunicación do autor. A Coruña, 1989

### **AGRICULTURA Y SOCIEDAD. N.º 14**

Ministerio de Agricultura.- Secretaría General Técnica.- Madrid, 1980



## INSCRICIÓNNS ROMANAS NA COMARCA DE DEZA

Gemma Baños Rodríguez

Con anterioridade á conquista romana en Callaecia non se conservan restos de escritura nin tampouco restos de monumentos funerarios nin de carácter individual nin colectivo. Son as inscricións latinas feitas nos anos posteriores á conquista as que nos permiten coñecer restos da língua indíxena en topónimos, teónimos e antropónimos. De época romana hay varios tipos de monumentos: estelas, as máis abundantes, aras e placas. As estelas son monumentos funerarios conmemorativos para fincar no chan; as aras, son altares dedicados ós deuses e que conteñen inscricións votivas; e as placas, planchas de mármore ou granito, normalmente, que se encastraban nas paredes.

É pois no s. I d.C. cando os indíxenas comezan a facer inscricións dando lugar á aparición dun tipo de epigrafía moi característico do Noroeste da Península, sobre todo no sur de Callaecia. A xuzgar polos restos encontrados, podemos constatar a existencia de dous tipos de inscricións según o ambiente, rural ou urbano, no que éstas foron feitas.

As estelas localizadas en ambientes rurais, pouco romanizados, adoptan formas simples e están realizadas cunha técnica pouco elaborada, con forte sabor indíxena; son en moitos casos estelas altas e estreitas, e con moita frecuencia decoradas con símbolos astrales, a veces con representacións humanas. (nr. 1, 11, 14). Máis cerca do gusto indíxena están as estelas antropomorfas, a súa orixe está nas chamadas estatuas-menhir propias dun mundo netamente indíxena. Teñen paralelos en toda a Península, aínda que en Galicia se dá unha maior concentración, vid. P. Rodríguez Álvarez, Brigantium 2, 1981, páx. 78. En Bermés, Lalín, coas nr 1, 2 e 3 apareceu unha estela que lembra as estelas

antropomorfas: non ten inscrpción, ten dúas diagonais en forma de aspa, e está toda ela decorada con círculos, semicírculos e outros signos estraños, algúns deles con certo aspecto de letras. Ademais da estela antropomorfa de Bermés, atopáronse outras tres estelas antropomorfas na provincia de Pontevedra ( CIRG II, 93, 94, 110).

Xunto a estas inscricións, hai outras que seguen máis ou menos de cerca os prototipos clásicos e ánda que ás veces incorporan elementos indíxenas, son facilmente recoñecibles como versiós provincianas daquelas. A maioría destas encontráronse sobre todo en núcleos urbanos.

Recóllense aquí inscricións procedentes de distintos concellos da comarca de Deza (Lalín, Rodeiro, Agolada e A Estrada), situada na parte máis occidental da provincia de Pontevedra, cun relevo formado por unha sucesión de altiplanos e vales. Nas excavacións arqueolóxicas realizadas nos numerosos castros que se localizan repartidos por toda a comarca, atopáronse vestixios de ocupación en época romana: téglas, moedas, cerámicas con marcas de alfaremes (IRG III 71, 72, 73) e algúns tramos de calzadas romanas.

Hai nesta zona un predominio de inscricións funerarias de marcado carácter galaico-romano. Trátase, na maioría dos casos de pezas monolíticas, de proporcións considerables, concibidas para ser chantadas no chan. A parte inferior, nalgúns casos conserva prácticamente a forma primitiva do bloque antes de ser traballado; outras veces a pedra foi desbastada ( nr 1, 4, 11, 14, 18); presentan ademais textos simples, co nome do defunto en nominativo e a indicación da idade, sen mencionar o dedicante.

Salientan pola súa forma dúas estelas antropomorfas: a nr. 13, mal conservada, e a nr.14 que, entre a cabeza e o corpo presenta unha especie de sol moi esquematizado; non ten dedicante, pero tampouco se menciona o nome do defunto, só a idade. A nr. 15 non é antropomorfa, pero a decoración segue a mesma estructura ca nr. 14, arriba ten restos dunha cabeza humana (en relevo) e debaixo un sol; o nome da defunta é moi escaso en xeral no Imperio Romano. A onomástica é predominantemente latina, agás a nr. 1 que presenta un nome grego único na Península Ibérica. Na nr. 4 temos a única mención dun *castellum* xunto á fórmula dedicatoria *D(is) M(anibus)*. A ara nr. 6 é un texto moi estraño, que presenta certas dificultades de lectura, cuns signos raros na última liña parecidos ós da estela antropomorfa de Bermés.

En toda esta zona hai un predominio de inscricións funerarias, realizadas cunha técnica moi rudimentaria, propia de zonas pouco romanizadas. Trátase de textos simples, sen dedicante e co nome do defunto en nominativo. Datables a partir de finais do s. I ou principios do s. II d.C. A presencia da fórmula *D.M.* (nr. 10-13) ou *D.M.S.* (nr. 1, 2, 5, 15) e a onomástica, con maior

frecuencia latina, sinalan nalgúns casos, unha época máis tardía: as primeiras décadas do s. II d.C.

Se as inscricións funerarias só en contadas ocasións ofrecen unha información que permite establecer unha datación dentro dun período suficientemente preciso, as inscricións votivas non ofrecen tampouco un punto de apoio.

Neste conxunto só hai tres inscricións votivas. Unha dedicada a *Dian(a)* nr 8, e a nr. 7 e 19 dedicadas ós *Lares Viales*. A maioría das inscricións están realizadas sobre aras; e a nr. 6, un texto votivo un tanto extraño, sobre unha ara ou estela de granito de mala calidade. A nr. 9 é un fragmento superior dunha ara, case non se conserva nada do texto, pero ten tres foculi propios das aras dedicadas ós *Lares Viales*. Estas aras atopáronse dentro dos límites do Conventus Lucensis, onde son frecuentes as dedicacións ós *Lares Viales*, mentres no Conventus Bracaraugustanus é máis frecuente que os *Lares* vaian acompañados de epítetos indíxenas, vid. F. Beltrán, Culto a los Lares, pág. 8 e M.J. Portela, Lucentum 3, 1984, pág 153-180.




Cedida por el Consello da Cultura Galega.

## SIGNOS DIACRÍTICOS

Os signos diacríticos empregados seguen as normas propostas por H. Krummrey & S. Panciera en Tituli, 2, 1980, 250-215.

- abc* Letras de lectura clara pertencentes a unha palabra ou parte dunha palabra facilmente recoñecible como tal.
- ABC Letras de lectura clara, que non se sabe se pertencen ó comezo, ó medio ou ó final dunha palabra, ou máis dunha.
- abc̄* Letras deterioradas, intelixibles só dentro do seu contexto.
- +++ Restos de letras inindentificables.
- c.5+ Restos de letras en número aproximado.
- ab* Nexo ab. Un acento circunflexo sobre cada letra unida á seguinte.
- [*abc*] Letras perdidas por desgaste ou outra rotura suplida polo editor.
- [---] Letras perdidas ó comienzo, no centro ou ó final dunha liña; o seu número non se pode determinar.
- [-c.5-] Letras perdidas, o seu número se pode calcular.
- [-----] Lagoa ó comezo ou final dun texto onde se pode esperar unha soa liña.
- Lagoa ó comezo ou final dun texto sen que se poda determinar o número de liñas.
- {*abc*} Letras que deben ser omitidas.
- a(bc) Palabra abreviada completada.



Cedida por el Consello da Cultura Galega


Estela funeraria de granito, rematada en forma triangular. Arriba lúa crecente, sol e tres arcos rebaixados. Ós lados lisa. Atrás sen traballar. Encontrouse ó facer unhas excavacións nunha praza fronte o adro da igrexa parroquial de Santa María de Bermés, Lalín, enterrada a 1 m. de profundidade, xuntos cunhas lousas. Consérvase no Museo de Pontevedra.

200 x 63-53 x 17-14 cm.

*D(is) M(anibus) s(acrum)  
Ma(n)su-  
eta  
an(norum) LXV.*

*Mansueta* é moi frecuente, vid. Kajanto, Cognomina, 263; en Hispania aparece varias veces más, na Tarraconense, e dúas veces na provincia de Pontevedra, vid. CIRG II, 39.

Traducción: Ós deuses Manes. Mansueta de 65 años.



Cedida por el Consello da Cultura Galega


Placa funeraria de granito. Atrás agúzase cara os lados, á dereita moi estragada. Rota abaixo á dereita. Circunstancias de achado e conservación coma nr. 1 e 3.

70 x 45 x 5 cm.

*D(is) M(anibus) s(acrum)  
Creso-  
pes  
an(norum) LV.*

*Cresopes*, de orixe grega, variante de *Chrysopes*, ben coñecido; aparece por primeira vez, e con esa variante ata agora descoñecida, na Península Ibérica.

Traducción: Ós deuses Manes. Creopes de 55 años.



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Fragmento inferior de estela funeraria de granito. Abaixo pouco traballada, para chan-  
tar no chan. Só se conserva a última liña do  
texto entre dúas liñas horizontais e unha vertical á esquerda. Circunstancias de achádego  
e conservación coma nr. 1 e 2.

64 x 47 x 14 cm.

-----  
*an(norum) XXV.*

Traducción: ..... de 25 anos.



Estela funeraria de granito, arredondada por arriba. O campo epigráfico está rodeado por unha  
moldura gorda. Abaixo e atrás desbastada. Os lados lisa. Atopouse nunha finca no lugar de Vila,  
Rodeiro, fai aproximadamente 70 anos. Consérvase en Vila, nunha casa particular: a “casa  
Conde”.


147 x 48,5 x 13 cm.

*D(is) M(anibus)*  
*Lucila*  
*Vitalis*  
*(castellum) Olca*  
5   *an(norum) XI.*

Tódolos *castella* de Callaecia coñecidos ata agora aparecen en textos simples, cronolóxicamente  
temperáns; o presente é o primeiro que se acompaña da fórmula dedicatoria *D(is) M(anibus)*. Segundo a investigación recente, os *castella* de Callaecia desaparecen contra finais do s. I d.C. por  
efecto do *Ius Latii* e a conseguinte reestructuración das comunidades indíxenas, sen que se pui-  
dese fixar un termo *ante quem* para o proceso de desaparición. A presente inscrpción, por ter a fór-  
mula *D(is) M(anibus)*, debe ser máis tardía ca tódolos textos coñecidos ata o momento presente.  
O texto é con todo, simple, pois carece de dedicante e o nome do defunto está en nominativo, de  
modo que a súa datación debe ser de finais do s. I d.C. ou principios do s. II d. C.; vid. Pereira  
Menaut-Santos Yanguas, Actas do Sem. de Arq. de Guimaraes III, 117 ss. Sobre a datación, vid.  
Pereira Menaut, Zephyrus 34, 1982, pág. 252. O cognomen *Vitalis* pode ser masculino ou femi-  
nino; en feminino documéntase en Zaragoza, vid. Albertos, Onomástica de Alava, pág. 51. Non  
existen paralelos para o nome do castellum *Olca*, pero sen dúvida está realcionado co nome do  
pobo dos *Olcades*, vid. Tovar, Iberische Landeskunde I, pág. 94 s., para quen “olca” é unha pala-  
bra celta ben testemuñada en Hispania co significado de “campo”.

A palabra *castellum* está representada por un C invertido.

Traducción: Ós deuses Manes. Lucila Vitalis do castellum Olca de 11 anos.



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Fragmento de placa funeraria de granito. Rota arriba e abaixo. Seguramente tiña remate triangular; consérvanse as escotaduras no arranque. Campo epigráfico delimitado por unha liña. Encontrada en San Pedro de Ferreiroa, Agolada. Descoñécense as circunstancias do achado. Consérvase no Museo de Pontevedra.

47 x 56 x 8,5 cm.

*D(is) M(anibus) s(acrum)  
Vitalis  
an(norum) XXXV.*

*Vitalis*, que pode ser feminino ou masculino, vid. nr. 4.

Traducción: Ós deuses Manes. Vitalis 35.



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Ara ou estela votiva de granito de moi mala calidade. Arriba remate triangular roto; na parte superior un burato de 8 mm. de diámetro sen dúbida moderno. Na fronte unha moldura con acróteras ós lados e un espacio semi-circular rebaixado. Na liña 1 o texto adáptase á decoración, as letras son más pequenas cara o centro da liña. Contra abaixo faise más ancha e grossa. Ós lados alisada. Atrás desbastada e algo alisada. Abaixo rota. Apareceu xunto coa nr. 5 en 1953 en San Pedro de Ferreiroa, Agolada. consérvase no Museo de Pontevedra.

62,5 x 28-45 x 8,5 cm.

CM<sup>MA</sup>  
D<sup>M</sup>ASPUS  
DI<sup>V</sup>MAS?  
VOVVS?

Non é posible reconstruir o texto con seguridade. Na liña 1 podería estar o nome do dedicante moi abreviado *C(---) M(---) Ma(---)*, despoxos o nome da divinidade, que podería ser máis dunha ou ter un nome con dous elementos; o nome podía acabar en *VO* na liña 4; a seguir, un signo en forma de U coma os que se rexistran na estela antropomorfa sen texto que apareceu en Bermés. Ó final a fórmula votiva *v(otum) s(olvit)*. DMAS da liña 2 podería ser lido *D(is) Ma(nibus) s(acrum)*, pero a fórmula V.S. final fai preferir un texto votivo.


7

Inscripción perdida. Segundo unha nota que existe no Museo de Pontevedra, carpeta 72 da colección de documentos de C. Sampedro, procede de Achacán, Pescoso (Rodeiro).

*ARTIUS  
an(norum) LXXV.*

Seguramente ARTIUS era o final dun nome que comezaba na liña anterior perdida.

8



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Ara votiva de granito con cornixa. A cornixa só na fronte e ós lados. Atrás ten dous buratos, quizais para ser reutilizada. Rota abaixo. Encontrada en San Lourenzo de Muimenta (Lalín), en 1916, segundo Vázquez Crespo & González Alén; descoñécese as circunstancias do achado. Consérvase no Museo de Pontevedra nunha base de cemento.

48 x 27 x 17,5 cm.

*Dian(a)e  
sacr(um)  
S P L D  
[ex] v(oto)*

-----

Traducción: Consagrada a Diana, según tiña prometido.

9



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Fragmento superior de ara votiva de granito, reutilizada como material de construcción. Arriba ten tres foculi sobreelevados, frontón e cilindros ós lados, na parte frontal unha orla resaltada con decoración en zig-zag. Ós lados dúas molduras. Atrás sen traballar. Moi deteriorada. Atopouse en 1964 nun muro do lavadoiro da rectoral de Santa Baia de Camba, Rodeiro. Consérvase na mesma rectoral.

22 x 23 x 15,5 cm.

*V + C +*

-----

A inscripción tal vez estivese dedicada ós Lares Viales, pois a ara ten tres foculi propios destas inscripciones, vid. CIRG I 57, IRPLugo 61, 63, 64, 65 e 66. Non é posible tentar unha reconstrucción fundamentada.

10



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Estela funeraria de granito, reutilizada como material de construcción. Arriba lúa crecente rebaixada e dúas estrías. Está moi estragada e destruída todo arredor, sobre todo á dereita e abaxo. Consérvase na igrexa de Santa María de Rubín, A Estrada, encravada no muro, de maneira que se aprecian con exactitude os bordes da estela.

174 x 52,5 x cm. aprox.

*D(is) M(anibus) [s(acrum)?]*

*Seve[r]*

*ina[a]-*

*n(n)nor(um)*

5 XVI.

A estructura do texto é simple: non hai dedicante e o nome da defunta está en nominativo, de modo que debe ser datada a finais do s. I ou principios do s. II d.C.; vid. nr. 13 e 15.

Traducción: Ós deuses Manes. Severina de 16 anos.

11



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Estela funeraria de granito xistoso, reutilizada como material de construcción. Arriba, á esquerda, unha aspa, un busto humano esquemático e debaixo á esquerda outra aspa. Abaixo sen traballar. Moi deteriorada, faltan algúns anacos; arredor está cuberta en parte por cemento. Consérvase no muro exterior do ábside da igrexa de Santa María de Rubín, A Estrada.

149 x 40 cm.

*Dibus*

*ℳ a(nibus) ℳ a+[-c.2-]*


*OAN[-c.3-4-]*

*DO[-c.4-5-]*

-----

Non é posible reconstruir o texto.

Traducción: Ós deuses Manes....



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Fragmento superior de estela funeraria de granito, reutilizada como material de construcción. Arriba restos de decoración xeométrica que poden parecer arcos. Moi deteriorada. Só se conserva a primeira liña do texto. Atópase en Santa María de Rubín, A Estrada, encravada no muro exterior da ábside.

42 x 31 cm.

*Dibu(s) ou [s] ?*

-----

Só se pode reconstruir a fórmula de consagración ós deuses manes aproximadamente así: *Dibu(s) ou [s] / [Manibus]*, quizais a segunda palabra estea abreviada ou en dúas liñas, a xulgar pola lonxitude da primeira liña, e quizais estea seguida de *sacrum*, tamén abreviado.



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Estela antropomorfa de granito, rota por abajo. Moi estragada en todo o lado esquerdo; arriba falta parte da cara e abajo falta parte das letras de algunas liñas. A superficie anterior non foi alisada e a inscripción fixouse aproveitando a superficie natural da pedra. O lado derecho é afiado, o esquerdo orixinariamente debería ser como o derecho, más afiado. Atrás sen traballar, foi atopada nunha finca de Santa María de Paradela, A Estrada, nas proximidades do monte de Pena Dona ou Dona Ana. Consérvase no Museo de Pontevedra.

99 x 34 x 12 cm.

{D} D(is) M(a)nibus  
Colup-  
a+a an(norum)  
[-c.2-?] XLIX

5 -----

O nome da defunta foi lido por todos os autores como *Colupata*, do que non existen paralelos, vid. Albertos, Onom. Tarraconense, pág. 93, sobre outros nomes con raíces posiblemente emparentadas coa presente.

Traducción: Ós deuses Manes. Colupa+a de 49 anos.

14

Estela antropomorfa de granito. Arriba dous círculos concéntricos con representación dun rostro humano no centro. Debaixo, un espacio rectangular, un arco con raios moi esquematizados, probablemente un sol. Danada cara á metade dereita e á esquerda, pero iso non afecta ó texto, que se conserva completo. Os lados son irregulares, desbastados máis non lisos; á dereita faise máis estreita contra o borde, a esquerda tamén, pero só na parte superior. Atrás alisada. Encontrouse en San Lourenzo de Ouzande, A Estrada, reutilizada como cepa dunha cancela, para o que se fixo un burato arriba á dereita; en 1928 foi entregada ó Museo de Pontevedra, onde se conserva.

187 x 53 x 15 cm.

*An(norum) LXII  
Man(ibus)  
Dibus.*

Non se menciona nin o nome do dedicante nin o do defunto, o que non é frecuente.

Traducción: De 62 anos ós deuses Manes.

15



Cedida por el Consello da Cultura Galega

Estela funeraria de granito. cortada por arriba. Na fronte, unha cabeza humana cun arco a cada lado; debaixo, separado por unha moldura gorda, un sol. Ós lados alisada. Atrás sen traballar. Atopouse en 1852, reutilizada como material de construcción nun muro, en San Vicente de Berres, A Estrada; figurou na Exposición Regional de Santiago en 1909. Consérvase no Museo da Catedral de Santiago.

160 x 48 16 cm.

*D(is) M(anibus) s(acrum)  
Urban-  
il(la) ân-  
norum  
5 XXV.*

Sobre os textos de estructura simple, como o presente, datables afinais do s. I ou principios do s. II vid. nr 4.

Traducción: Ós deuses Manes. Urbanilla de 25 anos.

16

Parte inferior de estela funeraria de granito, perdérонse as primeiras liñas do texto. Campo epigráfico cun perfil moi basto. Abaixo lisa. Atrás un pouco desbastada. Apereceu en 1895 en San Xian, Guimarei (A Estrada), serviu como marco dunha finca do Marqués de Aranda. Consérvase no Museo de Pontevedra.

83 x 43,5 x 10 cm.

-----  
 M +  
*po(suit) Ma-*  
*rcell(a)e*  
*an(norum) XXVI.*

Na liña 1 estaba o nome do dedicante. O texto presenta unha estrutura coñecida: o nome do dedicante seguido de posuit, o nome do defunto e a idade, vid. CIRG I, 30 e 44. Marcella é frecuente en xeral en todo o Imperio Romano e tamén en Hispania, aínda que escaso no Noroeste.

Traducción: ....M(...) puxo a Marcella de 26 anos.

17

Inscrição votiva desaparecida. En 1944, segundo Bouza Brey, estaba reutilizada como material de construcción no muro da ábsida da igrexa de Santa Eulalia de Matalobos, A Estrada. Arredor de 1960 derubouse a parte do presbiterio da igrexa e tivo que ser reconstruída; nese momento debeu desaparecer a inscripción.

-----  
 PA---  
*Seve-*  
*rus*  
*v(otum) l(ibens) a(nimo)*  
 5      *s(olvit).*

PA debe ser o final do nome da divinidade, que non podemos reconstruir, ou ben do xentilicio do dedicante, se o tiña.

Traducción: ...a PA(...) Severus cumpliu o seu voto de bo ánimo.

18

Estela funeraria de granito, arredondada por arriba. Na parte superior leves restos dunha decoración irrecoñecible, debaixo un arco de medio punto á esquerda. Na fronte uns sucos arriba e abaiixo e un burato no medio; hai pegadas de que se volvou a utilizar. Moi deteriorada, algunas letras do texto case irrecoñecibles, contra abaixo faise máis ancha. Ós lados e atrás alisada. Encontrouse en Saídres, Silleda arredor do ano 1964, nunha leira. Consérvase xunto a igrexa de San Xoán de Saídres, Silleda.

185 x 46-36 x 22 cm.

*D(is) M(anibus) s(acrum)*  
 A++O  
*an(norum) XX.*

Traducción: Ós deuses Manes. A + +O de 20 anos.

19

Ara votiva de granito; con cornixa, tamén ós lados e atrás. Cortada por arriba, cun burato rectangular como focus. Na cornixa, na fronte, restos dun arco e da primeira liña do texto. Ós lados lisa. Atrás sen traballar, só un pouco desbastada. Encontrada en Grava, Silleda, reutilizada como material de construcción, na parede da ábsida da ermida de Santa Mariña; polo 1902 foi donada á Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Consérvase no Museo de Pontevedra.

66 x 38,5 x 15 cm.

*Laribus*


*Vialibus ar(am) Pu-*

*blius O-*

*ptatius*

5   *v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito).*

Traducción: Ós deuses Lares Viales. Publius Optatius (puxo) este altar e cumpliu co seu voto merecidamente.



## BIBLIOGRAFÍA

- ALBERTOS, M.L., *La onomástica personal primitiva de Hispania Tarraconense y Bética*. Salamanca. 1966. (*Onom. Tarraconense*).
- id. *Onomástica personal de las inscripciones de Álava*. Congreso de Estudios Históricos. pág. 33-61.
- ARIAS, F. & LE ROUX, P. & TRANOY, A., *Inscriptions Romaines de la Province de Lugo*. París. 1979. (IRPLugo)
- BAÑOS RODRÍGUEZ, G., *Corpus de Inscrícionis Romanas de Galicia II*. Provincia de Pontevedra. Santiago de Compostela 1994. (CIRG I)
- BELTRÁN, F., *Culto a los Lares y grupos de parentesco en la Hispania indoeuropea*. Preactas del Coloquio Internacional d'epigrafía. Culte y Societat en Occident. Tarragona 1988. pág. 1-19
- FILGUEIRA VALVERDE, J. & D'ORS, A., *Inscrípcionis Romanas de Galicia III*. Museo de Pontevedra. Santiago de Compostela 1955. (IRG)
- KAJANTO, I., *The latin cognomina*. Helsinki. 1965.
- PEREIRA MENAUT, G., *Los castella y las comunidades de Callaecia*. Zephyrus 34, 1982, pág. 249-267.
- id. *Corpus de Inscrícionis Romanas de Galicia I*. Provincia de A Coruña. Santiago de Compostela 1991. (CIRG II).
- PEREIRA MENAUT, G. & SANTOS YANGUAS, J., *Sobre la romanización del Noroeste de la Península Ibérica: las incscripciones con mención del origo personal*. Actas do Seminario de Arqueología do Noroeste Peninsular I-III. Guimaraes, 1980, vol. III, pág. 117-129.
- PORTELA, M.J., *Los dioses Lares en la Hispania romana*. Lucentum 3, 1984, pág. 153-180.
- RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, M.P., *Sincretismo de la religión romana visto a través de las estelas antropomorfas*. Brigantium, 1981, pág. 73-82.
- SOLIN, H., *Die innere Chronologie des römischen Cognomens. L'onomastique Latine*. París 1975. pág. 103-146.
- SOLIN, H., *Griechischen Personennamen in Rom I-III*. Berlín New York. 1982
- TOVAR, A., *Iberiche Landeskunde*. Baden-Baden I (Bética), 1974, II (Lusitania) 1976.
- TRANOY, A., *La Galice Romaine*. París, 1981.

## O RELOXEIRO EVANGELINO TABOADA VÁZQUEZ

Daniel González Alén

No ano 1954, un tráxico accidente de circulación segaba a vida dun dos artesáns reloxeiros máis recoñecidos de España. Evanxelino Taboada Vázquez, un lalinense de Vilanova, contaba 57 anos de idade e un labor merecente de ser recoñecido polos seus paisanos, do mesmo xeito que foi louvada en prestixiosas publicacións europeas especializadas na arte da reloxería.

Coa ampla documentación que acadamos, boa parte dela facilitada pola súa filla María Elena residente en Vigo, ofrecemos esta biografía co ánimo de achegar a súa figura aos nosos conveciños.

Taboada representa a eses homes e mulleres do Deza, traballadores e honrados que ao longo dos últimos séculos tiveron que deixar a terra natal que xamais esqueceron, na procura de mellor vivir, facilitando ademais a vida dos que quedaron nunha terra atrasada e mal gobernada incapaz de manter aos seus fillos.

Sirva tamén, para reclamar para el, que por parte do seu concello natal de Lalín e do adoptivo de Vigo, onde desenvolveu o seu exemplar e notable oficio artesán, lle sexa tributada unha merecida homenaxe póstuma aínda pendente cumpridos cen anos do seu nacemento e case cincuenta do seu tráxico pasamento.

### APRENDIZ DE RELOXEIRO CON XOSÉ VÁZQUEZ

Evanxelino Taboada Vázquez, naceu no lugar do Barreiro, parroquia de San Xoán de Vilanova do Concello de Lalín, o 17 de febreiro de 1897. Segundo



A casa natal de Evanxelino Taboada no Barreiro-Vilanova (Lalín).

reza a súa partida de nacemento obtida en Lalín, era fillo lexítimo de Pedro Taboada González e a súa dona Florinda Vázquez Duro, naturais e veciños ambos de Vilanova, neto pola liña paterna de Manuel Taboada e Benita García e, pola materna, de Antonio Vázquez e Rosa Vázquez, todos eles aveciñados en Vilanova. Evanxelino era o primeiro dos sete fillos que tivo o matrimonio, dos que seis serían homes.

Malia que no Rexistro Civil de Lalín, figura co único nome de Evanxelino, na partida bautismal datada no ano 20 de febreiro de 1897 o cura párroco Nicolás Blanco, inscribe ao neno cos nomes de Evanxelino Xosé, actuando coma padriños Florentino Puga e María Xosefa García, tamén veciños da parroquia de Vilanova.

Naqueles anos no lugar do Barreiro, tiñan mesón os pais de Evanxelino, a carón do antigo e principal camiño que chegaba da Pontenoufe, paso cotián dos viaxeiros de Ourense a Santiago, dos arrieiros do Ribeiro e os feirantes do Carballiño e Dacón. A menos de un quilómetro, estaba o lugar da Xesta, daquela núcleo importante, con taberna e ultramarinos, punto de reparto do correo en Deza e naquela altura con semellante poboación que a da vila de Lalín, que non pasaba dos douscentos veciños e onde ao abeiro das feiras do 3, 18 e 25 empezaban a instalarse comerciantes e artesáns nas beiras da estrada de novo trazado entre Santiago e Ourense.



Na rúa que en 1933 se adicaria o aviador Loriga, tivo o seu taller de reloxería Xosé Vázquez.

Por aquel tempo Xosé Iglesias Surribas dirixía o xornal “La Defensa” (1905-1908), mentres que se construía na que xa era capital do concello a igrexa parroquial (1888-1915) para substituír a capela das Dores ubicada ó pé da torre dos Deza.

No Lalín de primeiros de século tiña establecemento aberto o tío de Evanxelino, o recoñecido reloxeiro Xosé Vázquez Vázquez, que fabricaba e arranxaba reloxos moi apreciados en toda a comarca do Deza. Estaba ubicado na rúa principal, que co andar dos anos sería dedicada ó ilustre aviador Xoaquín Loriga. Moitos daqueles aparellos de parede e da caixa saídos do taller de Vázquez, chegan funcionando correctamente aos nosos días co natural orgullo dos seus propietarios.

Como instructor tiña o vello Vázquez ao sabio lalinense Ramón María Aller Ulloa, que co paso do tempo como veremos colaborou estreitamente con Evanxelino Taboada. Un irmán do patriarca reloxeiro, Casimiro Vázquez, outro notable artesán, despois de cumplir o servicio ao Rei en Madrid, quedou na Corte sendo reloxeiro oficial da Casa Real e do mosteiro de El Escorial.

Xosé Vázquez, premiado nunha exposición rexional celebrada en Santiago coa Medalla de Ouro por un dos seus reloxos, emigrou a primeiros de século á Arxentina, onde tamén acadaría certa fortuna e sona. Antes instruiu aos seus sobriños Evanxelino e Cándido na arte da mecánica de precisión.

Con só dez anos de idade Evanxelino comezou a súa aprendizaxe e, polas súas excepcionais cualidades para o oficio, os clientes e amigos da reloxería puxéronlle o alcume de “Longines”, como a prestixiosa marca suiza.

Así, ao mesmo tempo que na escola aprendían a ler e escribir, os dous cativos irmáns Taboada aprenderon o oficio con tal aproveitamento que ao cumplir Evanxelino quince anos, na compañía do seu irmán tres anos máis novo, trasladouse a Silleda para abrir naquela vila a súa propia reloxería alugando un céntrico local a carón da célebre docería Tábora.

A vida de Evanxelino desenvolvíase, en consonancia co seu labor, contrareloxo. Aos dezanove anos decide casar en Silleda con María Otero Neira, pertencente a unha familia de certo avoengo. Era filla de Xosé Otero Villar –un modesto labrego que compaxinaba o labor co oficio de ferreiro e taberneiro na Bandeira– e de Rosa Neira Ceballos, neta esta do xeneral Arturo de Ceballos e Beltrán que acadou a súa graduación na Guerra de Cuba e bisneta de Francisco de Ceballos e Vargas, que tamén estivera en Cuba en 1845, logo en África como axudante de O’Donell, chegando a Director Xeral de Infantería e axudante do Rei, que lle concedería o título de Marqués de Torrelavega que pasaría ao seu fillo primoxénito.

Silleda era nestes primeiros anos do século XX, ao igual que Lalín, unha pequena villa formada á beira da estrada de Santiago a Ourense, aínda que xa cunha feira concorrida que orixinaba comercios estables.

Sete anos botaría Evanxelino en Silleda axudado polo seu irmán Cándido e aquí nacería o seu primeiro fillo, Adolfo no ano 1917.

## **NO PUXANTE VIGO DOS ANOS VINTE**

Entre 1900 e 1920, a cidade de Vigo tería un crecemento demográfico espectacular, duplicando a poboación das súas parroquias nestes vinte anos.


O desenvolvemento da pesca, as factorías navais e as industrias da conserva e da fundición, son os motores do despegue da economía local. Industriais, comerciantes e traballadores atopan acomodo nunha cidade puxante na que todos son ben acollidos.

Coa ilusión atopar mellores posibilidades comerciais e profesionais, no ano 1919 chega Evanxelino Taboada a Vigo onde forma sociedade co tamén reloxeiro Ramiro Morales para inaugurar a “Gran Relojería Buren” sita na rúa Elduayen número 8, dedicada á “venta de cadenas y relojes de todas marcas, fornitruras y herramientas para relojeros” segundo rezaba a súa publicidade naquel tempo.

Despois de dez anos a sociedade “Taboada Morales y Cía.” pasará a mans de Evanxelino que continuará co negocio en solitario.



Fotos familiares de  
Evanxelino Taboada  
nos anos vinte  
xa afincado en Vigo.



O establecemento comercial, que xa ten certo creto na praza, sofre un incendio orixinado por un cortocircuito. As importantes perdas están a piques de deixar ao seu propietario na ruína, pero logo dunha custosa restauración volta a abrir o negocio agora dedicado á construcción –a súa verdadeira paixón– e reparación de reloxos, axudados polo seu irmán Cándido.

Logo dunha permuta de local levará o seu negocio á rúa Príncipe onde un longo letreiro luminoso que ocupaba os tres balcóns do primeiro andar daba razón da firma “Evanxelino Taboada. Relojero”, continuando coa fabricación, reparación de reloxos de todo tipo.

Aínda que son tempos difíciles e a fortuna parece esquiva con Evanxelino a familia aumenta nestes anos con outros cinco fillos: Fernando, Xosé María, Carlos, María Elena e Enrique.


Cara ao ano 1929, Cándido xunto co seu cuñado Nicanor Otero, establecécese en Santiago. O seu negocio de reloxeira na rúa Calderería 17 foi, segundo refire Fernando Landeira de Compostela, “o centro cultural e artístico oficioso ao que tódolos estudiantes e os artistas que en dez anos (1929-1939) pasaron por Santiago, acudiron a facer casino. Alí, leronse as obras clásicas, entre as que destacaba unha comentada edición de “El Quijote”, que serviu de ilustración a máis dun. Por alí, viña a cotío don Ramón Aller a correxir nos seus reloxos algunhas décimas de segundo nos que os coidaba alterados...”

## FUXINDO NA GUERRA CIVIL

Evanxelino rondaba os corenta anos cando estoupo a Guerra Civil española. No mes de xullo de 1937, atopándose coa familia en Vilanova co gallo das festas patronais, recibiu un aviso do seu irmán Cándido dándolle conta de que o seu negocio e a súa facenda en Vigo lle foran incautadas e que a súa vida e más a do seu fillo Adolfo corrían perigo, xa que eran buscados para seren fusilados.

Taboada era militante activo do Partido Comunista e do Sindicato do Metal, no que ao rematar a guerra ocuparía postos directivos. O seu taller de Vigo, onde tiña unha notable biblioteca por ser moi afeccionado á lectura, era lugar de consulta, debate e reunión de destacados personaxes da política, da cultura e da arte. Un dos más asiduos era o seu conveciño de Lalín, o logo célebre pintor Xosé Otero Abeledo “Laxeiro”, con quen no futuro seguiría mantendo unha fonda amizade. Todos estes motivos deberon ser de abondo daquela para que na campaña do seu fillo Adolfo, non disposto a loitar na guerra fraticida, sufriran persecución e se converteran logo en fuxidos.

Naquel ano de 1937, é fusilado o alcalde de Lalín Manuel Ferreiro Panadeiros, e moitos veciños da comarca son alistados no “exército nacional”.



Na palleira de Xosé  
“O Pedreiro” e casa da súa  
parenta Socorro “do Roxo”  
escondéronse pai e fillo nos  
anos da Guerra.

Outros sofrén persecucións, para seren prendidos ou asasinados nas beiras de estradas e camiños. Algúns como Alonso Ríos “O siñor Afranio”, Fondevila “O comunista de Bermés”, ou Xaime González “o mestre de Quintá” agáchanse para librarse “das gadoupas da morte”.



Evanxelino e máis o seu fillo atopan refuxio nas casas e montes de Vilanova, Sanguiñedo, Doade e A Xesta contando coa axuda de parentes e veciños. Así, unhas veces encubertos por Xerano Durán, e o seu fillo Xosé, contratistas na liña de ferrocarril que se construía de Santiago a Ourense que dotaría á parroquia de Vilanova dunha estación, e noutras ocasións escondidos na casa de Eduardo Jácome e a súa dona Florinda, no lugar das Seixas coa familia Enríquez, na palleira de Xosé “O pedreiro”, ou na casa da súa parente Socorro “A do Roxo” no Barreiro, onde se refuxiaron seis meses, puideron estar sempre preto da casa paterna. Mesmo o cura pároco Ramón Ledo salvóunos dunha morte segura cando foron descubertos nunha casa de Costoia onde se agachaban. Así pasaron os longos anos que durou a Guerra Civil, separados do resto da familia, e temendo ser descubertos, poñendo en risco as súas vidas e as dos seus encubridores.

Nese longo tempo, ocultos polo día e saíndo pola noite, Taboada constrúe dous reloxos de madeira valéndose dunha navalla e os escasos materiais que atopa. Cun deles obsequiaría a Xosé “O pedreiro” e outro, co que agasallaría ao

seu irmán Cándido cando xa rematará a Guerra, sería exposto e admirado no Certame da Sociedade Económica de Santiago en 1941. Tamén se dedica a ler cantos libros lle chegan ás mans completando nestes anos unha ampla formación autodidacta.

O seu irmán Cándido, que tamén sofre represalias, trasládase a Pontevedra, onde abre unha reloxearía que deixará ao remate da guerra, para voltar a Vigo con Evanxelino.

Na fronte do Ebro morre o seu segundo fillo Fernando, e súa dona loita en Vigo para sacar adiante aos outros catro fillos con moitas miserias e privacións.

Rematada a contenda civil, pai e fillo entréganse, animados polo edicto que fai público o entón gobernador civil de Pontevedra, Manuel Gómez Cantos, convidando a que se entregaran todos os fuxidos que non tiveran cometido crimes perante os anos da guerra.



Conta Fernando Landeira de Compostela que ao presentarse Taboada diante das autoridades foi preguntado sobre como utilizara aqueles meses de fuxido obtendo a seguinte resposta: “—Señor, en dous anos eu fixen dous reloxos de bastante precisión, simplemente con madeira e unha navalla”.

O traslado deste gobernador fai temer a Taboada pola súa situación, polo que decide fuxir para Portugal, cruzando a fronteira clandestinamente na compañía do seu fillo. No país veciño son apreixados e devoltos a Galicia permanecendo uns seis meses no cárcere de Salvaterra de Miño, para pasar logo ao de Vigo, onde construirá outro relouxo de madeira por encargo do Xuíz de Primeira Instancia desta cidade.

Logo dun ano na cadea, pai e fillo quedaron en liberdade e case sen tempo para alegrarse sofren outro revés da vida: a súa dona María, despois dunha longa enfermidade agravada pola penuria dos anos da posguerra, falece o 14 de maio de 1941.



A rúa Príncipe de Vigo onde Taboada tivo unha reloxearía e sufriu a prisión rematada a Guerra Civil.



O reloxeiro vigués Xerardo Alonso, restaurou con acerto o reloxo de madeira que Taboada fixera no cárcere.

## OS RELOXOS DE MADEIRA

Durante os anos que Evanxelino Taboada estivo agachado nas terras de Lalín, construíu polo menos dous reloxos de madeira como xa queda referido, descoñecéndose o paradeiro deles na actualidade.

Xa na cadea de Vigo, sábese que construíu outro para regalarlo a un xuíz. Este reloxo foi restaurado no ano 1991 polo reloxeiro vigués Xerardo Alonso Iglesias. O aparello, propiedade de Pilar Estévez, foi herdado do seu pai funcionario da prisión de Vigo e a dona amosouse disposta a venderlo ao Concello de Vigo para ser exposto no Museo Quiñones de León, operación que non se levou a termo segundo puidemos saber.

O reloxo que se conserva é, pois, un exemplar único. Ademais de marcar as horas, ten segundeiro e calendario para marcar os días, semanas e meses.

Soamente lle falta o son. Debaixo da esfera atópase todo un mecanismo de pezas, resortes, eixes, piñóns, palancas.. todo de madeira, e únicamente son de metal o péndulo, áfunda que recuberto de taboíñas, e tres láminas circulares de finas planchas de zinc que serven para o funcionamento do calendario.

Esta peza, feita nas longas horas de soidade do tempo na cadea, con escassas ferramentas e materiais, alcanza unha altura de 1,80 metros, pesa uns dez quilos de peso e ten corda para oito días.

A noticia da restauración do reloxo de madeira de Taboada mereceu senllas reportaxes nos xornais “Faro de Vigo” (5-I-1991) e “Atlántico Diario” (10-VI-1991). A través delas, cóntase como ao reloxeiro e restaurador Xerardo Alonso, pertencente a unha sonada familia de reloxeiros de Vigo, lle ofreceron restaurar o reloxo de madeira de Taboada que levaba máis de vinte anos sen funcionar. O artesán vigués acolleu a obra tratando de afrontala coa máxima fidelidade ao orixinal. Foi estudiando a procedencia e características deste reloxo artesanal como chegou a descubrir emocionado que unha pequena placa sobre



O taller de Taboada ubicado no Calvario chegou a contar con quince empregados que construían reloxos de mesa, parede e torre de grande calidade.



Reloxos de torre do concello de Salvaterra de Miño e do Instituto Santa Irene de Vigo.

a esfera de reloxo, coa inscripción “Construido por Evangelino Taboada en la cárcel de Vigo, 7-XI-1940”, fora gravada no taller que o pai de Alonso, tamén reloxeiro e xoieiro tiña naquela época en Vigo.

O excelente labor do restaurador Alonso conseguió botar a andar o reloxo construído cincuenta anos atrás por Evanxelino Taboada, aínda que o tic-tac da súa vida parara supetamente en 1954.

## NOVA ETAPA NO VIGO DA POSGUERRA

A vida de Evanxelino Taboada é unha longa loita contra a adversidade. Viúvo aos 44 anos e con cinco fillos a medio criar, ten azos para comezar novamente no negocio da reloxería.

A axuda do seu inseparable irmán Cándido será decisiva ao ofrecerlle un local que tiña alugado no barrio do Calvario. Coa denominación “Talleres Taboada” o negocio, ubicado no número 217 da rúa José Antonio, anunciábase aínda en 1948: “Relojería y Mecánica de precisión. Fabricación de Relojes de Antesala estilo inglés, ídem para oficinas y edificios públicos, eléctricos, a muele y pesas. Fabricación de cajas para relojes y reparaciones en general”.


Paradoxos da vida. Se o local do negocio está emprazado nunha rúa que co novo réxime se lle dedica ao fundador da Falanxe, o seu domicilio en xaneiro do ano 1945, atópase na rúa Xeneral Franco 39, segundo reza na entón imprescindible “Tarfeta de Abastecimiento”.

Vigo segue sendo a cidade receptora de milleiros de pontevedreses e ourensáns que veñen na procura de mellorar as súas condicións de vida nos difíeiles anos da posguerra.

Os dous irmás, arreo, empuxan o negocio no que teñen ocupación todos os membros da familia: cinco fillos, un irmán, un cuñado, tres sobriños e aínda contrataría a tres empregados de fóra.

O taller gaña creto polos seus traballos e abondan os encargos. Constrúen reloxos de torre para o Concello de Salvaterra de Miño, onde Evanxelino deixara amigos no tempo da cadea; Pontecaldelas e Vigo; para o Instituto Santa Irene nas Travesas, a Casa de Correos, a Lonxa do Berbés, e o Real Clube Náutico de Vigo; para as igrexas de Pontellas-O Porriño e Sabarís; para a firma “Lage y Cía” na rúa Colón; e mesmo a Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo encárgalles reloxos para a súa central e tódalas estacións.

Tamén constrúen no taller reloxos de parede e mesa, por encargos do alcalde Luis Suárez Llanos, construído en 1948 con caixa de tipo inglés; do Banco de Bilbao; de firma Zapatería Cruces, na rúa do Príncipe, que daba as horas coa música da peza “Lonxe da Terriña”; ou do médico Ramón de Castro, entre outros.



A empresa Tranvías de Vigo, encargou a Taboada os reloxos de Central e de tódalas estacións. Tamén saíron do seu taller os reloxos de torre a igrexa de Pontellas-Porriño e da Casa de Cultura de Ponte Caldelas.

Un reloxo enteiramente fabricado nos “Talleres Taboada” expouse nos escaparates vigueses de “La Modernista” en 1949, onde é admirado polo público. O aparello, segundo unha reseña impresa, “xunta a beleza harmónica das súas liñas coa maior perfección técnica, erguida a un nivel de inseparable exactitude. O seu funcionamento eléctrico, garante a continuidade ininterrompida dos seus movementos, xa que no suposto de que fallase a corrente nun prazo de horas ou ánda de días, o reloxo pode continuar traballando en tódolos seus dispositivos e as innovacións técnicas introducidas, determinan que poida proclamarse que a Reloxería Taboada conseguiu realizar unha obra sen precedentes na nosa patria, verdadeira xoia de artesanía, á que soamente é posible chegar logo

dun laborioso e concienzudo estudo, e sobre todo, por unha dedicación e un amor apaixonado ás artes”.

Nos primeiros anos da década dos cincuenta, as autoridades permítenlle obter o pasaporte do que fará uso para pasar a Portugal en media ducia de ocasións. Malia poder saír do país, non acepta un ofrecemento que os responsables da prestixiosa firma “Omega” lle fan para traballar en Suiza, coñecedores das súas aptitudes. Taboada tiña entón a ilusión de instalar unha fábrica de reloxos en Vigo. A súa morte prematura impediría que este grande proxecto e outros nos que xa traballaba saíran adiante.

## O RELOXO SIDÉREO DE TABOADA E ALLER

Dos traballos realizados por Evanxelino Taboada, foi sen dúbida o reloxo sidéreo para o Observatorio de Santiago o que máis sona ten acadado. Corría o ano 1945 cando o ilustre lalinense Ramón M.<sup>a</sup> Aller, Director do Observatorio Astronómico de Santiago, requeriu os servicios de Taboada para construír o instrumento que precisaban para a medida do tempo sidéreo. O propio Aller, refire con rigor e detalle as vicisitudes xurdidas na construción do artificio nunha monografía que baixo o título “Nuevo reloj sidéreo para el Observatorio de Santiago” publicaba na “Revista de Geofísica” do “Consejo Superior de Investigaciones Científicas” no ano 1946:

“La imposibilidad de proseguir algunos trabajos comenzados en el Observatorio de Santiago, a causa de insuficiencia en los aparatos de relojería, se agregó a la de comenzar otros proyectados, haciendo cada vez más urgente el remedio de la falta de instrumentos. Eran indispensables un reloj sidéreo más y un cronógrafo. Numerosas gestiones para la adquisición de ambos aparatos se prolongaron durante dos años. Primero se recurrió a los “Talleres Torres Quevedo”; pero agobiados por otros compromisos, declinaron el encargo. Después se trató de importar de Inglaterra o de Suiza el par de mecanismos, pero las circunstancias que rodearon las gestiones fueron tan poco afortunadas, que últimamente se llegaron a confundir los datos de tal suerte, que alguna casa proponía relojes muy distintos de los utilizables en trabajos astronómicos, y no se hallaba quien suministrase, en plazo razonable, los instrumentos necesarios. Por fin pudo abordarse la construcción de un péndulo sidéreo en nuestra Patria, y se logró modificar un movimiento Morse ordinario en un muy aceptable cronógrafo de dos plumas.

No es sólo la circunstancia de ser nacional la fabricación del reloj la que hace conveniente la publicación de estas líneas, sino principalmente la de ser originales las características del escape, y aún las condiciones en que ha sido entregado el instrumento. El relojero don Evangelino Taboada construye en

Vigo diversas clases de mecanismos, y un ejemplo notable, por citar alguno, es la magnífica instalación en la Casa de Correos de dicha ciudad, con un péndulo director y varios cuadrantes secundarios. Los primeros pasos en el arte los dio en Lalín, al lado de su pariente don José Vázquez, premiado en una Exposición regional con medalla de oro por la construcción de relojes eléctricos con medios modestísimos, y encargado después en América de construcciones importantes. Aunque las exigencias de un reloj astronómico son de distinta categoría que las de los ordinarios, los antecedentes apuntados fueron motivo para encargar el instrumento a los “Talleres Taboada”.

Cuando se dieron al constructor los esquemas del mecanismo, se proyectaba simplemente un reloj con escape Grahan de módulos corrientes. El áncora tomaría en la rueda de escape seis dientes y medio, o sea un ángulo de  $78^\circ$  entre los radios de acción, ocupando los planos inclinados de dicha áncora unos cinco grados, evaluando en un grado la suma de la caída con el espesor del diente. Como se ve, lo pedido era de lo más usual y sólo se agregaba la condición de máxima finura en la obra, suponiendo, naturalmente, el péndulo compensado. En épocas distintas, a petición del señor Taboada, le fueron facilitados esquemas de los escapes libres de Riefler y de Strasser, y aún se habló alguna vez del escape de Reid. El constructor ha realizado un trabajo muy bien acabado por lo que toca al rodaje, y original por lo que atañe al escape.

A primera vista pudiera creerse una combinación de los Riefler y de Strasser. Del primero, por ser doble la rueda: una destinada a la impulsión, semejante en la realidad a la de Riefler, y otra a la parada. Del segundo, por realizarse la unión del áncora al péndulo por encima de la suspensión. La analogía con el primero de los sistemas son más acentuadas en la regulación del áncora y en que ésta toma  $126^\circ$  en el caso de Riefler y  $114^\circ$  en el de Taboada, es decir, nueve dientes y medio de la rueda, pero difieren considerablemente en que el reloj en estudio tiene doble áncora, una para la parada y otra para la impulsión, con lo que no sólo se pueden regular una y otra, sino la relación entre ambas. Además, la conexión del áncora con el péndulo es esencialmente distinta de la Riefler, y aunque se asemeja en el aspecto a la de Strasser, se aparta de ella porque las láminas supletorias de la suspensión en este sistema se hallan reemplazadas por un cuadro rígido, mientras que el paralelogramo con que Strasser enlaza el péndulo con la máquina, en el caso presente está sustituido por dos láminas resortes apoyadas por diminutos tornillos sobre una piedra dura en que remata el citado cuadro rígido. Si la oscilación continúa después de la parada, el péndulo queda libre empujando simplemente uno de estos resortes, pero sin que en nada influya la acción de la máquina, como se comprende.


La impulsión que Riefler obtiene sobre un cilindro, en el reloj del señor Taboada se realiza sobre una superficie plana, o casi plana, y dada la forma adop-

tada para los dientes de la rueda, el rozamiento es mucho mayor, no sólo por la forma de las superficies deslizantes, sino por sus posiciones relativas. Esta circunstancia, la duración de la parada y la distribución de los arcos de acción y complementario, desde el punto de vista teórico, son defectuosos, y seguramente que la práctica lo confirmará. Es verdad que la distribución de ambos arcos se puede modificar en el escape del señor Taboada, dada la regulación de las dos áncoras de que consta, y habrá que llevarlo a efecto, aunque si pierde algo de la propiedad obtenida por el constructor de suprimir en tan gran parte los choques, que se notan menos que en ninguno de los relojes de escape mecánico. Para esta distribución de los arcos que, probablemente será necesaria, a fin de obtener mayor rendimiento en exactitud, nada es menester cambiar, sino regular de otro modo. No así por lo que hace a las bocas del áncora de impulsión, pues mejorará, sin duda, si las superficies son distintas y atacadas de otra suerte.

Al exponer al señor Taboada algunos de estos reparos, los acepta de buen grado, pero indicando su deseo de que se ensaye el reloj tal como está. Si no resulta a satisfacción, o si se quiere, más adelante comparar la marcha con las modificaciones propuestas, se compromete no sólo a realizarlas, sino a sustituir el escape actual por cualquiera que se le indique, ya sea el corriente de Graham, ya otro libre, porque todo el resto del aparato nada tiene que modificar.

Recordando las críticas de que fue objeto en las revistas técnicas el escape de Riefler, cuando hizo su aparición, y que en la práctica se ha mostrado superior a todos los demás, es natural aceptar de buen grado las notables condiciones de entrega propuestas por el señor Taboada, pues aunque es casi segura la conveniencia de las modificaciones apuntadas, ni deben desperdiciarse las ideas del constructor, ni impedir posibles perfeccionamientos, siempre más seguros después de ensayos prácticos. La equivocación de los críticos del famoso Riefler consistía en que creían que el aumento de roce y el desgaste de las cuchillas de acero que sirven de eje al áncora y sostienen todo el peso del péndulo, harían ilusiones las esperanzas del sistema. Como la experiencia no confirmó estas sospechas y otras equivocaciones respecto a la forma de actuar, es cosa bien conocida. Véase sobre este asunto: Wanach, "Astronomische Nachrichten" núm. 4.546, y de un modo más extenso, H. Bock, "Kritische Theorie der freien Rieflerhemmung".

Como no ha sido posible obtener por ahora una varilla de invar, el péndulo se ha construido con varilla de acero ordinario y compensación de mercurio, siendo también de acero el recipiente. Cuando se logre una varilla de acero-niquel, se hará otro péndulo, y el cual se aprovechará en un reloj antiguo de escape de clavijas que el Observatorio tiene actualmente designado a señalar la hora oficial, y está provisto de un péndulo de varilla de madera con compensación de cinc..."



O sabio lalinense Ramón María Aller, encargou a Evangelino Taboada a construción do reloxo sidéreo para o Observatorio de Santiago.

## PROVEITOSA COLABORACIÓN CON RAMON M.<sup>a</sup> ALLER

Fernando Landeira (*Theatro Chronométrico del Noroeste español*. Madrid 1957) gababa así a competencia e preparación dos personaxes que fixeron posible o reloxo do Observatorio de Santiago: “La sublime teoría matemática se hace cuerpo en la máquina de un artesano que pone en su punto el alto



A familia Taboada Vázquez tivo notables reloxeiros. Na foto Cándido Taboada –irmán de Evanxelino– e o seu fillo Roberto.

grado de perfección a que la relojería, con todo el peso histórico de cinco siglos, ha llegado en el Noroeste de España”, e o especialista londinense Malcons Gardner (*Cuadernos de Relojería*, n.º 14. Madrid 1958), eloxiaba o reloxo de Taboada e Aller: “Esta máquina tiene aspecto de magnífica calidad...”

Tamén o discípulo e biógrafo de Ramón María Aller, Enrique Vidal Abascal no libro “Hombres que hicieron Galicia: Ramón M. Aller Ulloa” (Vigo, 1979) dá ampla referencia do reloxo construído en colaboración por estes dous lalinenses, feito que recolle tamén o prestixioso diccionario británico “The Country Life International Dictionary of Cloks”, que publica ademais unha breve reseña biográfica de Evangelino Taboada.

No ano 1977, o especialista alemán Velag Georg D.W. Callwey, dirixiu un escrito ao Museo de Pontevedra requirindo información sobre o reloxo de Taboada e Aller para incluír nun grande libro en preparación, dedicado aos reloxos de precisión de péndulo, desde Harrison a Refler, e na revista “Old clocks”.

Recentemente un museo alemán amosou interese por mercar o reloxo sidéreo facéndolle unha oferta ao actual director Xosé Anxo Docobo, que a rexeitou alegando a estima que se lle ten a este aparello na institución compostelá.

Taboada e Aller, cultivaron unha longa e proveitosa amizade. Don Ramón, experto en reloixería asesoraba ao tío de Evanxelino, Xosé Vázquez,



Evanxelino estivo presente con toda a familia na inauguración do aeroporto vigués de Peinador en abril do ano 1954.

cando a primeiros de século tiña reloxería en Lalín. Foi o sabio lalinense quen lle dera o proxecto do reloxo eléctrico co que gañou o premio na exposición rexional e que logo construiría en serie na Arxentina para oficinas e establecementos oficiais. O cativo Evanxelino, apredendo o oficio co tío, coñeceu a don Ramón que rematara hábita pouco –1904– a licenciatura de Cencias Exactas en Madrid e proxectaba o seu Observatorio de Lalín que vería feito no ano 1911.

Conta o discípulo de don Ramón, Enrique Vidal Abascal, que cando Evanxelino andaba fuxido polos montes de Lalín, alguén lle amosou un reloxo feito de madeira que funcionaba perfectamente, tratando de localizar ao seu autor. Don Ramón, despois de ollalo, percatouse que aquel traballo soamente podía facelo Evanxelino Taboada, pero non querendo perxudicalo non dixo nada.

Taboada era quen arranxaba os reloxos do sabio lalinense. Cántase que un reloxo de ouro con calendario que lle regalara a casa “Longines” por uns traballos que lle fixera, soamente lle era confiado a Evanxelino para a limpeza e reparación.

Don Ramón, sentía grande atracción polos reloxos e anos despois escribiría un longo artigo divulgativo sobre a historia da medida do tempo e as normas para a conservación dos reloxos, publicado na revista “Noticias Zenit. Enero, Febrero, Marzo 1963”).



A celebración do patrono dos reloxeiros San Eloi, de decembro de 1953 sería a última a que asistiría Taboada.

## TRÁXICA MORTE DOS IRMÁNS TABOADA

O primeiro de agosto do ano 1954, nunha das moitas visitas que os irmáns Evanxelino e Cándido facían a Lalín, nesta ocasión, ademais de cun motivo comercial, para a celebración dunha festa familiar, a moto na que viaxaban acabou debaixo do vehículo oficial que conducía un soldado do Reximiento de Infantería Zamora de Ourense, e no que ían o coronel Tejada Salgado e a súa dona.

O accidente aconteceu na estrada de Pontevedra a Ourense, no lugar de San Xurxo de Sacos. Os dous irmáns faleceron no acto a consecuencia das graves feridas producidas. Os reloxos que transportaban quedaron escagallados na estrada, segundo os xornais da época que lle dedicaron amplo espacío ao suceso.

Ao día siguiente do falecemento dos irmáns Taboada, o xornal “Hoja del Lunes” daba conta con detalle da traxedia, expresando ao remate da información “a súa condolencia aos deudos dos finados, de queridas familias na cidade viguesa”. Con semellante amplitud o diario “Faro de Vigo”, informaba aos seus lectores do desgraciado falecemento dos “industriales reloxeiros da cidade”, sinalando que ao lugar do suceso chegaron axiña o crego da parroquia, un médico e o comandante do posto da Garda Civil, e infinitade de persoas que



Un dos últimos retratos Evanxelino.

Na praia de Samil, cando e abatido coma se agoirara a seu tráxico final.

tiveron un digno comportamento. Tamén daba conta da presencia dos familiares logo de serllas comunicada a desgracia e do xuíz que ordeou o levantamento dos cadáveres e o depósito nos locais de Irmandade de Labradores. Remataba a noticia sinalando que en Vigo e Pontevedra a noticia causara fondo sentimento, xa que os finados gozaban de moitas simpatías. Tamén o xornal compostelán “La Noche” ofrecía ampla información do suceso.

Días despois “Faro de Vigo” informaba desde Ponte Caldelas que o Xulgado de Instrucción daquel Partido, dictaba auto de prisión contra o soldado conductor do camión ET-80.291 en tanto se decidía a cuestión de competencia entre as xurisdiccionés ordinaria e militar.

A perda era irreparable. Naquela curva pararon para sempre os reloxos da vida dos irmáns Taboada. A súa nai Florinda e os seus parentes choraríanos para sempre. O funeral e a conducción dos cadáveres ao cementerio vigués de Pereiró, constituíron verdadeiras manifestacións populares de cariño e dor da cidade olívica.

Días despois no xornal “Faro de Vigo” (5-VIII-1954) o médico vigués Antonio Beiras, nun artigo titulado “El banco vacío”, eloxiaba a figura de Evangelino, reloxeiro estimado e recoñecido no seu Vigo de adopción: “Hemos entrado en el taller del artífice. Todo está igual que la víspera de la desgracia que había de privarnos de su amistad. El obrador de Evangelino Taboada per-

manece intocado, como si él acabara de salir. Sobre la mesa, las diminutas piezas de los cronómetros aguardan su mano cálida y maestra, en maravilloso desorden analítico, como estrofas de un himno al trabajo, que esperan la mano del bardo creador que ha de situarlas para que la armonía sea. Los péndulos de los cucos, como los de sus maravillosas construcciones totalmente realizadas en noble madera de las fragas gallegas, están inertes como queriendo detener el tiempo en señal de duelo. Ha desaparecido un noble hijo de Lalín, esa tierra nutrida de celebridades, que consagró sus afanes a la ciudad ribereña que tan bien valora cada minuto de quehacer.

No deja de ser significativa la identificación del hijo de la montaña con la urbe, por el valor que él y ella dieron siempre al sonido rítmico del segundero. Formaban por ello perfecto binomio que el tiempo no borrará fácilmente, a menos de ser ingrato con quien supo tomarle su medida. La ciudad y sus organismos vitales, eran tributarios en gran parte del hombre sencillo, afable, de mirada aguda y levemente irónica, que sabía tornear un diminuto espigo al tiempo que hilvanaba una conversación llena de contenido humanístico y ponderación. Su humildad casi franciscana, corría pareja con su técnica capaz y su basta cultura.

Al salir del reducto local a la ciudad, a la que entregó su vocación, continúa su ritmo, que nada puede detener; pero para destruir este aparente desvío allí están las gotas de orballo que caen, indudablemente, por los hermanos Taboada”.

Despois da morte de Evanxelino, os seus fillos continuadores do seu oficio artesán emigrarían a Venezuela e Arxentina. Roberto, fillo do finado Cándido, que tamén aprendera o oficio nos Talleres Taboada, falecería poucos anos despois ao non superar o disgusto que lle producira o tráxico falecemento do pai e do tío.

## **UNHA MERECIDA HOMENAXE**

Pasados algúns anos do fatal accidente que truncara a vida e os proxectos dos irmáns Taboada, a memoria de Evanxelino quedou soamente presente na súa familia e amigos achegados. O réxime franquista que abafou ao país durante corenta anos non era proclive ás homenaxes a personaxes non afíns á ideología imperante e máis áinda a quen estivera na cadea por “roxo” como Evanxelino. Así pois, virían longos anos de esquecemento para a figura exemplar deste destacado lalinense.

Case vinte anos despois do falecemento comeza a recoñecerse a figura de Evanxelino Taboada e o seu labor. O “Diccionario biobibliográfico de Relojeros de España” (Pontevedra 1972) de José Luís Basanta recolle unha síntese bio-

gráfica deste lalinense singular. O xornal “Faro de Vigo” (10-IX-1972) lembraba a Evanxelino Taboada e o seu reloxo de madeira nun artigo asinado por Anxo Gutiérrez: “El artífice Taboada se hizo famoso al fabricar un reloj de madera”. O mesmo artigo sería publicado despois na revista “Galicia” do Centro Galego de Buenos Aires (novembro de 1973).

Máis recentemente, no xornal “La Voz de Galicia” (19-X-1980 e 29-V-1982), o especialista Mariano Garrido Pinto, reloxeiro e discípulo de Taboada, dedicáballe senllas reportaxes aos traballos do seu mestre Evanxelino, e unha sentida lembranza baixo o título “El reloj del Observatorio de Santiago fue construido por el maestro Taboada”, no que se doe do esquecemento dun dos máis grandes reloxeiros do noso século.

## BIBLIOGRAFIA

- ALLER ULLOA, Ramón María: “Nuevo reloj sidéreo para el Observatorio de Santiago”, in Revista Geofísica. Ano V. N.º 20. Outubro-decembro 1946.
- BASANTA CAMPOS, José Luis: **Relojeros de España**. Diccionario biobibliográfico. El Museo de Pontevedra. 1972.
- BEIRAS, Antonio: “El banco vacío”, in Faro de Vigo, 5-agosto-1954.
- GARRIDO PINTO, Mariano: “El reloj del Observatorio de Santiago fue construido por el maestro Taboada” in La Voz de Galicia, 19-outubro-1980, e “Relojeros: Taboada”, 29-maio-1992.
- GONZALEZ ALEN, Daniel: “O reloxeiro Evanxelino Taboada”, in Deza Actualidade, n.º 4, xuño 1995.
- GUTIERREZ, Ángel: “El artífice Taboada se hizo famoso al fabricar un reloj de madera”, in Faro de Vigo, 10-setembro-1972 et in Galicia (revista do Centro Galego de Buenos Aires).
- IGLESIAS VIQUEIRA: “El reloj de E. Taboada recupera su tic-tac”, in Faro de Vigo, 5-xaneiro-1991.
- LANDEIRA DE COMPOSTELA, Fernando: **Theatro Chronométrico del Noroeste Español**. Edit. Robero Carbonell, S.A., Madrid, 1957.
- LEDO, R.: “Un artesano vigués construyó varios relojes empleando sólo madera”, in Atlántico Diario, 10-xuño-1991.
- OJEA, Ana et GONZÁLEZ IGLESIAS, Antonio: “Evanxelino o reloxeiro”, in Pirámide (revista do Instituto de Bacharelato Ramón M.ª Aller de Lalín), n.º 2, xuño-1993.
- SMITH, Alan: **The Country Life International Dictionary of Clocks**. Country Life Books.
- VÁZQUEZ CRESPO, Armando et GONZÁLEZ ALÉN, Daniel: **A Comarca do Deza**, Deputación de Pontevedra, 1989.
- VIDAL ABASCAL, Enrique: **Hombres que hicieron Galicia: Ramón M. Aller Ulloa**. Banco del Noroeste, Vigo, 1979.



## OS APELIDOS DA TERRA DE DEZA (I)

Gonzalo Navaza Blanco

(Lalín, 1957)

Doutor en Filoloxía Hispánica- Membro da Comisión de Toponimia de Galicia - Profesor da Universidade de Vigo

A onomástica é a disciplina lingüística que se ocupa dos nomes propios. Atende a dous campos de estudio principais: a toponimia, que estuda os topónimos ou nomes de lugares, e a antropónimia, que estuda os antropónimos ou nomes de persoas. Nestes últimos considéranse, dunha banda, os antropónimos persoais ou nomes de bautismo ou de pía, que identifican a cada individuo, e doutra os antropónimos familiares ou apelidos. Estes, pola súa condición de formas herdadas que se transmiten de xeración en xeración, constitúen, o mesmo cós nomes dos lugares, un elemento importante do patrimonio cultural dunha comunidade.

Unha clasificación xeral dos apelidos atendendo á súa orixe recoñece tres tipos fundamentais:

- Patronímicos: Os formados a partir do nome do proxenitor. O modelo más común presenta un derivado por medio do sufijo *-ez* (e variantes). O significado orixinario era equivalente a “fillo de”:

«*Roy Gonsaluez, fillo de Gonçaluo Fernandez de Rodeyro*» (ano 1333, HGP, nº 131)<sup>1</sup>

---

1. As fontes das que proceden as formas da época medieval indicá�olas mediante as seguintes abreviaturas: HGP = MAIA, Clarinda de Azevedo, *Historia do Galego-Português*, INIC, Coimbra, 1986; CARB = LUCAS ÁLVAREZ,

Noutros casos o patronímico non se formou cun sufixo, senón que presenta a mesma forma có nome de pía (*García, Lourenzo, Xil*), que en ocasións ía precedido da preposición ou de fórmulas semellantes.

- b) Toponímicos: Son os apelidos constituídos por un nome de lugar, e aluden á procedencia xeográfica. Na súa orixe, tódolos apelidos toponímicos ían precedidos de preposición.
- c) Sobrenomes: Son palabras do léxico común empregadas como alcumes que pasaron a constituir nomes de familia. Un grupo importante destes son os que aluden ó oficio; outros fan referencia a características físicas ou morais dun individuo; outros responden a diferentes motivacións.

Pódese afirmar que a maior parte dos apelidos de hoxe teñen a súa orixe na época medieval. A súa transmisión, sen embargo, produciuse dun modo irregular. Ata o século XVIII os libros de bautismo das parroquias desempeñaron a función de rexistros legais. Desde o século XVI xa comeza a fixarse a transmisión do apellido por liña paterna, aínda que o esquema común na actualidade en España (1º paterno + 1º materno) só se consolidou definitivamente no XIX, trala creación dos rexistros civís. En Portugal, aínda que o esquema invirte a orde dos apelidos (1º materno+1º paterno), a transmisión realiza igualmente por liña paterna. Cómpre ter presente que a regularidade actual na transmisión dos apelidos é cousa relativamente recente e que non debemos confundi-la historia lingüística dun apellido coa xenealoxía ou o estudio das liñaxes, polo que é innecesario lembrar que non tódalas persoas que comparten o mesmo apellido han de ter por forza un antecesor común nin outras relacións de parentesco.

## OS CINCO APELIDOS DEZAOS MÁIS COMÚNS

Para o exame dos apelidos actuais valémonos dos datos do PatRom<sup>2</sup>, que toman como base o corpus fornecido polo censo de 1996. Segundo este, os ape-

Manuel, "La colección diplomática del Monasterio de San Lorenzo de Carboeiro", *Compostellanum II*, 4, Santiago, 1957; FDU = JUSTO, Mª José e LUCAS ÁLVAREZ, M., *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Consello da Cultura Galega, Santiago, 1991; OSR = ROMANÍ, Miguel, *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Oseira*, Santiago, Tórculo, 1190; VFD = FERRO COUSELO, X., *A vida e a fala dos devanceiros*, vol I. Galaxia, Vigo, 1967; BCMO = Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense. Ourense, 1904-1921; Oro77 = GARCÍA ORO, J., *Galicia en la baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*, Bibliofilos Gallegos, Santiago, 1977.

2. PatRom (*Patronymica Románica*) é un proxecto de investigación que se ocupa dos apelidos da Europa románica, dirixido por D. Kremer en Alemaña (Univ. de Trier) e en Galicia por R. Lorenzo (Univ. de Santiago).

lidos más frecuentes nos seis concellos que integran a comarca de Deza son os seguintes<sup>3</sup>:

Orde	Apellido	Deza	Galicia
1. <sup>º</sup>	FERNÁNDEZ	3999	175147 (2. <sup>º</sup> )
2. <sup>º</sup>	GONZÁLEZ	3710	135856 (3. <sup>º</sup> )
3. <sup>º</sup>	GARCÍA	3657	117011 (5. <sup>º</sup> )
4. <sup>º</sup>	LÓPEZ	2418	132641 (4. <sup>º</sup> )
5. <sup>º</sup>	RODRÍGUEZ	2222	187171 (1. <sup>º</sup> )

Vemos que son tamén os más comúns en toda Galicia, áinda en orde diferente. Case un tercio da poboación ten un deses cinco apelidos. Na nosa comarca merece comentario a frecuencia relativamente baixa de *Rodríguez*, apellido que noutras zonas galegas chega a duplicar ós outros catro que o superan en Deza. Esta baixa frecuencia de *Rodríguez* é especialmente significativa nos concellos do Arneiro (Rodeiro, Agolada, Vila de Cruces). *García*, que é o apellido máis común no conxunto do censo español, ocupa en Galicia o quinto lugar e en Deza o terceiro.

Os cinco son apelidos patronímicos. Tres deles, *Fernández*, *González* e *Rodríguez*, formáronse por medio de sufixo a partir de nomes masculinos que áinda teñen vixencia na actualidade, *Fernando*, *Gonzalo* e *Rodrigo*, os tres de orixe xermánica. *López* e *García* proceden (un con sufixo, outro sen el) dos nomes persoais *Lopo* e *García*, o primeiro emparentado co latín *LUPU* ‘lobo’; o segundo de orixe prerromana, se cadra relacionado co vasco (*h*)artz ‘oso’. Ambos foron relativamente comúns na época medieval como nomes de pía:

«eu Lopo *Fernandes de Desa*» (ano 1380, FDU, nº 247)

«*Garcia Vaasquez, fillo de Vaasco Rodriguez*» (ano 1287, OSR, nº 1199)

Estes cinco patronímicos son usuais como apellido desde a Idade Media, e atopámolos con diferentes grafías na documentación antiga en latín e en galego relativa á comarca de Deza:

«*Pelagius Gundesaluiz*» (ano 961, CARB, p. 253)

«*Petro Gartja*», «*Fáfila filio de Gartja*» (ano 1062, CARB, p. 263)

«*Munio Gundisaluiz*» (ano 1075, CARB, p. 269)

«*Sesnando Fernandizi*» (ano 1110, CARB, p. 281)

«*Urraka Lopiz*» (ano 1140, CARB, p. 20)

3. Téñase en conta que as cifras de frecuencias das columnas “Deza” e “Galicia” non se refiren á poboación absoluta, senón únicamente ós maiores de 18 anos, pois corresponden ó censo electoral.

- «*Maiori Fernandiz*» (ano 1140, CARB, p. 290)  
 «*Menendus Gundisaluiz*» (ano 1151, CARB, p. 298)  
 «*Flamula Fernandizi*», «*Fernandus Fernandizi*» (ano 1153, CARB, p. 299)  
 «*Iohannes Ruderici*» (ano 1218, CARB, p. 550)  
 «*meu hirmao Monio Fernandez en Serçeo [Cercio]*» (ano 1282, OSR, nº 1158)  
 «*Gomez García de Parayço [Pareizo]*» (ano 1297, OSR, nº 1258)  
 «*Michael Perez clericus de Catasoes [Catasós] (...) et Pay Lupez*» (ano 1258, OSR, nº 820)  
 «*Gonzalo Rodrigues de Ledesma (...) Johan García de Tuyriz*» (ano 1300, OSR, nº 1304)  
 «*Ares García de Canba*» (ano 1305, OSR, nº 1327)  
 «*Lopo Ares, notario jurado de Deçom [Dozón]*» (ano 1325, HGP, nº 130)  
 «*dom Vasco Fernandez abade de Sam Lourenço de Caruoeyro*» (ano 1333, HGP, nº 131)

*García* tamén ten presencia na toponimia da comarca nunha entidade de poboación no concello de Lalín que lembra o seu emprego como nome persoal (*García Sánchez*). A existencia deste topónimo obriga a non descarta-la posibilidade de que algúns apelidos *García* da zona teña orixe topográfica, alusiva a este lugar, e non propriamente patronímica.

A maior parte dos *Fernández*, *González*, *García*, *López* e *Rodríguez* da comarca de Deza, o mesmo ca outros apelidos locais, son orixinarios sen dúbida da mesma comarca, pero estes mesmos apelidos teñen como área de orixe unha extensa zona que abarca polo menos todo o cuarto noroccidental da península (no caso de *Fernández* unha área máis reducida, propiamente galego-portuguesa e asturiano-leonesa, xa que a forma castelá correspondente non conserva o F- inicial: *Hernández*).

A distribución destes apelidos separadamente nos seis concellos de Deza ofrece algunas variacións interesantes. Chama a atención a xa mencionada baixa frecuencia relativa de *Rodríguez* en Rodeiro, Agolada e Vila de Cruces. Nestes dous últimos tamén descende a frecuencia de *González*, que sen embargo é o apellido máis común nos dous concellos de maior poboación.

Apellido	DEZA	Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	V. Cruces
FERNÁNDEZ	1. <sup>º</sup>	266 (3. <sup>º</sup> )	438 (1. <sup>º</sup> )	1789 (2. <sup>º</sup> )	542 (1. <sup>º</sup> )	695 (2. <sup>º</sup> )	269 (3. <sup>º</sup> )
GONZÁLEZ	2. <sup>º</sup>	102 (1. <sup>º</sup> )	188 (3. <sup>º</sup> )	2175 (1. <sup>º</sup> )	284 (5. <sup>º</sup> )	709 (1. <sup>º</sup> )	203 (11. <sup>º</sup> )
GARCÍA	3. <sup>º</sup>	367 (1. <sup>º</sup> )	134 (6. <sup>º</sup> )	1519 (3. <sup>º</sup> )	504 (2. <sup>º</sup> )	669 (3. <sup>º</sup> )	464 (2. <sup>º</sup> )
LÓPEZ	4. <sup>º</sup>	191 (6. <sup>º</sup> )	161 (5. <sup>º</sup> )	925 (5. <sup>º</sup> )	195 (6. <sup>º</sup> )	483 (4. <sup>º</sup> )	466 (1. <sup>º</sup> )
RODRÍGUEZ	5. <sup>º</sup>	28 (48. <sup>º</sup> )	186 (2. <sup>º</sup> )	1175 (4. <sup>º</sup> )	10 (11. <sup>º</sup> )	322 (5. <sup>º</sup> )	227 (8. <sup>º</sup> )

Se considerámos os quince apelidos que figurán a continuación na lista ordenada de maior a menor frecuencia na comarca, xa apreciamos algunas diverxencias significativas respecto do conxunto de Galicia.

Orde	Apelido	DEZA	GALICIA
6. <sup>º</sup>	VÁZQUEZ	1664	80428 (8. <sup>º</sup> )
7. <sup>º</sup>	IGLESIAS	1576	41898 (12. <sup>º</sup> )
8. <sup>º</sup>	TABOADA	1298	6266 (72. <sup>º</sup> )
9. <sup>º</sup>	BLANCO	1175	34303 (15. <sup>º</sup> )
10. <sup>º</sup>	CASTRO	1119	45834 (11. <sup>º</sup> )
11. <sup>º</sup>	VARELA	1108	33045 (16. <sup>º</sup> )
12. <sup>º</sup>	OUTEIRO/OTERO	1103	32141 (17. <sup>º</sup> )
13. <sup>º</sup>	SÁNCHEZ	1033	34641 (14. <sup>º</sup> )
14. <sup>º</sup>	GÓMEZ	941	50523 (10. <sup>º</sup> )
15. <sup>º</sup>	DIÉGUEZ	906	5247 (87. <sup>º</sup> )
16. <sup>º</sup>	PÉREZ	730	97810 (6. <sup>º</sup> )
17. <sup>º</sup>	REY	721	27023 (20. <sup>º</sup> )
18. <sup>º</sup>	MÉNDEZ	559	16005 (26. <sup>º</sup> )
19. <sup>º</sup>	LOURENZO/LORENZO	527	21712 (22. <sup>º</sup> )
20. <sup>º</sup>	MONTOUTO/MONTOTO	525 (486+39)	894 (679+215) (526. <sup>º</sup> )

## OUTROS SETE PATRONÍMICOS

Cerca da metade destes apelidos (*Vázquez*, *Sánchez*, *Gómez*, *Diéguez*, *Pérez*, *Méndez* e *Lorenzo*) son tamén patronímicos.

*Vázquez* é un derivado por medio do sufijo *-ez* a partir do nome masculino medieval *Vasco*, o cal procede dun antigo nome hispánico *VELASCUS*, de orixe prerromana. Escúsase dicir que non ten relación co nome do País Vasco. Ó contrario do que sucede cos cinco patronímicos más frecuentes que vimos anteriormente, que son comúns a outras áreas penínsulares, do apelido *Vázquez* pode afirmarse que é exclusivamente galego polo que respecta á súa orixe. En Portugal, a forma correspondente (*Vasques*) é minoritaria fronte á solución común que presenta o patronímico sen sufijo (*Vasco*). Noutras áreas peninsulares os patronímicos correspondentes conservan o *-L-* intervocálico (*Velázquez*, *Blázquez*, *Velasco*, *Blasco*). Na documentación medieval rexístrase adoito este patronímico na comarca de Deza:

«*Johan Vaasques escudeyro*» (ano 1287, OSR, nº 1193)

«*Garçia Vaasquez, fillo de Vaasco Rodriguez*» (ano 1287, OSR, nº 1199)

O *-z* da primeira sílaba de *Vázquez* é resultado dunha contaminación co *-z* do sufijo. A grafía actual regularizouse no século XVIII (o Catastro do

Marqués de Ensenada xa rexistra sistematicamente *Vázquez*); pero en Hispanoamérica consérvanse variantes con outras grafías (*Vásquez*, *Básquez*, *Vasques*, etc.).

*Sánchez* é o patronímico con sufixo procedente do nome *Sancho*, emparentado co latín SANCTUS ‘santo’. Foi nome de uso común en Galicia e noutras áreas da Península na Idade Media, e o seu derivado patronímico é tamén un apelido moi estendido. Unha entidade da parroquia lalinense de Sello chamada *Vilasанcho*, que toma o nome do seu propietario fundador, testemuña o emprego deste nome na comarca na época medieval, e así o confirma a documentación antiga:

«*don Iohan Sanchez*» (ano 1273, OSR, nº 1039)

«*Pedro Gille, fillo de Gil Sanchez escudeyro de Pescoso*» (ano 1284, OSR, nº 1171)

«*Andreu Sanches de Gres, endeantado mayor en Galisa*» (ano 1357, VFD, nº 56)

«*Roy Sanches (...), arçidiago de Deça*» (ano 1451, FDU, nº 330)

*Gómez* procede dun nome masculino altomedieval GOMECIUS, probablemente de orixe xermánica. A súa terminación en *-ez* coincide co sufixo dos patronímicos, pero é propriamente un nome de pía. Como tal atopámolo na documentación antiga da zona polo menos ata o século XVI; logo perdeu uso e únicamente sobrevive como apelido:

«*Rodrigo Gomez de Deça*» (ano 1290, OSR, nº 1218)

«*Gomes da Torre (...) e Gomes d'Ansián [Anseán]*» (ano 1505, VFD, nº 115)

«*Gonçalvo Gomez*» (ano 1288, OSR, nº 1201)

«*Fernan Gomez de Pilono [Piloño]*» (ano 1390, FDU, nº 253)

*Diéguez* deriva de *Diego*, e este procede á súa vez de DIDACUS, nome hispánico de orixe controvertida (grecolatina, segundo algúns; prerromana, segundo outros). Deste mesmo nome existe outro patronímico, *Díaz* (con variantes como *Díez* ou *Diz*), procedente da forma do xenitivo DIDACI. Deste xeito, podemos dicir que *Diéguez* e *Díaz* son dúas evolucións diverxentes dun mesmo patronímico, a primeira de creación romance, a segunda más antiga ou más latinizante. *Díaz* ocupa o lugar décimo terceiro entre os apelidos más frecuentes de Galicia, e sen embargo a súa presencia na comarca de Deza é moito menos relevante; *Diéguez*, pola contra, é bastante infrecuente en Galicia, non sendo nalgunhas áreas concretas da xeografía, e unha dasas áreas é a nosa comarca. Na documentación medieval da zona rexistramos este apelido en diferentes formas:

«*Justu filio de Didacu*» (ano 1062, CARB, p. 263)

«*Michael Didaci prelatus de Alzame [Álceme]*» (ano 1255, OSR, nº 745)

«*Micahel Didaci de Alçame*» (ano 1270, OSR, nº 984)

«*Afonso Diegues*» (ano 1481, VFD, nº 92)

Pérez é derivado do nome *Pedro* ou a súa variante medieval *Pero* (procedentes do latín PETRUS) co sufijo patronímico *-ez*, e é común en Galicia e noutras áreas da península (a forma portuguesa común, en cambio, presenta alteración da vocal tónica: *Pires*). Tamén é frecuente na documentación medieval relativa á nosa comarca:

- «*Michael Perez clericus de Catasoes* [Catasós]» (ano 1258, OSR, nº 820)  
 «*Pero Perez de Negrellos clérigo*» (ano 1287, OSR, nº 1193)  
 «*Eu Fernan Perez, notario jurado en terra de Deça*» (ano 1297, OSR, nº 1258)

O mesmo que dixemos de Vázquez ó caracterizalo como apelido exclusivamente galego tamén podemos dicilo de Méndez, patronímico con sufijo derivado do nome masculino medieval *Mendo*. *Mendo* é o resultado galego de MENENDUS, o cal constituía un hipocorístico ou variante familiar do nome xermaníco HERMENEGILDUS (do mesmo xeito que, por exemplo, *Paco* ou *Farruco* son hipocorísticos de *Francisco*). O galego Méndez ten equivalencia no portugués *Mendes*. Noutras áreas peninsulares, en cambio, as formas correspondentes non perden o *-N-* intervocálico (*Menéndez*).

Na documentación medieval da zona tamén é común este apelido:

- «*Gundisaluu Menendiz*» (ano 1151, CARB, p. 298)  
 «*Potenzo Menindiz*» (ano 1062, CARB, p. 263)  
 «*conjugia mea Goto Menindiz*» (ano 1123, CARB, p. 287)  
 «*a vos Aras Meendez (...) de san Pedro d-Alpyriz* [Alperiz]» (ano 1297, OSR, nº 1258)  
 «*Afonso Meendez*» (ano 1505, VFD, nº 115)  
 «*I[oan] Meendes de Palio*» (ano 1532, FDU, nº 408)

*Lourenzo* é o patronímico sen sufijo do mesmo nome *Lourenzo*, que procede do latín LAURENTIUS, derivado de LAURUS ‘loureiro’. O santo correspondente é advocación de tres parroquias na comarca. Como nome de pía é común desde a época medieval

- «*sucesione Laurencii Pelaii [...] in sancto Laurencio de Villa Tuixe*» (ano 1272, OSR, nº 1003)  
 «*Laurencius Martini notarius de Dezum*» (ano 1277, OSR, nº 1117)  
 «*Laurencius Petri de Santisso*» (ano 1275, OSR, nº 1093)  
 «*Laurenço Martinz clérigo natural de Selio* [Sello]» (ano 1278, OSR, nº 1121)  
 «*Lourenço de Fontes*» (ano 1481, VFD1, nº 92)

E tamén como apelido patronímico:

- «*Fernandus Laurencii*» (ano 1256, OSR, nº 768)  
 «*Iohannes Laurencii*» (ano 1263, OSR, nº 903)  
 «*I[oan] Laurenço*» (ano 1268, OSR, nº 955)

- «*Fernandus Laurencii [...] de Canba*» (ano 1273, OSR, nº 1034)  
 «*Pedro Lourenzo*» (ano 1274, OSR, nº 1071)  
 «*Ffernandum Laurentii scriptorem*» (ano 1291, CARB, p. 570)  
 «*Roy Lourenço de Sello*» (Ano 1297, OSR, nº 1258)

Na fala perviviu a forma galega *Lourenzo*, pero na documentación escrita padeceu unha deturpación ou castelanización en *Lorenzo* en toda Galicia. Nos libros de bautismo parroquiais é posible rexistra-la pervivencia do nome escrito como *Lourenzo* nalgúns árees de Galicia ata o século XIX e máis raramente ata comezos do XX, pero a forma deturpada (que xa é a que por sistema rexistra o Catastro de Ensenada, no XVIII) acabou impoñéndose de xeito absoluto como a única forma escrita. Noutros apelidos que padeceiron deturpación, a proporción entre formas galegas e formas deturpadas na actualidade presenta diferentes magnitudes (*Vila/Villa, Montouto/Montoto, Souto/Soto, Vilanova/Villanueva...*), e en poucos casos se produciu unha substitución completa das formas tradicionais, como sucedeu con *Lourenzo*.

Unha ollada comparativa das frecuencias dos cinco apelidos máis comúns na comarca e no conxunto de Galicia xa permitía salientar algunas diverxencias, pero se considerámos vinte máis frecuentes xa atopamos diferencias maiores. Entre os patronímicos chama a atención especialmente a densidade de *Diéguez*. Mientras na maior parte de Galicia o resultado común do patronímico correspondente a *DÍDACUS* é *Díaz*, existen algunas áreas onde prevaleceu o resultado *Diéguez*, que se localizan na provincia de Ourense e no extremo sur da diocese de Lugo. A comarca de Deza (e en especial o concello de Rodeiro, como veremos) é sen dúbida un dos focos principais deste apelido, pois nela figurán case unha quinta parte dos *Diéguez* de Galicia (en tanto que a relación entre a poboación de Deza e Galicia é de aproximadamente 1/50).

Apellido	DEZA	Galicia	Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	V. Cruces
VÁZQUEZ	1664 (6.º)	80428 (6.º)	330 (2.º)	134 (7.º)	476 (10.º)	295 (4.º)	138 (16.º)	227 (8.º)
SANCHEZ	1033 (13.º)	34641 (14.º)	151 (7.º)	8 (75.º)	287 (17.º)	75 (19.º)	287 (9.º)	225 (9.º)
GÓMEZ	941 (14.º)	50523 (10.º)	33 (39.º)	16 (45.º)	430 (12.º)	49 (42.º)	239 (11.º)	174 (14.º)
DIEGUEZ	906 (15.º)	5247 (87.º)	132 (8.º)	29 (30.º)	193 (27.º)	460 (3.º)	66 (46.º)	26 (106.º)
PEREZ	730 (16.º)	97810 (6.º)	31 (40.º)	101 (9.º)	291 (19.º)	29 (65.º)	183 (13.º)	105 (24.º)
MENDEZ	559 (18.º)	16005 (26.º)	227 (5.º)	(—) <sup>4</sup>	155 (37.º)	26 (69.º)	55 (61.º)	90 (27.º)
LORENZO	527 (19.º)	21712 (22.º)	14 (85.º)	167 (4.º)	132 (47.º)	51 (39.º)	109 (21.º)	54 (56.º)

4. A base de datos que manexamos non rexistra os apelidos que ofrecen 5 ou menos ocorrencias. A omisión da cantidade relativa ó apellido *Méndez* en Dozón non significa necesariamente que non exista o apellido nese concello, senón que os adultos con dereito a voto no censo en 1996 non chegan a 6.

Obsérvase a maior densidade de *Diéguez* en Rodeiro e Agolada (principalmente no primeiro), a de *Vázquez* nos mesmos concellos, a de *Méndez* en Agolada e a de *Lo(u)renzo* e *Pérez* en Dozón. Este último apellido presenta na comarca índices más baixos cós do resto de Galicia.

Tamén é salientable a ausencia entre os más comúns de Deza de certos apelidos que figuran entre os más frecuentes de Galicia, como *Martínez* (7º en Galicia, 48º en Deza), *Álvarez* (9º / 67º), *Domínguez* (19º / 209º) e *Díaz* (13º / 80º). A baixa frecuencia deste último en Deza ten relación, como vimos, coa presencia da solución alternativa, que é *Diéguez*.

## OS TOPONÍMICOS

Os apelidos topónimicos proceden en xeral de nomes de núcleos de poboación ou de nomes de parroquias e antigas xurisdiccionés. Desde a súa orixe medieval, os apelidos topónimicos ían polo regular precedidos de preposición (*Lopo de Castro*, *Fernando Páez de Outeiro*, *Gómez de Taboada*, *Afonso Pérez de Montouto*), caracterizando á persoa que os levaba como natural ou orixinaria do lugar indicado polo topónimo que se emprega como apellido. Na medida en que un nome de lugar é más insólito, más facilmente podemos localiza-la orixe concreta do apellido formado a partir del, e se un apellido procede do nome dun lugar que non ten paralelo no resto da xeografía, estamos en condicións de identifica-lo sitio preciso en que se orixinou. Os apelidos que recoñecemos como xenuína e exclusivamente dezaos son topónimicos, e derivan de nomes de lugares que só existen na comarca. Unha ollada ó conxunto da onomástica dos seis concellos de Deza (algo máis de 600 apelidos diferentes, considerando as matizadas expostas na nota 3) permite advertir varias decenas de apelidos que teñen ese carácter exclusivo (*Carmoega*, *Carballude*, *Deza*, *Donsión*, *Palmou*, *Zobra*, etc.), pero a súa frecuencia é escasa. Ímonos ocupar aquí dos que figuran entre os mencionados vinte apelidos más abundantes en Deza. Teñen orixe topónimica catro: *Taboada*, *Castro*, *Outeiro* e *Montoto*. Merece atención a comparación co conxunto de Galicia no que se refire á densidade de cada apellido:

Orde	Apellido	DEZA	GALICIA
8.º	TABOADA	1298	6266 (72.º)
10.º	CASTRO	1119	45834 (11.º)
12.º	OUTEIRO/OTERO	1103	32141 (17.º)
20.º	MONTOUTO/MONTOTO	525 (486+39)	894 (679+215) (526.º)

Dos catro, o máis frecuente en toda Galicia é *Castro*. É ben coñecido o significado orixinario desta palabra, que alude a un característico modo de asen-

tamento da poboación de raíz prehistórica. O Nomenclátor recolle varios centos de localidades denominadas *Castro* ou *O Castro* en todo o territorio (ademas de innumerables topónimos menores actuais, que no seu día foron núcleos habitados). De cada un deses lugares puido formarse un apelido toponímico, de xeito que debemos sinalar para *Castro* unha orixe múltiple ou dispersa, espallada por todo o territorio. Aínda que se trata dun apelido eminentemente galego, o topónimo (e consecuentemente os apelidos derivados del) esténdese tamén por Asturias e Cantabria, aínda que con moita menor densidade ca en Galicia.

Como sucede cos outros apelidos toponímicos, orixinariamente empregábase precedido de preposición (*de Castro / do Castro*). Tras un período de vacilacións<sup>5</sup>, a preposición tendeu polo regular a perderse definitivamente no século XIX, aínda que algúns apelidos aínda a conservan (en ocasións aglutinada ou soldada co topónimo, como en *Dopazo, Dobarro, Docampo, Dafonte*, etc.).

O apelido *Castro* presenta a seguinte distribución nos concellos da comarca:

Agolada	127 (10.º)
Dozón	64 (12.º)
Lalín	469 (11.º)
Rodeiro	23 (76.º)
Vila de Cruces	253 (5.º)
Silleda	183 (14.º)

No Nomenclátor figuran 16 entidades de poboación chamadas *Castro* ou *O Castro*, ademas de dúas parroquias nos concellos de Lalín (*Castro de Cabras*) e Silleda (*O Castro*). Distribúense do seguinte xeito: 5 en Agolada (nas parroquias da Baña, Borraxeiros, Brántega, Santa Comba e Val de Sangorza); 1 en Dozón (*O Castro*, a capital do concello); 5 en Lalín (nas parr. de Anzo, Bendoiro, Castro de Cabras, Lodeiro e Méixome); 3 en Silleda (en Breixa, O Castro e Manduas) e 2 nas Cruces (en Besexos e Cumeiro). Cada un deles constitúe un probable foco orixinario do apelido *Castro* na comarca. A ausencia do topónimo (polo menos como nome de entidade de poboación) en Rodeiro concorda coa relativa infrecuencia do apelido nese concello. O emprego deste apelido toponímico na zona rexístrase desde a Idade Media:

«*Petrus Petri de Castro Caprarum*» (ano 1245, OSR, nº 567)

«*Michael de Castro*» (ano 1245, OSR, nº 563)

«*Lopo de Castro, fillo de Ruy [...] clérigo, morador en terra de Borraxeiros*» (ano 1442, FDU, 322bis)

«*Pelagius Petri de Castro*» (ano 1257, OSR, nº 799)

*Outeiro / Otero* é outro dos apelidos toponímicos más comúns en Galicia e atopámolo por todo o territorio. Corresponde ó latín ALTARIU, derivado do

5. Pénsese, por exemplo, no nome de *Rosalía Castro / Rosalía de Castro*.

adxectivo ALTUS, e o seu significado orixinario alude a elevacións no terreo. Igual que sucedeu con outros apelidos, foi obxecto de deturpación castelanizante. No Catastro de Ensenada, no século XVIII, rexístrase este apelido en Galicia en proporción case equilibrada coas formas *Outeiro* e *Otero*; no século XIX avanzou considerablemente a deturpación para consolidarse no século XX. Aínda que non se chegou á desaparición da forma tradicional, como vimos que sucedeu con *Lourenzo*, as proporcións de *Otero* e *Outeiro* no censo de Galicia (32141 *Otero* / 230 *Outeiro*) resultan elocuentes. Con todo, en moitos deses casos a forma lexítima galega perviviu na fala, de xeito que moitas familias ainda son coñecidas como “de Outeiro” ou “do Outeiro” mentres que a forma legal escrita do seu apelido é a forma deturpada *Otero*.

O Nomenclátor recolle 25 entidades de poboación denominados *Outeiro* en toda a comarca: 3 en Agolada, 8 en Lalín, 2 en Rodeiro, 8 en Silleda, 4 nas Cruces. Todos estes topónimos puideron dar orixe a apelidos topónimicos. As proporcións de apelidos nos distintos concellos gardan correspondencia coa abundancia do topónimo correspondente nos mesmos, aínda que debemos considerar que en ocasións o topónimo que dá lugar ó apelido é unha parte dunha aldea e non constitúe propiamente unha entidade de poboación independente, polo que non figura no Nomenclátor oficial. A distribución por concellos do apelido *Otero/Outeiro* en Deza é a seguinte:

Galicia	Deza	Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	V. Cruces
32371 (17.º)	1103 (12.º)	88 (17.º)	32 (25.º)	430 (13.º)	61 (28.º)	292 (8.º)	200 (11.º)

Rexistrámo-lo seu uso na zona desde a época medieval:

- «*Iohannes Fernandi de Outeyro*» (ano 1254, OSR, nº 716)
- «*Martinus lohannis de Outeyro*» (ano 1258, OSR, nº 810)
- «*Petro Petri d-Outeiro*» (ano 1262, OSR, nº 894)
- «*Aras Perez de Outeyro*» (ano 1274, OSR, nº 1053)
- «*Domingo Martinez d-Outeyro*» (ano 1274, OSR, nº 1054)
- «*Fernan Fernandez do Outeiru*» (ano 1283, OSR, nº 1164)
- «*Joan Domingez d-Outeiro*» (ano 1286, OSR, nº 1182)
- «*Martin Perez d-Outeyro*» (ano 1286, OSR, nº 1184)
- «*Fernando Paez d-Outeyro*» (ano 1290, OSR, nº 1214)
- «*Johan Domingez d-Outeyro*» (ano 1291, OSR, nº 1224)
- «*Johan Martinez d-Outeyro de Riadigos*» (ano 1297, OSR, nº 1256)

A orixe deste apelido non se limita á xeografía galega, pois a forma correspondente castelá (*Otero*) tamén ten uso como nome de lugar noutras áreas do cuarto noroccidental da Península. A masiva deturpación castelanizante de *Outeiro* en *Otero* impide calcula-la proporción que ocupan os apelidos orixinarios de Galicia dentro do conxunto dos *Otero* da onomástica hispánica (penin-

sular e americana), aínda que a alta densidade relativa do apellido no noso país fai sospeitar unha elevada proporción.

Tanto de *Taboada* coma de *Montouto/Montoto* si que podemos afirmar que son apelidos exclusivamente galegos. O Nomenclátor recolle 8 localidades chamadas *Taboada* en Galicia, nos concellos de Carballo, Cesuras, Ferrol, Monfero e O Pino na provincia da Coruña, no de Taboada, en Lugo e nos de Silleda e Vila de Cruces en Pontevedra. En dous deles (Monfero e Silleda) é tamén nome de parroquia; e no lugués, ademais de ser nome de parroquia (*Taboada dos Freires*), éo tamén do concello. Esta distribución xeográfica do topónimo permite trazar sobre o mapa de Galicia algunas áreas correspondentes a outros tantos posibles focos orixinarios do apellido topónimico. O máis importante desde o punto de vista da formación do apellido localízase en Deza, como veremos.

*Taboada* é o resultado galego do latín TABULATA, derivado de TABULA ‘mesa’. Ten paralelo na toponimia castelá: *Tablada* (Burgos), *Tabladillo* (Segovia), *Valtablado* (Cuenca e Guadalajara), etc., e alude probablemente á disposición do terreo, aínda que como adjetivo aplicado a unha *ponte* (PONTE TABULATA) puido referirse ó material da súa construcción primitiva (de táboas de madeira, do mesmo xeito que o ferro ou a pedra están presentes en nomes paralelos como PONTE FERRATA > *Ponferrada*, PONTE PETRINEA > *Pontepedriña*, etc.). Unha forma diminutiva *Taboadela* (do lat. TABULATELLA) dá nome na provincia de Ourense a tres lugares, unha parroquia e un concello.

Na actualidade o apellido atópase relativamente estendido por toda Galicia e, levado por galegos, noutras áreas peninsulares e hispanoamericanas. Para facérmonos unha idea da súa distribución, sinalamos nun cadro os concellos galegos onde o censo rexistra máis de 50 ocorrencias do apellido *Taboada*<sup>6</sup>. As cantidades resultan más significativas se temos en conta a poboación absoluta de cada concello:

CONCELLO	
A Coruña	369
Ferrol	83
Santiago	305
Arzúa	91
Boimorto	75
Santiso	65
Lugo	95
Chantada	110
Palas de Rei	56
O Saviñao	54

CONCELLO	
Lalín	782
Silleda	241
Vila de Cruces	144
O Irixo	127
A Estrada	86
Forcarei	63
Ourense	231
Pontevedra	163
Vigo	322

6. Computamos neste caso unicamente os apelidos de persoas nacidas no mesmo concello en que foron censadas, para evitar no posible os efectos numéricos da emigración ás ciudades nas últimas xeracións.

Se deixamos de lado os datos dos concellos correspondentes ás cidades, que son destino de emigracións, advertimos dous áreas de maior densidade do apellido na Galicia central. Unha arredor do actual concello lugrés de Taboada e os concellos limítrofes (Chantada, O Saviñao...), outra nos concellos da comarca de Deza e os colindantes (A Estrada, Forcarei, O Irixo). É significativa igualmente a densidade do apellido na parte suroriental da Coruña (Boimorto, Arzúa, Santiso), nunha área que tamén estrema –Ulla por medio– con Vila de Cruces e Agolada. Esta distribución concorda *grosso modo* coa localización dos topónimos *Taboada* vistos anteriormente, que nos obrigan a considerar outro probable foco orixinario do apellido no norte da provincia da Coruña.

Aínda que non se trata dun apellido exclusivo de Deza, podemos afirmar que a maior parte dos *Taboada* de Galicia e do mundo proceden de aquí. Na actualidade, a densidade do apellido *Taboada* en Deza é 10 veces superior ó do conxunto de Galicia, e un de cada cinco galegos que teñen ese apellido reside na nosa comarca. Na distribución por concellos, resulta evidente a maior densidade de que presenta en Lalín, Silleda e Vila de Cruces:

Galicia	Deza	Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	V. Cruces
6266 (72.º)	1298 (8.º)	30 (45.º)	12 (54.º)	812 (7.º)	23 (78.º)	268 (10.º)	150 (16.º)

Descoñecemos que proporción dos *Taboada* da comarca deben o seu apellido ó nome do lugar de Taboada, parroquia de Piloño, en Vila de Cruces. O foco principal, sen embargo, ha de corresponder á actual parroquia de Taboada (Santiago), en Silleda, na estrema entre este concello e o de Lalín, en torno á antiga Ponte Taboada sobre o Deza. O lugar en que a principal vía de comunicación da comarca cruzaba o río principal proclama neste apellido o seu carácter de enclave histórico. Na documentación medieval rexístrase con frecuencia o nome da parroquia de Taboada e da ponte sobre o Deza:

«*in termino de Deza [...] in parrochia Sancti Iacobi de Tabulata*» (ano 1231, OSR, nº 340)

«*quantum habeo a Ponte Tabulate*» (ano 1257, OSR, nº 790)

E tamén o emprego deste nome como apellido toponímico:

«*Terasia Lupi, filia Lupi Petri de Tabulata*» (ano 1245, OSR, nº 558)

«*Iohannes Iohannis de Tabulata*» (ano 1248, OSR, nº 607)

«*Arias Lupi de Tavoada*» (ano 1252, OSR, nº 687)

«*domnus Menendus Velasci de Decia, domnus Arias Petri de Tabulata, dominus Rodericus Petri de Borrageiros*» (ano 1255, OSR, nº 742)

«*ego domna Marina Egidii de Tabulata*» (ano 1272, OSR, nº 1015)

«*Lopo Martin de Tavoada cavaleyro*» (ano 1276, OSR, nº 1110)

«*eu dom Arias Perez de Tavoada*» (ano 1279, OSR, nº 1139)

«*Gomez de Taboada*» (ano 1433, HGP, nº 79)

O cuarto dos apelidos topónimicos considerados neste grupo é *Montouto*, que procede dun nome de lugar que contén o resultado galego do latín MONTE ALTU. O Nomenclátor de Galicia recolle 3 parroquias e 15 lugares denominados *Montouto*, localizados todos nas provincias da Coruña e Lugo, non sendo o lugar de *Montouto*, na parroquia lalinense de Losón, entre o monte do Carrio e o curso de Deza. Calquera destes lugares puido ter dado orixe ó apellido correspondente, pero tamén neste caso o topónimo da comarca de Deza é o principal foco do apellido. A forma maioritaria presenta a deturpación *Montoto*, que “castelaniza” o nome reducindo o ditongo galego, coma en *Lourenzo / Lorenzo*).

No censo, a presencia deste apellido nos concellos que rexistran 10 ou máis ocorrencias da forma *Montoto* ofrece a seguinte distribución:

CONCELLO	
Lalín	323
V. de Cruces	87
Silleda	63
Vigo	47
Santiago	33

CONCELLO	
A Coruña	33
Pontevedra	29
Ourense	17
Agolada	13
A Estrada	11

A localización da maior densidade do apellido nos concellos de Lalín, Vila de Cruces e Silleda permite afirmar que o lugar de *Montouto* en Deza constitúe o principal foco orixinario do apellido. Vémolo confirmado se atendemos á orixe dos individuos censados en concello distinto ó do seu nacemento, pois observamos que dos 47 censados en Vigo, a totalidade procede da nosa comarca (34 de Lalín, 13 de Vila de Cruces); dos 33 da Coruña, 10 proceden de Lalín; dos 33 de Santiago, 12 naceron en Lalín e 10 en Vila de Cruces; dos 29 de Pontevedra, 19 naceron en Lalín.

A forma non deturpada, *Montouto*, presenta a seguinte distribución por concellos:

CONCELLO	
Lugo	63
Silleda	28
Ferrol	28
Muras	14
Lalín	11

CONCELLO	
Mondoñedo	10
Vigo	9
Castro de Rei	8
Friol	6

Obsérvase un foco no norte das provincia de Lugo, que seguramente non ha de ter relación co topónimo de Deza senón que deriva dos diferentes lugares chamados *Montouto* desa área (2 no concello de Guntín, 1 no de Ourol, 1 na Pastoriza, 1 na Fonsagrada, 1 en Baleira). Estes mesmos topónimos, xunto cos coruñeses de Melide, Curtis, Aranga e Mesía, poden explicar tamén os apelidos

*Montouto* de Ferrol. Os rexistrados en Silleda e Lalín son seguramente formas orixinarias do *Montouto* da nosa comarca que resistiron sen deturpar.

Comparando a súa presencia en Deza e en Galicia observamos que máis da metade destes apelidos se localiza en Deza:

	Galicia	Deza
<i>Montoto</i>	679	486
<i>Montouto</i>	215	39

O lugar de *Montouto* de Lalín figura como “Montem altum” nun documento do século X<sup>7</sup>. A documentación máis antiga que rexistramos deste apellido data dos séculos XIII e XIV, aínda que posiblemente non pertence ó foco dezao, pois localízase en Lugo:

«*Pedro Muntouto*» (ano 1258, HGP, nº 21)

«*Aras Afonso, fillo de Afonso Perez de Montouto*» (ano 1306, HGP, nº 31)

A deturpación castelanizante debe de ser recente, e afectou ó noso en maior medida ca ós *Montouto* procedentes doutras áreas. O mesmo sucede con outros apelidos da nosa zona; así, *Souto*, igualmente toponímico, ten unha forma deturpada *Soto* que alcanza en Deza proporcións superiores ás doutras áreas. Sumados os *Souto* (364) e os *Soto* (287) de Deza, este apellido pasa a converterse no décimo oitavo máis común da comarca, superando a *Méndez*, *Lorenzo/Lourenzo* e *Montoto/Montouto*. Ocuparémonos noutra ocasión deste apellido, espallado por toda Galicia pero que ten en Deza especial densidade.

## SOBRENOMES

Consideramos no grupo dos sobrenomes ós catro apelidos restantes que completan os vinte más comúns na comarca. Son *Iglesias*, *Blanco*, *Varela* e *Rey*.

*Iglesias* non é un apellido propriamente tradicional, senón de orixe administrativa. En diferentes épocas históricas empregáronse determinadas fórmulas onomásticas para imponer apellido no momento do bautismo ou do rexistro en circunstancias particulares, como por exemplo os cambios de nome nos conversos ou os frecuentes casos de filiación descoñecida. Con esa función usáronse apelidos como *Santos* ou *dos Santos*, *Rei* e outros. En Galicia, unha des-

7. Doazón de Donsión, Filgueira e outros lugares de Deza ó mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares, traslado do século XVIII transscrito por Buenaventura Cañizares, *El museo de Pontevedra*, T. III, Pontevedra, 1944, pp. 224-229.

tas fórmulas, empregada entre os séculos XVI-XVIII (e desde o XIX substituída por *Iglesias*) foi “*da Iglesia*”, que viña confluír cos apelidos topónimos relativos a lugares chamados *A Igrexa*, *A Eirexa*, *Eirexe*, etc., que se contan por centos na xeografía galega. Ata o século XVIII, o lugar que ocupa na actualidade o apellido *Iglesias* estaba representado pola forma do singular, que atopamos no Catastro de Ensenada escrita como *da Yglesia*, *Yglesia* ou *de la Yglesia*<sup>8</sup>. *Se ben antes do XIX xa rexistramos algúun exemplo do apellido coa forma do plural, foi sobre todo nese século cando medrou extraordinariamente o seu emprego, ata converterse nun dos apelidos máis comúns, distribuído por todo o territorio. Fóra de Galicia é pouco frecuente, polo que podemos afirmar que a nosa comunidade é o principal foco orixinario deste apellido. A densidade que presenta en Deza Iglesias é case o dobre da correspondente a Galicia enteira:*

Galicia	Deza	Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	V. Cruces
41898 (12.º)	1576 (7.º)	94 (15.º)	31 (26.º)	832 (6.º)	17 (86.º)	303 (6.º)	253 (6.º)

*Blanco* foi en orixe un alcume relativo a características físicas dun individuo, igual ca outros que aluden á cor da pel ou do pelo (*Moreno*, *Rubio*, *Cao*, etc.). Ten correspondencia en tódolos idiomas, e referíase á palidez da pel do individuo a quen se aplicaba. Coma outros apelidos procedentes de alcumes, tiña forma masculina e feminina (*Afonso Branco*, *Mariña Branca*), ata que no século XVIII acabou por empregarse exclusivamente a forma masculina como apellido. En Galicia alternan as grafías *Branco* e *Blanco* na documentación medieval, con preferencia da primeira, pero finalmente impúxose a segunda, favorecida pola coincidencia co castelán.

«*Vasco Branco e Diego Sanches regidores desta cibdad dOurens*» (ano 1319, BCMO, T3, Ourense)

«*Afonso Branco, carniçeyro*» (ano 1439, VFD1, nº 74)

«*Pedro Vazquez de Puga o Branco*» (ano 1430, BCM, T1, p. 308)

A orixe do apellido *Varela* resulta controvertida. É sen dúvida un apellido exclusivamente galego, e atópase estendido por toda Galicia e, levado por galegos, no resto da Península e en América. No Nomenclátor de Galicia figurán catro localidades chamadas *Varela* nos concellos de Coristanco, Lalín (en Vilatuxe), Pantón e Vilalba, ademais dunha parroquia *As Varelas* (San Martiño)

8. O emprego de unhas ou outras formas no censo do Catastro de Ensenada responde ós criterios individuais do funcionario encargado de cada rexistro, polo que non debemos entender como reflexo fiel da realidade oral o feito de que no censo de Santiago figure sistematicamente “*da Yglesia*”, na Coruña alternando “*da Yglesia*”, “*Yglesia*” e “*de la Yglesia*” e no de Tui sempre “*de la Yglesia*”.

en Melide. Outros dous lugares incluídos no nomenclátor, denominados *O Mesón de Varela* (en Mesía) e *A Volta de Varela* (en Portomarín), deberon de toma-lo seu nome do apellido e non ó contrario. Como nome de lugar, *Varela* corresponde nos máis dos casos a un diminutivo en *-ela* do común *Val* (con xénero feminino, que é o que presentan os topónimos antigos formados do latín *VALLIS*, como en *Valboa*, *Valiña*, etc.), no que se produciu unha disimilación de *\*Valela* en *Varela*. A pesar da existencia destes topónimos, sen embargo, resulta difícil aceptar para o apellido *Varela* unha orixe exclusivamente toponímica. Desde a época medieval xa o documentamos praticamente difundido por toda a xeografía galega:

- «*Pelagio Varela*» (ano 1223, OSR, nº 237)
- «*lohan Varela*» (ano 1272, OSR, nº 1010)
- «*Johan Varela*» (ano 1319, BCMO, T3, p. 95)
- «*frey Johán Barela, prior de Ribeyra*» (ano 1454, VFD, nº 80)
- «*Meen Varela*» (ano 1482, Oro77, nº 11)
- «*Afonso das Varelas*» (ano 1520, VFD1, nº 124)

De todos estes casos, só o último é un apellido toponímico, referido á mencionada parroquia de Melide. Nos outros, sen embargo, a ausencia de preposición obriga a rexeita-la hipótese toponímica e a consideralo un alcume ou sobrenome. Se constitúe un derivado diminutivo do substantivo común *vara*, como opinan algúns especialistas<sup>9</sup>, o seu significado orixinario pudo conter en orixe unha alusión á complexión física do individuo, cun significado próximo ó do adjetivo *delgado*, empregado como alcume que acabou conservándose como apellido. A densidade de *Varela* en Deza é só un pouco superior á que presenta en toda Galicia.

Galicia	Deza	Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	V. Cruces
33045 (16.º)	1108 (11.º)	249 (4.º)	45 (18.º)	478 (9.º)	62 (27.º)	122 (24.º)	157 (15.º)

*Rey (Rei)* procede do latín *REGE*, e foi empregado como sobrenome ou alcume desde a época medieval en todo o norte peninsular, desde onde se estendeu por outras áreas. Aínda que tamén se aplicou a xente de estirpe rexia ou a servidores do rei (lémbrese que as levas de soldados ou o servicio militar tamén se designaban co eufemismo de “servir ó rei”), a razón da súa abundante presencia na onomástica deriva principalmente do seu uso como sobrenome alusivo á condición de “home do rei”, que no antigo réxime se aplicaba a quen non

9. Esa é a explicación etimolóxica que defende D. Kremer en “Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischen Cognomina”, III, 145, n. 285, en *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte*, 10, Heidelberg, 1973.

estaba sometido a señorío, xa fose laico ou eclesiástico, dun xeito semellante a algunhas vilas que levan no seu nome (*Palas de Rei*, *Outeiro de Rei...*) a alusión á súa condición de *reguengas*. Como *Iglesias* e outros, tamén foi empregado como apelido administrativo, aplicado a conversos, bautizados de filiación descoñecida e casos semellantes. En Galicia, a grafía con y grego, que é a usual no apellido, non debe considerarse simplemente castelanismo, pois tamén se rexistra no galego antigo («*Pero Rey do Amenal*», ano 1315, FDU, nº 30), cando era común representar como ey ese ditongo decrecente, igual ca nos *Outeyro* vistos máis arriba e outros apelidos galegos como *Neira* ou *Ribeiro*, por exemplo, dos que se conservan variantes gráficas (sobre todo en hispanoamérica) con grafías arcaizantes: *Neyra*, *Ribeyro*.

## ROBERTO BLANCO TORRES, UN EPÍGONO DOS CRESPO DE DONRAMIRO

Martín Fernández  
Delegado do Grupo Voz

A Academia Galega acordou adicar o Día das Letras Galegas iste ano de 1999 a Roberto Blanco Torres, xornalista, poeta e ensaista de grande sona e moito prestixio na Segunda República, que era oriundo de Lalín, da familia dos Crespo de Donramiro, concretamente. Os Crespo dominaron dende a alcaldía, as Cortes ou a Diputación boa parte da vida política local na segunda metade do século pasado e no primeiro cuarto deste.

O insobornable compromiso de Blanco Torres coa súa terra e o seu tempo, a súa tolerancia, cultura, intelixencia, sentido cívico e capacidade crítica non foron ben vistas polos abandeirados do *¡abajo la inteligencia, viva la muerte!* no 1936 e segaron, en plena madurez, a intensa vida de quen chegara a ser redactor-xefe do europeísta, culto e progresista xornal *Galicia*, de Paz Andrade.

O fatídico *paseo* dos falanxistas foi o primeiro paso do muro de silencio que a Dictadura levantou en torno á vida e á obra de Roberto Blanco Torres. Nin o seu libro poético *Orballo da media noite*, nin o ensaio *De esto y lo otro*, nin os seus innumerables traballos xornalísticos tiveron eco, difusión ou reedición algunha. Unha pesada lousa de silencio e de ruina caeu enriba del perante a longa e fría noite de pedra.

O lume da súa memoria só foi gardado, con admirable tenacidade e valentía, polo seu sobriño Mario Blanco Fuentes, abogado e ex-alcalde de A Estrada, o profesor Xesús Alonso Montero, e, noutra medida, a asociación O Meigallo,

de Cuntis, localidade natal do escritor. A Academia Galega veu agora a reparar unha dobreinxustiza histórica: coa figura de Blanco Torres e, tamén, en certo xeito, con toda una xeración de intelectuais e xornalistas de preguerra.

## LALÍN, UNHA DAS PATRIAS


Pero ¿quén, de onde era Roberto Blanco Torres?. Se concordamos con Rilke que a única patria do home é a súa infancia, el era de Cuntis, o máis novo dos oito fillos de Pedro Blanco Crespo, secretario do xulgado, e de Carmen Torres Fuentes, mestra. Se, con Cristóbal Colón, creemos que a patria está onde está o corazón, sería do lugar de Amido, en A Peroxa, a localidade ourensán da súa dona, Xulia Sánchez Novoa, onde coñeceu días de acougo e amor hospitalario e compañeiro. E se seguimos a reflexión de Séneca de que ninguen ama a súa patria porque é grande senón porque é a súa, entón Roberto Blanco era galego, un galego que amaba a súa terra ó xeito machadiano: “*los que os hablan de España como una entidad a la que hay que defender a toda costa, esos para los que ocultar los vicios y defectos es un deber, podrán ser llamados buenos patriotas, en ningún caso buenos españoles: buen español es aquel que critica sus defectos con ánimo y como medio de mejorar*”.

Quizais a máis acertada resposta á pregunta formulada estea na voz de dous poetas ben distintos, Novoneira e Borges. Di o autor de *Os Eidos* que a patria é o máis sagrado porque está habitada polos mortos; e o xenial arxentino que a patria non é a terra, senón os homes que a terra nutre, os homes que perviven nun. Se así é, Blanco Torres é de Lalín, continuador dunha saga, os Crespo de Donramiro, con fonda trascendencia e vocación política, cívica e social.

## OS CRESPO DE A XESTA, ABOGADOS, REALISTAS, FIDALGOS...

O pai de Roberto Blanco Torres era Pedro Blanco Crespo, fillo natural de José Crespo Villar, o político que dominou a comarca o segundo tercio do século XIX, e dunha criada del chamada María Blanco. José Crespo Villar nacera en A Xesta no 1808. Era fillo de Domingo Crespo Ruibal, de A Xesta, e de Josefa Villar, de Donramiro.

Seu pai, Domingo, era abogado. Así o atestigua un memorial autógrafo do ano de 1814, de Ramón Antonio Varela y Montoto. Do memorial dá conta o medievalista Antonio García Conde e do seu autor, como un importante creador teatral galego da primeira metade do século, os estudiosos da literatura galega Carré Alvarellos e Carballo Calero. No citado documento de memoria infórmanse –con diversas declaracions e respostas a dez preguntas ante o xuíz de Lalín,



O palacete dos Crespo en Donramiro.

José Calvo Ulloa, o escribano, Carlos Gil, e o procurador síndico general, José Antonio do Campo, na Torre-Fortaleza de Lalín, Casa de Audiencia— dos atropellos realizados polos invasores franceses ó seu paso por Deza: “*el primer testigo es D. Domingo Antonio Crespo Ruibal, abogado, vecino de Lalín; declara a la 5.<sup>a</sup> que era notorio que los franceses al pasar por Lalín robaron a ...*”.

A familia do gran político e cacique lalinense era fidalga e tivo unha participación política de tipo conservador. Un irmán de seu pai Domingo e, xa que logo, tío seu, chamado José Crespo Ruibal, era tamén abogado e pertenceu ós Realistas (absolutistas) que combatiron en Deza ós Liberais entre 1820 e 1823 coa partida dos Voluntarios Realistas da que dá conta o historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández no seu libro *Liberales y absolutistas en Galicia*, Xerais, Vigo, 1982. A tal partida estaba formada por Andrés Arias, Feás –un diputado en Madrid da Junta Apostólica de Galicia–, polos abogados José Crespo Ruibal e José Costa Varela, de Lalín, e polo fidalgo e literato xa citado, Ramón Antonio Varela y Montoto, entre outros.

## A UNIÓN LIBERAL E O GRAN VALEDOR DE LALÍN

A vocación política e social do homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, Roberto Blanco Torres, víñalle nos xenes. Seu avó, José Crespo

Villar –anque avó *ilexítimo*, como se dixo– tivo unha relevancia política de primeiro orde en Lalín no segundo tercio do século XIX.

Rematada a guerra civil entre carlistas e isabélinos, en Lalín, coma en todo o país, formaronse dous bandos: nos moderados, capitaneados por Narváez, militaban José Crespo Villar e outros –dos que da conta Francisco Vilariño na súa *Reseña Histórica do Condado de Deza*, en edición crítica de Armando Vázquez– e nos progresistas de Espartero, Ramón Somoza e Antonio Taboada, entre outros. Ó pouco tempo o xeneral O'Donnell constitueu un partido de centro, a Unión Liberal, que abanderou en Lalín José Crespo Villar co apoio de Antonio Taboada, Carlos Moure, José Taboada Pardiñas, José González Valiñas e outros, como informa Vilariño, testigo presencial daqueles días.

Dende esta plataforma política, Crespo Villar dominou a vida política local como alcalde –coa soa excepción da paréntese progresista de Espartero 1854-56–, dende os anos trinta ata 1866 “desde entonces hasta 1866 fue dueño el señor Crespo de los destinos públicos de Lalín”. Quen así fala é o citado mestre Vilariño, grande admirador seu, na súa *Reseña* escrita entre 1880 e 1904: “José Crespo Villar adquirió en Lalín merecida popularidad por su amable trato y noble desinterés, prestando al público grandes servicios. Los primeros pasos del desenvolvimiento progresista del pueblo de Lalín a él se deben, y quisiera que otros siguiesen igual camino”.

Moderados e progresistas únironse varias veces para tentar de derrotar a Crespo Villar e acabar co seu arraigado dominio na comarca. Pero foi en vano. A tal punto que a musa popular acuñou un dito para subliñar a súa hexemonía: “Un solo Dios en el cielo y en Lalín un Crespo sólo”.



Retrato de Roberto Blanco.

Crespo Villar foi abogado, diputado en Cortes e xuíz de primeira instancia. Na súa etapa de alcalde lalinense conquireu para o concello –según o relato do mestre-historiador testigo daqueles días– o Xulgado de Primeira Instancia, a estrada de Santiago a Ourense, a de Lalín ó seu feudo de Donramiro, moitos camiños veciñais, e a creación de escolas en A Xesta, Gresande, Anzo, Prado, Cercio, Muimenta, Maceira, Catasós, Bendoiro e Lalín cun custo total de 2.360 reais. O alcalde Crespo *“fue condecorado con la Cruz de Isabel la Católica, libre de gastos”*, relata Vilariño.

Claro que a súa xestión pública tivo tamén un lado de sombra. No seu tempo –en 1846– destruéuse a Torre de Lalín, de orixe medieval. E, como bó cacique, coidaba o seu feudo: no 1848 levou a feira de Lalín para o campo de Montserrat, en Donramiro, e tentou asentar alí a capitalidade do partido xudicial pois Donramiro contaba coa única botica que había, dous abogados –Butrón e Ludeiro– dous escribanos, Araúxo e González, dous procuradores, Salgado e Soto, e ata un casino.

## FILLOS LEXÍTIMOS E NATURAIS

Xosé Crespo Villar (1808-1881) tiña dous irmáns cregos. Un, Vicente, foi párroco de Troáns (Cuntis) e, como veremos, gran valedor do pai do escritor homenaxeado no Día das Letras este ano. O outro, Ramón Crespo Villar, era párroco de Santiago de Cercio (Lalín).

Xosé Crespo Villar tivo seis fillos coa súa dona, unha veciña de Cercio, Bernarda Pampín Mato (1809-1898); e un, como xa se dixo, coa súa criada, María Blanco: Pedro Blanco Crespo, o pai do noso escritor. A memoria colectiva das xentes atribúelle a Xosé Crespo –e ó único fillo lexítimo que tivo, Antonio– a paternidade de varios fillos naturais con muleres cuias familias, nalgún caso, chegaron ós tribunais para obligarlle a recoñecelos.

Os seis fillos de Crespo Villar e Bernarda Pampín foron Anunciación, que casou con Ramón Gómez; Generosa, con Constantino Moure; Segismunda; Dolores; Avelina, casada con Jovito Goyanes Losada (falecido o 13 de xullo de 1884) home que foi varias veces representante na Diputación do distrito, e co que tivo dous fillos: Nuño e Alvaro; e, finalmente, o máis novo, Antonio Crespo Pampín (1851-1928), solteiro, que foi alcalde de Donramiro e Lalín dende 1904 a 1917.

No palacete de corte neoclásico que Crespo Villar mandou construir en Donramiro (Lalín) conviviron largos anos varios membros da familia e, sobre todo, foron bos amigos os dous únicos varóns descendentes de Crespo Villar: Antonio, o lexítimo, e Pedro Blanco Crespo, o que tivo coa criada.

## O ALCALDE QUE SOBREVIVIU A VARIOS ATENTADOS

Antonio Crespo Pampín foi o fillo máis novo de José e Bernarda: el tiña 43 anos e ela 42 cando naceu. Aínda que era solteiro, dende a súa posición social privilexiada e dende o seu posto de poder, tivo numerosas aventuras amorosas das que saiu unha notable prole.

Cunha criada de Goiás tivo a única filla que recoñeceu *de motu propio*, Anuncia Crespo Barros (1891-1968), que foi a que herdou as vastas posesións do Crespo que cerrou unha saga facendo así bo o dito “*Un solo Dios en el cielo y en Lalín un Crespo sólo*”. Esta *doña Anuncia*, como así é lembrada ainda hoxe en Lalín, viveu no palacio de Donramiro ata a súa morte en 1968 coa compaña dun familiar, ex-saxento do Exército, Antonio Gómez Cambeses, *O Piringallo*, que a protexía e cuidaba dos seus intereses.

Segundo relata Carlos Vázquez, o presidente da asociación de veciños de Donramiro, recollido da tradición oral, o alcalde Antonio Crespo —que era escrupuloso ó maximo, a tal punto que ós labregos que ían levarlle os foros e tributos mandáballes tirar as moedas coas que lle pagaban os arrendos no chan de onde, previa desinfección, as recollía con guantes— andaba sempre con escolta. Ó longo da súa vida tivo diversos atentados, dous deles de moita sona. Un, cando un criado dos propietarios da fábrica do Espiño, o alcanzou cun tiro de escopeta cando ía de regreso a Donramiro dende Lalín, á altura da zapatería de Camilo de Roque, no Regueiriño. O outro aconteceu o día de Noiteboa de 1915 cando os seus inimigos lle tiraron dinamita na cochera provocando unha explosión tan grande que deixou pegadas na casa dos caseiros situada enfrente do palacete dos Crespo en Donramiro —que chegou a ter garita para os gardiáns—, ó outro lado da estrada.

## PÍO IX TEN QUE DISPENSAR A UN PRESBÍTERO QUE AMA A UNHA MESTRA

Non era normal que un rapaz fillo de muller solteira, criada e sen medios económicos, por desperto que fose, estudiase unha carreira eclesiástica. E sen embargo, ese foi o caso de Pedro Blanco Crespo, o fillo de Xosé Crespo Villar e de María Blanco. Cabe supoñer que alguén *pudente* lle pagase os estudios e fora para él esa *mán protectora* que, como se verá, nunca o abandonou.

Pedro Blanco estudiou no Seminario de Lugo a carreira sacerdotal. Xa fora ordeado presbítero —só lle faltaba, pois, dicir misa para ser ordeado cura— cando as caprichosas curvas do destiño viñeron a dar con el nos brazos do amor, ese lugar de onde ninguén quere regresar.

Abrazar o sacerdocio ten algo de renuncia, de despedida do mundo cotidián. E Pedro Blanco, nese intre previo ó sacerdocio veu de Lugo a Donramiro

para estar coa su vella nai, con seu pai e, sobre todo, co seu irmán, Antonio. Un día decidiu visitar a seu tío Vicente Crespo Villar, que era párroco de Troáns, como se dixo, e a súa *man protectora*. Alí pasou varios días e coñeceu a unha xove mestra, Carmen Torres Fuentes, filla de acomodados labregos da comarca: ela tiña as medidas xustas do seu desexo, namorouse e decidiu rachar con todo, abandoar os hábitos e casarse.

O século XIX aínda non rematara, e a longa sombra da Igrexa era omnipresente e omnipotente. Así que cando Pedro Blanco Crespo toma a firme determinación de casar coa súa amada mestra atópase coa intransixente burocracia eclesiástica da época: debe ir a Roma a pedir dispensa, en vista da súa condición de presbítero, ó mesmo Papa Pío IX en persona. Pero o seu amor é coma un cabalo desbocado, coma unha ola irrefrenable. E alá foi. Houbo de subir a un barco en Carril que o transportou ata Barcelona, onde noutro navío navegou ata Ostia (Roma). A súa longa e dura peripécia rematou ben e, xa coa ansiada licencia, casou con Carmen Torres. O amor esixe probas. Probas sobrenaturais, ás veces.

## UNHA MÁN PROTECTORA

Pedro Blanco Crespo tivo sempre unha mán protectora ó longo da súa vida. Por ela estudiou nuns tempos non doados para elo para xentes coa súa orixe e da súa condición social. Gracias a ela conquериu, non sen dificultades, a dispensa eclesiástica para deixar os hábitos. Ela foi a que lle posibilitou o seu primeiro traballo de alcalde na aduana de Santander, entre 1872 e 1874. E esa mesma mán foi a que figura na escritura de compra –que conserva a familia de Mario Blanco Fuentes, de A Estrada– da casa número 7 da rúa Lanuza –hoxe de Presiña– en Cuntis como representante do comprador, Pedro Blanco Crespo. A mán protectora non foi outra que o párroco de Troáns, Vicente Crespo Villar.

Tódolos indicios anteriores –e tamén algunas testemuñas de vellos veciños de Lalín consultados– permiten conducir á hipótese de que o auténtico pai de Pedro Blanco Crespo foi o crego Vicente e non seu irmán, o político Xosé Crespo Villar que se faría cargo do fillo do cura coa criada da casa, María Blanco.

Sen embargo, otorgamos a paternidade de Pedro Blanco Crespo a Xosé Crespo Villar baseándonos en testemuñas familiares que acreditan que o rapaz criouse en Donramiro no palacete feito polo alcalde e político, e viveu alí os anos da infancia, adolescencia e xuventude na compañía do seu medio-irmán máis novo, Antonio Crespo Pampín.

Fose como fose, o certo é que Pedro Blanco sempre foi protexido de xeito particular polo crego don Vicente, cecais porque se fixo cargo dun fillo natural de seu irmán, Xosé, ou quizais porque él mesmo era o pai del.

## OITO FILLOS CUNHA CULTURA DE BASE LATINA

Pedro Blanco e Carmen Torres tiveron oito fillos: Segismundo, Esmeralda, Germán, Corina, Mario, Leonor, Nuño e Roberto. Mellor dito Roberto María Manrique Manuel Raimundo Gabriel Braulio Cirilo Anselmo Eduardo Blanco Torres, que así foi bautizado o día 18 de marzo de 1891 o autor ó que se adica este ano o Día das Letras Galegas.

O matrimonio radicouse en Cuntis, vila na que tiveron unha influente posición social. El, dende o seu traballo de secretario do xulgado, era unha voz cuase determinante nas decisións do concello pois tiña peso e dáballe prestixio o feito de pertencer ó partido de Emilio Castelar, o brillante orador e derradeiro presidente da I República, co que se carteaba, según documentos que conserva Mario Blanco, o abogado e ex-alcalde de A Estrada. Pedro Blanco era home con inquedanzas literarias e sociais como o demostran algúns dos seus artigos publicados na prensa da época. Carmen Torres Fuentes, pola súa banda, era mestra de escola con todo o prestixio e o respeto que esa profesión daba na época.

Así que a educación de Roberto Blanco Torres e dos seus irmáns foi tutelada na súa propia casa e apoiada na vasta biblioteca familiar e na sólida cultura de base latina de seu pai. Tódolos fillos tiñan un amplio coñecemento da lingua e da cultura latina pois seu propio pai encarregábase da súa completa formación con clases diarias e vixilancia continua dos seus estudos.

### DE CANDO ROBERTO BLANCO TORRES PASA A SER CIRILO DE CRESPO

Quince anos en 1906 non eran os quince anos de agora. A esa idade, Roberto Blanco Torres emigra a Cuba onde xa viven seus irmáns Segismundo e Nuño. O rapaz atopa na illa caribeña un marco máis axeitado que en Cuntis para a cultura, para a sensibilidade, para as súas inquedanzas tamén. Desperto e culto como era, descobre o mundo do xornalismo, da crónica e do compromiso co cotián. Publica os seus primeiros artigos e vai formando a súa personalidade en tertulias e encontros con intelectuais galegos da talla de Curros Enríquez, Cabanillas, Villar Ponte, o agrarista Basilio Álvarez ou o xove pintor de Presqueiras, Virxilio Blanco.

Escribe en xornais da illa coma *Diario de la Marina*, *La Defensa*, *El Comercio*, *La Revista*, *Verdad Socialista ou Bohemia*. Tamén en revistas da emigración coma *Vivero en Cuba*, *Suevia (de Buenos Aires)* ou *Follas Novas*. Casi non chega ós vinte anos e xa funda e dirixe dúas revistas: *La Alborada* e *La Tierra Gallega*.

Non se é de onde se nace á vida, senón de onde se nace ó destiño. E, dende entón, Roberto Blanco Torres pasou a ser da amplia patria do xornalismo, do mundo da cultura, da república das letras. Daquela empezou a usar seudónimos que voltaría a usar, de modo esporádico, ó longo da súa existencia: *Fray Roblanto* –Fray Ro (berto) Blan (co) To (rres)– *Manrique de Crespo e Cirilo de Crespo*, en homenaxe á familia na que se recoñecía.

En 1916, xa con vintecinco anos, volta a Galicia. E comeza unha longa e fructífera carreira xornalística que o leva por distintas Redaccións de todo o país, sempre cunha liña de coherencia e compromiso. Foi director de *El Correo Gallego*, de Ferrol; de *La República*, de Ourense; de *El Noroeste*, de A Coruña; e de *La Zarpa*, de Ourense. Foi redactor xefe do *Galicia*, de Paz Andrade; do *Diario de Vigo*; de *El Pueblo Gallego*; e de *El País*, de Pontevedra.

Colaborou, entre outros, en *Galicia*, no *Ideal Gallego*, *El Progreso de Pontevedra*, *Faro de Vigo*, *Ser de Santiago*, *El Estradense*, *El Eco de Cuntis* ou *Nós*, *A Nosa Terra*, *A Fouce* ou *Rexurdimento*. Na prensa madrileña, no mítico *El Sol*, *El Heraldo*, *La Nueva España* ou *El Liberal*. E nas publicacións da emigración *Bohemia*, *Diario Español*, *El Eco de Galicia* ou *Galicia de Montevideo*.

Blanco Torres foi o primeiro presidente da Asociación da Prensa de Vigo, en 1924, e entre as súas más fondas amistades atopábanse o poeta portugués Teixeira de Pascoaes, Francisco Luis Bernárdez, Dieste, Amado Carballo, Maside ou Manuel Antonio. Sempre crítico e combativo coa Dictadura de Primo de Rivera, cando a censura obrigou a cerrar o xornal *Galicia*, do que era redactor xefe, pasou a desempeñar o mesmo cargo en *El Pueblo Gallego*, entón (1927) baixo a influencia de Portela Valladares que quixo poñer o xornal a disposición do réxime primoriverista. Roberto Blanco remitiulle a Portela unha dura carta de demisión e o político contestoulle cunha querella da que foi absolto, en primeira instancia, en Pontevedra, e condeado a pagar 1.500 pesetas das de entón e a ser desterrado a 150 kilómetros de Vigo. Tivo que agardar a 1930 para ser definitivamente absolto e desagraviado, nun acto multitudinario en Ourense, ó que acudiu a maior parte da intelectualidade galega de entón.

## A SORPRESA DE “ORBALLO DE MEDIA NOITE”

Roberto Blanco Torres foi unha das máis coñecidas, e respetadas, personalidades da intelectualidade galega do período anterior á Guerra Civil. Sobre todo pola súa labor xornalística. A publicación, en 1929, do seu único libro poético, *Orballo de media noite*, provocou unha grande sorpresa no mundo cultural da época e os grandes eloxios de personalidades tan relevantes coma Julio Siguenza ou Vicente Risco.

*Orballo de media noite* son 31 poemas formal e tematicamente moi variados, estructurados en dúas partes. A primeira, con certas influencias de Teixeira de Pascoaes (poeta portugués que tamén deixou a súa pegada en Noriega Varela), son dezaseste composicións que reflexan as inquedanzas existenciais, filosóficas e morais de Blanco Torres e que presentan unha visión dun mundo panteísta e misterioso.


A segunda parte –catorce poemas– lembra ó Cabanillas de *No desterro*, son versos máis de reivindicación e denuncia social: o caciquismo, a emigración, a dura vida do campo, o vacío moral da burguesía, a perda de valores e a hipocresía social.

Dalgún xeito, o libro garda concomitancias coas vanguardas europeas, españolas e galegas da época: hai algo do sentido cósmico de Walt Whitman e da innovación formal de vanguarda europea; algo de Unamuno (de quen foi grande lector); do clasicismo e da xeración do 27 española no que toca á ruptura estética; e algo, en fin, da ousadía poética de Amado Carballo e Manuel Antonio.

O finiterrismo de Galicia non foi –en contra do que pudera pensarse– óbice para que as vanguardas europeas –o *Ulyses* de Joyce, por exemplo– entraran nela antes que en España. E ese vanguardismo ten o seu reflexo no *Orballo da media noite*: léxico pouco convencional (tecnicismos, estraneirismos), imaxes de vanguarda (ruptura coa estética tradicional), simbolismo existencial, referencias culturais, verso libre. Risco fixo no seu tempo grandes eloxios do poemario, Ferrín inclúe a Roberto Blanco na Xeración Nós, outros no

ROBERTO BLANCO TORRES

## ORBALLO DA MEDIA NOITE



NÓS - VOLUME XXIX - A CRUÑA - 1929

Novecentismo e as vanguardas do 25, e autores novos –coma lembra Alonso Montero– coma Miro Villar, Ramiro Fonte ou Román Raña destacaron a profundidade e modernidade da súa obra.

## A HIPERTENSIÓN CÍVICA DUN HOME DO SEU TEMPO

Foi Francisco Luis Bernárdez, no Galicia de 1924, o que dixo de Roberto Blanco Torres: “*xamais coñecín a un xornalista de ritmo tan continuo, de hipertensión cívica tan alta e tan constante*”. De aí tomou o seu sobriño-neto, Xoán Blanco Valdés, o título da biografía que está a punto de publicar Edicións do Castro, *Roberto Blanco Valdés. Hipertensión cívica*. Porque é certo. Viviu no tren de alta velocidade do xornalismo o seu tempo con paixón e intensidade e foi, dalgún xeito, a predicción do verso de Novoneira “*tí e máis eu a palabra para unha Galicia que cala*”.

Defendeu o agrarismo, a transición do rexionalismo ó nacionalismo das Irmandades da Fala, a República e o agnosticismo. E o amor a Galicia e ás clases populares son as dúas constantes do seu quefacer. A súa laboura xornalística caracterízase tanto pola vontade de estilo que subxace sempre nos seus profundos artigos como pola incorruptibilidade, sentido crítico e independencia de criterio: tan incómodo foi na Dictadura –contra a que pelexou sen tregua– coma no bienio negro ou na súa amada República. Incluso en 1932, cos seus correligionarios xa no poder, foi procesado por supostas injurias ó goberno e encarcelado na prisión Modelo, de Madrid.

Ademais do libro poético *Orballo de media noite*, Blanco Torres publicou outro, de ensaio, en castelán, *De esto y de lo otro* (1930). Trátase de trinta e oito artigos que combinan a profundidade e o rigor de pensamento co cuidado estético e a perfección formal. Hainos de temática internacional, onde mostra a súa admiración por Sandino, a crítica ó fascismo mussoliniano ou ós xeitos de vida e de facer política dos Estados Unidos. Outros recollen duras críticas á Dictadura de Primo de Rivera, á *Dictablanda* de Berenguer, á censura, á monarquía. E os más reflexan a súa opinión sobre diferentes cuestiós galegas: é partidario da unificación idiomática do galego co portugués, mostra a súa esperanza no desenvolvemento das cidades como xeito liberador, expresa as súas opiniós sobre a emigración ou fai unha férrea defensa da cultura nosa.

## VIDA, PAIXÓN E MORTE

Se cadra a mellor definición que facerse puidera de Roberto Blanco Torres pertenze a Nietzsche: “*non é a idea a que apaixoa, senón a paixón a que idealiza*”. El foi unha boa mostra da paixón que idealiza as cousas.

Participa en 1918 na Asamblea Nacionalista de Lugo con Castelao, Cabanillas, Peña Novo, Losada Diéguez ou Quintanilla. Defende o agrarismo dende *La Zarpa*. Forma parte do comité executivo da Federación Republicana Galega na que estaban integrados a Organización Republicana Galega Autónoma, ORGA, (de Casares Quiroga, seu íntimo amigo), o Partido Republicano Radical Socialista ou o Partido Republicano Federal, entre outros. Foi vocal en 1930 da Asociación de Escritores Galegos que presidiu Otero Pedrayo. Presentouse ás eleccións en 1931 por Ourense e non saiu elexido. O seu amigo Casares Quiroga nomeouno Gobernador Civil de Palencia en 1932 pero só estivo no cargo seis meses deixando unha imperecedeira pegada de honestidade e coherencia na cidade castelá. Ofrécenlle o mesmo cargo en Lugo pero él non acepta certas servidumes da política.

En 1935 é redactor xefe de *El País*, o xornal republicano pontevedrés que apadriñaba Bibiano Ossorio-Tafall. En maio de 1936 foi nomeado xefe do gabinete do Ministerio de Gobernación que dirixen os galegos Santiago Casares Quiroga –agora líder do Partido Republicano Galego– e o propio Ossorio-Tafall, home forte de Acción Republicana, integrados ambos na Izquierda Republicana do presidente da República, Manuel Azaña, coa que simpatizaba Blanco Torres.

O 18 de xullo prodúcese o Alzamento Militar que encabezou o xeneral Franco. Roberto Blanco, que descansaba na casa da súa muller, Xulia Sánchez, en A Peroxa (Ourense), é detido coa complicidade duns coñecidos e ingresado nas prisións de Ourense e Celanova. O catro de outubro –no medio das turbulencias daqueles axitados días, cando ía a ser posto en libertade, pois non cometera máis delito que o de ser libre, solidario, culto e partícipe na construción da sociedade do seu tempo– apareceu o seu cadáver con dúas balas na cabeza nun foxo de San Fiz de Gález, perto de Celanova.

Tiña corenta e catro anos aquel epígonos dos Crespo de Donramiro. Os que venceron, sen convencer, truncaron unha vida intensa que aínda lle quedaba moito por facer e por escribir. Con él foron moitos os xa para sempre derrotados. Pero, ó cabio, o máis terrible das Dictaduras é que, ademáis de crueles son inútiles: o vindeiro 17 de maio, Día das Letras Galegas, Galicia homenaxeará, como merece, a Roberto Blanco Torres, o epígonos dos Crespo de Donramiro.

## LA TIERRA DE DEZA EN LA EDAD MEDIA: DEL ANONIMATO AL PLEITO

José García Oro

La *Terra de Deza*, que hoy personaliza la villa de Lalín, se asoma a la vida medieval como pura referencia geográfica. Era una de tantas tierras del Reino de Galicia en la que habían prevalecido personajes de cierto renombre como el Conde Don Betote en el siglo XI. Eventualmente fue un topónimo nobiliario que acompañó la designación patronímica de algunos personajes históricos como el arzobispo compostelano Pedro Suárez de Deza (1173- 1206) y en particular estirpes gallegas de la Baja Edad Media como los Suárez de Deza, los Gres y los Rodeiro.

Por carecer de instituciones importantes en su perímetro, como los grandes monasterios medievales, la Terra de Deza, discurrió en el anonimato documental, incluso después del siglo XII, cuando ya existe una definición geográfica de su perímetro y sobre todo un señor titular de su jurisdicción. Este anonimato se prolonga en la historiografía, absolutamente ausente hasta tiempos bien recientes y en general reducida a referencias contemporáneas y a narraciones amenas en gran parte de los casos.

En consecuencia, la Terra de Deza está ahora mismo en los primeros balbuceos de la historiografía y necesita con urgencia sacar a la luz sus escasos documentos históricos. Este trabajo se dedica especialmente a señalarlos con la esperanza de que pueda ser el anuncio de una *Colección Documental de la Tierra de Deza* que esperamos poder sacar a la luz.

### 1.- *El Condado de Deza. Los primeros indicios históricos y su significado*

La Terra de Deza surcó los primeros seis siglos de la Edad Media como una tierra del Rey, un condado altomedieval en el cual ejercieron jurisdicción diversos próceres en nombre del rey. Esta situación duró hasta 1165, fecha en que esta Terra altomedieval pasó a tener un señor: la Iglesia de Santiago. ¿Qué sabemos de la Terra de Deza durante estos seis siglos?

La realidad de un *comisso* o condado de Deza que se cita en el dudoso concilio lucense de 569 debe asignarse muy probablemente al período astur y cabría en el 800<sup>1</sup>. En fechas seguramente muy posteriores, al elaborar la famosa Donación del Obispo Odoario, que lleva la fecha inaceptable de 15 de mayo de 747, Deza es una Terra conocida con feligresías concretas: San Juan de Palmaz, Santa María de Bermés, San Juan de Botos, Santa María de Trasdeza<sup>2</sup>. Con más verosimilitud se cita la Terra de Deza en un diploma de 20 de mayo de 856: “la villa de Cumarro (=Cuñarro) en Deza”<sup>3</sup>. Cuarenta años más tarde Deza suena en los documentos por sus *villae*, propiedad de dignatarios regionales de gran caudal como Sisnando que otorga a su mujer Ildoncia hasta treinta villas entre las cuales señala: “en Deza, Pareizo, Pastoriza, Navego y Asma”<sup>4</sup>. Cabría así establecer que la Terra de Deza es un distrito o comisso bien definido en el siglo IX.

En el siglo X la Terra de Deza tiene ya titulares de su jurisdicción o comisso, que no son señores con atribuciones señoriales solariegas, jurisdiccionales o fiscales, como en la Baja Edad Media, sino delegados regios. Su presencia con nombre y apellidos patronímicos y topónimos indica que se trata de estirpes poderosas en la comarca que al mismo tiempo están directamente vinculadas a los soberanos. La estirpe que figura con el topónimo de Deza lleva el nombre de Betote (*Betotus in Deza comes*). Don Betote es el padre de Gonzalo y Tello *Betótiz*, que figuran como testigos y confirmantes en la confirmación, hecha por Fruela II, el 17 de septiembre de 924, de los milladoiros compostelanos<sup>5</sup>. Se trata por lo tanto de personajes de relieve en la Corte leonesa. Lo confirman sus iniciativas más conocidas: las fundaciones de los monasterios de Camanzo y Carboeiro<sup>6</sup>. Estas fundaciones son el símbolo duradero de su estir-

1. Antonio García Conde- Amador López Valcárcel, *Episcopologio lucense* (Lugo 1991) 25-30.

2. Edición del documento con análisis y crítica de sus elementos en Antonio C. Floriano, *Diplomática española del período astur, 718- 910, I* (Oviedo 1949) 48-54. El estudio más actualizado se debe a Luis Vázquez de Parga, “Los obispos de Lugo- Braga en los siglos VIII y IX”, *Estudios dedicados a Menéndez Pidal, VII* (Madrid 1957) 459- 475.

3. Ibid. 271. El diploma tiene mayores probabilidades de ser auténtico.

4. Se trata de una de las primeras cartas de dote que se conocen en la documentación astur. Edición ibid, I, 170- 173.

5. Edición en Manuel Lucas Alvarez, *Tumbo A de la Catedral de Santiago* (Santiago 1998) 109 (n.38.).

6. Antonio López Ferreiro, “Galicia en los primeros siglos de la Reconquista”, *Galicia Histórica*, 768. Manuel Lucas Alvarez, “Colección diplomática de San Lorenzo de Carboeiro”, *Compostellanum* 2(1957)199- 223; 3(1958) 29-116, 179- 270; Id., “El monasterio de San Salvador de Camanzo”, *Archivos Leoneses* 64(1978)273- 379.

pe. En el caso de Carboeiro recalcan que se funda “en una finca de su propiedad”, en la Tierra de Deza, junto al Río Ulla<sup>7</sup>. En el caso de Camanzo la fundación es reconocida como obra de Don Gonzalo y Doña Teresa, en paralelo con la de Carboeiro<sup>8</sup>. Esta preeminencia se corresponde con su peso en la Corte, ya que de la casa de Deza salen las esposas de Ordoño II, Aragonta, y de Ordoño III, Elvira. Son las damas de la casa, hijas de Gonzalo y su mujer Teresa, a quienes sucede al frente de la casa su hijo Pelayo González. A la altura de los años sesenta de este terrible Siglo de Almanzor, la Terra de Deza tiene ya una gran atracción y un cierto historial. Lo evidencian los documentos relativos a dos sus más feraces feligresías que pasan a engrosar el patrimonio de San Payo de Antealtares, el custodio del Sepulcro de Santiago. Son *Filgueira* y *Donsión*, antiguas propiedades del rey Don Silón, donadas al monasterio compostelano, en febrero de 968 por el caballero Don Munio<sup>9</sup>. Entre tanto la vida en la Terra de Deza parece seguir su ritmo acelerado hacia la gran propiedad. Se venden y compran vilas e iglesias. A veces hay incluso conflictos mayores que han de llevarse ante el Conde de Deza, como acontece con las villas de Saídres y Vaillamayor, a mediados del siglo X<sup>10</sup>.

A lo largo del siglo XI, la Terra de Deza se cita como distrito y como jurisdicción. Prosigue habiendo en ella hombres poderosos y grandes propietarios que sólo muy excepcionalmente nos han dejado memoria de su fortuna.



El monasterio de Camanzo fue fundado por Don Betote.

7. Antonio López Ferreiro, “Galicia en los primeros siglos”, 772.

8. Manuel Lucas Alvarez, “El monasterio de San Salvador de Camanzo”, 292- 293.

9. Manuel Lucas Alvarez, Tumbo A,151- 152 (n.63). Antonio López Ferreiro, “Galicia en los primeros siglos”, 772- 774, con interesantes precisiones documentales sobre estas propiedades colindantes con la actual villa de Lalín. Un Bermudo “hijo de Silón”, dona en 958 la heredad llamada “prado feliz” a San Lorenzo de Carboeiro, narrando los largos pleitos que había tenido con el monasterio y los acuerdos conseguidos con la mediación del conde Don Pedro y ante el rey Don Ordoño. Manuel Lucas Alvarez, “La colección diplomática”,250- 252 (n. XIII).

10. El documento, muy revelador de la conflictividad entre los grandes propietarios de la zona, en Manuel Lucas Alvarez, “La Colección diplomática”, 253- 254(n. XV).

Es el caso de Foilán Osorio, propietario de la aldea de Carboeiro, que lega al monasterio el 18 de enero de 1068<sup>11</sup>, y Sandino Velázquez que nos da a conocer, en 1096, una lista importante de vilas e iglesias que posé, “unas por herencia de mis padres, otras de ganacia”<sup>12</sup>. Muy probablemente los monasterios de Carboeiro y Camanzo están en este período a la cabeza del protagonismo regional. Son reorganizados por Bermudo II que los considera una herencia venerable de sus familiares Don Gonzalo y Doña Teresa, que han entrado en una grave anarquía a causa de las disputas por su posesión entre los herederos de los fundadores Arias Peláez y Alfonso Bermúdez que los dejaron arruinar. El soberano manda al presbítero Ascanio y al monje Trasuário que lo restauren y pongan en buena observancia religiosa<sup>13</sup>. A este esfuerzo sucede en años sucesivos la organización del patrimonio, estableciendo los cotos monásticos (Pastoriza, Folgoso, Ventoso y otros) hasta que en 1096 los condes de Galicia, Don Ramón de Borgoña y Doña Urraca hacen un importante cambio que sitúa las jurisdicciones del monasterio en una área más apropiada<sup>14</sup>.

En el siglo XII Galicia camina bajo la inspiración del arzobispo Diego Gelmírez que nos ha dejado en la *Historia Compostelana* la memoria e incluso muchos documentos específicos de sus gestos. Su protagonismo llega también a la Terra de Deza. En unos momentos difíciles (1112) el Arzobispo recorre con sus milicias las tierras de Deza y Taberíos, donde se hacen fuertes los caballeros inquietos Rodrigo Gudesteiz, Rabinato Muñiz y Arias Pérez, y los expulsa de sus parapetos<sup>15</sup>. De nuevo vuelve Gelmírez en aire de guerra en 1117, esta vez contra Fernando Pérez de Traba, hijo del Conde Don Pedro de Traba que quiere capitanejar los disidentes y desde su castillo de Isso molesta a los moradores de Monterroso, Deza y Castela<sup>16</sup>. Acaso lo hace porque los señores de Deza son en general inclinados a la Iglesia de Santiago, a la que hacen importantes donaciones. Con Gelmírez está el Conde de Deza cuando el prelado acomete la reconquista de la ciudad de Compostela, sostenida por los Traba y rebeldada contra su señor<sup>17</sup>. En realidad Gelmírez tiene un designio especial de extender el señorío de la Iglesia de Santiago por las tierra de Deza. Se constata en las miras de los poderosos. Sin duda tiene este sentido jacobeo la donación de la infanta Elvira, de 25 de abril de 1087. Por ella el monasterio y el coto de Piloño pasan a la Iglesia de Santiago, señalando su ubicación en el Ulla y el Deza, al

11. Texto en Manuel Lucas Alvarez, “La colección diplomática”, 261.

12. Véase su donación a Carboeiro, de 11 de abril de 1096, en Manuel Lucas Alvarez, “El monasterio de San Salvador de Camanzo”, 340- 341.

13. Privilegio real de 5 de enero de 998. Edición en Manuel Lucas Alvarez, “La Colección diplomática”, 257- 258 (n. XX).

14. Véanse los documentos pertinentes ibid. nn. XXIV,XXV, XXIX,XXXIV.

15. Historia Compostelana, ed. Suárez- Campelo, pp. XXXIV, 134

16. Ibid. p. XXXVIII, 293.

17. Ibid. 234.

Continúan os roubos en empresas de Lalín. Esta vez trátase do Polígono Lalín 2000, onde dúas empresas foron obxecto dun atraco durante a noite.

**■ 12/5/98**

A Compañía de Teatro **Produccións Teatrais do Sur**, representa en Lalín a obra “**Sempre Ubú**”, enmarcada dentro dos actos da Semana das Letras Gallegas organizada pola **Concellería de Cultura**, conta co patrocinio de Caixa Galicia. Produccións Teatrais do Sur é unha compañía que agrupa ós grupos profesionais Teatro do Morcego, Ningures e Tanxarina e que contan cunha amplia e recoñecida traxectoria. A obra ten como base os textos de Alfred Jarry, exemplo de teatro de vanguarda.

**■ 13/5/98**


No balance da **Feira do Cabalo** celebrada o fin de semana anterior, fanse públicos os datos de asistencia de público, que superou as 10.000 persoas, e anúnciase que houbo un volume de negocio de 5,5 millóns de pesetas.

O **Concello de Lalín** aproba firmar un convenio con ANFEVI (Asociación Nacional de Fabricantes de Vidrio), polo que se asegura a **recollida do vidro** para reciclar acumulado nos colectores que para dito efecto ten repartidos por toda a vila o Concello de Lalín. Supón unha gran labor de coidado do Medio Ambiente, xa que no ano 97 foron 39.670 kilos os recollidos na vila de Lalín. Ademais por este mesmo convenio conseguíronse cinco colectores de vidro máis para ser instalados no centro urbano.

**■ 14/5/98**

O **Concello de Lalín** adxudica as obras do Plan Operativo Local, por unha contía de 74.525.000 ptas. e que financiará diversas obras no rural lalinense (locales sociais, abastecementos, etc...)

### ■ 15, 16 e 17/5/98



Certame de Ganado Selecto XV edición de **Feiradeza**, que se celebra no Mercado de Gando Novo, no que destaca o concurso morfolóxico da raza frisona, con dezanove seccións, un concurso de xóvenes manexadores e un concurso de manexo de tractor con remolque. O certame está organizado polo **Concello de Lalín**. Concorren 40 explotacións de toda a comarca e tódalas reses están rexistradas en AFRICOR Pontevedra.

Paralelamente á feira, organízase no mesmo Mercado de Gando unha exposición de productos artesanais do Deza organizada pola Concellería de Servicios Sociais.

### ■ 17/5/98

A **Banda Municipal de Lalín** ofrece o segundo dos **Concertos de Primavera**, no Campo da Feira, coincidindo cos actos de Feiradeza.

O Concello de Lalín está representado pola súa Feira do Cocido no Salón Internacional de Turismo de Catalunya.

O C.D. Lalín finaliza en segunda posición a liga de terceira división, o que lle da dereito a xogar a liguilla de ascenso a 2ªB.

### ■ 18/5/98

O Director Xeral de Transportes, Juan Carlos Villariño Tejada, e o Alcalde de Lalín, acompañados de membros da Cooperativa Dezana de Transpor-

tes, presentaron un proxecto de construción no **Parque Empresarial Lalín 2000** un gran **centro de transporte**, cunha nave de 100.000 m<sup>2</sup>, estación de servicio, talleres, oficinas, aparcamentos, etc... Este centro, unha vez que sexa construído dará servizo a todo transportista que circule polas terras de Deza, pero preferencialmente ós máis de tres mil camións e furgonetas censadas na zona.

### ■ 20/5/98

O **Centro Dramático Galego** representa a obra “**Memorias de Antígona**”, no **Aditorio Municipal de Lalín**, dentro dos actos da Semana das Letras Gallegas organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Lalín.

Ó día seguinte pola mañá, o Centro Dramático Galego representará a mesma obra para os alumnos do instituto de formación profesional e os de bacharelato de Lalín.

### ■ 24/5/98

Concerto da **Banda de Muimenta**, terceiro **dos Concertos de Primavera** organizados pola Concellería de Cultura. O lugar elixido foi a Praza da Vila.

### ■ 27/5/98

Reunión da Xunta Local de Seguridade coa asistencia do Subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, Alejandro Milán Mon. Nesta reunión confirmouse que Lalín sería sede da **nova compañía da Guardia Civil** na provincia de Pontevedra, onde se instalará un cadro de persoal integrado por 71 axentes.

### ■ 29/5/98

O Alcalde de Lalín, José Crespo, e o Concelleiro de Festexos, Agustín López Torres, presentaron as **Festas Patronais en Honra da Virxe das Dores**. A Comisión de Festas formada na súa totalidade por xóvenes de Lalín está presente e avanza parte do programa das festas, do mes de setembro. O prato forte do programa será a actuación de Seguridat Social.

### ■ 30/5/98

O Alcalde de Lalín recibe na Casa Consistorial, acompañado por diversos membros da Corporación Municipal ó **Ministro de Producción da Provincia de Buenos Aires**, D. Carlos Brown, máis ó **Senador da Nación arxentina**, D. Jorge Villaverde. O Alcalde recibía a estas altas personalidades que visita-

ban a terra de Lalín, de tanta sona nas terras de Arxentina, xa que o Centro de Fillos de Lalín de Buenos Aires foi un centro de vital importancia nas últimas décadas en Arxentina.

## **XUÑO**

### ■ 4/6/98

Os alumnos de corda do **Conservatorio Municipal de Lalín** ofreceron un concerto no **Auditorio Municipal**. En total foron 19 alumnos.



### ■ 6/6/98

O Alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias foi invitado a ler o **pregón** da **XXVI edición da festa do Viño de Barrantes - Tinto do Salnés**, que se celebra na vila de Ribadumia. No seu pregón loubou a tradición deste viño de rai-gambre en Galicia e moi popular en tódalas mesas dos nosos fogares, como ben lembrou o Alcalde, “a reserva da cultura da cunca”.

### ■ 7/6/98

III edición do **Rallie do Cocido en Lalín**, coa participación de numerosos pilotos galegos nesta proba puntuable para o Campionato Galego.

### ■ 7/6/98

Primeiro día das **Xornadas Folclóricas** organizadas pola **Concellería de Cultura**, e na que durante tódolos domingos do mes de xuño actuaron a totalidade das agrupacións folclóricas de Lalín. Este primeiro domingo actuaron **Os Trasnos de Doade**, **Os Dezas** de Moneixas e a Agrupación de **Mulleres Rurais do Deza**. Tódalas actuación tiveron lugar na Praza da Iglesia.

O Alcalde de Lalín reúñese cos **52 pedáneos** das parroquias de Lalín no Auditorio Municipal. Nesta reunión o Alcalde entregou unha serie de documentación e carnés identificativos, o selo e cuño de cada parroquia, ademais de recoller a firma de cada un deles para figurar no rexistro de Secretaría Xeral do Concello de Lalín e recordarlles as sús funcións e obrigas.

**■ 10/6/98**

O Alcalde de Lalín presenta o Plan MEGA (Mellora de Electrificación de Galicia), que supón un investimento de 73 millóns de pesetas nos anos 98 e 99.

**■ 11/6/98**

Entréganse os premios do concurso de educación vial “**Cuentos Sobre Circulación Vial**”, convocados pola Xefatura Provincial de Tráfico. O primeiro premio foi para o conto titulado “Pepiño o Vello”, de Naomi Fernández González, alumna de 1º da ESO do Colexio Público Comarcal de Lalín.

O Presidente da **Fundación Casa Museo “A Solaina” de Piloño**, Paco Lareo, presenta a **IV Xuntanza Obradoiro Internacional das Artes Plásticas**, acompañado no acto polos tamén pintores e membros da Fundación, Armindo Salgueiro e Damián Paio. Na edición deste ano asisten artistas de Galicia, España, Portugal, Inglaterra, Francia, etc.. ata un total de 25.

O Pintor **Xulio García Rivas** presenta unha exposición individual no **Museo Municipal Ramón M<sup>a</sup> Aller**. Esta presentación estivo arroupada por moitos artistas do Deza e doutras partes de Galicia.

**■ 14/6/98**

Segundo día das **Xornadas Folclóricas**, coa actuación das agrupacións **Carballeira** de Cercio, **Os Xuncos** de Santiso e **Roxedoiro** de Bermés. Na Praza da Iglesia de Lalín.

**■ 16/6/98**

A Concellería de Deportes do Concello de Lalín presentou a súa programación deportiva para o verán 98, que inclúe actividades de todo tipo: fútbol-7, badminton, unha maratón de volei fútbol sala, baloncesto e balonmán, torneos de fútbol sala, aerobic, ximnasia de mantemento, actividade física orientada, actividades para a terceira idade, bailes de salón, sendeirismo, rafting, piragüismo, deporte na rúa, unha guerra de auga, trialsín e carreira de orientación.

### ■ 17/6/98

A Asociación Cultural O Naranxo presentou a reedición de cinco números do periódico “**La Razón**” de Lalín. O retrato dunha vila republicana e galeguista, en palabras dos membros desta asociación, saía os días 18 e 23 de cada mes a un prezo de 10 céntimos alá polo ano 1933.

### ■ 18/6/98

O Concello de Lalín resolve os premios do Certame de Relato Curto “**Varela Buxán**”, que recaeron sobre tres estudiantes do Instituto Ramón M<sup>a</sup> Aller, Susana Souto, María Taboada e Alba Payo. Na categoría de escolares de primaria os premiados foron María Patricia Castro (Colexio Comarcal de Lalín), Iago Mouríño (Colexio Manuel Rivero) e María Pilar Vence (Colexio Comarcal de Lalín).

### ■ 19/6/98

O Concello de Lalín en Pleno aproba inicialmente o **Plan Xeral de Ordenación Urbana**. Con esto asegúrase un crecemento ordenado da vila, cumprindo a legalidade vixente sobre tódolos aspectos do urbanismo e patrimonio.

### ■ 21/6/98

Terceiro día das **Xornadas Folclóricas**, coa actuación das agrupacións **Otras Herbas** de Santiso e **Froitos do Deza** de Lalín. Na Praza da Iglesia de Lalín.

Celébrase no Pavillón Municipal de Lalín o **Campionato Galego de Kung Fu Di Som**, coa participación de 400 escolares.

No Auditorio Municipal de Lalín celébrase o **Festival de Verán** co fin de recadar cartos destinados ó **Comité de Irmanamento Lalinde – Lalín**, que contou coas actuacións do grupo folk Pumariño de Merza, o grupo de jazz Telegrafvadis e un desfile de modelos.

### ■ 22/6/98

Nace en Lalín **CIRLA**, siglas que veñen a representar ó Comité de Irmanamento Lalín-Lalinde (Francia). Promovida por xóvenes de Lalín, ten como ob-

xectivo dar un pulo ó irmánamento entre as dúas cidades e axudar ó Concello de Lalín a manter a relación o máis activa posible.

#### ■ 24/6/98



Celébrase na iglesia do Corpiño a tradicional romaría que acerca ata este lugar de Lalín a miles de romeiros de todos los puntos de Galicia.

#### ■ 25/6/98

Comeza o **Campus de Balonmán de Lalín**, destinado a rapaces practicantes deste deporte neste municipio, e que conta coa participación de figuras do balonmán galego e nacional.

#### ■ 26/6/98

Comeza en Lalín a **III Escola de Verán para docentes da Comarca de Deza**, que se vai celebrar no Colexio Comarcal de Lalín, no que máis de 300 docentes de infantil, primaria e secundaria estudan materias de psicoloxía, pedagogía, maxisterio, etc...co fin de mellorar a súa preparación de cara a desenvolver o seu traballo. As actividades e seminario duraron unha semana.

#### ■ 27/6/98

O **Concello de Lalín** e a **Escola de Azafatas Esmeralda Blanco de Lalín**, firman un convenio de colaboración a través do cal alumnas deste centro farán prácticas en actos oficiais organizados pola institución municipal.

## ■ 28/6/98

Cuarto día e xornada de clausura das **Xornadas Folclóricas**, coa actuación das agrupacións **Ailola** de Lalín, **O Eixo** de A Xesta e **Airiños** de Soutolongo. Na Praza da Iglesia de Lalín.

## ■ 29/6/98



A Corporación Municipal de Lalín, presidida polo Alcalde José Crespo, recibiu na Casa Consistorial ós compoñentes do **Club Deportivo Lalín** que viñan de acadar un **histórico ascenso a 2ª división B**.

## **XULLO**

### ■ 1/7/98

Comezan os cursos de natación de verán na piscina municipal de Lalín.

### ■ 2/7/98

Abre as portas a **Oficina Municipal de Turismo do Concello de Lalín**, atendida por dúas tituladas en Turismo. Este servizo estivo subvencionado polo Patronato de Turismo Rías Baixas da Deputación Provincial de Pontevedra.

### ■ 3/7/98

Os xóvenes de Lalín que forman a Asociación CIRLA (Comité de Irmanamento Lalín – Lalinde) partiron con destino Francia para realizar unha visita de irmanamento, así como asistir a unha serie de actos organizados na vila francesa para celebrar a **Festa da lingua d'oc**, lingua tradicional da rexión onde se sitúa Lalinde. A delegación lalinense estivo presidida polo Concelleiro de Deportes, Xuventude e Turismo, Eugenio Enríquez Batán.

Nesta festa, denominada a **Felibrée del Bornat de Perigord**, sirve tamén como encontro de diversos Lindes europeos.

### ■ 9/7/98

Actuación no **Auditorio Municipal de Lalín** do grupo arxentino de tangos **Pampa y Cielo**. Esta actuación está organizada pola Concellería de Cultura.

### ■ 13/7/98

Inaugúrase a **Xuntanza Obradoiro Internacional de Artes Plásticas** organizada pola **Fundación Casa Museo “A Solaina”** de Piloño. Serán 25 artistas de cinco países os que participen na Xuntanza. Os artistas que participan este ano na Xuntanza son Álvaro Negro e Guillermo Aymerich, pola Comarca de Deza, Celeiro, Marga Conde e Emilio Romero de Galicia, José Puchaes, Ginés Celadrán e Luis Armánd de Valencia e Juan Mercado de Madrid. Hai ademais un representante de Inglaterra, Portugal, Francia e Alemania.

O Alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias acepta a invitación do seu homónimo do Concello de Vigo, Manuel Pérez, para formar parte como **Patrono da Fundación Laxeiro** que este Concello vai instituir en común acordo coa familia do Pintor lalinense. A Fundación terá como sede a cidade de Vigo, áinda que contará con importante representación do Concello de Lalín.

### ■ 17/7/98

O Alcalde de Lalín recibe á directora **do Ballet Nacional de Filipinas**, Dna. Suzie Moya Benítez, quen lle fará entrega ó rexidor lalinense dun presente do **Alcalde de Manila**, quen ten coñecemento da vila de Lalín a través da biografía do Aviador Loriga, quen realizou o voo Madrid – Manila en 1926. Así mesmo, o Alcalde de Lalín faralle entrega dunha carta para Lito Atienza, Alcalde de Manila, co que desexa manter unha correspondencia acerca de posibles actos en común.

### ■ 17, 18 e 19 /8/98


**Foliada de Lalín**, coa participación de máis de 20 grupos galegos e estrangeiros de música folk, entre os que destacan **Kusondulola**, de Angola e **Sho-**

**glenifty**, de Escocia e o acordeonista **Kepa Junquera** na xornada do 17. Amparanoia, **Na Lúa, Uxía, a Refesta das Mentiñas** de Manu Chao, os artistas do humor **Mofa e Befa** actuaron no día 18, así como o malabarista cubano **Rafael de Carlos**. O programa completouse con cursos de diversos temas, como malabares, ou exposiciones de instrumentos tradicionais, así como actuaciones de grupos de gaitas de Lalín como **Outras Herbas**, ou invitados como o grupo **Bico de Balouta**. O lugar de celebración deste acto organizado pola Asociación Cultural Berra e financiado polo Concello de Lalín, é a carballeira do Polígono Lalín 2000.



## ■ 21/7/98

Acto de homenaxe ó **Pintor Laxeiro** con motivo do 2º cabodano do pasamento desta ilustre figura laliñense. No acto, ademais dunhas lecturas poéticas a cargo de diversos poetas do Deza, presentouse a partitura da **Muiñeira**



**de Laxeiro**, composta polo gaiteiro lalinense Plácido Rozas, que foi interpretada polo grupo que lidera, “Os Xuncos”, de Santiso.

No mesmo acto puidéronse escoitar unhas pezas de música barroca a cargo do trío madrileño “**Ars Combinatoria**”.

### ■ 30/7/98

Reunión do Alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias, e o técnico redactor do Plan Xeral de Ordenación Urbana, cos 52 pedáneos do Concello de Lalín, na que lles foi explicado este Plan, así como diversos detalles para un mellor entendemento de conceptos urbanísticos importantes para ser explicados ós veciños que llo soliciten.

### ■ 31/7/98

Lalín acolle o **Certame Pop-Rock Xuventude 98** organizado pola Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, e que se celebra en Lalín por segundo ano consecutivo. Participaron Manuel Cabezas Casas, M<sup>a</sup> del Carmen San José Nieves e Graciela Rodríguez Pérez na categoría de solistas e os grupos Embriones, Doctor Snob e Inspector Clusó. A clausura correu a cargo do grupo La Patrulla.

## **AGOSTO**

### ■ 1/8/98

Conclúe o **Campamento Urbano do Concello de Lalín**, no que 48 nenos entre 5 e 8 anos realizaron actividades como pintura de murais, xogos, dramatizaciones, actos varios, visitas a Portodemouros e Carmuega, etc... Como despedida realizaron unha festa na Residencia da terceira idade, onde cantaron e fixeron entrega de diversas figuras das realizadas nas actividades do campamento.

Espectáculo de Flamenco no **Auditorio Municipal de Lalín** a cargo de **Yolanda G. Sobrado** e financiado pola Obra Social de Caixa de Pontevedra. O espectáculo incluiu pezas de tango, alegrías, martinetes, tientos e soleás.

Representantes da **Asociación Benéfica Fillos de Lalín en Venezuela** ofreceron unha cea ó Alcalde de Lalín, José Crespo, e importantes empresarios da vila, na que expuseron o seu programa de actividades anual, as súas accións de beneficiencia que realizan con emigrantes galegos, entre outros temas de interese.

### ■ 2 e 3/8/98

Chega a Lalín a **Romaría Internacional**, que contou con dous espectáculos excepcionais, como foron unha actuación do **Ballet Nacional de Filipinas** “Ba-

**yanihan”**, con un elenco de artistas de más de 300 persoas, entre artistas e corpo técnico. O día seguinte representouse o musical **A Nai**, do compositor Nemesio García Abril e con libreto de Bernardo Valiño.

### ■ 4/8/98


Un grupo de xóvenes de **Lalinde** (Francia) de visita en Lalín para coñecer a vila capital de Deza, coa que está irmánada, acercáronse ata o Concello de Lalín para compartir as súas inquedanzas sobre Galicia co Alcalde, José Crespo, quen os recibiu e lles fixo un agasallo institucional. O grupo de xóvenes realizará diferentes visitas a lugares de interese de Galicia acompañados polos representantes de Lalín no Comité de Irmanamento.

### ■ 19/8/98

A **Asociación Cultural Kikiriki** organiza unha exposición de artesanía en vagóns comerciais estacionados na Estación de Botos en Lalín. Esta exposición abrangue distintos ámbitos da cultura galega, ademais de restos arqueolóxicos, tallas feitas a navalla, e unha exposición etnográfica con ferramentas de zoqueiro.

A parroquia de Cercio foi escenario do **II encontro de Amizade en Galicia**, organizado pola Asociación Airiños da Nosa Galicia de Santa Coloma de Gramanet (Barcelona). Neste acto de confraternización participaron cerca de 80 persoas.

### ■ 21/8/98



Comida de confraternización na **praia fluvial de Vilatuxe** organizada polo Alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias, e a que asistiron o colectivo de emigrantes galegos en Venezuela que se encuentran de vacacións nas terras de Lalín, así como un nutrido grupo de membros da Asociación Cultural Saudade de Barcelona, que agrupa a numerosos emigrantes galegos en Barcelona e preside Ernesto Lagaróns, presidente tamén da Federación de Centros Galegos de Cataluña. Este colectivo é ademais quen colabora co Concello de Lalín na organización do Cocido de Lalín en Barcelona.

#### ■ 22/8/98



**V Romaría da Terceira Idade** na Carballeira da Barcia organizada polo **Concello de Lalín**. Cunha asistencia superior ás 1.000 persoas, esta convocatoria volveu a ser un éxito total de asistencia dos nosos maiores de Lalín e concellos limítrofes así como emigrantes en América Latina. Os actos comenzaron cunha misa oficiada polos párrocos da zona, posteriormente actuaron as **Bandas de Vilatuxe** e o grupo de baile **Mulleres Rurais do Deza**. A continuación ofrecéuse unha comida, amenizada polos grupos de gaitas **Os Xuncos** de Santiso, **Os Airiños** de Soutolongo e os Gaiteiros de Doade. O Alcalde fixo entrega de diversos presentes ós maiores de máis idade.

#### ■ 27/8/98

O Pleno do Concello de Lalín aprobou a concesión do **Servicio Municipal de Aguas do Concello de Lalín** á empresa **Espina y Delfín**. No mesmo Pleno foi aprobada tamén unha Moción da Alcaldía para solicitar que a **Feira do Cocido** sexa considerada **Feira de Interese Turístico de Galicia**.

## **SETEMBRO**

### **■ 3/9/98**

Presentación oficial do **Grupo Municipal de Intervención Rápida**. Estos efectivos comezan a traballar de maneira experimental nalgúns concellos de Galicia para estudiar a mellor forma de desenvolver un operativo de protección civil profesionalizado que axude en labores de vixiancia e intervención en accidentes e outro tipo de incidencias.

### **■ 4/9/98**

Por segundo ano consecutivo pónse en marcha a **Oficina de Información Xuvenil**, ubicada no Pavillón Municipal de Deportes. En horario de mañá e tarde e atendida pola licenciada en Psicoloía Ana Isabel Lareu Montoto, ocúpase de informar ós xóvenes de Lalín en aspectos como traballo, solicitude de bolsas de estudos, viaxes, tramitación do carné xove, etc...



### **■ 8/9/98**

Manuel Lamazares Pardo, **Alcalde de Rodeiro**, presenta a súa demisión do cargo tras 33 anos dedicado á Alcaldía desta vila da Comarca de Deza.

### **■ 9/9/98**

Instálase no **Auditorio Municipal de Lalín** o cadro do Pintor Laxeiro “**Homenaxe a Lalín**”, que se exhibe habitualmente no Instituto de FP Laxeiro, e que se trasladou ó Auditorio mentres se levan a cabo ás obras de rehabilitación do citado instituto. No Auditorio pódese observar o cadro en horario de mañá e tarde.

### **■ 11/9/98**

Comezan as **festas patronais de Donramiro**, que se celebrarán ata o día 14 do mesmo mes.



Esta mesma noite realizouse a elección das **raíñas infantil e xuvenil das Festas Patronais da Virxe das Dores de Lalín**, nas que resultaron elixidas entre máis dunha decena de participantes Ana Regalade, como raíña maior e Carlota Iglesias Vázquez como raíña infantil.

#### ■ 13/9/98

A estación de Botos recibe a visita dun tren especial conmemorativo do **125 aniversario dos camiños de ferro en Galicia**. Nesta estación lalinense foi recibido polo Alcalde, José Crespo, ademais de grupos de gaitas e numeroso público interesado e curioso por ver unha locomotora de vapor e vagóns de época.

#### ■ 17/9/98

Como inicio do programa de actos das festas patronais de Lalín en honor a Nosa Señora das Dores, celebrouse esta tarde un partido de fútbol entre **o Clube Deportivo Lalín e o Deportivo da Coruña**. Ademais, no **Auditorio Municipal de Lalín**, concerto da **Orquesta Sinfónica de Galicia**, cun éxito de público notable.

#### ■ 18/9/98

**Chupinazo de inicio das festas patronais de Lalín** a cargo do Alcalde, José Crespo Iglesias co tradicional chupinazo dende o balcón da Casa Consistorial,



ás 21:30 horas. No mesmo acto, impoñeranse as coroas ás raíñas infantil e maior.

O programa de actuacións das festas continúa no día de hoxe cun pasarrúas da **Banda Municipal de Lalín**, a tradicional **Ofrenda á Virxe das Dores**, acompañada dun Bouquet de 98 bombas de palenque. Ás 23 horas, na Praza da Iglesia, concerto dos grupos lalinenses Semos Peligrosos e 9 Milímetros, acompañando ó grupo Los Limones.

### ■ 19/9/98

O programa das Festas das Dores conta con pasarrúas de mañá e tarde, a cargo da **Banda Artística de Merza**, a **Nova Banda de Vilatuxe**, e os grupos de gaitas **Roxedoiro** de Bermés, **Airiños** de Soutolongo e **Beroila** de Lalín, e a verbena da Orquesta **Amizade** e un concerto de **Fórmula V y los Diablos**.

### ■ 20/9/98

De mañá un concerto da **Banda Municipal de A Coruña**, con 70 profesores, actuación dos grupos de gaitas **Carballeira** de Cercio, **Os Dezas** de Moñeixas e **Outras Herbas** de Santiso, con pasarrúas pola tarde.

Na sesión de tarde concerto da **Banda Municipal de Lalín**, verbena a cargo das orquestras **Foliada** e **Oca**, e unha tirada de **fogo fixo e voador dende o**

**Lago do Parque do Pontiñas** que superou tódalas expectativas de éxito marcadas, por público e por beleza do espectáculo.

### ■ 21/9/98

O programa de actos das **Festas das Dores de Lalín** para este día contou coas seguintes actuacións: pasarrúas a cargo da **Banda Popular de Muimenta**, os gaiteiros **Os Xuncos** de Santiso e **Froitos do Deza** de Lalín, unha atracción infantil Magic Showman “**Tanito**”, con Karaoke e xogos, unha verbena a cargo das orquestras **Caracas e Diamantes** e a actuación estelar das festas, o grupo **Seguridad Social**.

### ■ 22/9/98

Último día das festas patronais cun pasarrúas de mañá e tarde a cargo da **Banda Municipal de Lalín**, e os grupos de gaitas **Ailola** de Lalín, **Os Trasnos** de Doade e **O Eixo** da Xesta. A verbena corre a cargo das orquestras **Panorama** e **Israel**, e un concerto do cantante de merengue **Missiego**.

### ■ 23/9/98

O **Alcalde de Lalín** e o **Director Xeral de CaixaVigo**, firmaron un convenio de colaboración en materia cultural en nome das entidades que representan. Este permitirá entre outras vantaxes, admirar unha nova exposición das series de gravados de Goya propiedade de CaixaVigo. Así mesmo, este convenio inclúe concertos, como o de Berrogüetto, e outras subvencións.

Ábrese un novo período de exposicións do **Museo Ramón M<sup>a</sup> Aller** coa do pintor **Manuel Fragoso Álvarez**, que permanecerá aberta ata o vindeiro 2 de outubro.

### ■ 28/9/98

Organizado pola **Casa da Xuventude de Lalín** celébrase un Obradoiro de Expresión Corporal, Ritmos e Danzas, subvencionado pola Delegación Provincial de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Esta actividade estivo dirixida a rapaces entre 6 e 12 anos, e consistiu en clases de danzas populares de lugares como o Caribe, África Central, Estados Unidos, Brasil, China, etc... Houbo tamén clases de malabarismo e xogos de natureza, finalizando no mes de decembro pasado.

### ■ 30/9/98

Eliseo Diéguez é nomeado novo Alcalde de Rodeiro no Pleno Municipal, en sustitución de Manuel Lamazares Pardo, que estivo 33 anos no cargo.

## **OUTUBRO**

### **■ 1/10/98**

Início da **recollida de lixo no rural** nas parroquias de Alvarellos, Bendoiro, Vilatuxe, Prado, Cercio, Rodís, Filgueira e Palio, así como en Donramiro e Botos.

A empresa Espina & Delfín xestiona dende este día o Servicio Integral de Auga e Saneamento do Concello de Lalín.

### **■ 2/10/98**

O **Concello de Lalín** aproba o programa de axuda á infravivenda rural en Lalín, polo que se dedican 11.920.078 ptas. a diversas obras de rehabilitación en catro vivendas que teñen carencias básicas de habitabilidade.

### **■ 5/10/98**



Presentación do **Curso Académico do Conservatorio Municipal de Grao Medio**, a cargo dos membros do Patronato Cultural de Lalín e o Director do Conservatorio, Marcel Van Bree. O Conservatorio contará no curso académico 98-99 con 250 alumnos e 10 profesores.

### **■ 9/10/98**

Inaugúrase a exposición do escultor **Acisclo Manzano** no **Museo Municipal Ramón María Aller**, que permaneceu ata o 23 do mesmo mes. O escultor



ourensán de prestixio sobrado, vén a confirmar a calidade das exposicións expostas neste Museo Municipal no presente ano.

### ■ 13/10/98

O Alcalde de Lalín celebra o primeiro aniversario da canalización do Río Pontiñas cunha **solta de 19 patos** no Lago artificial do río, coa que se pretendía facer tomar conciencia da importancia de manter un entorno limpo e saudable.



■ 14/10/98



O Concello de Lalín presentou a V edición do Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”. Estivo ofrecida polo Alcalde, o Concelleiro de Cultura, Manuel Gómez Estévez, e os presidentes das asociacións gastronómicas de Galicia, os cales colaboran con este premio, Amigos da Cociña Galega, Lareira, Xantares, Club Gastronómico Rías Altas e Unión Hosteleira de Galicia.

#### I Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”: Premiados:

##### 1º. “La humilde grandeza de la xoubas guisadas”

La Voz de Galicia - 11/07/94, por Carlos García Bayón

##### 2º. “Un plat básic, inoblidable”

Diari Dialeg - 07/05/94, por Nestor Luján

##### 3º.- “Algas no menú”

El Correo gallego - 17/03/94, por Xosé Cermeño

#### II Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”: Premiados:

##### 1º. Declarado deserto.

##### 2º. “El corazón verde de Galicia”

Publicado no semanario “Tribuna”, por Armando Vázquez Crespo

**3º. “Doces Divinos”**

En Radio Nacional de España, por María José López Salmerón

**III Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”:****Premiados:**

**1º.**-Ramón Baltar, polos seus artigos publicados na revista **“Andares Gozosos”**.

**2º.**“**O Cocido, festa e arte**”, de Antonio Gutierrez e Antón Rebollido, reportaxe da Radio Galega–.

**3º.**-Artigos publicados na **“Guía del Ocio”** de Madrid, por Paco Catalá, pseudónimo de Jaime Borrel.

**IV Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”:****Premiados:**

**1º.**-José Martínez Couselo, polos súa serie de artigos publicados no diario “El Correo Gallego”, baixo o título **“De la adafina a la olla podrida y el cocido”**.

**2º.**“**A Cociña das catro estacións**”, de Pepe Iglesias, colección de catro libros de gastronomía galega publicados en Ediciones Xerais de Galicia.

**3º.**“**Galicia Enteira**”, programa da TVG dirixido por Xosé Manuel Orriols e que dedica parte do seu espacio á gastronomía galega.

**■ 15/10/98**

As firmas do textil lalinenses **Florentino, Géneros de Punto Montoto** e **Toypez** exhiben as súas creacións na pasarela **Pontus Veteris**, retransmitida en directo pola TVG dende o Auditorio de A Xunqueira de Pontevedra.

**■ 21/10/98**

O Concello de Lalín e a empresa Repsol Gas Galicia presentaron o proxecto de **canalización do gas para Lalín** nunha conferencia no Auditorio Municipal. Esta explicación estivo acompañada de proxeccións e atendeu a todo tipo de cuestións e dúbidas dos veciños sobre este proxecto.

**■ 22/10/98**

A Concellería de Cultura de Lalín organiza o programa **“Circuitos Culturais no Rural”**, que levará actuacións teatrais e musicais ás parroquias do rural de Lalín. Dentro deste programa, grupos como Viravolta, Os Tromboni, os clarinetes e vento do Conservatorio Municipal, talleres de teatro a cargo do monitor José Manuel Ogando, etc.. actuarán en centros sociais e igrexas da maior parte das parroquias de Lalín.

**■ 23/10/98**

A Concellería de Servicios Sociais do Concello de Lalín inicia os traballos para levar a cabo un **programa dirixido a mulleres con especiais problemas de inserción laboral**, no que participarán mulleres maiores de 18 anos, con cargas familiares e beneficiarias das axudas RISGA. A intención é dotar de habilidades necesarias a estas mulleres para as actividades da vida diaria.

**■ 24/10/98**

A **Casa da Xuventude de Lalín** organiza un taller de xogos na natureza co obxectivo de fomentar o coñecemento e interese pola natureza e o respecto ó medio ambiente.

**■ 29/10/98**

O Concelleiro do BNG, **Antonio Pressas** dimite do seu cargo na corporación municipal por motivos profesionais, sendo substituído por María Xesús Iglesias.

**NOVEMBRO****■ 1/11/98**

**Gimkana de motosegadoras** na parroquia de Cercio, dentro das actividades culturais organizadas por esta parroquia no mes de novembro.

**■ 5/11/98**

O grupo de marionetas lalinense **Seisdedos**, sae de xira co seu espectáculo “Dueto de fío”, por Aragón e La Rioja.

**■ 6/11/98**

A **Concellería de Servicios Sociais** comeza a tramitar solicitudes para o programa **“Nadal entre amigos”**, dirixido a persoas maiores que non teñan familia coa que pasar as datas do nadal. Como alternativa ofreceuse a posibilidade de pasar as festas en compañía doutros maiores en distintos hoteis acollidos ó programa en toda Galicia.

**■ 7/11/98**

Lalín, do mesmo xeito que Galicia enteira, vólcase coas vítimas do furacán Mitch cunha serie de accións, como dedicar o 5% da recadación dunha serie de bares deste día, campañas de solidaridade dos alumnos do Instituto de FP, ou

campañas institucionais, como a conta aberta do Concello de Lalín na oficina local de Caixa de Pontevedra, ou a Fila 0 en diversos concertos e obras de teatro que terían lugar en Lalín.

#### ■ 10/11/98



O Alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias, puxo a **primeira pedra de dous novos Centros Sociais** que se van construir no municipio de Lalín, en **Donsión e Lalín de Arriba**. A construcción destes centros, que se finalizará a principios do ano 99, cubre a práctica totalidade das parroquias do Concello de Lalín.

#### ■ 11/11/98

A **Concellería de Servicios Sociais** puxo en marcha o programa “**Seguir no lar**”, dirixido a persoas que padecen enfermidades neurodexenerativas como o alzheimer. O programa inclúe a contratación dunha traballadora social, unha fisoterapeuta, catro auxiliares domésticas e unha auxiliar administrativa. A finalidade deste programa é facilitar que estes enfermos poidan ser atendidos nos seus domicilios da mellor maneira posible.

#### ■ 12/11/98

O grupo de teatro **Ollomol Tranvía** pon en escea a obra “**Qui Pro Quo**” no **Auditorio Municipal de Lalín**, organizada pola Concellería de Cultura do

Concello de Lalín. Interpretada por Nuria Sanz, Santi Porego, Marcos Orsí e Avelino González, foi dirixida por Evaristo Calvo.

### ■ 13/11/98

O Museo Municipal Ramón M<sup>a</sup> Aller de Lalín mostra as obras realizadas na Xuntanza Obradairo “A Solaina” celebrada o pasado verán en Piloño. A exposición comprende 29 obras de 24 artistas de pintura, escultura, estampados e deseño. Estivo aberta ata o día 27 do mesmo mes.

### ■ 14/11/98

Realízase un **curso de iniciación ó Aerobic** no Pavillón de Deportes organizado pola Concellería de Deportes do Concello de Lalín.

### ■ 15/11/98

Nas actividades culturais da parroquia de Cercio celebrouse nesta data unha exposición de adornos navideños manuais, acompañada dun concerto de alumnos do Conservatorio Municipal de Lalín.

### ■ 18/11/98

Lalín amplía e renova a rede periférica de auga na segunda fase de **abastecemento de auga a núcleos da periferia de Lalín**, cun investimento por parte da Consellería de Política Territorial de 122,5 millóns de pesetas. Esta ampliación dará servicio a 2.300 veciños de Lalín.

### ■ 19/11/98

A Casa da Xuventude de Lalín organiza **un taller de iniciación ós malabares** impartido por Ramón Montilla, membro do grupo Os Tromboni. O curso estivo dirixido a nenos maiores de 10 anos.

### ■ 21/11/98

A Concellería de Servicios Sociais organiza unha **conferencia sobre a osteoporosis** cun gran éxito de público. Foi impartida polo catedrático de Xeriatría e Xerontoloxía da Universidade de Santiago, José Manuel Mayán.

### ■ 22/11/98

O Concello de Lalín crea a **Xunta Local de Protección Civil**, formada por 14 membros e presidida polo Alcalde de Lalín. Nesta Xunta integraran-

se o Xefe do Parque Comarcal de Bombeiros, o Xefe Local de Sanidade, o Xefe da Policía Local, o Comandante do Posto da Guardia Civil, o responsable de Protección Civil e diversos técnicos especialistas de institucións públicas.

### ■ 23/11/98

O Concello de Lalín festexa o centenario dunha residente da Residencia Nosa Señora das Dores de Lalín, **Preciosa González Pereiro, nada en Lalín no ano 1898**. O Alcalde ofreceulle un presente en nome dos seus veciños de Lalín.

### ■ 25/11/98

O **Auditorio Municipal de Lalín** acolleu unha **mesa redonda entre varias Organizacións Non Gubernamentais**, como Médicos do Mundo, Cáritas, COSAL, ademais de Cruz Vermella. Nesta mesa redonda tratouse da situación de centroamérica tralo furacán Mitch.


### ■ 26/11/98

O **Concello de Lalín** e a entidade bancaria **Caixa de Pontevedra** firman un convenio de colaboración en materia de obra social, por un montante de 3,5 millóns de pesetas, que serán destinados a FEIRADEZA, Ralli do Cocido, irmánamento con Lalinde (Francia), etc... Á firma do citado convenio asistiron o presidente de Caixa de Pontevedra, Carlos Velasco, e o Alcalde de Lalín, José Crespo Iglesias.

### ■ 27/11/98

Presentación da **IV BIENAL DE ARTE “PINTOR LAXEIRO”** no **Museo Municipal Ramón M<sup>a</sup> Aller de Lalín**, a cargo do Alcalde de Lalín e o Comisario da Bienal, Damián Paio Cangado. A Bienal celebraráse do 7 o 28 de maio de 1999. Este proxecto artístico xa plenamente consolidado no panorama cultural galego, tivo na súa terceira edición de 1997 unha participación de 304 artistas, dos que foron seleccionadas 50 pinturas e 19 esculturas. Así mesmo, no mesmo acto foi presentada a **III Bolsa de Novos Valores Concello de Lalín**, para artistas nados ou residentes na Comarca de Deza, –dotada con 1.000.000 de pesetas–, que sexan merecentes pola súa proxección no mundo das artes. Finalmente, arredor da Bienal de Arte, o Concello de Lalín organiza tamén as **“Discusións Redondas”**, unha serie de conferencias ver-santes sobre temas puntuais da actualidade da arte e que terían lugar en Lalín

ó longo do segundo trimestre do 99. Os temas serán os seguintes: “O crítico artista: ¿creación ou recreación da obra de arte?”; “A arte e as artes: sobre a artisticidade da artesanía”; “Arte sexista: a coartada do sexo como excusa artística”; e finalmente, “¿Isto é arte?”.



## **DECEMBRO**

### **■ 1/12/98**

O **Concello de Lalín** e a Asociación Cabaleiros do Deza fixan para os días 1 e 2 de maio de 1999 a **Feira do Cabalo de Lalín** que tanto prestixio acada ano tras ano.

**■ 2/12/98**

Comeza a traballar a **Oficina de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Rural do Concello de Lalín**, a cargo de María Begoña Mosteiro Blanco e María Pérez Seoane. Esta oficina traballa na dinamización en diversas áreas do municipio, elaboración de mapas de recursos do concello, fomento dos recursos turísticos, exploración de fórmulas de emprego, etc...

**■ 4/12/98**

O Museo Municipal Ramón M<sup>a</sup> Aller acolle a interesantísima exposición “**Los Caprichos de Goya**”, propiedade da entidade Caixavigo e que permanecerá en exposición durante este mes no museo lalinense. A práctica totalidade dos colexios de Lalín visitaron esta exposición, unha das cimas da historia da arte universal.

**■ 5/12/98**

**Os Tirinautas** representa en Cercio (Lalín) unha adaptación dunha obra de Varela Buxán “**Se o sei non volvo a casa**” que serviu como clausura da Semana de Actividades culturais de Cercio.

**■ 10/12/98**

A Concellería de Servicios Sociais convocou o **concurso de beléns e postais navideñas dirixido a unidades familiares, parroquias, asociacións, etc...** O

resultado do certame foi desvelado na entrega de premios do pasado día 5 de xaneiro no Museo Municipal de Lalín.

### ■ 15/12/98

A Asociación Amas de Casa de Lalín iniciou nesta data un curso de cociña galega para as súas asociadas da vila.

### ■ 17/12/98

O Concello de Lalín presenta a 5ª campaña “**50.000 árboles fan un futuro máis verde**”, de repoboación forestal, pola que se poñen á venda lotes de árbores formados por 6 castiñeiros, 12 carballos, 1 nogueira, 1 maceira, 1 claudieira, 1 pereira, 1 cerdeira e 1 cerdeira brava, ó prezo subvencionado polo Concello de Lalín de 2.500 ptas. Nas cinco edicións celebradas ata o momento lévanse plantados no municipio de Lalín cerca de 50.000 árbores, co que se dá por conquereda a finalidade desta campaña deseñada pola Concellería de Medio Ambiente do Concello de Lalín.



### ■ 18/12/98

Preséntase en público a primeira realización do **Seminario de Estudios de Deza**, a reedición do libro do astrónomo lalinense Ramón M<sup>a</sup> Aller, “**Astronomía a simple vista**”. O libro, reeditado pola **Universidade de Santiago de Compostela**, a través do Observatorio Astronómico da Universidade, e o **Concello de Lalín** a través do **Patronato Cultural de Lalín**. Con esta reedición pretendeuse pór de manifiesto a relevancia do astrónomo como figura da ciencia universal.

**■ 19/12/98**

Comeza o seu funcionamento a **Escola Obradorio “Laxeiro” do Concello de Lalín**, na que 60 xóvenes cursarán estudos de capacitación para o traballo, ademais de realizar un albergue de peregrinos e xuvenil na **Finca Mouriscade en Botos (Lalín)**. Ata xuño de 1999 esta Escola Obradoiro funcionará en período de formación, sendo a continuación o tempo dos traballos no Albergue citado.

**■ 22/12/98**

O Alcalde de Lalín, acompañado polo Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra e o Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, levou a cabo a inauguración de **tres novos pavillóns polideportivos no municipio de Lalín**, nas parroquias de Cercio, Vilatuxe e no Colexio Comarcal de Lalín. Desta maneira, o Concello de Lalín dispón dun número envidiable de instalacións deportivas para o disfrute dos veciños.

**■ 24/12/98**

O **Concello de Lalín** aproba o presuposto municipal para o ano 99, que ascede ata **1.082.098.751 de pesetas**.

**■ 26/12/98**

Concerto de fin de ano da **Orquesta Sinfónica de Lalín** no Auditorio Municipal, na que se interpretaron obras de Wagñein, Benedetto Marcello, entre outras.

■ **27/12/98**

Unha carroza recorre Lalín para recoller as cartas dos nenos para os reis magos.

■ **30/12/98**

Preséntase o **Festival Folclórico de Reis no Auditorio Municipal de Lalín**, coa participación da totalidade de grupos e bandas de gaitas de Lalín.

Este libro  
"DESCUBRINDO" »  
Rematouse de imprentar  
no mes de xaneiro de 1999  
nos obradoiros de  
IMPRENTA ALVARELLOS, S. L.

*Descubrindo ten un doble significado. É investigar, analizar, atopar. É tamén ensinar, destapar, divulgar. Con Descubrindo, Anuario de Estudios e Investigación de Deza, búscase o logro deste dobre obxectivo, pois a súa finalidade é afondar no coñecemento da nosa comarca e amosar no exterior os resultados acadados.*

*O patrimonio, a economía, a historia, a arte, a etnografía, a xeografía, a natureza,...todo ten cabida en Descubrindo como unha publicación aberta e comprometida.*

*Descubrindo é resultado dun esforzo colectivo de estudio e reflexión dos seus colaboradores, ós que debemos darrle-las gracias por nos axudar a coñecer mellor e respectar este pedazo da Terra no que nos tocou vivir.*



**Patronato Cultural de Lalín  
Seminario Estudios de Deza  
Concello de Lalín**